Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 19/03/2024 01:48:08
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 155

Sesión plenaria
20 de decembro de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 61653 (11/PNP-004989)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun cambio no método de cómputo dos tempos de espera existentes para acceder a probas, consultas ou intervencións no Sistema público de saúde
Publicación da iniciativa, BOPG nº 591, do 08.11.2023

3.2 62326 (11/PNP-005058)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que non permita a suba das peaxes das autoestradas AP-9 e AP-53
Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 22.11.2023

3.3 62674 (11/PNP-005098)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe impulsar a Xunta de Galicia co fin de frear a proliferación da avespa asiática
Publicación da iniciativa, BOPG nº 607, do 05.12.2023

3.4 62835 (11/PNP-005117)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis
Sobre as medidas que debe tomar a Xunta en defensa da pesca artesanal e aquelas que debe demandar ao Goberno central co fin de que negocie ante a Comisión Europea unha adaptación do novo Regulamento de control da pesca á realidade do sector en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 607, do 05.12.2023

3.5 62864 (11/PNP-005121)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a proposta de resolución que se presenta co obxecto de reprobar o actual director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia e iniciar os trámites parlamentarios para o seu cesamento
Publicación da iniciativa, BOPG nº 607, do 05.12.2023

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3.6 62881 (11/PNP-005124)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pazos Couñago, José Alberto
Sobre a proposta de resolución que se presenta en defensa dos valores da Constitución española con motivo do cumprimento do seu cuadraxésimo quinto aniversario
Publicación da iniciativa, BOPG nº 607, do 05.12.2023

Punto 4. Interpelacións

4.1 27224 (11/INT-001396)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e dezasete deputados/as máis
Sobre a reforma da Lei de inclusión social de Galicia
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 255, do 12.01.2022

4.2 55051 (11/INT-002658)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis
Sobre a evolución da política cultural en Galicia nas últimas décadas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 523, do 12.07.2023

4.3 62291 (11/INT-002889)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo
Sobre a cobertura pública do primeiro ciclo da educación infantil
Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 22.11.2023

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

5.1 63389 (11/POPX-000127)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as respostas eficaces que deu o Goberno galego nos últimos catro anos para o avance da Comunidade
Publicación da iniciativa, BOPG nº 612, do 14.12.2023

5.2 63390 (11/POPX-000128)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre o balance que fai para Galicia dos catorce anos de goberno do Partido Popular
Publicación da iniciativa, BOPG nº 612, do 14.12.2023

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 62662 (11/POP-009744)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e tres deputados/as máis
Sobre a eventual constitución dun sistema de axudas para as persoas afectadas polas inundacións dos días 13 e 14 de novembro en Neda
Publicación da iniciativa, BOPG nº 607, do 05.12.2023

6.263241 (11/PUP-000384)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sanz Arias, Cristina e oito deputados/as máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego da última xuntanza do Consello de Política Fiscal e Financeira
Publicación da iniciativa, BOPG nº 612, do 14.12.2023

6.361730 (11/POP-009619)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e dous deputados/as máis
Sobre o inicio das obras do proxecto denominado Mellora da drenaxe na confluencia dos ríos Miñor e Zamáns, en Gondomar
Publicación da iniciativa, BOPG nº 591, do 08.11.2023

6.462198 (11/POP-009680)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis
Sobre os compromisos en materia de infraestruturas acadados polo BNG e o PSOE no pacto de investidura do candidato á presidencia do Goberno de España
Publicación da iniciativa, BOPG nº 600, do 23.11.2023

6.563273 (11/PUP-000385)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel
Sobre as previsións da Xunta de Galicia ante a situación xerada pola decisión da empresa Alcoa de adiar o proxecto do forno de cocción de ánodos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 612, do 14.12.2023

6.663387 (11/PUP-000386)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre o carácter da sociedade Recursos de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 612, do 14.12.2023

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

6.758099 (11/POP-009203)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Díaz Mouteira, María Sol e seis deputados/as máis
Sobre a situación do sistema educativo na nosa comunidade
Publicación da iniciativa, BOPG nº 553, do 31.08.2023

6.862856 (11/POP-009781)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e Carreira Pazos, Iria
Sobre a forma en que vai proceder o Goberno galego para mellorar a dotación económica, humana e material da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 607, do 05.12.2023

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor presidente reabre a sesión e, antes de retomar a orde do día, comunica a ausencia de don Pablo Arangüena Fernández. (Páx. 12.)

Pregunta ao señor presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as respostas eficaces que deu o Goberno galego nos últimos catro anos para o avance da Comunidade. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 12.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 13.)
Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 15.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 16.)

Pregunta ao señor presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o balance que fai para Galicia dos catorce anos de goberno do Partido Popular. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 18.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 19.)
Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 21.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 22.)

Alteración da orde do día

O señor presidente dá conta dunha alteración que xa foi comunicada previamente e que consiste na intercalación de dúas interpelacións e unha pregunta no desenvolvemento da orde do día. (Páx. 24.)

Interpelación de Dª Ana Pontón Mondelo e dezasete deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a reforma da Lei de inclusión social de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 24.)
Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez).* (Páx. 27.)
Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 29.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez).* (Páx. 31.)

Interpelación de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a cobertura pública do primeiro ciclo da educación infantil. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 33.)
Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez).* (Páx. 36.)
Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 39.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez).* (Páx. 40.)

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pregunta de Dª Olalla Rodil Fernández e Dª Iria Carreira Pazos, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a forma en que vai proceder o Goberno galego para mellorar a dotación económica, humana e material da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG).* (Páx. 42.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez).* (Páx. 44.)
Réplica do autor: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG).* (Páx. 44.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez).* (Páx. 45.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e Dª Marina Ortega Otero, sobre a demanda á Xunta de Galicia dun cambio no método de cómputo dos tempos de espera existentes para acceder a probas, consultas ou intervencións no Sistema público de saúde. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 46.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 47.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Carreira Pazos (BNG).* (Páx. 50.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 53.)

O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 57.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que non permita a suba das peaxes das autoestradas AP-9 e AP-53. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 59.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 59.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 62.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 65.)

O señor Balseiro Orol (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 68.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D Xosé Luís Rivas Cruz e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe impulsar a Xunta de Galicia co fin de frear a proliferación da avespa asiática. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rivas Cruz (BNG).* (Páx. 71.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Seco García (S)* (Páx. 73.) *e Sr. Armada Pérez (P).* (Páx. 76.)

Nova intervención do señor Rivas Cruz (BNG). (Páx. 79.)

Suspéndese a sesión ás dúas e catro minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe tomar a Xunta en defensa da pesca artesanal e aquelas que debe demandar ao Goberno central co fin de que negocie ante a Comisión Europea unha adaptación do novo Regulamento de control da pesca á realidade do sector en Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Pérez Fernández (BNG).* (Páx. 81.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 84.) *e Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 87.)

Nova intervención da señora Pérez Fernández (BNG). (Páx. 90.)

A señora Egerique Mosquera (P) pide a palabra acolléndose ao artigo 76 do Regulamento da Cámara, petición que concede o señor presidente. (Páx. 92.)

A continuación, a señora Pérez Fernández (BNG) tamén pide a palabra e intervén ao abeiro do mesmo artigo. (Páx. 92.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noelia Otero Lago e Dª Noa Susana Díaz Varela, sobre a proposta de resolución que se presenta co obxecto de reprobar o actual director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia e iniciar os trámites parlamentarios para o seu cesamento. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Otero Lago (S).* (Páx. 93.)
Intervención dos grupos parlamentarios*: Sra. Fernández Gómez (BNG)* (Páx. 96.) *e Sra. Pomar Tojo (P).* (Páx. 99.)

Nova intervención da señora Otero Lago (S). (Páx. 102.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago, sobre a proposta de resolución que se presenta en defensa dos valores da Constitución española con motivo do cumprimento do seu cuadraxésimo quinto aniversario. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 104.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 105.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 107.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Castro García (BNG).* (Páx. 110.)

A señora Prado del Río (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 113.)

A señora Castro Rey (S) pide a palabra ao abeiro do artigo 76 do Regulamento da Cámara, petición que concede o señor presidente. (Páx. 115.)

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación das proposicións non de lei.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e Dª Marina Ortega Otero, sobre a demanda á Xunta de Galicia dun cambio no método de cómputo dos tempos de espera existentes para acceder a probas, consultas ou intervencións no Sistema público de saúde: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 116.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que non permita a suba das peaxes das autoestradas AP-9 e AP-53: *aprobada por 58 votos a favor, ningún en contra e 13 abstencións.* (Páx. 117.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe impulsar a Xunta de Galicia co fin de frear a proliferación da avespa asiática: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 117.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe tomar a Xunta en defensa da pesca artesanal e aquelas que debe demandar ao Goberno central co fin de que negocie ante a Comisión Europea unha adaptación do novo Regulamento de control da pesca á realidade do sector en Galicia: *aprobada por 71 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 117.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noelia Otero Lago e Dª Noa Susana Díaz Varela, sobre a proposta de resolución que se presenta co obxecto de reprobar o actual director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia e iniciar os trámites parlamentarios para o seu cesamento: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 118.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dº José Alberto Pazos Couñago, sobre a proposta de resolución que se presenta en defensa dos valores da Constitución española con motivo do cumprimento do seu cuadraxésimo quinto aniversario: *aprobada por 39 votos a favor, 19 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 118.)

Interpelación de Dª Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a evolución da política cultural en Galicia nas últimas décadas. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Queixas Zas (BNG).* (Páx. 118.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González).* (Páx. 122.)
Réplica da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG).* (Páx. 125.)
Réplica da Xunta: *Sr. Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González).* (Páx. 127.)

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pregunta de D. Ramón Fernández Alfonzo e tres deputados/as máis, do G. P. do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, sobre a eventual constitución dun sistema de axudas para as persoas afectadas polas inundacións dos días 13 e 14 de novembro en Neda. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Alfonzo (BNG).* (Páx. 130.)
Contestación da Xunta: *Sra. vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 131.)
Réplica do autor: Sr. Fernández Alfonzo (BNG). (Páx. 132.)
Réplica da Xunta: *Sra. vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 133.)

Pregunta de Dª Cristina Sanz Arias e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego da última xuntanza do Consello de Política Fiscal e Financeira. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Murillo Solís (P).* (Páx. 134.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado).* (Páx. 135.)
Réplica da autora: *Sra. Murillo Solís (P).* (Páx. 137.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado).* (Páx. 137.)

Pregunta de Dª María Leticia Gallego Sanromán e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o inicio das obras do proxecto denominado Mellora da drenaxe na confluencia dos ríos Miñor e Zamáns, en Gondomar. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S).* (Páx. 138.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 140.)
Réplica da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S).* (Páx. 141.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 141.)

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os compromisos en materia de infraestruturas acadados polo BNG e o PSOE no pacto de investidura do candidato á Presidencia do Goberno de España. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 142.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 143.)
Réplica do autor: *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 144.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 145.)

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pregunta de D. Daniel Castro García, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia ante a situación xerada pola decisión da empresa Alcoa de adiar o proxecto do forno de cocción de ánodos. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Castro García (BNG).* (Páx. 146.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Economía, Industria e Innovación (Lorenzana Somoza).* (Páx. 147.)
Réplica do autor: *Sr. Castro García (BNG).* (Páx. 148.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Economía, Industria e Innovación (Lorenzana Somoza).* (Páx. 149.)

Pregunta de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o carácter da sociedade Recursos de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 150.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Economía, Industria e Innovación (Lorenzana Somoza).* (Páx. 151.)
Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 152.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Economía, Industria e Innovación (Lorenzana Somoza).* (Páx. 153.)

Pregunta de D.ª María Sol Díaz Mouteira e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación do sistema educativo na nosa comunidade. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Mouteira (P).* (Páx. 154.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González).* (Páx. 156.)
Réplica da autora: *Sra. Díaz Mouteira (P).* (Páx. 157.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro. de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González).* (Páx. 158.)

O señor Rivas Cruz (BNG) co gallo de despedir o ano e da proximidade do día de Nadal pide acollerse á benevolencia da presidenta para cantar unha panxoliña, petición á que se suma a señora Mouzo Mas (P) a continuación. (Páx. 159.)

Remata a sesión ás oito e trinta e dous minutos da noite.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reanudamos a sesión.

Antes de comezar, desculpa a inasistencia a este pleno don Pablo Arangüena, e están connosco na tribuna de invitados, e saudámolos, os alumnos da Universidade Sénior de Pontevedra e tamén todas as persoas que hoxe nos acompañan na tribuna.

Sen máis, comezamos xa co punto quinto da orde do día, preguntas para resposta oral do presidente.

Pregunta ao señor presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as respostas eficaces que deu o Goberno galego nos últimos catro anos para o avance da Comunidade

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías. Bo día tamén ao alumnado sénior de Pontevedra.

Señor Rueda, estamos rematando o ano e —¿por que non dicilo?— tamén se respira un aire de estar ao final desta lexislatura, pero a piques de entrar no ano 2024, e, polo tanto, rematando este período de sesións, cabe facer unha reflexión de como está a situación das galegas e galegos como consecuencia das políticas do Partido Popular, das políticas do seu Goberno.

Levan vostedes dende o ano 2009 xestionando nada menos que 170.701 millóns de euros, mal xestionando, mellor dito, os recursos de Galicia. Unha mala xestión que se segue vendo nestes últimos anos e da que as galegas e os galegos saen mal parados en multitude de indicadores. Hai datos moi preocupantes para Galicia, aos que a Xunta de Galicia parece non prestarlles a atención requirida, e así o demostra, demostrou onte, presentando uns orzamentos que non cobren as necesidades de Galicia.

Mire, a mocidade galega está véndose obrigada a volver marchar da súa Terra, tal e como pasou hai unha década, posto que, grazas ao desleixo dos seus últimos anos no Partido Popular e no Goberno, a taxa de desemprego da xente moza en Galicia triplica a media, sendo ademais, paradoxalmente, a mocidade mellor preparada para o mercado laboral.

O alugueiro experimentou unha subida do 8 por cento con respecto ao ano anterior.

No ámbito educativo vemos un sistema sometido a unha presión insoportable, como consecuencia dos recortes do Partido Popular, con menos profesorado, menos medios e unhas ratios dificilmente asumibles.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En canto á sanidade, levamos anos sufrindo diversas problemáticas estruturais: recortes, recortes e recortes, e así se pode resumir a historia de sanidade da nosa Comunidade Autónoma dende que o Partido Popular chegou ao Goberno da Xunta.

Estamos ante unha crise sen precedentes en atención primaria, con redución de profesionais, con persoal en activo sometido a duras condicións de precariedade e de temporalidade, listas de agarda dunha a dúas semanas para ter cita co médico de cabeceira, un goteo constante de centros de saúde nos concellos galegos que quedan sen médicos, e os servizos sociais, colapsados, son absolutamente incapaces de atender ás necesidades da nosa xente maior.

O ámbito rural, que supón o 90 por cento do territorio, vemos que está esmorecendo. O Partido Popular leva anos esquecendo o medio rural, e, como consecuencia, temos, por exemplo, no sector agroalimentario 69.000 parados menos que no ano 2022.

E así poderiamos seguir falando de moitos indicadores que reflicten a realidade na que se atopa Galicia, a realidade que están a vivir as galegas e os galegos permanentemente.

¿E que fixo o Partido Popular por Galicia? ¿Que herdanza nos deixa vostede, señor Rueda? Voulle dicir a herdanza que nos deixa: unha Galicia menos dinámica economicamente, cunha renda per cápita 700 euros inferior á media estatal, menos dinámica economicamente, iso si, pero con bonificacións ás grandes fortunas, rebaixadas de impostos; unha Galicia que ten paradas as construcións de infraestruturas necesarias; unha Galicia que é a comunidade autónoma con menor porcentaxe de prazas en residencias públicas para maiores; unha Galicia sen gratuidade de libros de texto, sen Tarxeta Básica, que chegou a beneficiar ata 55.000 persoas; unha Galicia que, grazas ao Partido Popular, se caracteriza por unha deterioración nas políticas de conservación do medio ambiente; unha Galicia cunha industria empobrecida, con taxas de bens de consumo que se atopan moi por debaixo da cifra nacional.

Déixanos vostede, señor Rueda, en definitiva, unha Galicia máis empobrecida, como consecuencia de políticas ben orientadas.

Así que a pregunta é ben sinxela: señor presidente, ¿que respostas eficaces ten dado a Xunta de Galicia para o avance desta comunidade autónoma nos últimos catro anos? Porque, francamente, son incapaz de atopar un indicador que reflicta unha mellora comparada co resto do Estado.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Bos días. Un saúdo tamén aos alumnos de Pontevedra e aos docentes que os acompañan.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señor Álvarez, dicía vostede que se respira un certo ton de final de lexislatura, niso levan vostedes ano e medio ano, ¡eh!, ano e medio dicindo, ben, primeiro, que tiña que haber eleccións, despois que non as tiña que haber, que non se me ocorrera. Este fin de semana lanzaron un reto. Se fora por iso, xa lle digo: máis de ano e medio desde que eu tomei posesión. Afortunadamente, non lles fixemos moito caso e o que fixemos foi adicarnos a gobernar.

É todo un desastre, para vostede é todo un desastre, está todo por facer. Xa agora vai vir o «home anuncio» ese que teñen por aí e en cinco semanas diranos todo o que non está feito e que van facer vostedes incriblemente rápido e sendo incriblemente eficaces. Pero isto vai doutra cousa.

Mire, señor Álvarez, un exemplo, que é como mellor se entenden as cousas. Vostedes gobernan en Madrid: Congreso dos Deputados, practicamente medio ano inactivo, e non se podía perder tempo, metían moita présa despois ata que amañaron o seu e conseguiron a investidura, xa iremos vendo a que prezo, todo sen funcionar, todo sen traballar. Parlamento inactivo, Congreso dos Deputados improdutivo, porque vostedes non lle deixaban facer nada. Iso si, en canto se puxeron a traballar, primeira prioridade, o que máis présa lles corre, o que van facer: Lei de amnistía, para empezar a pagar as débedas.

¿Sabe cal é a diferenza? A que temos aquí. Efectivamente, estamos ao final cando menos dun período de sesións, moi produtivo dende todos os puntos de vista. Normativo, impulso da acción de goberno, control, e, se non o fixeron, alá vostedes, e ao final onte rematamos co acordo máis importante e Galicia vai ser a primeira comunidade autónoma que aprobou os orzamentos e os vai ter. *(Aplausos.)*

Esa é a eficacia, señor Álvarez. Cuestión de prioridades, vostedes teñen as súas e nós temos as nosas, e de aí vén a confianza da xente.

Están vostedes moi tensos, perdoe que llo diga, e ademais é de entender. Mire, esta fin de semana estaban dispostos a aplaudir calquera cousa que viñera do señor Sánchez, calquera cousa, e ao final non puideron aplaudir nada, porque non temos absolutamente nada. O que máis pegada deixaron, nunca mellor dito, vostedes, que tanto falan de diminuír a huella de carbono, foi ese avión récord incrible; felicidades ao piloto que estaba despegando e xa tivo que aterrar, dende A Coruña ata Santiago. Ese foi o recordo que quedou dun presidente que ía vir traer moitas cousas para Galicia. *(Aplausos.)*

Iso si, mire, é o seu candidato, o candidato do Bloque, o candidato de Sumar, o candidato de Podemos, é o candidato dos catro, do cuadripartito, e veu aquí asumir en primeira persoa os resultados das eleccións cando toquen, e polo tanto espero que sexa consecuente tamén.

Teñen vostedes ademais unha discusión moi curiosa entre o Bloque e o PSOE, a ver quen vai quedar de segundo e de terceiro, o seu candidato dicía que ía gañar, e supoño que falaría do Bloque. O Bloque di que de ningunha maneira, pero a consecuencia final é a mesma: teñen un candidato claro, un candidato claro que non está aquí en Galicia, está en Madrid.

E miren, mentres vostedes se adican a iso, nós imos seguir traballando, e traballando con orde, con sentidiño, que é unha palabra que lles molesta moitísimo, para seguir sendo efec-

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tivamente unha illa de estabilidade, que a vostedes lles fastidia moito tamén. E non nos van calar, nin nas reivindicacións que fai o Goberno da Xunta nin no que van pedir os galegos cando chegue o momento de consultalos.

Vostedes, mentres, seguen con esa técnica de malos estudantes, de intentar facer en poucas semanas o que non fixeron, o que nos negaron durante cinco anos, e nós imos seguir traballando. Mire, ¿sabe para que sirve a estabilidade? ¿Sabe para que serve a eficacia? ¿Sabe para que serve ter uns orzamentos aprobados? Pois para suplir as súas lagoas.

Estamos a punto de rematar o ano, estamos chegando ao 31 de decembro, e os galegos non saben se van poder seguir desfrutando das bonificacións no transporte urbano por carretera e no transporte interurbano, metropolitano. Pois mire, con independencia de se o Goberno central axuda ou non axuda, non podemos seguir esperando, a xente non pode seguir esperando; polo tanto, ter os orzamentos aprobados serve para anunciar hoxe aquí —iso si que é un anuncio que lle resolve a vida á xente— que os galegos seguirán tendo as bonificacións do 50 por cento no transporte por carretera, urbano e interurbano.

Moitísimas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Rueda, do adianto electoral xa veremos, xa veremos nos próximos días. Hoxe hai un dato indicativo, e é que vostede non afirmou en ningún momento que chegariamos ata o final da lexislatura; polo tanto, xa veremos.

Refírese vostede ao candidato señor Gómez Besteiro como «home anuncio». «Home anuncio» é vostede, vostede é «home anuncio» de publicidade e propaganda. É un «home anuncio», que, en vez de levar un cartelón por diante e outro por detrás, leva un bus, porque é máis moderno, e vai por Galicia adiante. *(Aplausos.)*

Señor Rueda, o problema de Galicia, por moito que vostedes intenten desviar, non é unha lei, é vostede, é vostede e as súas políticas. Señor Rueda, están vostedes, ou, mellor dito, seguen estando moi nerviosos. Para estar tan seguros de que van gañar, non paran de amosar unha tranquilidade desquiciante, señor presidente, de momento non en funcións. A súa xestión reflíctese nos datos obxectivos, que xa analizamos e que vostedes non desmentiu ningún nin aportou ningún dato novo que contradixese os que eu din.

A cuestión é: esta comunidade autónoma, o Goberno desta comunidade autónoma, ¿vai seguir pelexando durante catro anos máis contra o Goberno do Estado como única forma de facer política, e tamén contra os concellos? Nós non queremos iso, señor Rueda. Queremos

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cambiar a forma de relacionarse co Estado, e tamén cos concellos. E ante a súa crispación e enfado permanente, é evidente que non poden soportar ver como o candidato socialista, señor Gómez Besteiro, consegue máis cousas para a nosa Terra en meses que vostedes en anos. *(Aplausos.)* Non paran de dicir que Galicia non para, e a pregunta é: ¿non será que vostedes se pasaron un pouquiño de freada hai xa un tempo?

E por iso, señor Rueda, é o momento de darlle un cambio a Galicia. Xa escoitamos que era imposible que Feijóo perdera as eleccións contra Pedro Sánchez, pero pasou; hoxe Pedro Sánchez é o presidente do Goberno de España. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Que o Partido Popular pactara con Vox, e aí están vostedes acordando coa ultradereita os retrocesos en políticas sociais e nos dereitos básicos da cidadanía. Que o señor Gómez Besteiro fose o candidato socialista. Fixeron vostedes o imposible, o indicible, o inmoral, para apartalo da traxectoria política que tiña, pero hoxe está aquí como candidato. Din que é un figurante, pero é o verdadeiro protagonista.

Din vostedes que era imposible que houbera un goberno progresista catro anos máis en España. Lembro con tenrura o mitin do señor Núñez Feijóo aquí no Sar, dicindo: «Tranquilos, que haberá sitio para todos.» *(Risos.)* ¿Iso que eran: *carguiños*? Si, claro que eran *carguiños*. *(Aplausos.)* Miren, están vostedes vendendo a pel do oso antes de cazalo.

Isto vai ser así. A señora Ayuso, que é a verdadeira líder do Partido Popular, chamará, se non chamou xa ao señor Feijóo, para dicir que se convoquen eleccións autonómicas en Galicia. *(Risos.)* Feijóo, acto seguido, sen solución de continuidade, chamarao a vostede, se non o chamou xa,... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...para dicirlle que convoque eleccións autonómicas. E esta é a triste realidade.

Non podemos vivir catro anos máis pelexados con todo o mundo: co Estado, cos concellos, cos colectivos que demandan, por exemplo, durante anos un concerto social que conseguiron *in extremis*, nestes orzamentos. E iso é razón máis que suficiente para dicirlle que xa é hora de que o Partido Popular perda para que Galicia gañe, *(Aplausos.)* xa é hora de que convoque as eleccións cando queira, porque estamos preparados para dirixir esta comunidade autónoma.

Señor Rueda, vémonos nas urnas —non é unha ameaza, é unha premonición— máis pronto que tarde.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señora Álvarez, perdoe o da risa, pero é que o da señora Ayuso é moi bo, (*Risos.*), perdón, é moi bo; se a señora Ayuso vai chamar o señor Feijóo, o señor Feijóo... (*Risos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Mire, moitas grazas por falar do bus, a xente vai crer que eu lle pago para que vostede fale do bus (*Risos.*), sempre fala do bus, permaneza atenta á pantalla, moitas grazas por falar do bus, moitas grazas (*Aplausos.*)

Mire, eu só falei dun «home anuncio»; se vostede lle encasqueta ao seu candidato o do «home anuncio», por algo será.

E, por certo, está moi ben saber que despois de ano e medio o viaduto de entrada en Galicia en Pedrafita, que de cinco carrís nos van reparar un, o debemos ao seu candidato; de verdade, pois xa podía ter reparados os cinco, sinceramente (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Home!, que pena que non o nomearan antes para outras cousas, sinceramente.

Mire, imos falar en serio, de verdade. Vostedes teñen un balance de incumprimentos moi grande, aquí non, porque non gobernan, pero, dende logo, de incumprimentos con Galicia onde teñen responsabilidades si, e nós temos un balance de feitos, e a maneira de seguir cumprindo eses feitos é aprobar uns orzamentos.

Dicía vostede que non facía balance. Eu non fun capaz de rebaterlle nada dese panorama tenebroso que vostede pintou. Por certo, cada vez que lles preguntan aos galegos dende o ano 2009 non están de acordo con vostedes; iso é o que non acaban de entender. Aquí todo o mundo é parvo, menos vostedes, porque cada vez que se lles pregunta aos galegos dannos maioría absoluta. E ¿por que? Pois mire, por moitísimas razóns. Eu vou intentar dicirlle algunhas, pero teño moi pouco tempo; a señora Pontón tamén me pregunta sobre o mesmo tema.

Pero dicía que fomos a segunda comunidade de España que máis incrementou o seu PIB per cápita nestes últimos catro anos —que é polo que vostede me pregunta—. O desemprego en Galicia está hoxe en mínimos históricos, baixou moitísimo estes catro anos. As exportacións —vostede dicía que non temos unha economía dinámica— están batendo récords: 30.000 millóns de euros, o dobre que hai catorce anos. Seguimos baixando impostos outra vez nos orzamentos que acabamos de aprobar, equiparamos ás familias numerosas as de dous fillos, para efectos de IRPF, deflactamos o IRPF. Somos a primeira comunidade autónoma en ofrecer as escolas infantís gratis para todas as familias; ese modelo, por certo, íao copiar o seu xefe, o señor Sánchez, a ver se é verdade e cunde o exemplo, e bota unha man en Galicia tamén. Simplificamos os trámites para os proxectos empresariais tractores, que van crear moitos postos de traballo. Puxemos en marcha unha sociedade mixta para que os beneficios das enerxías renovables revertan directamente no territorio. Consolidamos —e así está recoñecido— o calendario de vacinación infantil máis avanzado do mundo, señor Álvarez. Estivemos á vangarda á hora de afrontar retos, que agora todo o mundo di que nos vai seguir. ¡Oia!, tan valentes á hora de dicir que adiante como prohibir o consumo de bebidas enerxéticas, prohibir o uso do móbil, procurar unha aplicación máis ética da intelixencia artificial; todo o mundo está de acordo, todo o mundo aplaude e todo o mundo quere seguir a Galicia,

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

esa Galicia tenebrosa da que vostede fala. Facilitamos a cobertura de prazas vacantes na atención primaria, prazas de difícil cobertura que xa están cubertas, e imos seguir. Seguimos reducindo a temporalidade no emprego público; convocadas máis de 9.500 prazas de profesores para reforzar a educación pública. As persoas maiores, obxectivo principal deste goberno. Axudar a quen máis o necesita; ese bono universal de 5.000 euros ao ano, que se empezará a cobrar no mes de xaneiro, por moito que lles fastidie.

Mire, ¿sabe o que lles digo? Galicia non vai parar, Galicia vai seguir sendo esa Galicia potente, esa Galicia que vai seguir reforzando os servizos públicos, que vai seguir apoiando aquel que queira emprender e crear riqueza, que non vai deixar tirado, non vai deixar atrás a ninguén que necesite a axuda da súa Administración. Imos seguir axudando os emprendedores que queiran poñer aquí industrias moi relevantes, moi punteiras, que, se non, irían a outro sitio.

En definitiva, queremos seguir tendo esa potencia que a xente nos pide e que nos recoñece cada vez que que pedimos a confianza. Mentres, vostedes pois sigan con esa política de facelo todo en catro ou cinco semanas, todo o que non fixeron, e se queren seguir facendo anuncios, permaneceremos atentos, porque, en realidade —dígollo sinceramente—, pasámolo bastante ben.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao señor presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o balance que fai para Galicia dos catorce anos de goberno do Partido Popular

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día, señorías.

Señor Rueda, esta —cada vez é máis evidente— é, seguramente, a última sesión de control desta lexislatura e desde o BNG cremos que é un momento de facer balance. Eu alégrome de que vostede o pase ben, a maioría dos galegos e galegas non poden chegar a fin de mes. (*Aplausos.*) Si, porque o certo é que o Partido Popular déixanos unha Galiza peor que a que atopou e, sobre todo, deixa unha Galiza na que as persoas viven peor; ese é, desde logo, o seu legado.

Porque vostede o que nos deixa é unha Galiza con menos sanidade, e están poñendo en risco o máis importante, que é saúde das persoas. Deixa unha Galiza con menos educación pública, cun modelo de coidados privatizado que fai negocio coa vellez. Déixanos, tamén, unha Galiza onde, señor Rueda, nos preguntamos onde están os grandes proxectos estratéxicos deste país. Dígame un só proxecto económico, un só proxecto industrial que foran capaces de impulsar; espero que non me diga Pemex, ¡era o que nos faltaba! (*Aplausos.*) Non hai absolutamente nada. Ao contrario, o que temos é os nosos sectores produtivos perdendo emprego: 28.300 menos na industria, 23.000 menos no agro e na pesca, e

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tamén perdemos máis de 25.000 autónomos e 4.127 empresas. Ese é o seu balance en materia industrial e económica.

Pero permítame que sigamos co balance. ¿Que legado lle deixa vostede á xente moza? Voullo dicir eu: o que nos deixa é emigración masiva, unha vivenda inaccesible, precariedade e salarios cos que non chegan a fin de mes.

Falemos tamén do seu balance en materia de autogoberno. Aquí é certo que teñen un récord difícil de superar: cero competencias en catorce anos. Señor Rueda, ese é o seu balance. (*Aplausos.*)

E nun asunto tan importante como o financiamento o que nos deixan é un modelo de financiamento que nos discrimina, un modelo que asinou o Partido Popular. E aquí tamén outro récord: triplicaron a débeda pública deste país mentres recortaban en servizos e en benestar social. Ese é o seu legado.

Non podía deixar de mencionar hoxe que tamén vostede ten o triste legado de ser o presidente que votou en contra do galego. Chegaron á Xunta manifestándose cos sectores máis ultra en contra do galego e terminan votando en contra do uso do galego. É unha vergoña, señor Rueda, que o vai perseguir sempre. *(Aplausos.)*

E non podemos pechar este balance sen falar da calidade democrática, porque o certo é que é un auténtico escándalo a utilización partidista da TVG; xa só nos queda velo a vostede no *Luar*, creo que é o único programa que lle falta por aparecer.

Mire, señor Rueda, vostede é un presidente accidental, que chegou ao seu cargo grazas á corrupción do Partido Popular, que nos ten demostrado a súa submisión a Madrid e a súa incapacidade para poder defender os intereses deste país. Vostede non goberna para os galegos e as galegas, está gobernando para as eléctricas, para os intereses da banca e para as grandes empresas amigas do Partido Popular. E o resultado de todo isto é que nos deixa unha Galiza peor.

E, á vista deste balance, eu pregúntolle, señor Rueda: ¿como valora estes catorce anos despois de deixarnos unha Galiza peor e de ter á súa disposición máis de 170.000 millóns de euros?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, dirá vostede que é a última sesión de control; ben, se pensa que é a última, fai o que fixo sempre: sarta de descualificacións persoais; despois, vostede faise a ofendidiña,

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¡eh!, pero esa serie de descualificacións que solta sempre. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Mire, eu téñome que rir con vostede, sinceramente, é que se os tomo en serio é para chorar. Eu tomo moi en serio a xente que non chega a fin de mes, entre as que non está vostede, por suposto. Pero mire, se quere, recórdolle que a cidade que gobernan durante moitísimo tempo, Pontevedra, é a cidade con máis paro das sete; esa cidade na que queren pechar industrias, señora Pontón. Polo tanto, se falamos de chegar a final de mes, sexa vostede un pouco seria.

Pídeme un balance de catorce anos, que teño que facer en cinco minutos. Non fai falta, se xa o fixo vostede, faino sempre. A técnica é sempre a mesma: primeira intervención, coller os datos, retorcelos, terxiversalos, falsealos, para pintar un panorama tenebroso que vostede, que non manexou un euro público na súa vida, dinos que resolvería en cinco minutos, porque vostede xa sabe todas as fórmulas máxicas para facelo todo ben, mentres nós facemos todo mal. E, na segunda parte, pois o que lle digo: técnica de facerse a ofendidiña, técnica de dicir que eu son unha cousa e son a outra, técnica de dicir sempre que o que lle digo foi o peor que escoitou sempre en cada período de sesións, sexa cal sexa o período de sesións. E, ao final, iso si, lanzar dúas proclamas, sempre as mesmas, sempre irrealizables, sempre utópicas, para as redes sociais, e a ver se colle un cortiño no Telexornal que vostede tanto deosta, incluídos os seus profesionais.

Pois mire, señora Pontón, eu xa estou un pouco farto disto, e creo que os galegos tamén están fartos. E nesta sesión de control última, polo menos neste período de sesións, creo que vostede debería intentar outra cousa, xa sei que non vai ser capaz, pero polo menos debería intentalo, para ser, cando menos, eficaz dende a oposición, dende a súa posición, na que leva tantísimos anos, e na que temo —se a deixan no seu partido— que estará uns cantos anos máis. Pero, polo menos, intente ser construtiva, porque con iso daríase conta de que vai todo isto e de por que, a pesar do moito que vostede se enfade, se desespere, cada vez que lles preguntamos aos galegos os galegos nos dan a súa confianza.

Mire, ao final hai que confiar nun país, nun goberno, humildemente nun presidente ao que vostede descualifica todos os días, polo menos descualifícame a min, pero eu falo con feitos, e creo que o meu Goberno e o meu grupo, que me apoia, tamén o intenta, e, por iso, onte —por moito que lles fastidie— fixemos algo moi importante, que é aprobar os orzamentos, ser a primeira comunidade autónoma que aproba os orzamentos. ¿Para que? Pois para seguir facendo cousas, para seguir axudando a xente, para seguir tirando da economía, para seguir intentando que este país funcione, señora Pontón, con toda humildade e sen descualificar a ninguén.

Non fai falta dicir sempre o mesmo, facerse sempre a ofendida para conseguir os obxectivos políticos. O que hai que facer é ser eficaz, e ser eficaz é totalmente o contrario que vostedes están facendo. Mire, este orzamento, que xa sei que non van recoñecer o enorme valor que ten, que fai que teñamos orzamentos pase o que pase nunhas futuras eleccións, é todo o contrario do que está pasando en Madrid, e vostedes apoian todo iso. A ver cantos meses imos ter que esperar para ter uns orzamentos en Madrid, que Galicia tamén necesita; ¿sabe canto tempo, señora Pontón? Pois o que lle faga falta ao señor Sánchez. Onte falábanos de que vai ter moitas reunións para que os cataláns, e probablemente tamén os vascos, lle pasen

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a receita. Por agora sabemos que son 400 euros por galego, pero vai ser moitísimo máis, e todo iso nolo van sacar a nós, e todo iso van ser investimentos, pagos para servizos de Galicia que non imos ter. E vostedes seguen aplaudindo todo iso.

Mire, eu non quero un país así, eu non quero unha Galicia feble e sometida, vostedes si que están sometidos aos nacionalismos de fóra, pero nós non. Polo tanto, esta é a diferenza e isto é o que van ter que axuizar os galegos. Nós, sinceramente, imos seguir traballando con humildade e con eficacia; vostedes sigan facendo o de sempre e iralles como sempre.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, creo que se confunde: descualificacións persoais pola miña parte, ningunha; descualificacións ás súas políticas, que é moi diferente, *(Aplausos.)* si, si. É que, claro, o que é o colmo é que veña aquí vostede dicirme que eu o descualifiquei. Invítoo a que me diga cal é a descualificación. ¿Cal é a descualificación? ¿Criticar a xestión do seu Goberno? Non, eu xa sei que vostedes están afeitos ás loas da TVG, porque a teñen absolutamente manipulada, pero no Parlamento teñen que escoitar a verdade, señores e señoras do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Porque non sei se ese paternalismo co que nos fala cre que é aceptable, señor Rueda. *(Murmurios.)* Si, si, ofendidiña. Pero, de verdade, señor Rueda, un pouco de respecto por este parlamento, porque todos e todas estamos aquí elixidos por galegos e galegas, que pensan diferente, *(Aplausos.)* que representan un país diferente e plural.

E mire, eu non creo que me escoitara a min dicir nunca que en cinco minutos vou solucionar a desfeita que deixa o Partido Popular, xa lle digo que non, pero, desde logo, en catorce anos e con máis de 170.000 millóns de euros Galiza estaría mellor que como a está deixando o Partido Popular; iso tamén llo podo asegurar. *(Aplausos.)*

En fin, di que a nós non nos elixiu ninguén. Ben, a vostede elixiuno dixitalmente o Partido Popular, porque os galegos e galegas non puideron votalo nunhas eleccións. *(Murmurios.)* Imos poder facelo pronto, efectivamente, imos poder facelo pronto. *(Aplausos.)* Si, claro, si, si. *(Murmurios.)*

Non sei se as señorías do Partido Popular, que xa as vexo moi nerviosas, si, efectivamente, moi nerviosas... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Perdón? *(Murmurios.)* Moitas grazas por deixarnos falar, señorías do PP, moitísimas grazas. *(Murmurios.)* ¡Que talante democrático!

Si, eu véxoos, a verdade, moi nerviosos e moi preocupados co BNG. E eu enténdoo, porque é normal, é normal que vostedes estean preocupados e preocupadas, porque saben que neste país hai unha maioría que quere cambio e, en canto o señor Feijóo os autorice para convocar

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

as eleccións ou llelo mande, porque é evidente que están teledirixidos desde a rúa Xénova, neste país van ter que decidir entre dúas opcións, e é ou que vostede sexa elixido presidente ou que, por primeira vez, haxa unha presidenta coas mans libres para defender os intereses deste país. Iso é o que está en xogo neste momento. Ou que continúe un goberno do Partido Popular que está facendo que Galiza vaia a menos, porque nos deixan unha Galiza máis pequena en todos os ámbitos, con menos sanidade, con menos educación, con menos oportunidades para a xente moza. E non é culpa deste país, non, non; é culpa dun goberno que non está á altura dos galegos e das galegas *(Aplausos.)* e que nos está deixando atrás.

E a elección, señorías do Partido Popular, está moi clara: ou seguir cun goberno do Partido Popular ou cun goberno liderado polo BNG que vai traballar para devolverlles a esperanza e o futuro aos galegos e ás galegas, xusto o que vostedes están deixando atrás, tamén traizoando a confianza que tiveron da xente deste país, que, efectivamente, moitos e moitas confiaron en vostedes, pero é evidente que o balance que nos están deixando é unha Galiza que vai atrás.

E o mellor exemplo é vostede aquí nesta sesión de control. Non ten ningún balance que ofrecer e o que fai é criticar o que consegue o BNG. E non só criticalo; o máis grave, torpedealo, porque non soportan que sexamos capaces de facer máis por Galiza que vostedes. Ese é o seu problema, pero non é o problema dos galegos e das galegas, que están convencidos e convencidas de que neste país hai que abrir unha nova etapa. E en canto convoque, señor Rueda, comprobarémolo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Peche, señor presidente, desta pregunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, íalle dicir, mentres falaba estaba pensando que seguiu o guión como sempre, vostede niso nunca decepciona, pero non, non, esta vez picouse máis que nunca.

É vostede moi faltona, señora Pontón, pero iso xa o sabemos todos. Iso normalmente é síntoma de nerviosismo, efectivamente, perdoe que llo diga. Non me vai poder contestar e facerse a ofendida, pero eu véxoa nerviosa sinceramente, vexo que tiña a oportunidade e vexo que non, probablemente teña a crítica interna dentro tamén pois vendo o que hai. E isto é moi evidente.

Por certo, póñanse de acordo, porque se tivera algunha posibilidade sería con eles. Entón, a ver quen nos convoca as eleccións: ¿é a señora Ayuso ou o señor Feijóo? Son eu, señora Pontón, son eu, son eu, *(Aplausos.)* que, se lles fixera caso, tería que telas convocado hai moitísimo tempo; se levo de ilexítimo presidente, ilexítimo, que vostede di, ano e medio, demostrando o aprecio que ten por este parlamento que me elixiu, señora Pontón. Mire, son tantas cousas... *(Aplausos.)*

Se lles fixeramos caso, Galicia nin tería orzamentos nin seriamos a comunidade autónoma que máis reduciu a súa débeda durante estes últimos anos, nin teriamos as cifras históricas

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

máis baixas de paro, nin estariamos á cabeza nas exportacións, nin tantas cousas desa Galicia potente que vai para adiante, que vostedes se empeñan en pintar de tenebrosa simplemente porque lles interesa.

Mire, nós temos un balance de feitos, claro que é mellorable, e presentámolo con toda humildade, pero é un balance de feitos que a xente axuizará chegado o seu momento. Tranquilos, esperen. Nós seguimos gobernando, acabamos de aprobar os orzamentos. Mañá imos aprobar o Proxecto de lei de recursos naturais, para que a xente se poida beneficiar da produción de enerxía renovable no seu propio territorio, para poder distribuílos. Mañá o Consello da Xunta de Galicia vai seguir traballando e vai facer todo isto, por moito que lles fastidie. Xa sei que a vostedes todos estes temas de futuro industrial, de creación de postos de traballo, de que Galicia siga medrando lles dan exactamente igual, porque teñen só unha cousa na cabeza. Claro que estamos todos fartos de escoitarlle como en cinco minutos resolve o futuro do país. Vostede, que, xa lle digo, por moito que lle fastidie, leva máis de vinte anos de deputada e nunca manexou un minuto de recursos públicos, ten solucións máxicas para todo, e preséntanolas aquí e descualifícanos aos demais, que humildemente intentamos facelo o mellor posible; non valemos para nada. Pois síntoo moito, señora Pontón. Mañá aprobaremos ese proxecto de lei e seguiremos traballando, dende logo non rodeados de sospeitas, como vostedes.

Mire, vostede, no mellor dos casos, con ese cuadripartito, Podemos pelexado con Sumar; ollo con Sumar, ¡eh!, que se creou en media hora e xa lles gañou as eleccións xerais; imos ver o que pasa agora nestas eleccións autonómicas, *(Murmurios.)* porque vostede ese flanco creo que o ten un pouco descoidado, ¡eh! Pero, en todo caso, sobre os seus socios xa non nos acordamos da última vez que o PSOE contou unha verdade. Vostedes, que van de ganchete con Bildu e ERC, pregúntelles aos galegos en xeral o que nos parecen os seus socios. Pregúntelles que nos parece que esteamos pendentes de ver canto hai que darlles a eles e canto nos van quitar a nós. E vostedes todo iso o aplauden, señora Pontón, son meros espectadores e terán que votar a favor de todo iso. E todo iso vai en detrimento de Galicia e iso si que é autogoberno de verdade, iso si que sería defender Galicia.

Vostede di que ten moita envexa de Cataluña, díxoo moitas veces. Mire, nós non temos ningunha envexa, ningunha. Nós estamos orgullosos de Galicia, señora Pontón, que é do que hai que estar. *(Aplausos.)*

Non queremos sistemas que fracturan sociedades, que enemistan as familias, que asustan a xente. É o que vostede está defendendo, é o que queren traer para aquí. Desde logo, con estes socios non terían absolutamente ningún problema.

Mire, vostede quere volver catorce anos atrás, cunha diferenza: agora serían catro, antes eran dous, xa vimos o desastre e á primeira ocasión botáronos fóra; agora sería o mesmo, pero cuadripartito, non bipartito.

Polo tanto, eu non lle pido que axude sinceramente, porque sei que non vai axudar; probablemente non saiba, porque para iso tamén hai que saber xestionar. Agora, pídolle que non obstaculice e que non veña con utopías e con demagoxias, porque iso non leva absolutamente a ningunha parte.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vostede pedíame aquí —efectivamente, pedíame, despois recuou un pouco na réplica— que lle fixera en cinco minutos balance de catorce anos. Mire, o mellor balance é a eficacia de darlle a Galicia outra vez orzamentos, para seguir funcionando. Non lle podo dicir moito máis, primeiro, porque vostede, xa lle digo, falsea, terxiversa, inventa as cifras e así é imposible; despois, enriba, faise a ofendidiña cando non lle sae ben a primeira parte da súa pregunta.

Nós imos seguir gobernando, imos seguir traballando. Se fora ao revés, se a min me pediran en cinco minutos que explicara o seu balance, ¿sabe que é o triste? Que me sobrarían catro minutos e medio.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Ben, pois continuamos coa orde do día. Hai unhas alteracións, que xa foron comunicadas a todos os deputados. Neste caso agora vaise substanciar unha interpelación. *(Murmurios.)*

Imos esperar que estea isto máis tranquilo. *(Pausa.)*

Interpelación de Dª Ana Pontón Mondelo e dezasete deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a reforma da Lei de inclusión social de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Bo día, conselleira.

A verdade é que aprobar orzamentos tendo maioría absoluta é un mérito, ¡eh!, ¿verdade? *(Murmurios.)* Cumprir o que se di, *(Aplausos.)* cumprir o que se di e o que se promete, ese é outro cantar. E agora que estamos así en período de Nadal, fin de ano, parece que fin de lexislatura, así un momento de facer balance vital e político, imos facer un pouco precisamente de balance, imos mirar un pouquiño atrás e ver como esa máquina da eficacia que é o Partido Popular dicía unhas cousas hai uns anos que ían facer, que non fixeron e que aí seguen pendentes. Imos refrescar un pouquiño a memoria.

Eu non sei se lembran vostedes, se lembra tamén a conselleira de Política Social, aquilo de crear un rexistro de familias monoparentais e aprobar un plan de loita contra a pobreza para este tipo de fogares. Eu non sei se lembran vostedes isto.

Dixérono e prometérono en maio de 2019. Dixeron que ían facer ese rexistro de familias monoparentais e loita contra a pobreza nun tipo de fogares que —quero lembrar— concentra

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o 30 por cento do risco de pobreza e exclusión social, o 18 por cento se falamos do conxunto da sociedade galega.

Daquela non era vostede aínda conselleira, volveron outra vez en 2018, era Rey Varela, hoxe flamante alcalde de Ferrol, democraticamente elixido por suposto. Volvérono anunciar en xuño de 2018. Non o fixeron. Novembro de 2019, xa estaba vostede na consellería. *La Xunta elaborará un plan de apoyo a las familias monoparentales. Creará un registro a través de un decreto.* Non o fixeron. O 14 de xaneiro de 2020 anunciaban que ían volver facelo: *Galicia creará en 2021 el registro de familias monoparentales; diez años después de meterlo en la ley.* Non o fixeron. En febreiro de 2022, e a preguntas do Bloque Nacionalista Galego, volvíannos dicir que ían tramitar o decreto e crear o rexistro. Eu non sei se alguén pode refrescarme a memoria, que veño eu así un pouco empantanada. ¿Hoxe que día é? 20 de decembro me parece, quedan quince días. Nada hai.

Non sei se se acordan tamén da Estratexia galega de loita contra a soidade non desexada; foi un acordo unánime dos grupos parlamentarios desta cámara. Quero saudar a deputada que o impulsou, que era Noela Blanco; hoxe non está. A Xunta de Galicia dicía e comprometíase por acordo do grupo maioritario que sostén ese goberno, o Partido Popular, a facelo de maneira urxente; 2019.

La Xunta de Galicia lanza una estrategia para atender a los mayores que, sin desearlo, se quedan solos. Abril de 2021. Dicían que ía estar entre xuño e xullo dese ano. Non o fixeron.

A Xunta presentará nos próximos meses —setembro de 2022— a Estratexia galega de atención á soidade non desexada. Respondíano aquí na comisión no Parlamento a preguntas do Bloque Nacionalista Galego. ¿Que día era hoxe? 20 de decembro de 2023, nada.

En agosto deste ano comprometéronse a envialo aos grupos parlamentarios para que tiveramos constancia desa Estratexia galega da soidade non desexada. Dixeron que o remitirían antes de rematar 2023. Eu estiven ausente aí un par de meses, preguntei se nese tempo entrara nesta Cámara para os grupos parlamentarios tramitar esa Estratexia galega da soidade non desexada. Nada. O 20 de decembro de 2023 non hai nada.

E no que imos centrar hoxe máis a nosa intervención é na Lei de inclusión social de Galicia, do 2013. Prometeron vostedes en 2020 que ían reformala, entre outras cousas, porque había un problema gravísimo de incompatibilidade entre a risga, a renda galega de inclusión social, e o resto de prestacións sociais, nomeadamente o de recente creación, o ingreso mínimo vital, que estaba creando enormes prexuízos sobre a poboación beneficiaria desta prestación económica. E en decembro de 2020: «*La Xunta inicia los trabajos para reformar la Ley de inclusión social de Galicia en colaboración con las entidades sociais*». Decembro de 2020.

En maio de 2021, a preguntas deste Grupo Parlamentario do BNG: «A Xunta de Galicia comezará o vindeiro trimestre» —maio de 2021— «a tramitar a reforma da Lei de inclusión social de Galiza». Son notas de prensa da Xunta.

Abril de 2022, como non facían nada, o Bloque Nacionalista Galego unha e outra vez vai traendo esta cuestión aquí ao Parlamento de Galiza. Agora falaremos por que. Abril de 2022:

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

«A Xunta prevé ter lista a final deste ano a nova Lei de inclusión social», mentres o BNG denuncia o seu atraso.

¿Poden recordarme, outra vez, que día é hoxe? O 20 de decembro de 2023, e nesta Cámara non hai absolutamente nada, *(Aplausos.)* nada, conselleira. Estamos a piques de rematar o ano, quédanlle quince días, e non hai rexistro de familias monoparentais; non hai plan de loita contra a pobreza para as familias monoparentais, non hai rebaixa do IRPF para as familias monoparentais, que tamén lles prometeron en 2020 —votan un ano e outro en contra da emenda aos orzamentos que presenta o BNG—; non hai nada da estratexia de loita contra a soidade non desexada, para ser os maiores tanta preocupación para o Partido Popular, e non hai nada tampouco da reforma da Lei de inclusión social de Galiza, que é tan necesaria para atender a necesidade dunha parte importantísima da sociedade galega, o dezaoito por cento nada máis e nada menos, que se atopa en risco de exclusión social e en risco de pobreza, segundo o Consello Económico e Social de Galiza no seu último informe de balance do ano 2022. Unha cifra que, efectivamente, se reduce porque estabamos nunha situación do vinte por cento aproximadamente en 2021, que temos hoxe esa cifra no 18,4 por cento, pero que son, se o traducimos en nomes e apelidos, máis de seiscentas mil persoas que se atopan en risco de pobreza e exclusión social no noso país. É máis que a poboación que vive na cidade de Vigo e na cidade da Coruña xuntas, en risco de pobreza e exclusión social.

Baixan os datos, pero eu quero dar catro, porque non é a fotografía igual para toda a poboación:

Se falamos da poboación entre 50 e 64 anos, que é xente que está en idade de traballar, que ten un posto de traballo, que ten un salario todos os meses, o índice de pobreza e exclusión social está no 20,3 por cento. É dicir, hoxe en día, neste país no século XXI, na Galiza de hoxe hai xente que ten un posto de traballo tendo unha nómina, cobrando un salario todos os meses e non lle chega para chegar á fin de mes.

Se vemos, ademais, a nacionalidade das persoas, se falamos de cal é a taxa de risco de pobreza e exclusión social para as persoas estranxeiras no noso país, esa taxa increméntase até o cincuenta e catro por cento. A nacionalidade condiciona cales van ser as duras condicións materiais de vida neste país. Vivimos nunha sociedade racista, o cincuenta e catro por cento da poboación migrante en Galiza estranxeira está en risco de pobreza e exclusión social.

E se imos mirando cal é a tipoloxía de fogares, a metade dos fogares que teñen menores a cargo, a metade dos fogares galegos onde hai un menor de idade, está en risco de pobreza e exclusión social.

E se introducimos a perspectiva de xénero e vemos os fogares monoparentais, encabezados na súa inmensísima maioría por mulleres, esa taxa elévase ao trinta por cento, como dicía ao comezo.

Só diante desta realidade, a un goberno que de verdade fose serio e responsable faltaríalle tempo para traer a esta Cámara a reforma dunha lei que, ademais de demostrarse

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ineficaz para atallar o gravísimo problema de exclusión social e de pobreza que temos en Galiza, demostrou que non é a ferramenta que necesitamos para atallar novas realidades, como esa pobreza laboral, como o feito de ter un posto de traballo e non chegar a fin de mes.

Pero é que, ademais, esa lei que aprobaron vostedes no 2013 —é unha lei do Partido Popular, aprobada e redactada polo Partido Popular— nin sequera se cumpriu ao longo deste tempo.

Eu quero recordarlles a todas as súas señorías —e é facilmente verificable no *DOG*— que a Lei de inclusión social de 2013 di que a axuda á vivenda, que é o principal gasto, a pesar de ser un dereito social —hoxe é a principal variable que condiciona a túa exclusión social ou a túa pobreza—, a axuda vinculada á risga para esa vivenda para pagar o alugueiro está prevista no vinte e cinco por cento do custo. A Lei de inclusión social di que a axuda ao complemento de vivenda da risga é do vinte e cinco por cento. Collan o decreto que desenvolve a lei, que aprobaron tamén vostedes, e ese complemento só chega no mellor dos casos se tes un fillo menor de idade ao quince por cento.

¿Por que se racanea aínda por riba despois de todo este tempo no que é unha miseria xa? Eu dígolles que o quince por cento do IPREM, que é o que hai de complemento de axuda á vivenda hoxe, son cincuenta euros de axuda para pagar un alugueiro, que están entre 600 e 700 euros na maior parte das cidades deste país.

A pregunta que lle traemos hoxe na interpelación, conselleira, é fácil: ¿cando se vai modificar esa lei? ¿Cando se vai permitir a compatibilidade da risga con outro tipo de prestacións económicas, non só o ingreso mínimo vital, o feito de cobrar unha pensión e non chegar a fin de mes, o feito de ter un posto de traballo e non chegar a fin de mes? E, sobre todo, ¿cando van cumprir vostedes co que prometeron en materia de inclusión social, en materia de axuda ás familias monoparentais ou das persoas que viven soas neste país?

De momento, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Resposta da conselleira de Política Social e Xuventude, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Moitas grazas, señor presidente.

Deputadas e deputados.

Señora Rodil, moi bos días.

Supoño que as súas señorías estarán familiarizadas coa expresión «Déitate con nenos e espertarás mollado». Porque, ademais de formar parte do refraneiro popular, esta expresión recolle a experiencia do conxunto dos españois despois de cinco anos do Goberno do Partido Socialista e do señor Sánchez.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Dende a creación do ingreso mínimo vital en xuño do ano 2020, o Goberno galego denunciou os atrancos que se atopan os potenciais beneficiarios desta prestación no seu acceso e tamén se ofreceu a asumir a súa xestión. Tres anos despois atopámonos con que estes atrancos non foron solucionados e mesmo se agravaron co paso do tempo.

Esta inseguridade provocou que se realizasen ata once modificacións da normativa que regula o ingreso mínimo vital. Isto provocou que milleiros e milleiros de persoas teñan que devolver pagos indebidos, porque o Goberno central non actualiza a tempo as contías que todas estas persoas deben percibir, e que os galegos en situación de vulnerabilidade opten por continuar manténdose na risga.

A que se proclamaba como a revolución das axudas de inclusión social perdeu o seu lustre por falta de humildade do Goberno de Pedro Sánchez, que renunciou á experiencia de todas as comunidades autónomas nesta materia. Posiblemente o capítulo máis esperpéntico foi a publicación do informe da Airef, que revela que o Goberno central manipula os datos para simular que o ingreso mínimo vital chega a máis xente que a real. Un informe no que se reflicte a escasa cobertura e tamén a baixa execución orzamentaria desta prestación.

Señora Rodil, tal como vostede presenta hoxe na súa pregunta, tras a aprobación do ingreso mínimo vital, o Goberno galego propuxo a reforma da Lei de inclusión social de Galicia para adaptarse a esa nova realidade que se acababa de crear. O que non puidemos prever é que esa nova realidade estaría chea de incertezas, pero sobre todo que estaría chea de improvisación.

Asegúrolle, señora Rodil, que ese documento aínda non saíu á luz, e non foi por falta de traballo por parte do Goberno galego. Pode vostede, convídoa hoxe, preguntarlle a calquera das entidades sociais coas que vimos traballando durante todo este tempo para realizar esa modificación. E se ese documento non saíu á luz é porque, ao igual que vostedes nos seus pactos de goberno, confiamos na palabra do Goberno socialista de Pedro Sánchez, pero tamén espertamos mollados.

En xaneiro do ano 2022, o daquela ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, José Luis Escrivá, comprometeuse co presidente da Xunta de Galicia, co presidente Feijóo —e fíxoo aquí precisamente en Santiago de Compostela—, a esa tan necesaria e esperada transferencia do ingreso mínimo vital. Despois de propoñerlle distintas fórmulas para poder facer realidade esta transferencia, como que se aplique o mesmo modelo de coxestión que coas pensións non contributivas, atopámonos con que o Goberno central di non e non a esta transferencia. Dille non a Galicia, pero dille si ao País Vasco, dille si a Navarra e, polo que parece, moi pronto tamén lle vai dicir claro que si a Cataluña.

Señora Rodil, eu agradézolle de verdade o seu apoio e o do seu grupo parlamentario nas iniciativas impulsadas nesta Cámara para reclamarlle unha vez máis ao Goberno central a transferencia a Galicia do ingreso mínimo vital. Pero teño que recoñecer a miña sorpresa cando vin que no seu pacto de goberno co señor Pedro Sánchez non se recollía nin unha soa letra nin unha soa liña desa reclamación tan esperada. Eu non sei se vostedes perderon o interese ou tamén se vostedes xa dan por perdido que Pedro Sánchez cumpra algunha vez coa súa palabra.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En calquera caso, o Goberno galego aposta e apostará sempre por crear seguridade xurídica e tamén seguridade asistencial a todos os galegos que están pasando unha situación de vulnerabilidade. Porque nestes momentos a risga segue a ser necesaria como renda autonómica de inclusión social para atender precisamente tamén todas aquelas persoas que non poden transitar ao ingreso mínimo vital ou que nestes momentos nin tan sequera desexan transitar ao ingreso mínimo vital. Pero nestes momentos non sabemos na modificación desa lei se temos que incluír ou non temos que incluír a xestión do ingreso mínimo vital.

En definitiva, en todos estes momentos segue a ser necesario que as comunidades autónomas exerzamos de irmán maior dun Goberno central que goberna tan só para si mesmo. A Xunta vai seguir crendo que unha mellor xestión deste ingreso mínimo vital é posible. É posible e por iso imos seguir reclamando a transferencia inmediata a Galicia da xestión do ingreso mínimo vital.

E por iso mesmo tamén o pasado mes de novembro remitímoslle unha carta á nova ministra, a ministra de Inclusión, de Seguridade Social e Migracións, na que lle expoñemos esa necesidade de recuperar de forma inmediata todas estas negociacións. E querémolo facer para continuar avanzando nesa modificación da lexislación autonómica e poder atender todas as persoas que precisan deste apoio e deste impulso para poder continuar camiñando e seguir adiante.

Agardamos que desta volta as nosas reclamacións e as de milleiros de persoas que están a denunciar día tras día a mala xestión do ingreso mínimo vital sexan por fin escoitadas. Meréceno todas aquelas persoas que atravesan unha situación de dificultade económica e que necesitan do apoio do Goberno galego para recuperar a súa autonomía. Meréceno tamén todos eses cidadáns que confían nas distintas administracións para que lles deamos solucións no mellor tempo posible pero, sobre todo, que lles deamos solucións de forma eficiente. E tamén o merecen, ¿como non?, todos aqueles galegos que aínda cren no valor da palabra dada e que confían nun goberno como é o galego, que é un goberno serio, adulto e respectuoso.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Agora saudamos os alumnos de terceiro da ESO do centro Pedra da Aguia, de Camariñas. ¡Benvidos ao Parlamento e tamén os seus profesores e quen os acompañan!

Continuamos co debate.

Réplica da señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

¡Benvidas a todas e todos!

Eu creo que hai dous grandes textos na historia da humanidade, os máis lidos da historia: a Biblia, probablemente, e o Acordo de investidura entre o Bloque Nacionalista Galego e o

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Partido Socialista de Galiza. *(Aplausos.)* A min gústame moito que falen del porque, efectivamente, hai que poñelo en valor, hai que dalo a coñecer. É un acordo de investidura que por primeira vez poñía a axenda galega, os problemas das galegas e dos galegos, os intereses da xente e os dereitos da xente deste país na mesa, no primeiro punto da orde do día de calquera goberno que quixese ser investido e ser conformado. Non pasabamos polo que leva pasando tantísimas veces nese país, que nos fixeron de menos, que as nosas preocupacións, os nosos dereitos e os nosos intereses podían ser prescindibles. Se se quería gobernar e se quería contar co acordo do Bloque Nacionalista Galego, o que fai o BNG é poñer os dereitos das galegas e dos galegos. E, efectivamente, as competencias que o Goberno do Partido Popular nos catorce anos que leva gobernando con maioría absoluta non conseguiu.

O apartado segundo do acordo de investidura —descargable na páxina web do Bloque Nacionalista Galego— *(A señora Rodil Fernández amósalle á Cámara un documento.)* di que hai que transferirlle a Galiza todas as competencias pendentes, que foron ademais froito de acordo unánime nesta Cámara. E como ben recordaba a señora conselleira de Política Social, a transferencia a Galiza do ingreso mínimo vital é parte deses consensos impulsados nesta Cámara. Así que pode estar vostede tranquila, o Bloque Nacionalista Galego, señora conselleira, fai o seu traballo, e está recollido nese acordo de investidura a transferencia a Galiza do ingreso mínimo vital. *(Aplausos.)*

Pero eu preguntáballe por outra cousa, porque me veu aquí falar dunha prestación de carácter estatal, que debe ser transferida a Galiza, pero que de momento está en mans do Goberno español. Eu viña falarlle das súas competencias, que son exclusivas, e da Lei de inclusión social de Galiza, do 2013, que vostede dicía: «Hai que cumprir coa palabra dada», a súa. Igual os que nos levantamos mollados confiando na súa palabra fomos os do Bloque Nacionalista Galego, señora conselleira de Política Social. *(Aplausos.)*

Porque eu recordaba na miña primeira intervención que, no 2020, vostede dicía que ían reformar a Lei de inclusión social de Galiza; no 2021 dicían que ían reformar a Lei de inclusión social; no 2022 que estaba xa para antonte, e quédanlle quince días ao ano, estamos a piques de acabar o 2023, e non hai aquí proxecto nin borrador. Eu pedinllo ao director social de Inclusión Social, porque están traballando tan fondamente nese borrador de proposta de reforma, pedinllo, e non se mandou unha páxina. ¡Non vaia ser que nos deramos conta de que non estiveron facendo absolutamente nada!

Porque vostedes están comodísimas nesta situación de ter algo que tirarlle no pico da cabeza, que son as persoas máis vulnerables deste país, ao Goberno de España. E iso é o que a min máis lamentable me parece. Porque non se están rindo nin de Olaia Rodil nin do Bloque Nacionalista Galego nin desta Cámara, o que se está é instrumentalizando as persoas máis vulnerables deste país, o dezaoito por cento das galegas e dos galegos que está en risco de pobreza e exclusión social, entre eles moitas nenas e moitos nenos, o cincuenta por cento dos fogares con menores a cargo que se atopan nunha situación de que non chega o ingreso que entra pola porta para poder pagar o alugueiro, para poder pagar as facturas, para poder pagar a compra e para poder chegar ao resto do mes e atender as necesidades desas casas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, claro, leva poñéndose desde o 2020 de escusa as reformas constantes da lexislación que regula o ingreso mínimo vital, e todo o mundo pode ir ao *Boletín Oficial do Estado* e ver cando foi —texto refundido desa norma— a última vez que se modificou. Sufriu moitas modificacións pero pararon no 2021, señora conselleira. E do que ten que facer vostede, que é o seu traballo, ¿que? Porque hai moito que atender aquí.

Vostede poñía de exemplo Euskadi, que si acordou co Goberno español que llo ían transferir. En Euskadi a maior parte das persoas que se atopan en risco de exclusión social ou que teñen problemas económicos están adscritas á renda vasca de garantía de ingresos.

Vostedes poden reformar a risga para facela verdadeiramente unha renda mínima, unha renda de garantía de ingresos, unha renda que garanta a vida digna, e non 456 euros ao mes, que é o que cobra a xente, que hai que poñerse en situación, cústache máis o alugueiro. Son 456 euros, que é o que cobra unha risga, para todo o mes. Vostedes poden reformar a lei, exercer as súas competencias, facer o seu traballo, cumprir co que prometeron e traer aquí unha reforma da lei que acabe coa incompatibilidade da risga con outras prestacións, co ingreso mínimo vital ou con outras.

Hai pensionistas que non lles chega neste país para atender unha eventualidade, que se nos pode dar a todos na casa, que che rompe a lavadora e que te mete nun problema. Esa situación témola neste país, e é competencia súa, e é responsabilidade súa.

Para atender novas realidades económicas, a pobreza laboral, persoas que tendo un traballo, un contrato, un salario e non lles dá para chegar a fin de mes. Para garantir o dereito á vivenda, que hoxe é un elemento de exclusión social, cando é un dereito recollido na sacrosanta Constitución española, do que se vai falar esta mañá seguramente. Ou para atender novas realidades, como as que eu poñía enriba da mesa, que é o cincuenta e catro por cento de pobreza e exclusión social entre as persoas que non son de nacionalidade española, as persoas migrantes que hai no noso país. Para garantir dereitos fundamentais das nenas e dos nenos, o cincuenta por cento dos fogares con menores a cargo que están en risco de pobreza e exclusión social no noso país, ou das familias monoparentais, perspectivas de xénero encabezadas na súa inmensa maioría por mulleres e que seguen tamén nun trinta por cento sen ter os ingresos necesarios para garantir un dereito fundamental de todas e de todos, que non é un regalo de ningún goberno nin de ninguén, o dereito que temos todas e todos a vivir vidas dignas.

Así é que vólvolle preguntar: ¿cando vai facer o que prometeu?, ¿cando vai facer o seu traballo, señora conselleira? E se non, agora que xa non se fala doutra cousa aquí máis que da convocatoria electoral, pois terán que vir as seguintes facer o que non fixeron. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da interpelación, conselleira de Política Social e Xuventude.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Moitas grazas, señor presidente.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Hoxe tamén aproveito para saudar todos os alumnos do IES Pedra da Aguia, de Camariñas, por estar hoxe aquí neste hemiciclo, que é a casa —como todos saben— de todos os galegos e de todas as galegas.

Señora Rodil, pero ¡que verdade dixo hoxe aquí nesta tribuna!, ¡que verdade dixo hoxe aquí sobre os seus pactos do Bloque Nacionalista Galego co Goberno do señor Sánchez! Vostedes sentan nunha mesa, escriben un papeliño, chámanlle «acordo», e ese papeliño vai directamente para o caixón. Porque deben de saber hoxe aquí, todos os que están aquí, tamén todos os que veñen de fóra, que dos seus acordos co Goberno de Pedro Sánchez, o acordo da anterior lexislatura, o señor Sánchez non cumpriu nin tan só un acordo. E agora volven facer outro papeliño chamándolle «acordo». Pero vostedes non se dan conta de que se está rindo na súa cara o señor Pedro Sánchez, non cumprindo nin unha soa liña do que vostedes lle chaman «acordo».

Pero non se preocupen. Vostedes continúen apoiando o señor Pedro Sánchez, que dende Galicia imos seguir traballando sen descanso por todos os galegos e por todas as galegas, e imos seguir estando ao carón de quen máis o necesita, que son todas as familias vulnerables que necesitan do noso apoio e da nosa axuda. *(Aplausos.)*

Por iso, señora Rodil, proba diso é que no vindeiro ano, no ano 2024, imos incrementar os orzamentos destinados á inclusión social ata superar os 153 millóns de euros, para unhas contas que nos permitirán manter todo o orzamento destinado á risga, un orzamento de 46 millóns de euros, e tamén para seguir atendendo todas esas persoas que non son atendidas neste momento polo Partido Socialista, polo partido de Pedro Sánchez a través dese ingreso mínimo vital. Como dicía, xente que o está a pasar mal, xente que non ten un euro no seu peto, ten que estar facendo colas e esperando meses, meses e meses a que lle chegue esa axuda por parte do goberno.

Imos seguir consolidando todos os fondos destinados á inclusión social, pero tamén para consolidar ese reforzo das axudas de inclusión social, que destinamos cinco millóns de euros e que apoian a máis de tres mil galegos en gastos imprevistos, como dicía vostede. Para todas esas persoas que necesitan esa axuda, se lles rompe a lavadora, aí está o Goberno galego con esas axudas que temos extraordinarias, para que poidan soportar estes gastos eventuais.

Señora Rodil, os orzamentos que acabamos de aprobar onte son as contas que nos permitirán continuar un ano máis concedendo ese complemento ás pensións non-contributivas, un complemento que, por certo, o Goberno galego lles entrega a todos eses galegos coas pensións máis baixas.

O apoio da Xunta de Galicia, o apoio do Goberno galego ás persoas máis vulnerables non se ve nin se verá nunca comprometido. É máis, imos seguir apostando por esta renda autonómica, pola risga, ante as evidentes eivas con que se atopan todos os cidadáns para accederen a esas prestacións estatais, como é o ingreso mínimo vital.

O realmente fácil sería mirar cara a outro lado, impulsar a modificación da Lei de inclusión social, reformular o mapa de prestacións autonómicas, e non ter en conta en ningún mo-

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mento o panorama que temos a nivel nacional, que creo que todos sabemos o que é. Esa sería a opción fácil, pero non sería en ningún caso a opción responsable. Porque non podemos mirar cara a outro lado cando existen 5.600 persoas que seguen a depender da risga como único ingreso autonómico. Non podemos mirar cara a outro lado cando existe unha prestación que está a crear inseguridade, que está a crear incertezas a todas as persoas que son vulnerables na nosa sociedade.

Por iso, ante a mala e nefasta xestión por parte do Goberno central co ingreso mínimo vital, a obriga da Xunta de Galicia é seguir velando polo benestar de todas aquelas persoas que están a pasar un bache e que están a pasar unha mala situación económica. Porque para deseñar o mapa e o futuro das prestacións da nosa comunidade é necesario que existan substitutas no mapa do presente e que estas funcionen correctamente.

Pero mentres iso non acontece, o Goberno galego non vai elixir a fuxida cara a adiante e seguirá atendendo as necesidades das persoas que o necesitan, pero sobre todo alí onde o necesitan.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Interpelación de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a cobertura pública do primeiro ciclo da educación infantil

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bo día, señoras e señores deputados.

Benvida, señora conselleira.

A Xunta de Galicia anunciou, en abril do 2020, a implantación da gratuidade das escolas infantís para os segundos fillos e sucesivos. Posteriormente, en outubro do 2021, no debate sobre o estado da Autonomía, o expresidente Feijóo anunciaba que esta gratuidade se ampliaría a todas as familias a partir do curso 2022-2023 e que a Xunta destinaría trinta millóns de euros para pagar esta gratuidade nas escolas da súa titularidade, nas municipais e nas concertadas.

En xuño do 2022, publicouse a primeira orde, e en xuño e agosto deste ano as ordes correspondentes ao curso 2023-2024, nas que se regulan as bases para a concesión das ditas axudas para o funcionamento e a gratuidade da atención educativa das escolas infantís de 0 a 3 anos e puntos de atención á infancia municipais e para as entidades privadas.

Nas ditas ordes, o Goberno galego convoca unhas achegas destinadas a bonificar o cen por cento do prezo da atención educativa mensual que lle correspondería aboar á familia durante

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

once meses. É dicir, non bonifican a totalidade do custo das prazas de educación infantil de 0 a 3 anos, senón que bonifican a parte que terían que pagar as familias pola prestación deste servizo.

Así, para as entidades privadas, a Xunta de Galicia establece un orzamento de case 41,5 millóns de euros para o curso 2022-2023, e a mesma contía para o curso 2023-2024, cun máximo de 306 euros no caso do 2022 ou de 329 euros no caso do ano 2023-2024, por praza a xornada completa durante once meses.

Mentres que para as escolas infantís de 0 a 3 anos e os puntos de atención á infancia de titularidade municipal, os importes son no exercicio 2022-2023 de 10,6 millóns de euros, e para o curso 2023-2024 son 7,7 millóns de euros. É dicir, un vinte e sete por cento menos que no ano anterior, cun importe máximo por praza, xornada completa e mes que é a metade da subvencionada para as entidades privadas. É dicir, señora conselleira, 30,9 millóns de euros máis para as entidades privadas que para os concellos no ano 2022 e 33,8 millóns de euros máis no 2023. Xa nos explicará na súa quenda, na súa réplica, a razón desta rebaixa de 2,9 millóns de euros para as escolas municipais para este exercicio.

Iso si, vostedes obrigan os concellos e as entidades a entregárenlles ás familias un xustificante mensual de pagamento no que conste que o importe que lles correspondería aboar coa lenda de «Prezo bonificado cen por cento pola Xunta de Galicia», cando vostede sabe perfectamente que esa afirmación é mentira. Señora conselleira, vostedes unha vez máis, utilizan iso que tanto lles gusta: a Xunta invita e os concellos pagan.

Se vemos as propias ordes de convocatoria, estas din literalmente no primeiro parágrafo da exposición de motivos: «O Estatuto de autonomía de Galicia no seu artigo 27.23 asígnalle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social». Seguen tamén na exposición de motivos e fan referencia á Lei de servizos sociais de Galicia, que no seu artigo 3 establece os obxectivos do Sistema galego de servizos sociais, no que se inclúen o de «Proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral», así como o de «Garantir o apoio ás familias como marco de referencia no que se desenvolven as persoas».

Tamén, señora conselleira, coñece vostede perfectamente que hai un ano se aprobou neste Parlamento o Plan estratéxico de Galicia 2022-2030. E que no eixo 1, «Reto demográfico», a prioridade de actuación 1.2 di: «Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias artelladas a través do Programa de apoio á natalidade». Un programa integral cuxo obxectivo principal é aumentar o benestar das familias galegas mediante diferentes actuacións que se estruturan en tres eixos principais: axudas, servizos e recursos de conciliación.

Na propia diagnose que fan deste Plan estratéxico de Galicia sobre a situación actual, vostedes din que o número de fillos por muller, medido polo indicador conxuntural de fecundidade, se situaba en Galicia no 1,02, fronte ao 1,8 do conxunto de España, sendo unha das comunidades peor situadas, é dicir, só Asturias e Canarias se situaban por debaixo. E nos últimos datos publicados polo INE, correspondentes ao exercicio 2022, en vez de mellorar, isto empeorou; agora estamos no 1,01. A pesar de ter vostedes feito esa diagnose e de aprobar

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

esa Lei de impulso demográfico, non hai dúbida —porque vostedes tamén o plantexan— de que a Comunidade Autónoma é quen ten a competencia e, polo tanto, é quen ten que poñer en funcionamento as medidas, así como achegar os recursos necesarios para poder poñer en funcionamento este servizo tan necesario.

Os e as socialistas estamos totalmente de acordo con este recurso educativo. É unha medida fundamental para garantir a conciliación e que —como ben apunta o propio Goberno galego— a súa gratuidade para as familias disparou a demanda do dito servizo.

Porén, hai varias cuestións, señora García, que vostedes teñen que resolver para que realmente esta sexa unha medida efectiva: elaborar un mapa de atención educativa a nenos de 0 a 3 anos, establecendo as que existen, as zonas sen atención, o custo de cada unha das existentes e a titularidade dos mesmos. Unha vez feita esta diagnose, elaborar un plan para crear as prazas públicas e gratuítas suficientes para garantir o acceso á demanda real existente. E, por último, crear as prazas públicas e gratuítas precisas e derivadas desa diagnose e asumir o custo total da prestación deste servizo.

Eu pregúntolle, señora conselleira, se existe este estudo previo; se teñen algún mapa no que se poida comparar a oferta, a demanda existente e a demanda potencial se houbera este servizo; se teñen en conta que para combater o despoboamento no rural este servizo tamén é fundamental, e que programación teñen cara aos próximos exercicios.

Vostedes, señora García, despois de catorce anos gobernando ininterrompidamente este país e con maiorías absolutas, non teñen un proxecto de país, gobernaron a golpe de publicidade e propaganda, amosan un goberno esgotado que pon de manifesto o fin do ciclo do Partido Popular na Xunta de Galicia. Un goberno máis preocupado polo que pasa en Madrid que de xestionar os fondos extraordinarios que veñen do Estado, encabezado por ese malo malísimo presidente do Goberno Pedro Sánchez, e por eses fondos que veñen tamén da Unión Europea, liderados tamén por ese presidente malo malísimo, o señor Pedro Sánchez. E quérolles recordar que se por vostedes fora, se polo Partido Popular fora, nunca chegarían a España e, polo tanto, nunca chegarían a Galicia. É máis, teñen no seu haber —digamos— a vergoñenta actuación dun expresidente desta Xunta de Galicia —que ata hai pouco sentaba aí— que foi a Bruxelas falar mal do noso país e intentar que estes fondos nunca chegaran á nosa comunidade. Así que, señora García, eu creo que deberían vostedes recapacitar e deixar esa confrontación, ¡e traballar!, que para iso os votaron os galegos e as galegas.

Señora García, vostede sabe perfectamente que están sendo os concellos os que están a financiar en maior medida o custo da prestación do servizo municipal, sen que a Xunta de Galicia estea achegando os recursos necesarios e suficientes para cubrilos. Sabe perfectamente que os fondos que destinan aos concellos galegos —e vólvese amosar na aprobación dos orzamentos no día de onte— volven ser 112,9 millóns de euros de fondos incondicionados. E sabe que con eses fondos aos concellos non lles chega dabondo para poderen exercer as súas competencias e ademais facer fronte ás competencias que son propias da Xunta de Galicia, e esta é unha desas competencias. Eu pregúntolle: ¿cando van asumir esas competencias? ou ¿cando lles van transferir aos concellos os recursos necesarios e suficientes para poderen prestar axeitadamente as competencias que vostedes non asumen?

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vostede sabe que hai un estudo que foi presentado con moita publicidade e propaganda —tal como adoita facer este Goberno galego—, no que falaban dun estudo elaborado pola Universidade de Santiago de Compostela e co que, supostamente, ían arranxar todos estes problemas para delimitar as competencias e asumir o custo desas competencias impropias que están prestando nos concellos. Pero case un ano despois deste anuncio, señora conselleira, e de dúas reunións coa Fegamp, nada se sabe e nada fixeron. Gustaríame saber cando se van sentar coa Fegamp para aclarar esta cuestión de tanta importancia para os concellos galegos e tamén para a cidadanía no seu conxunto.

O Goberno galego pretende que os concellos mintan para lavarlle a cara a este goberno dicindo que son vostedes os que bonifican o custo da totalidade da praza ocupada. E —insístolle— vostede sabe perfectamente que iso é mentira, non é máis que un anuncio de publicidade e propaganda ao que tanto nos teñen acostumados.

Señora conselleira, voulle poñer un exemplo real —aínda que creo que xa o empreguei noutra ocasión, pero teño varios aquí, non teño tempo e, polo tanto, voume centrar nun—.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Un concello galego —remato xa, señor presidente— de cinco mil habitantes construíu a escola infantil co compromiso de que a Xunta de Galicia asumía un terzo do custo e un terzo do custo das familias, e un terzo do custo o propio concello. A realidade é que na actualidade, do custo total da escola infantil, a Xunta de Galicia pon un vinte e dous por cento, as achegas das familias un vinte por cento e o concello ten que asumir o cincuenta e oito por cento dunha competencia que non lle é propia, dun servizo que vostedes teñen que asumir dunha vez por todas. *(Aplausos.)*

Como non teño máis tempo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...nada máis nesta quenda e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Resposta da conselleira de Política Social e Xuventude.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rodríguez, moi bos días.

A etapa educativa de 0 a 3 anos ocupa un lugar destacado dentro da acción política da Xunta de Galicia durante os últimos anos. Como saben, Galicia converteuse no ano 2020 na primeira comunidade autónoma en aplicar a gratuidade de todas as escolas infantís para segundos fillos e sucesivos. Unha medida que —como vostede dicía— ampliamos no curso

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

académico 2022-2023 para todos os fillos, permitindo que máis de trinta e unha mil familias non paguen nada pola atención educativa dos seus fillos.

A gratuidade das escolas infantís converteunos nunha comunidade de referencia, unha comunidade á que tratan de emular outros territorios e que se converteu en líder na escolarización de 0 a 3 anos. Os datos do Ministerio de Educación e Formación Profesional ratifican que Galicia rexistra a taxa de escolarización máis alta de toda España, ao situarse no cincuenta e seis por cento da taxa de escolarización. Uns datos que demostran que a aplicación da gratuidade serviu para que cada vez máis e máis familias se decidisen a levar os seus fillos a unha escola infantil.

Calquera medida destinada a ampliar e mellorar os servizos dirixidos aos galegos, especialmente neste ámbito, será ben acollida pola Xunta de Galicia. Por iso, a valoración dos fondos europeos transferidos a través do Goberno central ás comunidades autónomas para a creación de novas prazas de atención nas escolas infantís municipais é, por suposto, positiva. Pero, señora Rodríguez, non se engane a si mesma e moito menos engane os cidadáns. Estes fondos non serven nin servirán polo momento para crear nin unha soa praza gratuíta en educación infantil. De feito, o Goberno de Pedro Sánchez —como vostedes xa saben e como xa teño dito noutras ocasións— destina cero euros á gratuidade das escolas infantís que aplicamos en Galicia, onde o fixemos de forma pioneira.

Paréceme moi ben que vostedes veñan a esta Cámara para darlle un pouquiño de xabón ao Goberno socialista do señor Pedro Sánchez, pero eu pídolles, por favor, que sempre conten a verdade. Os fondos europeos que o Goberno central está a poñer á disposición das comunidades autónomas teñen moita letra pequena que é conveniente aclarar. En primeiro lugar, estes fondos non se poden empregar para melloras das escolas infantís existentes, non se poden utilizar para as reformas ou para as reparacións que son necesarias cada certo tempo nos distintos centros; isto, sinceramente, prexudica claramente aquelas comunidades que temos unha rede de prazas públicas xa consolidada. En segundo lugar, estes fondos veñen cunha contía de investimento limitada a seis mil euros por praza, unha cantidade que se vostede consulta por aí verá que é totalmente insuficiente para construír unha nova escola infantil na era da inflación. E, en terceiro lugar —como xa dixen—, estes fondos non permiten financiar estas prazas unha vez que están creadas, senón que, ao contrario, se especifica que serán as administracións titulares das novas prazas as encargadas de facerlle fronte.

Eu teño a sensación, señora Rodríguez, de que lle pasou a vostede o mesmo que ao Concello de Vigo; vostede lanzouse á piscina en defensa do señor Pedro Sánchez e resulta que non había auga. Recordarán vostedes que o Concello de Vigo lle urxiu á Xunta de Galicia, en outubro do ano 2021, que puxera á disposición dos concellos estes fondos e que o fixeramos de forma inmediata, porque querían crear unha escola infantil municipal na praza da Industria. Seguro que se acordan porque o seu grupo parlamentario rexistrou en xaneiro do ano 2022 unha pregunta con este mesmo cometido. ¡Fíxense vostedes que sorpresa, que unha vez que se decataron de que os fondos non eran suficientes para a totalidade da obra nin permitían facer gratuítas as prazas, nin tan sequera pediron esta convocatoria nin sequera se presentaron!

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero como lección disto podemos extraer que non é o mesmo falar que falar gobernando, e que por moitos anuncios que traten de facer o señor Pedro Sánchez para tapar as súas carencias, o certo e a verdade é que o cen por cento das escolas infantís galegas son gratuítas grazas á Xunta de Galicia, que este mesmo ano realizará un investimento de sesenta millóns de euros. *(Aplausos.)*

En calquera caso, o Goberno galego puxo á disposición dos concellos todos estes fondos europeos para crear novas prazas de titularidade municipal. Lanzamos dúas convocatorias nas que atendemos o cen por cento das solicitudes presentadas. Unha primeira convocatoria foi publicada en setembro do ano 2022, na que se presentaron catorce concellos galegos, aos que se lles concedeu a creación de 427 prazas de atención de 0 a 3 anos. E tamén sacamos unha segunda convocatoria en setembro deste mesmo ano, na que se presentaron trece concellos, aos que se lles adxudicaron axudas para a creación de 482 prazas. É dicir, concedemos axudas a un total de vinte e sete concellos para a creación de 909 prazas de titularidade municipal. Unhas axudas que poderían ter sido moito maiores dado o orzamento dispoñible se o Ministerio permitise destinar estes fondos a melloras nos centros xa existentes ou en financiar as prazas unha vez que xa estaban construídas.

De todos modos, a Xunta de Galicia cumpriu coa súa obriga, pois puxo á disposición dos concellos estes fondos europeos. Fixémolo a través de dúas ordes, que estiveron publicitadas, que foron transparentes e que foron abertas a todas as administracións locais.

O Goberno galego sempre estará a favor de reforzar e de crear novos recursos de 0 a 3 anos alí onde faga falta e onde sexa necesario. Pero o que non podemos permitir é que se trate de confundir os cidadáns sobre o financiamento da gratuidade e ao que o Goberno de Pedro Sánchez segue destinando cero euros cada ano.

De verdade que nada nos gustaría máis que o Goberno central se implicase no financiamento desta gratuidade desta etapa educativa tan importante para as familias pero, sobre todo, para os nenos, que o fixera con esa implicación tanto en Galicia como no resto das comunidades autónomas a nivel nacional. E así llelo trasladamos en reiteradas ocasións ao presidente do Goberno, a todo o seu equipo e tamén aos distintos ministros. Pero a resposta é a que ven: crear axudas que non cumpren coas expectativas e no que atinxe á gratuidade, cero euros.

Polo tanto, en Galicia imos seguir traballando por esa educación infantil gratuíta, para que cada vez máis familias teñan máis beneficios e máis axudas para a crianza dos seus fillos.

E, señora Rodríguez, mellor non imos nós falar de Bruxelas, porque os que van moito a Bruxelas son vostedes, para que nos goberne o señor Puigdemont.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Os aplausos non descontan. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, non, para vostede, non. Penso que non son para vostede. *(Risos.)*

Réplica da señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: A ver, señora conselleira, a verdade é que me deixou algunhas perlas. Moi ben.

Aplicar a gratuidade si, pero á conta doutras administracións. Ou sexa, é unha competencia propia da comunidade autónoma, pero que pague Pedro Sánchez. ¡Home!, a verdade é que a min me parece ridículo cada vez que vostedes saen aquí e de todo é culpa o presidente do Goberno. Se esta é unha competencia propia da comunidade autónoma, asúmana e páguena, poñan medidas e poñan recursos. Porque teñen outra opción: se non queren exercer as súas competencias, déixenas para que as exerza o Goberno do Estado. ¿É iso o que queren?, ¿é iso o que nos están dicindo? Porque realmente, señora conselleira, isto é un pouco de tomadura de pelo.

Por certo, ¿canto achegou cando estaba Mariano Rajoy no goberno?, ¿canto? Dígame porque realmente é moi fácil lanzar mensaxes, dicir que todo é mentira e que Pedro Sánchez non fai nada. Pero ¿por que non fan unha comparativa, señora García? Eu voulle dicir: a Xunta de Galicia ten recibido 34,8 millóns de euros do Plan de recuperación para a creación de 3.417 novas prazas públicas e gratuítas. E vostede acábanos de dicir agora mesmo que vostedes crearon 329 prazas. Entón, explíqueme por que unha vez máis vostedes recibiron fondos de recuperación que non son capaces de executar. Recórdolle que a Xunta de Galicia recibiu máis de mil catrocentos millóns de euros e que só foron capaces de executar o trinta e cinco por cento. Polo tanto, teñen unha nefasta planificación, unha nefasta execución e nin sequera son capaces de executar as súas competencias. Non lles boten as culpas nin aos concellos nin ao Goberno do Estado, é unha competencia súa. Polo tanto, son vostedes os que teñen que poñer os recursos.

O pasado 7 de novembro, o Consello de Ministros aprobaba unha proposta do Ministerio de Educación e Formación Profesional para destinar 18,5 millóns de euros a Galicia para formación profesional, educación infantil, ensinanza de programación e robótica e para a escolarización de desprazados pola guerra de Ucraína. Dentro desta achega hai máis de sete millóns de euros para a creación de 1.139 prazas públicas e gratuítas do primeiro ciclo de educación infantil de 0 a 3 anos.

Polo tanto, ante as verbas que vostede acaba de dicir aquí, señora conselleira, ¿que fixeron con estes cartos? ¿Seguen sen executalos tal e como nos teñen acostumados con esa publicidade e propaganda, con esa confrontación entre unha administración e outra, pero que vostedes non exercen as súas competencias e tampouco executan os fondos que teñen?

Por certo, señora conselleira, ¿canto lle achegaron deses mil catrocentos millóns de euros aos concellos?, ¿canto? Gustaríame que me contestara porque creo que absolutamente nada. É verdade que tampouco son capaces vostedes de executar os que teñen para vostedes.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Onte mesmo acaban vostedes de aprobar os orzamentos para o 2024, que acadan 13.200 millóns de euros de gasto non-financeiro para o 2024, que son 827 millóns de euros máis que neste exercicio; 3.225 millóns de euros máis que en 2020. ¿E sabe canto son as transferencias que van recibir do Estado en 2024? Son 4.237 millóns de euros. É dicir, o 28,60 por cento do ingreso consolidado total da Xunta de Galicia. Iso é o que reciben do Estado gobernado polo presidente Pedro Sánchez.

E aínda así vostedes volven deixar os concellos como os grandes damnificados con estes orzamentos. Eses orzamentos históricos que volven ser históricos e recórdolle que grazas aos fondos que veñen do Estado e grazas aos fondos que veñen da Unión Europea. Pero, sen embargo, para os concellos seguen dándolles 112,9 millóns de euros. Iso si, cando fan convenios de colaboración, fano con aqueles concellos que teñen gobernos do Partido Popular.

Así que, señora conselleira, eu creo que hai outra forma de gobernar, outra forma de facer as cousas, outra forma de asumir as competencias que lles corresponden.

De todas as formas, señora conselleira, as e os socialistas estamos moi de acordo con ese lema da campaña do Partido Popular: «A Xunta de Galicia non para». Non para de mentir, empregando os medios públicos para a súa publicidade e propaganda; non para de buscar culpables no Goberno do Estado ou nos concellos, para tapar a súa nefasta xestión; non para de propiciar a bronca, o insulto co presidente lexítimo do Goberno, o señor Pedro Sánchez, e non para de buscar escusas para non exercer as súas competencias.

Apliquen ese «sentidiño» do que tanto falan para resolver os problemas reais do noso país e para resolver os problemas dos galegos e das galegas. E así achegando medidas e recursos será como se solucionen os problemas, porque co sentidiño só, señora conselleira, non chega.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: De todas formas, non se preocupe —déixeme rematar, señor presidente, que só teño unha frase—...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...non se preocupe, que en breve, cando se convoquen as eleccións, será unha nova Xunta de Galicia liderada por José Ramón Gómez Besteiro... *(Murmurios.)* Si, señora conselleira, —pódense rir todo o que lles dea a gana— que si cumprirá con Galicia, que si asumirá as competencias desta comunidade autónoma e resolverá os problemas dos galegos e das galegas. ¡Aprendan! *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da interpelación, conselleira de Política Social e Xuventude.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Grazas, señor presidente.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señorías.

Señora Rodríguez, ou vostede non escoita ou vostede non me quere escoitar. Eu dicía que os fondos europeos son postos á disposición de todos os concellos na súa totalidade. Puxemos en marcha dúas convocatorias. Vostede dicíame que era para crear un número de prazas e creamos outras, pero ¿por que? Porque os concellos non se presentan a esta convocatoria, porque os fondos son insuficientes, porque seis mil euros por praza —non ría, estou falándolle ben— non chegan para construír, para financiar a obra. Se con eses fondos, que son suficientes os que nos mandan á comunidade autónoma, nos deixasen a nós dicir o que é necesario para construír cada praza, máis concellos animaríanse a presentarse a estas convocatorias. Pero, dende logo, estamos xa acostumados a que en Madrid se decida e que os galegos cumpramos co que alí se decide.

Pero vostede pode vir aquí dicir que o Goberno do señor Sánchez, que o Goberno do Partido Socialista traspasa a Galicia todos estes fondos europeos. O que si non lle admito é que vostede diga aquí que é para financiar prazas públicas e gratuítas, porque iso é mentira. É para financiar a construción de novas prazas públicas, pero os que financian a gratuidade somos nós e do peto de todos os galegos, *(Aplausos.)* con sesenta millóns de euros neste ano. Non financia a gratuidade, financia unha parte da obra para esa escola infantil.

Vostede, señora Rodríguez, tamén debería hoxe rectificar as palabras que dixo aquí. Vostede falaba hoxe do financiamento municipal, desa gratuidade da educación infantil, e que nós diminuímos a aportación durante este ano. Iso é mentira. Voulle dicir: na orde de 2022-2023, 10,6 millóns de euros para financiar dezaoito meses de gratuidade; na orde de 2023-2024, 7,7 millóns de euros —dicíao vostede— para financiar once meses de gratuidade. Co cal nós non diminuímos a aportación, senón que estamos ampliando os fondos destinados a esa gratuidade nas escolas infantís municipais.

Vostede tamén fala de execución dos fondos europeos. ¿Vostede sabe que Galicia é líder a nivel nacional en execución de fondos europeos? ¿Vostede dáse conta de que nós executamos todos os fondos europeos que nos chegan?, ¿de que nós necesitariamos aínda máis fondos europeos porque máis cousas temos que facer en Galicia?

Señora Rodríguez, o Goberno galego foi o primeiro en poñer en marcha esta gratuidade na educación infantil de 0 a 3 anos, que é unha grande oportunidade para continuar avanzando nesa igualdade de oportunidades e para continuar ampliando esas medidas de apoio á familia e de apoio á conciliación. Demostrámolo dende o ano 2016 cando comezamos a crear toda esa rede de casas niño, que son recursos de conciliación cen por cento gratuítos e que nos permiten levar todos estes recursos a lugares onde non había a opción de conciliar, como eran todos os concellos rurais da nosa comunidade.

Demostrámolo tamén coa posta en marcha da Tarxeta Benvida con máis de cen mil tarxetas, con máis de cen mil familias beneficiadas dende o ano 2016, que son axudas económicas directas para apoiar todos os pais e as nais de Galicia para a compra de produtos básicos durante os primeiros anos de vida dun neno. E facémolo tamén cada ano a través dos campamentos de verán ou a través dese Bono Concilia Familia, para axudar todos os pais

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

para que poidan contratar un recurso de conciliación durante as vacacións ou tamén cando están enfermos os máis pequenos.

Por suposto, imos seguir demostrando esta aposta pola etapa educativa de 0 a 3 anos a través desa gratuidade da que tanto temos falado, que é unha medida que impulsamos de forma pioneira, que non tivemos que ir imitar a ninguén e que nos ten situado como líderes de escolarización de 0 a 3 anos a nivel nacional.

Eu entendo que é loable a súa fidelidade ao señor Pedro Sánchez. Eu agardo que teña en conta tamén o seu compromiso para futuros ministerios ficticios que están destinados aos galegos. Pero non se deixe enganar, que vostede eu sei que é ben intelixente. Non engane tampouco a quen escoita sobre as axudas dos fondos europeos para a creación de prazas en escolas infantís municipais, que non se financia a gratuidade desas prazas; nin permiten financiar a gratuidade nin tampouco teñen esa acollida que estaba tan agardada por parte dos concellos galegos, porque —como dicía— non cobre o custo desa obra, e tampouco permiten facer fronte a esas necesarias reparacións e melloras.

Dende logo, imos seguir traballando, imos seguir polo camiño marcado e que levamos iniciado dende hai moito tempo e imos seguir apoiando todas as familias de forma incondicional.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Como saben, hai unha alteración na orde do día, e imos tramitar a continuación unha pregunta que vai formular don Iago Tabarés.

Pregunta de Dª Olalla Rodil Fernández e Dª Iria Carreira Pazos, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a forma en que vai proceder o Goberno galego para mellorar a dotación económica, humana e material da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta ten a palabra don Iago Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas, señora vicepresidenta,

Señora conselleira, dende o Bloque Nacionalista Galego novamente, como en ocasións anteriores, tanto nesta lexislatura como en lexislaturas precedentes, vimos trasladarlle a nosa preocupación pola situación que padece a Funga e a ausencia de medidas para mellorar as condicións e as carencias de medios de que adoece.

Resulta significativo da consideración que o Partido Popular ten por esta fundación que esta fundación segue a chamarse Fundación Galega para a Tutela de Persoas Maiores. É significativo da consideración que ten o Partido Popular por esta fundación, que nos seus estatutos chega a figurar como un dos obxectivos da fundación o exercicio da tutela das persoas maio-

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

res incapacitadas, e é significativo dese desleixo, desa falta de consideración con esta fundación pois que a tutela e a incapacitación deixaron de existir hai moitos anos.

Por tanto, seguen sen adaptar sequera normativamente tanto ao Código civil as reformas lexislativas dos últimos anos como tamén as convencións internacionais de hai incluso décadas. Non se preocupa nin sequera desta adaptación normativa e a adaptación de funcións.

Mais isto é ilustrativo pero non é se cadra o máis importante. A Funga dedícase á protección e ao coidado das persoas que non poden polas súas limitacións permanentes valerse por si propias, que necesitan un complemento de capacidade, e ademais, para maior gravidade, de persoas que non teñen outra persoa, que non teñen outra institución que poida velar por eles. Unha situación de desamparo absoluta. Isto é o que ten atribuído á protección e ao coidado a Funga.

E o certo é que esta fundación carece de medios organizativos e materiais suficientes como para poder atender esas necesidades. E o máis grave é que a vostede lle consta esa ausencia de medios e que non fan absolutamente nada.

Na memoria de 2010 falábase de que para atender mil seiscentas persoas existían oito asesoras xurídicas e sete traballadoras sociais. Pois ben, no 2022, para atender a máis do dobre de persoas, existe o mesmo cadro de persoal de oito asesoras xurídicas e sete traballadoras sociais. O número de persoas que precisan apoio da Funga medra cada ano, mais as previsións orzamentarias da Xunta de Galiza diminúen. Tampouco consta que existan previsións para melloras da estrutura organizativa da fundación, e o resultado é que a Funga non está cumprindo coas súas importantes funcións, coas súas importantes obrigas.

Esta situación non só é denunciada polo Bloque Nacionalista Galego, que o é nesta lexislatura e en lexislaturas pasadas, é denunciada pola Fundación Adcor, que di que os usuarios que atende, ningún dos que depende da Xunta recibe seguimento; de Aspronaga, que afirma que coa dotación de persoal actual é imposíbel...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...que a Funga cumpra coa súa función; da Fundación Paidea ou tamén da Fundación Fademga, que di que a Xunta non fai seguimento de ningunha das duascentas persoas que teñen eles ao seu coidado, que nin sequera coñecen as persoas de referencia.

Ante esa situación denunciada...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten un segundo.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ... —remato— polo Bloque Nacionalista Galego e tamén por estas asociacións, ¿que vai facer a Xunta de Galiza? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Para dar resposta ten a palabra a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Moitas grazas, presidenta.

Señor Tabarés, a Xunta de Galicia ten entre os seus cometidos velar pola protección xurídica e social das persoas maiores de idade que se atopan en situación de desamparo. Ese é precisamente o obxectivo co que naceu no ano 1996 a Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas, a Funga, que exerce o seu labor de forma independente, rigorosa e, sobre todo, transparente.

O Goberno galego vén reforzando durante os últimos anos o cadro de persoal da Funga para que este labor non se vexa comprometido por unha posible sobrecarga dos seus profesionais. Señor Tabarés, dende o ano 2009 incrementamos nun cincuenta por cento o número de empregados nesta fundación, onde pasamos dos dezaoito aos vinte e sete cos que conta nestes momentos; un incremento moi superior a un número de actuacións realizadas nos últimos anos. E a evolución dos últimos catro exercicios demóstranos que existe unha moderación no número de novos casos asumidos pola Funga.

Pero, ademais, de cara ao vindeiro ano, está prevista a creación dun novo equipo de traballo multidisciplinar, conformado por un traballador social, un técnico xurídico e un administrativo, que permitirá seguir ampliando o cadro de persoal e darlle unha resposta máis áxil e máis efectiva a todas as persoas que están baixo a súa protección.

Ampliamos o número de traballadores pero tamén melloramos as condicións dos profesionais que están traballando nestes momentos. Este ano puxemos en marcha un proceso selectivo de concurso e outro de concurso-oposición para a consolidación dos seus postos de traballo; un proceso acordado coas organizacións sindicais e, por suposto, seguindo os prazos establecidos.

A Xunta de Galicia por suposto que ten en conta as necesidades materiais e profesionais da Funga, porque somos moi conscientes de que o seu traballo é vital; é vital para garantir que todas as persoas vexan cumpridos os seus dereitos fundamentais, independentemente da súa situación.

Por iso, no vindeiro ano 2024, incrementaremos nun dezaseis por cento os fondos destinados a esta fundación, ata superar os 2,1 millóns de euros; uns fondos destinados precisamente a reforzar os recursos humanos e materiais da Funga e que serán unha realidade, e xa llelo avanzo de forma inmediata.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica, por dous minutos, ten novamente a palabra o señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas, señora conselleira.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ten un problema cos datos ou ten un problema coa veracidade, porque certamente na memoria de 2010 poden ser datos falsos, pero son os que están na memoria. Na memoria de 2010 si, efectivamente, existía un cadro de persoal de dezaoito persoas, mais di textualmente: «Debemos sumar cinco persoas contratadas a través de subvención»; delas, dúas eran traballadoras sociais e dúas asesoras xurídicas. Polo tanto, o cadro de persoal para atender esas mil seiscentas persoas era —como lles dicía ao principio— de oito asesoras xurídicas e sete traballadoras sociais. Exactamente o mesmo que para atender o duplo de medidas, o duplo de persoas que tiñan no 2022. Polo tanto, no que se refire a asesoras xurídicas e no que se refire a traballadoras sociais non existe variación ningunha respecto da memoria de 2010. Xa lle digo que non sei se os datos son falsos ou non, pero son os datos da memoria da Funga.

Igualmente, cando fala dos orzamentos da Xunta de Galiza, tamén vendo o que ten publicado a Xunta de Galiza nesta fundación para a tutela de persoas adultas di: investimento real en 2022, 2.420.000 euros; previsto no orzamento para o 2024, 2.163.000 euros. Sonlle de letras, pero eu creo que aquí hai unha diferenza de aproximadamente douscentos cincuenta mil euros menos previstos —por iso falaba de previsión orzamentaria— para o 2024.

Pero xa lle digo: esta situación que afecta persoas especialmente vulnerábeis, porque, sobre todo pola situación de discapacidade e pola situación de limitación, son persoas que non teñen outra posibilidade de atención, non teñen outra persoa ou entidade que as poida atender. A Funga é o último recurso. E todo isto ten consecuencias. Ten consecuencias porque son vítimas propiciatorias incluso de estafas contra o seu patrimonio, vítimas de abusos, abusos de todo tipo; abusos como os que denunciaron aquí reiteradamente no Souto de Leixa, que de persoas tuteladas pola Funga...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...que a vostedes lles importa bastante pouco.

Por iso, señora conselleira —e remato, señora vicepresidenta— ...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rematou o seu tempo, señor Tabarés.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

(O señor Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.)

Os tempos das preguntas son coñecidos por todos.

Para dar resposta, tres minutos, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Grazas, señora presidenta.

Como dicía, señor Tabarés, a Xunta de Galicia está a reforzar o cadro de persoal e tamén os recursos materiais da Funga para que poidan realizar o seu traballo coa profesionalidade que os caracteriza e que se faga no menor tempo posible.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero hai que ter en conta, ademais, que recentemente todos estes profesionais tiveron que adaptarse á reforma da lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade que requiren dunha asimilación. A Xunta de Galicia —avánzollelo— deu recentemente luz verde á adaptación dos seus estatutos internos para incorporar todos os cambios desta lei. Imos seguir traballando e imos seguir sendo os primeiros en destacar a importancia e o labor que se fai dende a Fundación Pública Galega para a Tutela das Persoas Adultas como órgano fundamental para salvagardar o benestar de todas as persoas maiores de idade que se atopen nunha situación de desamparo.

Imos seguir incrementando e respondendo cada vez con máis fondo e máis apoio ás necesidades que ten todo o persoal atendendo á súa carga de traballo, pero, sobre todo, imos seguir velando e protexendo todas as persoas tuteladas por esta fundación.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

Continuamos coa orde do día. Avanzamos coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e Dª Marina Ortega Otero, sobre a demanda á Xunta de Galicia dun cambio no método de cómputo dos tempos de espera existentes para acceder a probas, consultas ou intervencións no Sistema público de saúde

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda, a número 63595, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Iria Carreira.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Iria Carreira Pazos, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débese engadir, despois da parte resolutiva da proposición non de lei, o seguinte texto:

«Ao mesmo tempo, tamén se farán públicas a totalidade das listas de espera, incluíndo as non estruturais, e procederase ás modificacións normativas pertinentes para:

a. Rematar coa práctica de manter listas de espera non estruturais, procedendo á incorporación inmediata de todas as pacientes que se atopan nunha lista de espera non estrutural á lista estrutural.

b. Garantir un tempo máximo de espera, estratificado por niveis de prioridade, para todas as pacientes.»).

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formulala, por un tempo de dez minutos, ten a palabra o señor Torrado.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

O cómputo das listas de espera sanitarias en Galicia é unha enorme e tremenda mentira. Sabémolo todos os que coñecemos minimamente o sistema, sábeno os pacientes, sábeno os profesionais, sábeno os xestores do propio Sergas. Un sistema de cómputo falaz e construído con base nunha mentira simple pero, aparentemente, moi efectiva nalgunhas ocasións.

Témola contado noutros momentos, pero creo que é importante repetila. Se vostedes acoden á súa médica de cabeceira, e con sorte teñen algunha cita dispoñible, pode ser que para o problema que se lles presenta se requira unha cita cun especialista do hospital e, por tanto, vostedes terían que ir a Cardioloxía ou a Pneumoloxía ou a Uroloxía ou onde fose. Vostedes van recibir cando teñen que pedir esa cita sempre a mesma resposta: xa o chamaremos. E «xa o chamaremos» dura non un día ou dous ou tres, senón que dura —poñamos— oito meses, que é bastante habitual. E en oito meses danlle unha cita para a mañá seguinte. Vostedes esperaron oito meses para que lles dean unha cita para o día seguinte. ¿Canto computa segundo o Goberno galego a súa espera? Un día. ¿Canto tempo estivo vostede esperando? Oito meses. E así é como desaparecen oito meses de espera das listas oficiais. E isto é basicamente porque vivimos nun sistema no que nos estamos enganando todos constantemente e vivimos nunha incapacidade de avaliar realmente o que ocorreu.

¿Que ocorre? É que este goberno, ademais de facerse trampas, presume. E nós cremos que hai que saír do engano permanente deste goberno, que vive pendente do relato. Este é un goberno que presume de listas de espera, pero trampea o cómputo. É un goberno que se queixa de que non hai médicos, pero logo presume de facer moitas opes e contactar moitos médicos, que supostamente non existían. É un goberno que pide máis prazas MIR, pero deixa centenares de prazas MIR sen convocar. É un goberno que presume de xestión laboral, pero recibe sentenzas xudiciais sobre contratación fraudulenta. É un goberno que afirma dialogar, pero acaba de perder outra batalla xudicial contra os médicos. É un goberno que presume de ter moito persoal e de ter moi boas condicións, pero algúns colectivos acaban de destapar a súa precariedade, como, por exemplo, que case a metade das enfermeiras en Galicia viven ante un contrato non-estable. Este é un goberno basicamente pantalleiro, que se obsesionou tanto co relato que ao señor Rueda xa non o cre nin o médico, probablemente porque estea tardando en ter unha cita para ter con el, e os únicos que o cren xa son algúns directivos da TVG.

Por tanto, vivimos nunha mentira. Este é un goberno que mente, sabendo que está mentindo, que eu non sei se iso o fai peor ou o fai mellor. Pero, en todo caso, vivimos sendo unha mentira.

¿Que é o que propoñemos? Cambiar o sistema de cómputo. ¿Por que? Porque necesitamos avaliar correctamente que é o que estamos facendo, que servizos funcionan mellor, en cales necesitamos intervir máis, en que hospitais debemos reforzar máis. Avaliar para ser capaces de tomar mellores decisións.

A calquera goberno lle interesaría avaliar. E probablemente este goberno teña os datos reais, pero só os ten o Goberno, porque é moi difícil —para a oposición, basicamente imposible—

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ter os datos reais de todas aquelas persoas que están esperando. Porque se vostedes pensan naquelas persoas que están esperando oito meses, pero só lles conta un día para a súa cita, preguntarán: ¿que ocorre con todos eses que están esperando pero non teñen unha cita atribuída? Viven no limbo, no limbo dun mundo que ninguén sabe onde están, ninguén sabe cantos son, ninguén sabe onde están esperando. Ou viven basicamente nun caixón, fisicamente, porque están alí impresas as listas.

Esas listas, que moitas veces os profesionais nos facilitan aos grupos da oposición —e estou seguro de que ao BNG tamén— con silencio e petición de non dicir quen son, porque así funciona tamén a dirección deste Sergas en moitas ocasións. E nalgunhas xerencias —¡fíxense o que lles estou dicindo!—, datos reais de persoas en Galicia que están esperando facilitados baixo o compromiso de silencio de quen os facilita, porque pode haber algún problema. E isto ocorre nestes hospitais, basicamente nalgúns en concreto de maneira especial.

¿Cantos son os que están esperando? Esta pregunta, repetida con fruición eternamente neste Parlamento durante anos, ninguén quere contestar. Non é que ninguén non saiba contestar, ninguén quere contestar. ¿Cantos son os que están esperando e non teñen aínda unha cita marcada? Todos aqueles que están nese prazo dos oito meses e que levando dous non saben se teñen que esperar tres máis, cinco máis, seis máis, que non saben cando os van chamar e que, normalmente —e isto ocorre en numerosas ocasións—, moitas persoas non saben realmente se a alguén se lles esqueceu que estaban esperando, e acaban inundando os servizos de atención ao paciente nos hospitais, chamando por teléfono, acudindo, porque ninguén sabe dicirlles en que situación están. E isto é o que ocorre.

Polo tanto, nós o que preguntamos é: ¿por que non cambiar o cómputo? ¿Por que non asumir cal é a realidade, cambiemos o sistema e saibamos? ¿Canto teñen esperado as persoas por unha intervención, para unha consulta, para unha proba diagnóstica? ¿Por que computar mal? Porque este goberno prefire computar mal e gañar o relato ou intentar gañalo que solucionar os problemas.

Os sindicatos apuntan a algo parecido a cincuenta mil persoas esperando, pero tampouco teñen a capacidade de sabelo certamente, pero si piden cousas. O Sindicato Médico reitera ao Sergas que publique as listas de espera cirúrxicas para solventar demoras. «Considera» —di— «que deben de publicarse as listas non-estruturais para coñecer a verdadeira realidade do sistema». Non parece unha cousa tan revolucionaria publicar os datos reais para coñecer a realidade do sistema.

Pacientes do Hospital de Santiago querélanse contra o Sergas por non publicar todos os datos de lista de espera. Porque hai moitos pacientes que cando se publican as listas de espera, a min pásame cada vez que se publica a lista de espera, éncheseme o WhatsApp, os correos, chamadas, xente que algunha vez me para pola rúa e que me di: mira, vin a lista de espera e estou esperando para Uroloxía e levo sete meses, e a lista de espera di que non hai ninguén que espere máis de tres meses, esquecéronse de min. Porque ten sentido que alguén diga que se hai cero pacientes esperando e eu estou esperando, alguén esqueceuse de min. Esta é a realidade que nós vivimos constantemente. Por tanto, os pacientes van aos xulgados para reclamalo.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero hai historias realmente fascinantes. Permítanme que os acompañen por unha que non lles vou dicir que me fai graza porque o conto é triste, pero a verdade é que é moi curiosa. Xaneiro deste ano 2023, que está a piques de rematar —está a piques de rematar case todo aquí—, a Xunta pon en marcha un programa de intensificación asistencial no 2023, para reducir os tempos de espera. Xaneiro, plan da Xunta; o plan é o que lle gusta á Xunta, a Xunta sempre ten un plan. En abril, a lista de espera sanitaria en Galicia sobe. Mellor que non puxeran ningún plan. En xaneiro pon un plan e en abril sobe.

O Goberno de España, o malísimo Goberno de España, aporta unha cantidade de millóns de euros para que os gobernos autonómicos poidan resolver a lista de espera. Galicia quéixase. E vostedes lembrarán neste Parlamento como Galicia dispara habitualmente contra o Goberno de España, e particularmente di que lle van resolver a lista de espera. Si, ¿a ver como o vai facer? Pero se mentres vostedes escoitaban iso pensaban que estaban en contra dese plan que anuncia o Goberno de España, pola porta de atrás Galicia é a primeira comunidade autónoma que solicita do Goberno de España eses cartos para amañar esas listas de espera .

No mesmo ano anuncian un plan para melloralo, recoñecen que empeoran, e mentres falan tan mal do Goberno de España vanlle pedir cartos para arranxar o problema. E esta é a cuestión, que este goberno vive tan obsesionado polo relato que non é capaz de afrontar nin unha soa solución.

Depende este problema de moitas cuestións. Nós plantexamos cambiar o cómputo para poder ter datos que analicen a realidade. Pero vai máis alá, porque unha vez que teñamos a realidade seremos quen de saber cales son os problemas e en que lugares, que teñen que ver basicamente coa precariedade laboral, coa deficiente dotación de recursos humanos. Os profesionais que traballan son excepcionais, pero son poucos e viven en condicións moi precarias para o que deberían de estar. Porque a Medicina Interna está en condicións moi precarias nos hospitais, e é transversal, só se lles aumentou algunha dotación cando protestaron. Porque temos un problema que imos en camiño de déficit de ter anestesistas, que son elementais, fundamentais nas intervencións cirúrxicas. Porque temos un problema con Oftalmoloxía, ¡ollo coa Oftalmoloxía! —se me permiten o xogo de palabras—, que temos uns problemas gravísimos. E este é un goberno que vive tan pendente do relato que se esqueceu dos problemas, porque este é un sistema que funciona grazas aos profesionais e a pesar dos seus dirixentes.

Por tanto, nós plantexamos, aínda que sexa aparentemente un cambio pequeno, é unha cuestión de ter vontade, case de estilo de goberno e, se me permiten ademais, que nos permitiría a todos ter un mellor ollar para como enfocar as políticas sanitarias a partir de agora, que é cambiar o sistema de cómputo para ter os datos reais, e que o vindeiro goberno, que chegará pronto e que renovará este, poida ter todos os datos e non perdamos uns meses preciosos.

Xa que vostedes van saír do goberno, pedímoslle que aproben isto, para que o seguinte goberno poida gañar algúns meses en resolver o problema que vostedes levan catorce anos creando.

Grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra a señora Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, presidenta.

Moi bo día.

Que a sanidade pública galega está nunha situación dramática é unha realidade. Cada vez son máis as galegas que saen á rúa día tras día para denunciar a situación. Onte mesmo nas portas deste Parlamento tivo lugar unha importante mobilización para denunciar os orzamentos que se destinaban á sanidade, que non ían responder aos graves problemas que ten no día de hoxe a sanidade pública. E vemos que hai unha Galiza que vén, que está farta de ver como están a deteriorar a sanidade pública por parte do Partido Popular, que está farta de ver como xogan coa súa saúde. Desde o BNG compartimos a súa denuncia, compartimos a súa preocupación e estamos seguras de que é posible outra forma de facer as cousas, e que este cambio está a piques de chegar.

Nesta liña, no Pleno da Cámara que tivo lugar hai quince días, desde o BNG trouxemos varios temas relacionados coa situación da sanidade pública. Entre eles, a nosa portavoz Ana Pontón preguntoulle ao presidente pola situación da sanidade e das listas de espera. Deu varios datos importantes, que quero lembrar e que cómpre ter en conta: máis de duascentas mil persoas están a agardar por unha primeira consulta hospitalaria, máis de corenta e seis mil persoas están agardando por unha cirurxía, cento dezaoito mil están en espera dunha proba complementaria.

Ante isto, o presidente da Xunta retrucou con diferentes afirmacións: estas cifras non son certas, as cifras que dan nunca son verdade, vostede terxiversa as cifras, son cifras falsas, son datos falsos, datos que non son realidade... Unha serie de afirmacións acerca da falsidade dos datos dados pola señora Ana Pontón.

O señor Rueda, especialista en botar balóns fóra, recoñeceu unha gran verdade, porque ata un reloxo avariado atina coa hora dúas veces ao día. ¿Que datos deu Ana Pontón? Os oficiais da Xunta de Galiza, están na súa web, poden consultarse os PDF completos que desagregan as cifras por áreas sanitarias.

¿Son eses datos falsos? Si, rotundamente si. *(Aplausos.)* Son falsos e enmascaran unha realidade que é moito peor. Porque vostedes fan pasar a parte polo todo, porque mostran unha pequena parte da realidade e pretenden que sexa esa a única. Atrinchéiranse na opacidade e na ocultación dos datos, e fano porque son dramáticos.

Segundo a Xunta de Galiza, cuns datos parciais, o 30 de xuño deste ano había 2.643 persoas que estaban agardando por unha primeira consulta de rehabilitación en Ourense desde había máis dun ano. Dúas mil seiscentas persoas que agardan durante máis dun ano. ¿Que opción de rehabilitación van ter esas pacientes? Pero non só iso, pois trescentas dez resonancias

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

agardan tamén desde hai máis dun ano, ou cincuenta e oito persoas agardan por unha intervención cirúrxica de Traumatoloxía no CHUAC, tamén desde hai máis dun ano.

¿É esta a realidade completa? Non, porque faltan, primeiro, as listas de espera non-estruturais. Estableceron un sistema polo cal hai pacientes de primeira e de segunda. Hai pacientes que aceptan polas súas circunstancias seren derivadas á sanidade privada, e pacientes que non aceptan esa derivación e que por iso son penalizadas. Pacientes que pasan a un limbo, que non contan nas estatísticas, e no que quedan sen ter ningún tipo de información nin de garantía. Algo que xa lles afeou a Valedora do Pobo en varias ocasións, porque as pacientes teñen dereito a ter esa información.

E, despois, porque computan como queren. Ata hai certo tempo era anecdótico saír do centro de saúde ou dun hospital sen as citas que lle correspondían a cadaquén, pero tamén é certo que se inundaban as redes sociais, entre outras, de denuncias polas demoras que ían ter que soportar. Citas que ían tardar oito meses, dez meses, un ano ou incluso máis dun ano agardando por esa consulta hospitalaria ou por unha proba. Denuncias que incluso nós desde o BNG temos traído a esta Cámara.

Entón, vostedes desde a Xunta de Galicia optaron por outra vía. Como ían ter que agardar moito, mellor que non o saiban, e de paso computamos só o tempo que nos interesa. Todo ese tempo que están agardando pola chamada ou pola mensaxe que lles diga o día e a hora da cita non conta, conta nada máis ese período entre o que se outorga a cita e que finalmente se produce.

¿E mentres que? Nin as pacientes nin as profesionais saben nada desa cita. As pacientes non saben cando van ser atendidas, pero tampouco saben as profesionais que as atenden, e que poden ter que tomar decisións clínicas para as que dependen desa cita. Por poñer un exemplo, médicas de cabeceira que derivan unha paciente a unha consulta hospitalaria para que sexa valorada e que non saben cando van poder ter esa valoración. Pacientes, por exemplo, oncolóxicas, cun tratamento do que se axusta a súa dosificación en función dunha proba de imaxe e que non saben cando se vai realizar esa proba de imaxe.

Xogan de xeito reiterado coa saúde das persoas. Pero é que, ademais, falsean os datos para que lles encaixen no seu relato idílico. Porque se hai algo que lle gusta e que se lle dea moi ben a este goberno é presumir, presumir moito e tirar de propaganda para que chegue moi lonxe esa gabanza.

Presumen da sanidade pública galega cando vostedes levan anos dinamitándoa. Presumen da sanidade cando levan catorce anos recortando o orzamento de Atención Primaria, cando lle restan capacidade de xestión e de autonomía, por exemplo, ao eliminaren as xerencias de Atención Primaria. Presumen dunha magnífica xestión cando preto de douscentos concellos non teñen pediatra no seu centro de saúde, cando once mil crianzas non teñen unha pediatra asignada, cando manteñen e perpetúan a precariedade laboral con máis das enfermeiras do Sergas nunha situación eventual.

¿E de que máis lle gusta presumir a este goberno? De transparencia. Presumen de transparencia cando manteñen datos e datos ocultos, negándose a revelalos. Presumen de transpa-

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

rencia cando se negan a proporcionar a este Parlamento a información que se lles require. Presumen de transparencia cando atendendo a ese requirimento mandan por escrito ou dan oralmente respostas que non atenden a ningunha das preguntas que se lle formulan. Presumen de transparencia cando vulneran o artigo 9 do Regulamento desta Cámara e non envían a información que as deputadas solicitamos para facermos o noso traballo. E para mostra un botón, *(A señora Carreira Pazos amósalle á Cámara un documento.)* esta é unha solicitude de información ao abeiro do artigo 9 desta Cámara, na que se pide a lista de espera non-estrutural do Sergas. Está asinada o día 30 de decembro do 2021, e no día 20 de decembro do 2023, ¿chegou algunha resposta? Non.

Presumen de transparencia, incluso e mentres que votan en contra de dar información, pois desde o BNG temos traído varias iniciativas demandando esa transparencia nos datos, e atopámonos sempre co voto en contra do Partido Popular.

Hai moito que traballar a respecto das listas de espera, a comezar pola súa redución. E iso non significa simplemente facer peonadas para sacar adiante unha serie de cirurxías, consultas e probas. Non implica simplemente anunciar nunha nota de prensa que se vai facer un plan de choque sen que haxa nada despois. Implica facer unha análise seria e rigorosa do que está a suceder no noso sistema sanitario, saber se temos os recursos humanos precisos, saber se temos un sistema adecuado e correctamente dimensionadas as necesidades actuais; se todos os elos do sistema están a funcionar correctamente: a actividade ordinaria, a actividade urxente e a atención primaria.

Pero hai que traballar tamén noutros dous aspectos:

Primeiro, na transparencia, e aí concordamos co Grupo Socialista. Pero cremos que hai outro aspecto importante ademais do cómputo: precisamos que para coñecer a totalidade das listas de espera coñecer tamén as listas de espera non-estruturais.

E, segundo, deixar de clasificar as pacientes en pacientes de primeira e pacientes de segunda, en pacientes con dereitos e garantías recoñecidas e en pacientes sen ningún tipo de dereito nin garantías recollidas na lexislación. Eliminar as listas de espera non-estruturais e garantir os tempos máximos para todas as pacientes é imprescindible porque todas temos dereito a sentirnos amparadas pola lexislación, independentemente de se esa nosa patoloxía é máis ou menos grave.

E agora virá alguén do Partido Popular, sacará peito de todas esas cifras falsas; sacará peito, entre outras cousas, dos tempos, por exemplo, da prioridade 1, que é unha das cousas das que lles gusta presumir. Pero ¿que significa a prioridade 1? ¿De que falamos cando falamos da prioridade 1? ¿Quen son as persoas recollidas nesa epígrafe? Pois na epígrafe ou prioridade 1 recóllense unha serie de patoloxías, a maior parte delas oncolóxicas, que, se ben todas elas son graves, non todas as graves están recollidas na prioridade 1. Pero non só iso, as demais pacientes, ¿que?, ¿non teñen ningunha garantía?, ¿non teñen dereito a que o Sergas estableza uns tempos máximos para a súa atención?

Porque por poñer dous exemplos de patoloxías que son comúns: unha hernia discal se non se opera no tempo que está establecido pode ter unha secuela física para esa persoa, pois á

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

parte de que vai estar padecendo dor durante un tempo, pode acabar cunha coxeira; ou unha persoa que ten pedras na vesícula, que ten unha colelitiase, ¿vai estar soportando cólicos biliares, que son dolorosos, durante todo o tempo que non chega esa cirurxía? Estas dúas persoas poden ser tranquilamente unha prioridade 3. É dicir, non están amparadas por ningún tipo de garantía. ¿Que lles ofrece o Sergas a estas persoas?

Por iso, introducimos esta emenda, porque, se ben concordamos coa iniciativa e coa demanda dunha mellor información sobre as listas de espera, desde o BNG cremos que é preciso afondar máis alá do cómputo incorporando tamén a publicación das listas de espera non-estruturais, e porque cremos que é urxente e necesario deixar de categorizar as pacientes en pacientes con dereitos e pacientes sen dereitos, e recoñecérllelos a todas. Polo que agardamos que a iniciativa sexa tida en conta.

E como vostede me ten dito máis dunha vez, señor Torrado, polo ben non do Grupo Socialista nin do BNG, agardamos que teña sorte na votación desta iniciativa. Pero no caso de non tela, esteamos tranquilos, que pronto chega o cambio no goberno, un cambio que será liderado polo BNG para botar luz sobre todas estas cifras. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Carreira.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia. Ten a palabra a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Bos días a todos.

Moitas grazas, presidenta.

Meu Deus!, moito van pelexar entre o BNG e o PSOE para ver quen vai gobernar Galicia nos próximos anos. *(Risos da señora Amigo Díaz.)* ¡En fin!

Señor Torrado, falar de mentiras e falacias, nisto son vostedes campións. O xefe das súas filas, desde logo, ten un máster nesta especialidade, en mentiras. Están aí e hai que ir á hemeroteca. Levan toda a lexislatura intentando facernos crer a importancia que ten para o Partido Socialista a sanidade galega, presentándose incluso como a forza política capaz de arranxar todos os problemas; son vostedes os solucionadores, pero a realidade élles outra, élles moi diferente.

E nós non disparamos contra o Goberno de España. O problema é que nós propoñemos solucións e o Goberno de España non as atende. Vostedes, os socialistas, desde logo, non teñen unha folla de ruta clara en materia sanitaria; por iso, fóronse sucedendo atropeladamente no Goberno de Pedro Sánchez nestes anos ata seis ministros diferentes, e ningún deles foi capaz de rematar ningún proxecto. Mire: empezaron con Carmen Montón, tres meses, e remataron con José Miñones, oito meses. ¿E que pasou? Á hora de elixir nesta nova lexislatura estatal, vostedes prefiren renunciar a xestionar o Ministerio de Sanidade e danllo a Sumar; sen dúbida, mostra da pouca importancia que para o Partido Socialista teñen estas políticas sanitarias.

Pero non fai falta ir a Madrid, pois aquí en Galicia tamén se luciron. E moito me temo que sobre todo nestas datas —que estamos en vésperas de Reis— corren o risco de que os Reis

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Magos lles traian carbón, porque máis pronto que tarde serán conscientes do seu erro, do mal que se portaron votando en contra da lei que nos permite aquí en Galicia, por exemplo, contratar facultativos por concurso de méritos. E pasarán á historia, si, pasarán á historia. Eu imaxino que vostedes xa están arrepentidos dese voto negativo, aínda que, desde logo, non o van recoñecer. Vostedes e o BNG pasarán á historia como as forzas políticas que intentaron bloquear unha das principais medidas para a cobertura de prazas vacantes na sanidade pública galega.

E o BNG falaba a señora Carreira do que se mobiliza a xente. Vostedes, desde logo, son especialistas en mobilizar os seus. Vostedes e os seus sindicatos pois, desde logo, mobilizan; é verdade. Pero vostedes non lles preguntan a eses miles de pacientes que se atenden cada día na sanidade pública e que tanto o barómetro sanitario como esa xente que está enferma —esa xente que acode á sanidade pública—, e cando lles preguntan se están contentos coa sanidade que teñen, evidentemente, están contentos.

E vostedes veñen aquí presumir e falan de pediatría. Vostede sabe o que pasa en Cataluña agora, onde gobernan os seus socios, onde o vinte por cento dos pediatras que traballan na primaria, pois dos trescentos setenta e catro centros de saúde que ten Cataluña vanse xuntar en setenta e nove centros de saúde. ¿Ese é o modelo que vostedes queren traer para Galicia da Pediatría? ¿Diso presumen?

Eu vou propoñerlles outra idea que vostedes lles poden pedir aos Reis Magos, que é o cambio do método de cómputo dos tempos de esperas. E se non llelo traen os Reis Magos, sempre lles queda a ministra de Sanidade do Goberno de España para pedirllo, porque, desde logo, non conten coa nosa votación favorable. Nós imos votar en contra. Quédanlles ou os Reis Magos ou a señora ministra García.

E nós imos votar en contra por una razón —vóullelo explicar—, porque o sistema de cómputo de tempos de espera está regulado por un real decreto, o Real decreto 605/2003, no que se establecen as medidas para o tratamento homoxéneo da información das listas de espera en toda España. Polo tanto, nós non podemos cambiar eses criterios de cómputo porque perdería a súa homoxeneidade cos datos do resto das comunidades autónomas. E desde o Servizo Galego de Saúde séguense escrupulosamente os criterios que o Ministerio de Sanidade homologa para todo o país. Doutra maneira, os datos non serían contrastables e nós non poderiamos demostrarlle —non presumir, senón demostrar, porque demóstrase con datos, con datos do ministerio— eses bos datos que ten Galicia en relación co resto de España, porque somos a segunda comunidade con menores tempos de agarda cirúrxica.

Sabemos que a vostedes lles incómoda que o Partido Popular saiba gobernar. E voulle dar outros datos: mentres que Galicia ten un tempo medio de espera de sesenta e seis días para ser operado, en Asturias, por exemplo, é de oitenta e catro, ou en Castela-A Mancha, de cento oito, e xa mellor non falar de Cataluña, como o que pasa cos pediatras, ¡cento trinta e un días de lista de espera!, alí onde gobernan os socios do BNG.

Outro dato no que demostramos o bo facer do Servizo Galego de Saúde é o da porcentaxe de doentes con máis de seis meses de espera. Galicia é a segunda mellor comunidade só detrás de

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Madrid, con só un 3,4 por cento de doentes que teñen que esperar máis de seis meses. E se comparamos este dato con outras comunidades nas que goberna o PSOE —que vostedes aspiran a gobernar aquí— pois hai cifras vergoñentas, desde logo, da xestión dos socialistas: o 13,4 por cento en Castela-A Mancha, o 19,8 por cento en Baleares —seis veces máis—, o 23,7 por cento en Cataluña e o 24,8 por cento en Estremadura. ¿De que presumen, señor Torrado? Esta é a xestión das comunidades autónomas onde goberna o Partido Socialista. *(Aplausos.)*

Ademais de todo isto, é moi salientable o feito de que para os doentes de prioridade 1 —eses doentes con patoloxías tempo dependente— o tempo de espera medio é tan só de dezaseis días. Este dato mellora en 2,2 días os datos do 2022.

É normal, señor Torrado, que vostedes queiran cambiar o método de cómputo. Galicia ten un goberno responsable e efectivo, e vostedes non queren permitir a existencia de datos que llo demostren á cidadanía, porque vólvolle repetir que os datos están aí e son do ministerio. A vostedes non lles preocupa o método de cálculo, o que lles preocupa son os resultados, porque como cando son positivos como agora, esgótaselles o discurso, quedan sen el, perden a razón e acaban por cuestionar ata esas cifras que dá o Ministerio.

Pero permítanme afondar na cuestión porque imos explicar —para que nos entenda a xente que non sabe disto, que non o ten por que saber— como se contabilizan eses datos das listas de espera, para ver se entran en razón. Falamos de lista de espera estrutural. Vexamos: eu mando un doente ou calquera profesional manda un doente a Traumatoloxía; ese doente ten que facer, por exemplo, unha operación, un reemprazo dun xeonllo, téñenlle que poñer unha prótese, entra nunha lista de inclusión e firma ese consentimento informado. Posteriormente, a ese doente que ten que entrar nun quirófano hai que facerlle unha serie de estudos e ten un preoperatorio. Entón, ese é o segundo paso, cando ese preoperatorio está ben pois chega a cirurxía. E eses tres puntos é o que vostede chama lista de espera estrutural.

Entón, ¿que é iso da lista de espera non-estrutural que vostede ve como un problema? Pois cando a un doente, por exemplo, se lle está facendo ese preoperatorio e detéctase que ten un problema cardíaco, ben no electrocardiograma que se lle fai, ou ten un problema metabólico, ten unha diabete e hai que tratar de que esas cifras cheguen a valores normais, ou calquera outro problema, pasa a estudarse. Porque, evidentemente, non pretenderán que ese doente que ten algunha patoloxía entre nun quirófano, porque no Servizo Galego de Saúde hai profesionais serios que estudan os seus pacientes, e entón hai que solucionar iso. Ou ben por un motivo persoal, porque moitas veces os doentes teñen que facer un reemprazo e deciden nese momento esperar. Entón, ese estudo completo ten que esperar. E vostedes non pretenderán que todo isto que se fai para que ese doente entre nun quirófano en condicións óptimas, iso non se pode sumar aos días; iso é obvio. Polo que o sistema de saúde está preparado para a intervención pero hai que contar con esas cousas que pasan. Polo que incluír estes datos desvirtuaría por completo todo. Lembren que con estas cifras nós queremos coñecer a capacidade que ten o sistema para absorber a demanda cirúrxica e proporcionar a atención sanitaria ao usuario.

Señorías, hai que falar con coñecemento, hai que contar verdades, hai que contar feitos reais; non se pode terxiversar e non se pode tentar enganar a cidadanía. Pero é que, ademais, esta é

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a mesma maneira coa que se contabilizan en calquera comunidade autónoma, porque —como lles dixen antes— é un criterio homoxeneizado polo Real decreto 605/2003. Polo que en Galicia, que estamos ben, ¿que me conta vostede das outras comunidades onde gobernan? Alí tamén se aplica o mesmo.

Nós entendemos que nos diga que as listas de espera nunca son o suficientemente baixas, e iso é certo, e aí estamos de acordo. E nós imos pelexar sempre para que ninguén teña que esperar ou que esas esperas sexan mínimas, e aí conte con nós porque ten razón. Pero aínda que sexamos das mellores comunidades autónomas imos seguir pelexando por iso. Non teña dúbida ningunha de que o Goberno do presidente Rueda vai seguir pelexando por esas listas de espera. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: E por iso neste ano 2023 nós propuxemos ese plan de intensificación asistencial para a redución das listas de espera, co obxectivo de volver a eses datos que tiñamos prepandemia e incluso de mellorar eses datos de 2019, que foran os mellores da historia. E con este plan, dotado con trinta millóns de euros, as áreas cirúrxicas dos hospitais comarcais puxéronse á disposición de calquera profesional da área sanitaria, permitindo máis de catro mil intervencións adicionais. Eses datos vostede non os deu aquí.

E tamén se anunciou o pasado mes de novembro a inclusión de novas patoloxías ao sistema de garantía de tempos máximos, ao cal vostedes votaron en contra, uns e outros: o BNG e o Partido Socialista. E xa son cento quince patoloxías ás que se lles garante a primeira consulta de especialista en menos de corenta e cinco días e unha intervención cirúrxica en menos de sesenta.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora AMIGO DÍAZ: Remato xa.

O señor PRESIDENTE: Non, remate, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: Señor Torrado, a súa proposta e o seu discurso non só demostran un descoñecemento flagrante da legalidade do funcionamento da administración, senón que tamén denigra os profesionais sanitarios galegos, que demostran día a día o seu bo facer, que son os mellores de España. E quero dicilo alto e claro, porque así o defendemos dende o PP.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora AMIGO DÍAZ: En Galicia temos uns excelentes sanitarios...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Rematou.

A señora AMIGO DÍAZ: ...e son partícipes dos bos resultados que acadamos.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Torrado

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Teño a sensación de que non lle preocupan as listas de espera ao Partido Popular. E teño a sensación de que non lle preocupan porque normalmente a xente do Partido Popular non espera. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E este é o problema.

Señora Amigo, pregunta vostede que é o que nos molesta. A nós moléstanos que a xente acode a nós, pregúntanos e consúltanos preocupados, desesperados, sobre que teñen que facer para que os atendan porque levan meses esperando una cita e ninguén sabe se os van chamar ou non. Iso é o que nos molesta, iso é o que nos parece que non é normal. Logo vostede pódeme contar todas as cuestións. Pero non é normal que a xente pase meses sen saber se se esqueceron deles ou non. E iso é o que nos molesta.

Arguméntame vostede en trinta segundos —porque o resto dedicouno a falar de calquera outra cousa, menos da iniciativa—que non é posible cambiar o cómputo porque a lexislación non o permite e porque é o sistema que ofrece o Ministerio. Vaiamos por partes, porque eu creo que era mellor ter lido o que propoñemos na PNL para saber o que discutiamos.

Nós non estamos propoñendo incumprir ningunha lexislación, basicamente porque, evidentemente, coas nosas limitacións non somos tan listos; nós analizamos as cuestións. O decreto ao que vostede apelou, que regula homoxeneizar o sistema, non impide en absoluto que se publiquen os datos completos, non o impide en ningún punto. E se vostede atopa un, ensínemo. En ningún punto pide que exista unha maneira na que todos publiquen igual, e a partir de aí que todos os demais publiquen o que queiran.

E vostedes, como comunidade autónoma, como goberno, defenden sempre que non hai que mover o sistema actual, que é tramposo. E nós o que dicimos é: vostedes utilicen ese decreto e publiquen esa maneira, pero, ademais, publiquen en Galicia por que a xente que espera oito meses e danlle unha cita para o día seguinte computa un día de espera e non oito meses, que isto é o que ocorre. ¿Por que as listas de espera en Galicia se publican e se presumen? Porque se ti esperas os oito meses dende que che din: xa te chamaremos, danche unha cita un xoves, chámante para dicirche: mañá tes que vir, a túa espera non foi de oito meses para efectos do goberno, foi dun día. E iso non só é inxusto, é indecente. Ademais, impide a calquera sistema analizarse ben a si mesmo.

E, se non, xa que somos un goberno tan bo que non permite ou non deixa que ninguén espere moito tempo, *(O señor Torrado Quintela amósalle á Cámara un documento.)* miren a nota que teño do PP na que se pedía no 2009, a principios, que cambien o sistema porque é tramposo; xa non llela vou ensinar. Vostedes mesmos pedían cambiar un sistema que logo non cambiaron.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero pódelles facer —é sinxelo— *(O señor Torrado Quintela amósalle á Cámara sucesivamente varios documentos.)* queixas, queixas, citas, citas, citas *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —non, si, ¡home!, si, non, porque vostede acaba de dicir que isto é mentira—, citas e máis citas; pódoos inundar de citas, pódolles encher os escanos de citas, *(O señor Torrado Quintela amósalle á Cámara unha carpeta.)* pódolles sacar esta carpeta de citas, e só as que están impresas. ¿Por que? Porque a xente ve que as listas de espera lle din que non hai xente esperando máis de tres meses, e a xente leva sete ou oito meses, ¿por que? Porque non os computan.

Nós, ¿que pedimos? Que os computemos, que saibamos canto espera a xente de verdade. ¿Vai resolver iso algunha cita? Vaise saber onde funcionamos peor. Iso é o que nós plantexamos: non enganarse. Porque vostede, señora Amigo, sabe que o que estou dicindo é verdade, que se ti esperas oito meses para que te chamen e chámante para operarte mañá, contas como un día, e non como oito meses. E iso, póñanse como se poñan, é indigno.

Por tanto, vostede pode argumentar o que queira: é perfectamente legal, só tería que ver a PNL que non impide que incumpramos nada, é perfectamente legal e é perfectamente posible.

Ademais, vostede incorre noutra inconcreción, pois di que os datos os ofrece o Ministerio. Non é certo, o Ministerio non vai aos hospitais preguntar, o Ministerio publica os datos que lle ofrecen as comunidades sempre. Pero non diga que os dá o Ministerio. Non é certo; non son datos do ministerio, son das comunidades; que o que fai —¡faltaría máis!— é fiarse de que as comunidades autónomas lle dan os datos que son certos. Se vostedes dan datos que son mentira, pois ¡alá vostedes!, que eu non digo que o fagan.

Pero digo que o sistema de cómputo que temos é tramposo e, por tanto, queremos cambialo e queremos que se publiquen os datos reais, e isto é o que plantexamos. Porque si hai un problema na accesibilidade do sistema, non dos profesionais, señora Amigo. Non me veña contar a min que hai que defender os profesionais. Eu vou a foros onde falamos do sistema sanitario galego, foros onde se nega ir o Goberno galego e defendo eu o sistema, e sábeo perfectamente. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E non digan si, si, porque sábeo a señora Amigo perfectamente. Poden intentar vacilar o que queiran. Sabe a señora Amigo do que estou falando, e non é a única persoa nesta Cámara que o sabe. Sen estar presente o Goberno, defendo eu o sistema, porque é o noso sistema, o de todos. ¡Claro que temos grandes profesionais! Por certo, que é o que valoran as persoas, que din que temos grandes profesionais; non o sistema, que no barómetro sanitario din tres de cada catro que hai que cambialo. Aquí ten a xente que defende o sistema. E defender o sistema é pedir que non sexan precarios os profesionais, que non nos fagamos trampas computando os tempos da lista de espera e que sexamos quen de ser honestos cos pacientes aos que temos oito meses esperando e logo sae un goberno a dicirlles: tranquilos que aquí ninguén espera máis de dous meses. Iso é o que temos que facer.

Sobre a emenda, nós compartimos evidentemente a emenda. Pero queremos —esperamos que o BNG o entenda— respectar a votación do texto que propoñemos compartindo o que o BNG propón. Queremos votar isto, basicamente porque é unha cuestión que xa

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

propuxo o PP no seu día; pero, claro, propoñíao cando era a oposición, a ver se cando é goberno —aínda que lle quedan dous meses— votan a favor.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Están connosco, e saudámolos, os alumnos do ciclo superior de Administración e Finanzas e do ciclo medio de Xestión Administrativa da Cancela, nas Neves. ¡Benvidos ao Parlamento!

E agora continuamos coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que non permita a suba das peaxes das autoestradas AP-9 e AP-53

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Xosé Luís Bará Torres, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débese engadir, despois da parte resolutiva da proposición non de lei, o seguinte texto:

«Asemade, o Parlamento insta a Xunta a:

- Apoiar as bonificacións establecidas na AP-9 e as previstas para 2024 na AP-9 e AP-53 como consecuencia do acordo de investidura asinado entre o BNG e o PSOE.

- Realizar un estudo sobre o custo do rescate da concesión da AP-9, co obxecto de liberar de peaxes esta autoestrada.

- Aplicar nas autovías AG-55 e AG-57 as mesmas bonificacións que se aproben para a AP-9.»).

O señor PRESIDENTE: Para formular esta proposición non de lei ten a palabra o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Permítame, señor presidente. A persoa que me precedeu no uso da palabra antes ca min fixo unha afirmación que espero que a poida documentar ou, se non, que a retire. Veu dicir algo así como que os que eramos do Partido Popular non esperabamos na sanidade pública. Non

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

todo vale, señor Torrado. E vostede, como representante público, supoño que iso non o pode acreditar, e como non o pode acreditar, o que dixo vostede aquí é unha auténtica mentira e unha falta de respecto, non a esta Cámara, que tamén, a todos os galegos e todas as galegas. (*Aplausos*.)

Señorías, o partido preferido polos galegos, o Partido Popular e o Goberno que lidera o presidente Rueda, ten en materia de infraestruturas e mobilidade unha folla de ruta moi clara: aspiramos, por suposto, a xestionar a AP-9 desde Galicia, e por iso impulsamos unha lei con este obxectivo nesta Cámara. Reclamamos ao Estado que asuma o custo da AP-53, que une Santiago con Lalín, para liberar de pago aos seus usuarios.

E queremos seguir avanzando nunha acción de goberno que que permitiu á Xunta construír douscentos novos quilómetros de autovías libres de peaxe. Con todo, somos conscientes de que estas iniciativas necesitan o seu tempo para facerse realidade; polo que tamén marcamos unha estratexia de goberno a curto prazo, que pasa por ser sensibles coa situación das familias galegas e de moitas empresas que precisan mover as súas mercadorías por estrada.

Cremos nunha Galicia máis conectada, sostible e socialmente comprometida. Por iso, por segundo ano consecutivo, o Goberno galego impulsa a iniciativa da conxelación das peaxes nas autoestradas autonómicas. En concreto, a Consellería de Infraestruturas reserva unha partida específica de 5,5 millóns de euros nos orzamentos de 2024 para manter conxeladas as peaxes da AG-55, autoestrada A Coruña-Carballo, e da AG-57, Vigo-Baiona-Val Miñor. Unha medida que a Xunta xa aplicou no ano en curso para evitar que os usuarios destas autoestradas teñan que afrontar a suba do IPC.

Ademais, nestas mesmas autoestradas autonómicas, manterase na súa totalidade o paquete de bonificacións que a Xunta vén aplicando desde o ano 2010: usuarios frecuentes, familias numerosas e en horario nocturno. Unhas bonificacións da Xunta que, por poñer un exemplo, para os usuarios habituais da AG-55, A Coruña-Carballo, supón que aforren ata trescentos cincuenta euros anuais. As familias numerosas poderían incluso chegar a aforrar ata setecentos euros anuais.

Manter a conxelación das peaxes autonómicas serve á Xunta para liberar desta carga a uns vinte e sete mil novecentos usuarios, que son os que a diario percorren, como media, estas autoestradas autonómicas, e que grazas ao apoio da Xunta de Galicia volverán ser tamén en 2024 das autoestradas máis baratas de España.

Lamentablemente, non todas as administracións teñen o mesmo comportamento. En contraste co que fai a Xunta, unha vez máis os galegos descoñecemos, non sabemos o que vai pasar o día 1 de xaneiro coas peaxes das autoestradas estatais que percorren a nosa comunidade autónoma: a AP-9, a autoestrada do Atlántico, e a AP-53, a autoestrada central en Galicia.

A única certeza é que volverán comezar outro ano máis como as máis caras de España, porque o Goberno que preside Pedro Sánchez tennos afeitos a primar o interese da concesionaria por enriba dos intereses dos galegos e das galegas. O Goberno de España debe despexar xa

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

esta incerteza, aforrarnos novas promesas de discutible cumprimento e aclararlles aos galegos se van ter que afrontar en xaneiro novas subas de peaxes da AP-9 e da AP-53.

Mentres a Xunta leva dous anos conxelando as peaxes, o Goberno de España aplicou o pasado 1 de xaneiro unha suba do catro por cento nas autoestradas da súa competencia, que veu penalizar, aínda máis, a economía das familias. E agora todo parece indicar que imos ter que afrontar outro comezo de ano costa arriba, señorías, en 2024, con novas subas da AP-9 e da AP-53, e esa suba será como mínimo do 4 por cento, pero pode ser aínda superior e chegar case a un 7 por cento na AP-9.

Señorías do Partido Socialista e señorías do Bloque Nacionalista Galego, non é suficiente que vostedes pacten aplicar novas bonificacións, primeiro porque non é unha solución universal da que poidan beneficiarse todos os usuarios das autoestradas, mentres conxelar as tarifas si o é; segundo, porque algunhas desas bonificacións xa estiveron vixentes este ano e iso non impediu que a AP-9 e a AP-53 sexan as autoestradas máis caras de España.

Incluso o Goberno foi incapaz de gastar toda a partida orzamentaria prevista para esas bonificacións. Sobráronlles a vostedes cartos, porque as bonificacións eran insuficientes e mal deseñadas e non foron capaces de amplialas ou estendelas á AP-53, algo que agora si din estar dispostos a facer, e iso a pesar de que o pediran neste parlamento por unanimidade.

En definitiva, Galicia non merece unha nova suba das peaxes. É urxente que o Goberno de España aclare o que vai pasar, se ten pensado aplicar algún tipo de medida compensatoria e de alcance xeral, como fai neste caso a Xunta de Galicia. É urxente tamén un pronunciamento político determinante do Parlamento de Galicia e das distintas forzas políticas con representación nesta cámara no que se inste o Goberno de España a tomar exemplo da Xunta de Galicia e aplicar unha medida de carácter social e demandada polos galegos.

E, ademais, non estamos pedindo nada ao Partido Socialista e non se está dando nada que non estea facendo o Goberno de España a outras comunidades autónomas, como é o caso de Cataluña, polo que o non facelo tamén constitúe un agravio comparativo para Galicia. E esta vez espero que Sánchez tome nota e deixe de castigar os galegos.

Co camiño, marcado desde a Xunta coa conxelación das súas peaxes, non pedimos un imposible, se hai vontade. Cumpran con Galicia, polo que agardo o seu apoio unánime.

E xa que estamos terminando o período de sesións e vimos escoitando a vostedes todo este pleno quen ía liderar a oposición nos próximos catro anos, se o Bloque Nacionalista Galego, se o Partido Socialista, si hai que recoñecerlles que foron prudentes aí, porque ningún de vostedes dixo que ía ter unha maioría para poder sentarse nos bancos azuis, polo cal vostedes mesmos xa están condenados a ir á oposición. Pero se fora así, que non vai ser, eu voulles facer unha proposta, para que non sexa unha fraude electoral, porque vostedes en Galicia fixeron moitas fraudes electorais; si, todos os pactos que teñen vostedes entre o Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego son fraudes electorais.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Voulles explicar por que. Porque vostedes presentáronse ás eleccións cun programa electoral cada un e despois pactaron o que pactaron, polo cal agora están vostedes a tempo de ir xuntos ás eleccións autonómicas, o Bloque e o Partido Socialista; o Partido Socialista xa andou con Sumar, sumando, pero máis ben restaban e non lles deron os números; por iso non van xuntos; e con Podemos. Vaian vostedes os catro xuntos, ¡home!, porque, se non, vostedes ¿como lles van dicir aos galegos con quen se van presentar vostedes ás eleccións cos antecedentes que teñen de fraude electoral en tantos concellos e en tantas deputacións de Galicia?, e agora aínda encima se están pelexando no Parlamento de Galicia a ver cal dos dous, se o Partido Socialista ou o Bloque Nacionalista Galego, vai liderar nos próximos catro anos a oposición. Vaian xuntos, que lle fan un favor a Galicia e deixan de mentirlle a Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

Sabiamos dos dotes do señor Balseiro como experto en sinalización horizontal e hoxe demostrounos tamén os seus dotes de politólogo, de intérprete da democracia e de experto en coalicións electorais. Mellor non lle imos seguir os consellos, señor Balseiro. Sabemos moi ben o que temos que facer.

Miren, quedounos claro neste pleno, polo debate de onte, por este, polo que vai haber tamén pola tarde na pregunta ao Goberno, cal é a idea principal do Goberno do Partido Popular neste pleno, un goberno que ten maioría absoluta, que é tan amado polos galegos e polas galegas, para o que a idea principal foi atacar o acordo de investidura asinado polo BNG co PSOE. Esta é a principal idea. E a conclusión é que o PP está preocupado, o PP está atacado dos nervios, está adoecido, porque sabe que este acordo é bo para Galiza e por iso é malo para a campaña do Partido Popular. *(Aplausos.)* Iso é o que lles preocupa a vostedes, porque entre Galiza e o Partido Popular vostedes sempre escollen o Partido Popular, e vostedes o que nos están dicindo indirectamente é que o acordo é bo e están desexando que non se cumpra, é bo e a ver se non se cumpre, porque iso favorécenos a nós. Esa é a lectura que hai que facer do debate.

E miren se é así que onte tivemos un debate da transferencia da AP-9, houbo un acordo unánime, paz e concordia, e inmediatamente os medios públicos, servizo público, pois fanlle unha entrevista —¡como non!— á conselleira Ethel Vázquez, que estivo moi presente no debate, e a conselleira, en vez de celebrar como unha boa noticia un acordo unánime, o que fai é atacar o BNG, atacar o acordo asinado polo BNG, dicindo que non se vai cumprir. Pero iso é o que están vostedes desexando, que non se cumpra. Deixen de poñer paus nas rodas, apoien os acordos que son beneficiosos para este país, como este que lles poñemos enriba da mesa.

Por certo, e non mintan, porque o acordo está aquí *(O señor Bará Torres mostra un documento.)* e di o seguinte: «A activación da transferencia da totalidade das competencias recollidas no

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Estatuto de autonomía, así como das competencias que foron obxecto de consenso no Parlamento de Galiza.» ¿A AP-9 foi obxecto de consenso no Parlamento de Galiza? Unha, dúas, levamos catro veces polo menos en que chegamos a este acordo; por consensos que non sexan. Entón, se hai un acordo neste parlamento, hai que activar esta transferencia, hai que remar todos na mesma dirección, o BNG está remando nesa dirección. Vostedes son o Goberno deste país e o que teñen que facer é poñerse do lado desta reivindicación e apoiar este acordo, non poñer paus nas rodas. ¿En que quedamos? ¿Queren que se cumpra esta proposta ou non? ¿Ou están desexando que non se cumpra? Parece que é isto.

Vostedes non están á altura deste país como Goberno. Precisamos un goberno que si estea á altura, que si defenda de verdade os intereses dos galegos e das galegas, e non os intereses partidarios, como fan vostedes, do Partido Popular, un goberno decente que goberne, que negocie de ti a ti con Madrid, así de fácil, sen complexos, como fará o BNG.

Miren, sobre o incremento das peaxes previsto para o próximo 1 de xaneiro, xa o ano pasado houbo o mesmo debate; finalmente reduciuse ese incremento; sobre este tema podemos facer un exercicio de desmemoria e pasar por alto algúns feitos. Podemos, por exemplo, pasar por alto que pagamos peaxes moi caras, carísimas, na AP-9, e ¿quen é responsable disto? ¿Por que pagamos estas peaxes tan caras desde o pasado 18 de agosto de 2023? Pois porque o Partido Popular aprobou unha ampliación de vinte e cinco anos da concesión da autoestrada, e por iso estamos pagando. Realmente, o responsable desta situación é o Partido Popular. Pero isto podemos pasalo por alto.

Podemos tamén pasar por alto que cando gobernou o Partido Popular en Madrid e na Xunta as peaxes das autoestradas subiron un 40 por cento, non un 5, un 7 ou un 8 por cento, un 40 por cento, e a verdade é que botamos de menos daquela que houbese un deputado con este espírito valente e combativo do señor Balseiro; botámolos de menos daquela a vostedes na defensa de que non se subisen as peaxes.

Tamén podemos pasar por alto esa fotografía da vergoña do 30 de decembro do ano 2017, o último día hábil do ano, cando vostedes fixeron unha foto na ponte de Rande e a abriron ao tráfico, pero non para inaugurar a ampliación da ponte de Rande, senón para inaugurar unha suba abusiva das peaxes a partir do 1 de xaneiro de 2018. Este é outro dos seus méritos. Podemos tamén pasar isto por alto. *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿O señor Pazos ten algo que dicir? Estalle gustando, ¿non? *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)* Pois si, si, si.

O señor PRESIDENTE: Non aludirse e non diálogos.

(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)

Sigamos. Silencio. Señor Pazos, silencio.

O señor BARÁ TORRES: O 1 de xaneiro subíronse as peaxes porque o convenio asinado —hai que dicilo— polo Partido Socialista no ano 2011 dicía que se subirían as peaxes no ano seguinte en que entrasen en funcionamento os novos carrís da ampliación, e vostedes correron

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o 30 de decembro a inaugurar sen acabar a obra, *(Aplausos)* para facerlle un favor a Audasa, para que puidesen subir as peaxes ese 1 por cento acumulado a partir do ano 2018.

Vostedes forman as coalicións con Audasa, non con outros partidos, con Audasa, con Abanca, con Repsol, con Naturgy; esas son as súas alianzas, esas son as súas coalicións. A xente ten que saber que o señor Rueda é o candidato de Audasa, é o candidato de Repsol, é o candidato de Naturgy, é o candidato de todas estas empresas, de Greenalia —si, si, da maioría—, de todas estas empresas que o puxeron aí e que lle ditan os cambios que ten que facer na lei ao servizo dos seus intereses, como vimos estes días.

Pois ben, sobre o tema que nos propón o Partido Popular, desde logo imos apoiar esta proposta, porque é coherente co que levamos dicindo todos estes anos: que non podemos pagar estas peaxes abusivas, que a autoestrada debía ser gratis, porque, ademais, aprobamos un acordo aquí no Parlamento, a proposta do Partido Popular, para que se aplicasen as mesmas rebaixas da AP-9 á AP-53 —recórdolle, señor Balseiro—. Entón, por todo isto, imos apoiar esta iniciativa. Pero, como nos parece insuficiente, ímoslles propoñer unha serie de emendas que esperemos que vostedes apoien.

Mire, a primeira é que vostedes apoien as bonificacións aprobadas xa e vixentes na AP-9 e que apoien tamén as previstas para o ano 2024 e que se apliquen tamén no caso da AP-53. Supoñemos que van apoiar esta emenda do BNG, porque é unha medida beneficiosa para as persoas usuarias e, ademais, porque se ampliarán esas bonificacións á AP-53. Supoñemos que estarán de acordo.

En segundo lugar, propoñemos que se faga un estudo sobre o custo do rescate da concesión, porque nós queremos unha AP-9 galega pero ademais libre de peaxes, non libre de cargas, como din vostedes, libre de peaxes, e hai todas as razóns para conseguilo, porque, ademais, hai un procedemento aberto pola Comisión Europea que presume a ilegalidade da ampliación da concesión que aprobaron vostedes.

Pero, ademais, hai estudos que están dicindo que podería ser máis caro pagar as bonificacións e todas as compensacións que se lle pagan a Audasa que rescatar a concesión. Cando menos hai que facer as contas, porque podería darse o caso de que sexa así; incluso polos datos que deu Audasa podería ser así. E, entón, como xa aprobamos isto hai tempo neste parlamento e se lle encargou ao Goberno galego e non o fixo, volvemos propoñelo para recordarlle que debería facer este estudo.

E, en terceiro lugar, propoñemos, en coherencia, en correspondencia, que as mesmas rebaixas aplicadas para a AP-9, que agora se van ampliar, e para a AP-53 se apliquen igualmente para as autovías da Xunta AG-55 e AG-57, para que se beneficie destas mesmas medidas a poboación da zona de Vigo-Val Miñor, AG-57, e a poboación da zona da Coruña-Carballo-Bergantiños, que tamén teñen dereito a ter estas mesmas bonificacións. Ben, teñen dereito a que estas autovías sexan gratuítas, como son outras autovías da Xunta, porque é discriminatorio con respecto ao Morrazo, ao Salnés ou ao Barbanza, que si teñen autovías gratuítas, que se pagan con peaxe na sombra, que nos saen carísimas, como sabemos. Pois ben, isto é o que lles propoñemos tamén nesta emenda.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Remato xa, para dicirlles que o Partido Popular ten a oportunidade de rectificar, de romper esa coalición que ten con Audasa, de deixar de facerlle oposición ao BNG, como leva facendo neste pleno e todos estes meses, que a verdade é que nos fai sentir moi importantes e moi valiosos, porque se nos presta tanta atención. Se poñen tanto empeño en atacar e criticar o BNG e o acordo asinado polo BNG, é que algo bo fixemos, é que é unha fortaleza iso do BNG; porque niso consiste a política, en atacar os puntos fortes do contrario; sabémolo ben, vostede, que é veterano, señor Balseiro.

Polo tanto, deixen de facer oposición, póñanse do lado de Galiza e, se non son capaces de facelo, póñanse a un lado, que o faremos nós.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días.

Mire, señor Balseiro, non discutimos sobre quen vai ser o líder da oposición, porque témolo clariño, clariño, e sabemos que vai ser o señor Rueda a partir dos vindeiros meses. *(Aplausos.)*

E miren, falar vostede de fraude electoral, a verdade é que o Partido Popular en Galicia debería facelo mirar, sobre todo nalgunha provincia máis ao sur, estou a falar por exemplo de Ourense. Falar vostede de fraude electoral, acusar o Partido Socialista cando vostedes incluso presentaron un candidato ás últimas eleccións autonómicas que ao pouco tempo, cando había problemas, non en España, cando había problemas na rúa Xénova, correu rapidiño para Madrid para solventar os problemas do Partido Popular... Ese era o que presentaban como ese candidato que tanto quería a Galicia, Galicia, Galicia, e, por cuarta vez, dicía Galicia, pero ás primeiras de cambio tomou rumbo cara a Madrid, *(Aplausos.)* a diferenza do noso candidato, do señor Besteiro, próximo presidente da Xunta de Galicia, que decidiu ficar aquí en Galicia, e xa verán canto tempo imos ter a Besteiro como presidente da Xunta de Galicia. E que ben nos virá a todos os galegos e a todas as galegas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Tranquilidade, un pouco de tranquilidade, que aínda non empezou o partido, estamos no quecemento. *(Risos.)* Ou sexa, que un pouco de calma, ¡home!, por favor. Xa chegará o momento. Por favor. Están aínda quecendo.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Tranquilidade. Xa chegará o momento de marcar gol, esperen.

Mire, dicía o señor Balseiro que a consellería e a Xunta de Galicia tiñan unha folla de ruta moi clara no tema de infraestruturas e mobilidade, e vostede a verdade é que foi un gran

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

defensor desa folla de ruta ao longo de toda esta lexislatura, señor Balseiro, porque a súa folla de ruta era constantemente mirar cara a Madrid e instar o Goberno central en todas as súas infraestruturas, pero olvidouse de que aquí hai infraestruturas de titularidade autonómica e non foi quen vostede nin sequera de presentar unha única iniciativa ao longo de toda esta lexislatura para pedirlle á Xunta de Galicia pois que empece algunha das infraestruturas que prometeu ou para rematar algunha das infraestruturas. É máis, é que non foi quen vostede de darnos o apoio moitas veces cando pediamos determinadas melloras nas infraestruturas de competencia galega.

Claro que todo o obxectivo era mirar cara a Madrid, e nós, a diferenza do que fixeron vostedes, cando vostedes traían iniciativas instando o Goberno central á mellora de determinadas infraestruturas de competencia estatal, aquí estivo o PSdeG, démoslles o apoio ás súas iniciativas e instamos e traballamos co Goberno central para que se melloraran esas infraestruturas, para que se remataran determinadas obras. Aí está o anuncio da apertura dese viaduto o próximo 30 de decembro. Claro, señor Balseiro, é que é como se fan as cousas, dialogando, falando e traballando a prol dos intereses dos galegos e das galegas, non só buscando confrontación con outras administracións, que iso é o que fixeron ao longo e ancho de toda esta lexislatura, dende xuño do ano 2018, e ao que estamos acostumados.

Claro, vostedes hoxe con esta iniciativa o que nos dan a entender é que non están a favor, que non van apoiar esa mellora nesas bonificacións que xa puxo en marcha o Goberno central na AP-9 aló polo ano 2021, que agora, camiñando cara a esa gratuidade, que é a que queremos os socialistas galegos nesas infraestruturas, pois no ano 2024 poidamos chegar ata un 75 por cento nas bonificacións na AP-9 e tamén na AP-53.

¿Están vostedes de acordo con isto? ¿Si ou non? Porque incluso había iniciativas aprobadas nesta cámara nas que se pedían tamén bonificacións para a AP-53. ¿Que van facer vostedes cando teñen a posibilidade de votar a favor destas bonificacións, que mellorarán os petos dos galegos e das galegas? ¿Que van facer? ¿Como fixeron en 2021? Porque teñen a oportunidade de recapacitar e dunha vez ser útiles aos galegos e ás galegas.

Porque vostede sacaba peito das bonificacións nas infraestruturas de competencia autonómica, na AG-55 e na AG-57, que creo que aí se trabucou, porque esas non son as que benefician a todos os usuarios e a todas as usuarias. Non me cansarei de repetir que os beneficiados si que son as familias numerosas, non o resto de usuarios e usuarias. E vostede chegaba a falar de que coas bonificacións da Xunta de Galicia pois na AG-55 e na AG-57 un usuario pode aforrar de media —dixo vostede— sobre 300 euros ao ano, e se é unha familia numerosa, pois o dobre ou un pouquiño máis.

Eu quero recordarlle, mire, que, coas bonificacións na AP-53, que están nese acordo de investidura, si, do Partido Socialista e do BNG, a favor de Galicia e a favor dos galegos, un usuario pasará a pagar ao mes dos 267 euros a 67 euros na AP-53, unha rebaixa de 200 euros ao mes.

E vostedes o que pretenden é que apliquemos as bonificacións das de competencia galega nas de competencia estatal. Polo tanto, a xente perdería. ¿Como non van perder se cunha

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

bonificación como a que fan vostedes rebaixan sobre 300 euros ao ano e eu estoulle a dicir que coas bonificacións que se van implantar na AP-9 e na AP-53 o ano que vén unha persoa pode aforrar 200 euros? Pois xa me dirá vostede cal é a situación.

Mire, o señor Bará antes falaba dese incremento das tarifas, que era consecuencia dunha decisión do Partido Socialista a través dun real decreto do ano 2011. Eu quero recordarlle ao señor Bará, e ao señor Balseiro, que este real decreto foi ratificado por un real decreto do ano 2013 do Partido Popular. Polo tanto, se non estiveran a favor, non terían ratificado ese real decreto.

Mire, a verdade é que me chama poderosamente a atención que durante todos estes anos cando houbo incrementos na AP-9, nas tarifas da AP-9, o Partido Popular estivo caladiño, porque vou dar un dato. Entre o ano 2010 e o ano 2019 os prezos das peaxes por recorrer toda a AP-9 incrementáronse de media case un 31 por cento, un 30,7 por cento; e digo entre o ano 2010 e o ano 2019.

¿Cantos anos dese período foi presidente do Goberno o señor Rajoy? Dende finais do ano 2011 ata mediados do ano 2018, practicamente todos estes anos. ¿E que fixeron vostedes cando no ano 2012, aprobado no 2011, cando xa era presidente do Goberno Mariano Rajoy, se incrementaron por riba do 6 por cento? Aí o Partido Popular de Galicia e o presidente da Xunta de Galicia, caladiños. Cando se subiron no 2014 case un 2 por cento, cando se subiu no 2013 un 2,40 por cento, ou no 2012, primeiro un 3,22 por cento, despois un 7,5 por cento no mes de xullo, ¿que fixeron? Estiveron caladiños. Eu non vía o Partido Popular nin a Xunta de Galicia pedirlle a Madrid que conxelaran esas peaxes. ¿E que fixeron vostedes no ano 2018?, porque si, señor Pazos, no ano 2018 subiron un 4 por cento, case un 4 por cento, esas peaxes na AP-9.

Despois, como xa lle dixen onte e recordou agora tamén o señor Bará, pois nese mes de decembro entráronlles as présas para poder inaugurar eses carrís da ponte de Rande, para poderlle permitir á empresa concesionaria que a partir do 1 de xaneiro aplicara esa subas nas peaxes.

É que é certo, é que está aí, a hemeroteca é iso, é verdade. Se incluso autorizaron —tanto que falaba onte o señor Balseiro das probas de carga— unhas probas de carga nesa obra, incluso en decembro dese mesmo ano, cunha alerta de temporal, con alerta laranxa. Polo tanto, ¿que nos van contar? Todo eran présas para favorecer a empresa concesionaria.

Polo tanto, nós imos seguir traballando, como levamos moito tempo traballando, e concentrar os nosos esforzos non en liortas senón en traballar e conquerir esa gratuidade para circular por estas infraestruturas, e agora xa con ese 75 por cento para o ano 2024, aplicado tamén para a AP-53. Pero o que botamos de menos é que a Xunta de Galicia non aplique o mesmo nas que son da súa competencia, na AG-55 e na AG-57, que, como recordaba tamén onte, pois ese tamén foi unha fraude electoral do Partido Popular na AG-55, porque prometeulles aos veciños á hora de facer as súas expropiacións que esa infraestrutura sería libre de peaxes e posteriormente puxeron as peaxes enriba da mesa.

Polo tanto, continuaremos traballando nese senso. Nós non somos tanto de facer estes fogos artificiais que fai o Partido Popular agora no último período, no último pleno deste período

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de sesións, dicindo que traballan para os galegos, e entón lle piden ao Goberno de Madrid que non suba esas peaxes. Polo tanto, nós seguiremos traballando —non me vou cansar de repetir— para conquerir esa gratuidade para estas infraestruturas. Pedímoslle o mesmo á Xunta de Galicia.

E miren, ir no sentido e no camiño desa gratuidade, dende logo, é que foi grazas tamén aos socialistas galegos, que levamos moito tempo pelexando por isto, tamén grazas agora ao noso candidato o señor Besteiro. Estamos no camiño de conquerir esa gratuidade, e tamén —¡como non!— grazas á sensibilidade e a saber recoñecer as necesidades dos galegos e das galegas do presidente Sánchez.

Vostedes aprendan un pouquiño do Goberno central, apliquen esas mesmas bonificacións nas infraestruturas da súa competencia, e dende logo céntrense tamén, señor Balseiro, porque hai competencias aquí; se non, ¿para que temos unha Consellería de Infraestruturas e Mobilidade? Céntrese tamén, pida os seus esforzos, por favor, señor Balseiro, en que por unha vez se acorden desa infraestrutura fundamental...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...para a nosa comarca, como é a VAC costa norte, que se remate por fin a da Costa da Morte, a VAC Tui-A Guarda. A todo iso vostede, durante toda esta lexislatura, nin mu, caladiño.

Polo tanto, a verdade é que a súa folla de ruta estaba moi clara, pero parece que ía un pouco como eses autobuses que son competencia do Goberno galego, pero neste caso costa abaixo e coa roda pinchada.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Bará, os bos estrategas políticos, se eu non estou equivocado, son os que gañan as eleccións, os que perden as eleccións de momento son malos estrategas políticos, e eu veño dunha provincia que, empezando pola presidenta do partido e seguindo polos deputados, alcaldes, concelleiros e militantes do partido, na provincia de Lugo somos uns grandes estrategas políticos. *(Murmurios.)*. Si, si, si, e voulle explicar por que. Porque levamos trinta anos, trinta anos, sexan municipais, sexan autonómicas, sexan xerais ou sexan europeas, sen perder unhas eleccións. Polo cal nós podemos presumir de ser estrategas políticos.

Vostedes nesa provincia, e no resto de Galicia, son uns malos estrategas políticos, porque levan moitos anos perdendo as eleccións. *(Aplausos.)* Polo cal estrategas políticos, se queren vostedes escollelos en Lugo ou en Galicia, os do Partido Popular; malos estrategas políticos,

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

os do Partido Socialista e os do Bloque Nacionalista Galego. Hai que predicar co exemplo. *(Aplausos.)*

Señorías, señora Otero, ¡que veña vostede dicindo que o señor Besteiro quixo quedar en Galicia! O señor Besteiro en toda a historia da democracia en Galicia foi a persoa que menos permaneceu nun cargo para marchar para Madrid, que foi na Delegación do Goberno. Foi para Madrid e recórdolle que o señor Besteiro é cargo público en Madrid a nivel nacional, que é deputado nacional. Pero ¿ata onde van vostedes con eses argumentos tan peregrinos como os que fan? *(Murmurios.)*

E dito isto, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* señor... *(Murmurios.)*, xa me entendeu, ¿non?, xa me entendeu. *(Risos.)*

O señor PRESIDENTE: Non volvamos ao diálogo.

O señor BALSEIRO OROL: Xa me entendeu. Díxenlle onte que ía haber novidades, hoxe xa hai novidades. Resulta que o pregoeiro do Partido Socialista —a cada sitio que vai vai dar un pregón— foi onte dar un pregón a Pedrafita, anunciar a apertura do carril do viaduto dirección Madrid. Hoxe os medios de comunicación recoñéceno. Fíxense, señorías, o anuncio de onte: a autovía ten cinco carrís; o que van abrir o día 31, se é así, é un carril; é dicir, van abrir o 20 por cento e o 80 por cento vano deixar cerrado. Iso é o que fan vostedes. Xa llelo dixen onte, ¡home!, que vostedes se ían equivocar.

Segundo, miren o que nos piden aquí. Todos coincidimos en dúas cousas: coincidimos en que a AP-9 e a AP-53 son as autovías máis caras de España e coincidimos en que as autovías de peaxe da Xunta de Galicia son as máis baratas de España. Vostedes, que levan seis anos no Goberno, se tan mal o fixemos nós, porque vostedes quedaron ancorados no pasado, porque non teñen futuro —e levan moitos anos sen ter futuro o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, e vostedes mesmos demóstrano—, ¿por que non o cambiaron? Se era tan malo, ¿por que non o cambiaron? Porque despois de seis anos, con bonificacións, sen bonificacións, a AP-9 e a AP-53 seguen sendo as dúas autopistas máis caras de España, señorías. ¿Que nos queren vender vostedes aquí agora: unhas bonificacións do 75 por cento falando de futuro cando para as bonificacións que hai na actualidade vostedes non esgotaron a partida? Non esgotaron a partida e vénnos falar do 75 por cento. E non esgotaron a partida porque vostedes son uns malos xestores, o Partido Socialista é un mal xestor, e estes señores do Bloque Nacionalista Galego van e aplauden ata coas orellas, aplauden ata coas orellas a mala xestión do Partido Socialista.

E miren o que nos piden. *(Murmurios.)* Todos coincidimos en que as autovías da Xunta de Galicia son as máis baratas de España e as autovías en Galicia que teñen competencia estatal — a AP-9 e a AP-53— son as máis caras de España. E na moción os grandes xestores do Bloque Nacionalista Galego, apoiado polo Partido Socialista, dinnos que equiparemos as autovías da Xunta de Galicia, que son as máis baratas de España, ás autovías do Goberno de España, que son as máis caras de España. ¡Tela! *(Murmurios.)* Non me estraña que os correran os galegos a gorrazos e os botaran a patadas no cu de aquí, ¡home! *(Aplausos.)* ¡Tela se lles fixeramos caso a vostedes, home!

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Menos mal que o Partido Popular non é o grupo maioritario desta cámara por casualidade. O Partido Popular é o grupo maioritario desta cámara porque somos responsables, porque cumprimos o que prometemos e porque nos presentamos cun programa electoral —cambiaramos de presidente ou non cambiaramos de presidente— que teremos cumprido ao finalizar esta lexislatura.

Vostedes alí onde teñen os pactos o único que fixeron foi unha fraude electoral. Teñen varias fraudes electorais feitas en Galicia, empezando pola Deputación de Lugo, seguindo pola Deputación da Coruña *(Murmurios.)* e seguindo por varios concellos. Si, fraude electoral, porque vostedes se presentan cun programa o Partido Socialista e cun programa o Bloque Nacionalista Galego e despois eses programas non valen para nada. Polo cal a pregunta que lles fixen vostedes non a contestaron: ¿vanse presentar vostedes xuntos ás próximas eleccións? *(Murmurios.)* Para non facer unha fraude electoral, para seguir, para seguir. *(Murmurios.)* E ¿vanse poñer de acordo a ver quen vai liderar a oposición...,

O señor PRESIDENTE: A emenda.

O señor BALSEIRO OROL: ...se a vai liderar o Partido Socialista...

O señor PRESIDENTE: A emenda.

O señor BALSEIRO OROL: ...ou o Bloque Nacionalista Galego? *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda.

(Murmurios.)

Silencio.

Sobre a emenda, que xa estamos fóra de tempo.

O señor BALSEIRO OROL: Moi ben, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Si, sobre a emenda.

O señor BALSEIRO OROL: Sobre a emenda. Supoño que vostede, que é unha persoa veterana nesta cámara, xa me entendeu.

O señor PRESIDENTE: ¿Que a vai aceptar?

O señor BALSEIRO OROL: Nosoutros non podemos equiparar as autopistas máis baratas de España coas autopistas máis caras de España, que é o que piden estes señores.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Vale. Pois nada. Grazas.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D Xosé Luís Rivas Cruz e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe impulsar a Xunta de Galicia co fin de frear a proliferación da avespa asiática

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, señor presidente.

De pequeniño ensináronme unha copla, unha cántiga que dicía: «este pandeiro que toco, por moito que repenique, non teñas medo que rache, que é de coiro de cacique». Desta vez ha rachar, desta vez ímolo rachar.

Señorías, dicir «tártago de patas amarelas» probablemente non lles diga nada, pero se digo «velutina» xa entramos en materia e de inmediato todos e todas pasamos a pensar nas coitadas abellas e na mortaldade e na merma da produción de mel. Pois eu invítoos a visualizar outro cadro: ameaza real para a saúde humana, dez mortes e numerosos accidentes por picadas, con intervención dos helicópteros; certamente unha presión brutal sobre a produción de mel, pole e propóleos e pola mortaldade das abellas; danos na fruticultura e no viño, danos que comezan a ser serios. As velutinas, os tártagos de patas amarelas, non rexeitan nada. Danos preocupantes nos insectos polinizadores responsables, necesarios, da polinización cruzada e tamén dos nosos alimentos, por tanto.

É un insecto invasor cunha capacidade enorme de colonización e de adaptación. Niños nas árbores, comezaron así, logo apareceron os niños na silveiras e nas matogueiras, agora xa no chan e nas construcións. Perigos para os desbroces agrícolas; non hai moito —foi en agosto— avisamos dun niño que estaba nun castiñeiro alí ao pé da nosa casa, cando viñeron retiralo —por certo, vinte e tantos días despois— avisáronnos doutro que estaba nunha silveira, o señor dono da silveira ía desbrozalo ao día seguinte cunha desbrozadora de man, salvou a vida de milagre.

Señorías, estamos falando dun bichiño que é amigo do rural, é dicir, que lle gusta vivir no rural, e que, polo tanto, estanos fastidiando nos desbroces, nos labores agrícolas e nas cortas de madeira. Un niño no chan polo que pasa unha fresa, unha sachadora mecánica, e, como non leves cabina —e unha cabina cerrada hermeticamente—, é posiblemente unha posición de moito risco para quen conduce o tractor. O problema é real.

E —repítolles— é moi duro no rural, porque ¿quen nunha casa do rural non ten unha figueira, unha ameixeira, unha maceira? ¿Ou quen non ten un animal ferido? Saben que xa hai algúns veterinarios especialistas en curar os tetos das vacas que se mancan nos aramios de espiños e que fan feridas e que logo as velutinas van alí. ¿A que a ninguén se lle ocorreu despois de matar o porco deixar as alegrías do porco, se o mata fóra dun inverno duro, ou calquera outro tipo de carne no momento en que as velutinas necesitan proteína?, porque van, coma lobas, a elas.

Datos fiables, datos de Seaga, a 31 de outubro: 45.463 niños retirados ou neutralizados, avisos, e 8.000 no 112 por emerxencias; evidentemente, un 25 por cento son repeticións, niños

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que xa están mortos. Neste 2023 a presenza en Lugo foi brutal e no noroeste de Ourense hai un notabilísimo aumento. Neste 2023 chegaron a cotas de 1.000 metros e de 1.200 metros, onde se pensaba que non ían chegar. Os niños que non se ven son tres ou catro veces máis dos que se ven. Gustan dos asentamentos humanos; un terzo destes 45.000 máis 8.000 avisos sitúan o niño nunha construción. Neutralizar o niño ten un custo de 30 euros de media; disque Seaga este ano duplicou o persoal.

Señorías, a resposta da Xunta a todo este problema este ano foi moi pavera. Di Natalia Prieto: «*incidió en la importancia de la colaboración ciudadana y en la necesidad de que contacten con el teléfono 012 cuando detecten un nido de avispa velutina e informen de su presencia con el objetivo de minimizar su impacto y frenar su avance en la comunidad*». Eu creo que lles dixen que no ano pasado o número de niños avistados e neutralizados foi de 22.000, este ano son 53.000, 52.000. Eu creo que este é un dato que escusa dicir máis sobre as políticas da Xunta a este respecto sobre o grande éxito.

Tamén dicían que «*otra vía complementaria en la gestión de avisos que se estrena como novedad este año es un agente virtual, un robot de voz basado en los últimos avances en lenguaje natural y con tecnología de última generación e inteligencia artificial que funciona las veinticuatro horas del día y se encuentra integrado en la herramienta de gestión de avisos*». Benvido sexa, non sei cantas velutinas matou, creo que ningunha.

Investigación, case nula, non hai, e as investigacións que hai sobre o tártago de patas amarelas están inconexas, están cada unha polo seu lado e moitas delas reciben unha suspensión de diñeiro á metade da investigación. As investigacións teñen que ir polas feromonas, non hai outra saída: feromonas, pero é unha investigación difícil e custosa. Máis custosa nos está sendo a existencia deste bichiño e a súa expansión.

Os apicultores. Ben, os apicultores empezaron a traballar: trampas caseiras, aire comprimido. ¿Sabían vostedes que empresas que fabrican escopetas de aire comprimido xa as fabrican especiais cuns balíns de copa invertida para que se poida meter biocida neles e se poida intentar matar o niño? Pois élles así. E ¿trampas caseiras? Si, de todo tipo, preferiblemente que leven levadura —levadura de panadería, non calquera levadura destas de facer pasteis na casa—, e preferiblemente que leven cervexa, ou, se é cervexa, negra, desa densa moito mellor —ás velutinas apetécelles máis—; pero que leve alcohol, porque así as avellas non van. E troianos esporádicos, o que lles dicía das escopetas de aire comprimido; ao balín de copa pónselle un fío que se molla en biocida.

E, ben, todo indica, señorías, que a explosión, a eclosión para esta primavera vai ser moi forte, se o inverno, se é un inverno cru como os de antes, como os da miña infancia, non o remedia; todo o indica.

¿Solucións? Trampeo primaveral, pero por conta da Administración, porque ten que ser un trampeo primaveral debidamente sistematizado, planificado e controlado, e non ao mesmo tempo, porque saben vostedes que a primavera eclosiona en distintos tempos, depende das zonas de Galicia; masivo na próxima primavera.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Creación dun comité asesor de carácter transversal para coordinar e informar todas as experiencias, investigacións e estratexias de control; representación de todos os sectores interesados.

E plan piloto de control remoto; non vale a guerra de guerrillas; non vale que a un apicultor se lle ocorra hoxe facer uns troianos para matar. Por certo, ¿saben o que son os troianos? Os troianos consisten en que se captura unha velutina, dúas, tres, catro, cantas máis mellor, cóllese cunha pinza, dáselle un biocida potente no abdome e céibase; esa velutina vai ao seu niño, estea á vista ou non; se van varias, ese niño morre, porque reparten o biocida entre elas e morren. Este é o plan que lles propoñemos, o plan que lle propoñemos á Xunta que estude. É dicir, un plan experimental en tres ou catro zonas de Galicia, en diferentes épocas, porque non é o mesmo a presión que poden ter en xuño que a presión que poden ter nun setembro bo. Plan experimental, control, avaliación e, sobre todo, conclusións. Para iso necesítase, como lles dicía, o comité asesor.

Señorías, o peso de todo isto non pode quedar encima dos apicultores, ten que quedar encima de quen ten as competencias, que é a Consellería de Medio Ambiente e a Consellería do Medio Rural, e teñen que tomar cartas no asunto dunha vez, porque, se non, as cousas van ir moito a peor. Os danos no viño este ano foron serios nalgunhas zonas, e non en todas as cepas, porque hai cepas que non lles apetecen; son tamén selectivas.

Señorías, os que sufrimos nas nosas figueiras, nas nosas parras e nos nosos arredores a presenza deste tártago de patas amarelas sabemos que non anda con bromas, sobre todo cando che pica nunha man e cha pon así, e, sobre todo, se tes sorte e non tes un *shock* anafiláctico.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Martín Seco.

O señor SECO GARCÍA: Grazas e bo día a todas e a todos.

Vespertina, volotinia, vetuleira, vetupina, valvulina, vesupina, colombianas, beduínas, brillantinas, siberianas, porporinas, soviéticas e incluso —e con perdón da Presidencia— *africana de la hostia puta*. Estes son uns exemplos da multitude de nomes que, segundo o 112, a poboación galega lle dá á avespa velutina e que dan conta do estendida que está esta praga pola nosa Terra.

Hoxe debatemos esta iniciativa que pide ao Goberno galego que se poña á fronte do problema e tome medidas efectivas para a loita contra este insecto invasor. E, curiosamente, vén só unha semana despois de que o Partido Popular votara en contra dunha iniciativa similar na Comisión 7ª, cun Goberno galego que, por desgraza, está instalado na autocompracencia e pensa que xa fai todo o necesario para loitar contra esta especie e os efectos que esta produce nos sectores produtivos e tamén na poboación en xeral.

Señorías do Partido Popular, só fai falla saír á rúa para ver a preocupación da cidadanía, escoitar a desesperación dos produtores de mel e tamén de uva e froita, ou ver os datos que dá

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o propio Seaga, para saber que, lonxe de controlar a poboación do dito insecto, este segue a expandirse sen control.

A vespa velutina chegou a Galicia no ano 2011 e só tardou sete anos en colonizar a nosa Terra, pasando de ser un insecto descoñecido a xerar unha resposta social de medo e alarma polo seu tamaño e ante a intensidade das súas picaduras, que xa causaron varias mortes.

Galicia é unha das comunidades que ten un maior problema con este insecto e xa supera en presenza, por certo, a propia vespa autóctona, provocando serios problemas de saúde, económicos e tamén medioambientais.

Segundo os propios datos do propio Goberno galego, a presenza da velutina multiplicouse este ano nun 56 por cento con respecto ao 2022, superando ata o mes de outubro as 43.000 chamadas e notificacións recibidas, cando no 2022 foran menos de 28.000.

O risco para a saúde humana deste insecto xa supuxo a morte dunha decena de galegos e galegas, e todos sufrimos nas nosas casas e nas dos nosos familiares e amigos a presenza de niños de velutina, coa derivada lentitude da Administración para actuar contra eles. Os datos oficiais din que, mentres a taxa de mortalidade en España é de entre o 0,02 e o 0,15, en Galicia está no 2,2, o que indica que na nosa comunidade temos un serio problema.

Outra das graves problemáticas causadas por esta especie son os efectos medioambientais, xa que, coa perda das nosas abellas, pérdese a función polinizadora, tan importante desta especie, e esta situación aumentará ademais cos efectos do cambio climático. E, por suposto, os problemas económicos que causa en sectores produtivos como o da froita, o da uva e, sen dúbida, o máis afectado pola súa presenza, que é o sector produtor de mel, xa que as velutinas son unha especie que capta as abellas e causa graves danos ás colmeas, o que supón unhas grandes perdas económicas.

Os apicultores estiman unhas perdas superiores ao 30 por cento na súa produción de mel, e a isto súmanse os custos das medidas que teñen que tomar para intentar controlar esta especie.

O sector suplica —fíxoo hai pouco— que a Xunta poña en marcha un plan de acción contra a velutina para paliar esta grave situación, derivada da falla de medidas eficaces para combatela e a ausencia de axudas aos sectores produtivos máis afectados, que, como dicía, son o do mel, pero tamén o do viño e o da froita.

Uns apicultores, que hai pouco se manifestaban en Lugo, con perdas económicas duns 10.000 ou 12.000 euros por produtor. O sector di que apostar exclusivamente pola retirada de niños non é suficiente, cando os niños retirados pasaron de 17.000 a 22.000 no 2022, en apenas doce anos, e este ano segue cun aumento exponencial.

A retirada destes niños non conta cos medios materiais necesarios; as chamadas aténdeas un contestador e a espera para a retirada chega a ter períodos de ata dous meses e incluso máis tempo, como sabemos todas e todos.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nesta situación o Goberno galego, en vez de estar de costas ao problema, debera escoitar os produtores e tamén os investigadores, e ver que están a facer outras comunidades autónomas como, por exemplo, Asturias, Navarra ou as Illas Baleares, porque alí os resultados das súas políticas están sendo mellores.

Tras o desenvolvemento de diferentes métodos para actuar contra esta especie, dende arpas eléctricas, pértegas ou escopetas de balíns, hoxe o sector di apostar polo trampeo primaveral para a captura de raíñas e o control remoto de niños primarios por medio de troianos, para minorar a praga, que nos explicaba moi ben Mini o que eran os troianos.

Os apicultores piden que a Xunta atalle o problema moito antes do que se fai actualmente, cunha campaña de trampeo para capturar raíñas á saída do inverno e comezos da primavera e a eliminación dos niños primarios que estas fundadoras crean.

Os apicultores exixen que, á vista do alto número de niños que houbo este ano, a campaña de trampeo da próxima primavera sexa masiva e coordinada; unha campaña que conte coa implicación directa de concellos e tamén de toda a cidadanía para cubrir a maior extensión de territorio posible, xa que un trampeo realizado só polos apicultores está resultando insuficiente e ineficaz, porque colocando as trampas só nos colmeares non dan reducido a poboación de velutinas e para ter resultados ese debería de ser un lugar máis de trampeo doutros moitos que hai que situar.

É necesario un trampeo en base a datos e cunha campaña xeneralizada e organizada e dirixida pola propia Administración autonómica, xa que, cos datos que ten Seaga, na retirada de niños deste ano deberíanse trampear 300 metros á redonda, que é o raio de pecoreo inicial das raíñas fundadoras, e, dese modo, reducir considerablemente a zona de trampeo.

Un bo exemplo de iniciativa política é o que fai Asturias, onde hai creado un comité asesor, como pide aquí nesta iniciativa o BNG, que coordina as actuacións para levar a cabo contra a velutina. E debera de ser un exemplo a seguir, xa que o seu éxito radica na implicación de todas as administracións e en facer partícipe toda a sociedade da estratexia de loita contra a vespa velutina a través dunha aplicación informática na que se poden notificar os avisos e facer un seguimento das actuacións levadas a cabo; e con estes datos próbanse despois diferentes métodos.

Como exemplo disto, o Goberno do Principado e a Asociación Asturiana de Apicultores puxeron en marcha este ano un proxecto piloto para a inactivación de niños a través do seu control remoto por medio de captura e envío de vespas pintadas no abdome con fibronil, un biocida empregado para combater pulgas en cans e gatos, que se demostrou moi efectivo para matar as larvas de velutina. Os responsables do proxecto din que os resultados deste ensaio son prometedores. Pero este só é un exemplo do que se pode e debe facer se estamos realmente preocupados pola expansión desta especie e non quedar só na retirada de niños tarde, mal e arrastro.

Por todo o exposto e porque só fai falla escoitar o sentir da rúa, dende o noso grupo apoiamos esta iniciativa e pedimos unha vez máis ao Goberno galego que se poña á fronte para afrontar precisamente unha preocupante situación que vai ir a máis.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, señor presidente, co seu permiso e xa que estamos chegando ao Nadal, gustaríame rematar a miña intervención cuns versos de Celso Emilio para felicitarvos a todos as festas de Nadal e desexarvos un próspero ano 2024 cun chamamento á paz, á convivencia e á solidariedade con aqueles que peor o están a pasar tanto na nosa Terra como nun mundo moi cruel, con pobos como o palestino, o ucraíno ou o saharauí, que deberan de estar no centro dos nosos pensamentos e acción política para saír desa longa noite de pedra que sofren día a día. E di así: «Cicáis mañá cando a miña mirada non abrolle na luz como cativa mapoula de auga, veña a soedade. Pero oxe canto en libertá e mentras canto non estóu isolado, que o corazón vai conmigo e con il falo. Beberéi a paisaxe nun amencer de lirios. As campanas do mar nos ventos fuxidíos. Cada intre un paxaro, cada pulso un latexo. Unha espada de chuvia cortando a frol do vento. Nin as olladas torvas, nin os beizos esquivos, nin as voces nemigas nin os homes cativos. Viviréi coma o lume alcendido na noite. Teréi cumios de estrelas, cantaréi para os homes. Estóu conmigo mesmo. O corazón é quen manda, i eu obedezo.»

Boas festas a todos e todas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grupo Parlamentario Popular, señor Armada.

O señor ARMADA PÉREZ: Moitas grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, quería deixar claro que este problema que se trae hoxe aquí, porque hai que definilo así, como un problema que é grave e importante, a Administración da Xunta de Galicia o ten considerado como tal. E por iso, despois de escoitar os dous voceiros, creo que cómpre sinalar unha serie de aclaracións ao respecto, porque parece como que a Xunta de Galicia está de lado e que nada ten feito nin nada se ten implicado neste asunto.

Creo que sería importante saber que no ano 2014 xa se puxo en marcha un programa de vixilancia e control contra esta vespa velutina. E, do mesmo xeito, foi a partir do ano 2020 cando a Xunta de Galicia impulsou de forma coordinada e conxunta un plan de retirada de niños en todo o territorio galego en colaboración coa Fegamp, polo que non se pode dicir que a Xunta non puxo en marcha medidas para combater a invasión deste insecto.

Esta moción dende logo que non é a primeira, como ben dicía vostede, señor Rivas, e seguro que van traer moitas máis, e así o espero. Pero tamén lle podo dicir que, mentres vostedes van traendo as diferentes mocións, nós imos seguir afondando en buscar solucións. E froito diso imos buscar tamén a colaboración, a colaboración, por suposto, coa poboación e co resto de administracións.

E froito desa colaboración, que seguro non caeu en saco roto, 311 concellos, practicamente o 99 por cento dos concellos da nosa comunidade, están dentro deste plan conxunto que se aprobou no ano 2020, e adheríronse todos sen pór absolutamente ningún tipo de problema.

E falaba vostede do grande incremento que experimentamos nesta comunidade de niños de velutinas, especialmente neste ano. ¿Pero que é o que pasou?, ¿que é o que pasou este ano? Creo que houbo unhas condicións climatolóxicas axeitadas para a expansión deste insecto e non creo que a Xunta de Galicia tivera moito que ver con estas condicións climatolóxicas. E,

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

polo tanto, eu creo que neste verán longo co que nos agasallou este ano 2023 a poboación multiplicouse e ascenderon notablemente os avisos, como ben vostedes indicaron. E dentro destes avisos, estes practicamente 43.000, hai que dicir que practicamente 6.000 foron derivados a Emerxencias. Si, a eses equipos de emerxencias... *(Murmurios.)* —si, si, si— ...dos concellos e os GES —si, si—. Pero voulle explicar unha cousa. Se se informa cos GES e coas agrupacións de voluntarios de Protección Civil, previamente a Consellería da Vicepresidencia, se mal non recordo, creo que a través da Dirección Xeral de Emerxencias, puxo ao dispor diferentes elementos e equipos para a retirada dos niños de velutina. Corríxame despois na súa réplica se me equivoco, que creo que non.

E, por suposto, tamén hai que facer unha análise —se quere vostede máis minucioso— respecto a eses 36.500 avisos que foron xestionados por Seaga, pois habería que dicir que hai 2.000 avisos que foron con chamadas duplicadas, 2.500 de niños que xa estaban inactivos ou cerca de 6.700 casos nos que non procedeu realizar practicamente ningunha actuación, posto que eses niños ou se atopaban en zonas onde non se podían visualizar ou pertencentes a outras especies de avespa, que non eran, evidentemente, as velutinas, ou que xa estaban retirados antes da visita do persoal de campo.

De todos os xeitos, hai que sinalar tamén que a Xunta de Galicia no que vai de ano retirou un 40 por cento máis dos niños de velutina do ano 2022, é dicir, aproximadamente 6.000 niños máis. Pero, loxicamente, tamén cómpre indicar que en relación coas queixas —porque, loxicamente, nós non somos infalibles— no que vai de ano houbo un total de 36.554 avisos de niños e, deses avisos, 203 derivaron en queixas dos cidadáns; é dicir, estamos falando dunha porcentaxe do 0,56 por cento. Evidentemente, unha queixa sempre se ten en conta, e nós, dende logo, cada vez que hai esa queixa e se recolle, estase intentando acudir aos lugares para que se poida solventar da mellor forma posible.

A Xunta de Galicia, dende logo, sempre agradece a colaboración cidadá coa presentación desas queixas e suxestións para que se permita coñecer, por suposto, as áreas susceptibles de mellora nas que a Xunta deba realizar os seus esforzos.

Falaba vostede de que —tamén falaba o voceiro do Partido Socialista— a Xunta de Galicia estaba completamente de lado con respecto ao sector apícola. Pois, dende logo, creo que cando escribimos no *Diario Oficial de Galicia*, cando se aproban os orzamentos eses que vostedes non apoian, creo que este sector apícola, dende o ano 2019 ata este ano, o incremento que recibiu respecto ás axudas creo que foi bastante substancial. E falo de que no ano 2019 había 640.000 euros en axudas, e pasamos neste ano, nestes orzamentos que acabamos de aprobar onte, a case máis dun millón e medio de euros. Iso é compromiso, e iso é realmente o que nós estamos a buscar, comprometidos cun sector que nós consideramos que é importante. E, como tal, tamén nos implicamos en buscar as solucións aos problemas que teñen.

Teñan en conta vostedes que a Administración galega claro que está implicada tamén en combater esta avespa velutina, e para iso ben sabe vostede que tamén se fan repartición de trampas e atraentes aos apicultores entre xaneiro e marzo, e iso faise a través das oficinas agrarias. É algo que é innegable, e isto faise dende o ano 2020.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Teña en conta que no ano 2021, e como consecuencia do incremento dos importes das axudas á apicultura, e tendo en conta que o Programa nacional de axuda á apicultura presentado por España á Unión Europea presentou a posibilidade de aumentar esa financiamento, ¿que fixo esta administración? Subiu eses importes, e agora temos máis axudas, se cabe, para ese sector apícola.

Creo que facía vostede tamén alusión a facer públicos os datos onde se atopaban os niños e como se estaban a desenrolar todas estas actuacións por parte de Seaga. Penso que a Consellería do Medio Rural, que executou o Plan de retirada de niños de avespa velutina ata o ano 2019, cumpriu e facilitou á totalidade de grupos investigadores, universidades e entidades e asociacións que así o solicitaron toda a información completa e a puxeron á disposición para que puideran facer as diferentes aseveracións.

Está claro que vostedes nos plantexan un comité, está claro que moitos se poñen de lado, e empezo polo Partido Socialista. Eu creo que isto non é un problema soamente de Galicia, creo que tamén é un problema estatal e, polo tanto, creo que botei bastante menos que tamén vostede fixera un pouco alusión tamén ao Goberno do Estado para que invista tamén fondos para buscar solucións para este problema. E non dicimos que nós esteamos escorrendo o vulto, todo o contrario. Nós claro que o estamos asumindo, como acabo de demostralo coas cifras que acabo de facilitar. Nós o que exiximos por parte do Estado é que tamén invista.

Falan vostedes tamén de que había un sistema que era o dos troianos —que o explicou vostede perfectamente, señor Rivas—. Pois voulle explicar unha cousa: houbo apicultores que aplicaron ese sistema, e atopará apicultores aos que lles foi ben e a outros aos que non lles foi tan ben. Pódolle asegurar dalgún apicultor que aplicou 6.000, escoite ben, 6.000 troianos, e, practicamente, ao pouco tempo, xa tiña outro niño de velutina practicamente a 200 metros do sitio onde aplicou ese sistema. Polo tanto, estamos falando de que é unha loita biolóxica.

Incidía vostede moi ben cando falaba do tema das feromonas, porque aí, precisamente, é onde hai que realizar a investigación, porque ese pode ser un dos puntos ou un dos piares onde se poida buscar para atraer as raíñas e así poder eliminar todos estes niños de velutinas.

Por suposto, sabemos da grande incidencia que tiveron as velutinas e sabemos de diferentes métodos, como poden ser o de mover colmeas ou métodos galegos como o do sistema Serpa, que son as caixas con rexillas para saír da colmea; sabemos tamén de métodos incluso vascos, a través do método Koldo —ímolo chamar así—, que estamos a falar tamén de sistemas de labirintos. Pero estas son solucións que, evidentemente, non van erradicar o problema, e vostede sábeo.

Entón, ¿onde é que nós temos que realizar a principal implicación? Precisamente no eido da investigación. Aí é onde nos vai atopar a nós, aí é onde nós si que imos estar incidindo, aí é onde nós queremos que este problema teña a súa solución.

E, polo tanto, nós entendemos que esa preocupación que compartimos co sector apícola, e como ben estiven destacando e subliñando as diferentes accións que realiza este goberno, vai seguir apostando por apoiar este sector apícola, pero, sobre todo, vai seguir apostando por buscar solucións.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Armada.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, presidente.

Eu creo que me expliquei mal, ou que non se quere entender.

Miren, señorías, se hai un colectivo con conciencia e respecto e preocupación medioambiental, é o dos abelleiros, hoxe chamados apicultores; isto é innegable.

Eu recordo cando sacamos as castañas do lume por nós mesmos. Vostede non sei se o sabe, pero aplicabamos tabaco de picadura, en afumador, para combater o piollo, que era o único que había, iso e mais a loque; aplicabamos iso para que o piollo caera. Logo veu a varroase, e a varroase era máis seria e o tabaco de picadura non chegaba, nin sequera poñéndolle graxa ou poñendo algún tipo de algo pegañoso no fondo da colmea. Por tanto, houbo que ir ao fluvalinato, que era un insecticida comercializado para árbores froiteiras, que era inocuo, teoricamente, para as abellas, que se podía aplicar na floración. Pero era velenoso, e de aí saímos, cando puidemos, para outras solucións. Fluvalinato Klartan, comercializábanse baixo ese nome. Fun apicultor trinta e pico de anos, ou sexa, que non me pillan.

En Asturias este sistema está amparado pola Administración, o sistema dos troianos, pero ¡coidado!, non estamos falando de troianos así feitos de calquera maneira, estamos falando dunha experimentación. ¿Por que non probamos? ¿Que traballo custa?, ¿que traballo custa?

Pero imos ver, señorías, señor Armada, ¿sabe vostede canto ten unha pipeta de fipronil para un can? Ten 268 miligramos. ¿Sabe canto se usa para erradicar, despois de experimentos que se fixeron? 28 gramos dese mesmo produto. ¿Sabe vostede canto casos hai en España? En 2022, 9,3 millóns, que posiblemente máis do 50 por cento utilicen esa pipeta. ¿Que lle parece? ¿Sabe vostede canto se usa en España, non digo en Galicia, porque en Galicia é máis intensivo pola carga forraxeira? ¿Canto glifosato se usa por hectárea? 1,1 quilo, 1,11 quilos. ¿Sabe canto se utiliza aquí? Moitísimo máis. ¿Cantas toneladas se utilizaron? É dicir, que non estamos falando dunha medida desmedida con biocidas que sexan perigosos, estamos falando de facer unha proba. E a proba é que en pleno setembro, ou en pleno xullo, aplicado nun apiario en condicións —un apiario en condicións quere dicir con bastantes colmeas e poboación—, aplicado durante dous días continuados a velutinas capturadas, diminuían case a cero. ¿Que lle parece? Diminuían case a cero. E, se non, fagamos a proba. ¿Que traballo lles custa?

¿Por que, entón, non fan ese comité asesor, por suposto con todo tipo de xente que poida opinar en medio ambiente, en danos á fruticultura, todos os sectores afectados, e que se poñan ao asunto? Non é complicado, hoxe podemos facer ata telemáticas as reunións, non é complicado, é ter vontade. A Consellería de Medio Ambiente non ten vontade, ponse de perfil, lévase poñendo de perfil con todos os problemas que temos: co lobo, co xabaril, con

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

todos, está de perfil de sempre. E temos competencias plenas. ¿Somos comunidade autónoma ou non? ¿Temos autogoberno ou non? Porque é que, se non o temos, a Sánchez, ímosle pedir a Sánchez, alí, señor Balseiro, vostede vén comigo e imos alí a ver se nos dá algo. Por favor, sexamos serios.

Estamos cun problema gordo, moi gordo, e non é a meteoroloxía a que facilitou —que si que facilitou, claro—, pero non é a meteoroloxía a que fixo a expansión a Lugo; é a progresiva. A velutina empezou na costa e vai colonizando o territorio a medida que vai tendo estratexias para esa colonización, porque é un bichiño, é un bichiño que a sabia natureza preparou e que sabe adaptarse, e que se vai adaptando de marabilla, de marabilla. E é un bicho precioso; se vostedes o collen —con guantes, por suposto, e con guantes fortes— na man e o observan, e o observan cunha lupa, é un bicho precioso, pero daniño, e é un bicho que nos está rebentando, porque está rebentando o equilibrio dos polinizadores.

Vostedes, gústelles a música ou non, métanse nunha horta na primavera e recorden cando se metían nunha horta de verzas ou de nabos, hai dez anos. A música que soaba daquela, o zoar de cantidade e variedade de insectos polinizadores era brutal; hoxe é tenue, tenue, e iso —eu non necesito estatísticas medidoras de insectos— é unha estatística perfecta.

E estamos en perigo. A nosa alimentación está en perigo. E está en perigo a xente. No rural vivimos xente de máis de 60 anos así, e que nos gusta coller de vez en cando unha desbrozadora de man e meternos a quitar as silvas que están polo lado, e, claro, tropezas cun niño de velutina e mátante, rebéntante. E isto é así, isto é un perigo.

Claro, eu xa sei que a velutina non gusta de momento das cidades; no momento en que guste das áreas urbanas moi poboadas, o problema está solucionado, búscaselle solución rapidamente, porque hai votos, hai votos, caramba. Pero non é cuestión de votos, é cuestión de sentido común. E na aldea, os que vivimos na aldea, temos dereito á vida, a unha vida decente e normal, e non temos por que saír da casa e agochar a cabeza cando pasamos pola figueira. Claro, porque se pasamos pola figueira, en pleno agosto ou setembro, se vén un setembro cálido, temos posibilidades moi grandes de que nos zoe pola beira un helicóptero deses, un Apache deses do Vietnam.

Grazas. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Suspendemos o pleno ata as 16 horas.

E compartiremos, como xa se anunciou, todos agora aí, a celebración do Nadal.

Entón, ata as catro da tarde.

Suspéndese a sesión ás dúas e catro minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reanudamos a sesión coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe tomar a Xunta en defensa da pesca artesanal e aquelas que debe demandar ao Goberno central co fin de que negocie ante a Comisión Europea unha adaptación do novo Regulamento de control da pesca á realidade do sector en Galicia

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas. Para defender a proposición non de lei, ten a palabra a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Moi boa tarde a todos e a todas.

Como saben, señorías, a reforma do Regulamento do control da pesca aprobouse no Parlamento Europeo a primeiros do ano 2021. Dende aquela, dende primeiros do ano 2021, ata a súa aprobación definitiva, que foi neste pasado mes de outubro, foron moitas, moitas e importantes, as protestas e mobilizacións do sector pesqueiro galego. A preocupación do sector e tamén a súa indignación por aquela norma inicial, por aquel texto inicial, pois foi traída tamén, foi trasladada aquí tamén, a este parlamento, polos distintos grupos. Cando menos —non sei se me queda algunha no tinteiro— votáronse aquí en tres ocasións acordos similares ou parecidos a respecto do rexeitamento desta cámara do regulamento de control, e, efectivamente, en tres ocasións, mínimo, foi aprobado por unanimidade ese rexeitamento.

E no debate daquelas iniciativas todos os grupos coincidiamos en que esta reforma, tal e como se propoñía, non estaba a ter en conta a singularidade e as particularidades da frota galega. Nas mesmas o Bloque Nacionalista Galego cualificáramola naquel momento como a penúltima estocada ao sector pesqueiro por parte da Unión Europea.

E hoxe, dous anos e medio despois, confírmase que, efectivamente, así é, que esta reforma non vén máis que a significar un novo chanzo na escalada que a Unión Europea vén mantendo en contra da nosa frota. E hoxe, dous anos e medio despois, malia os pronunciamentos dos grupos aquí, unánimes, pois vemos, outra vez —non é a primeira vez nin seguramente sexa a última—, como todo este tempo, estes dous anos e medio, non serviron máis que para enredar e para tratar de convencer, por parte principalmente do Partido Socialista e do Partido Popular, o sector dunha norma que, mírese por onde se mire, é un claro ataque ao noso sector pesqueiro e probabelmente traia consecuencias nefastas e mesmo —agardemos que non— despezamentos indesexados.

Dicimos, e dixemos aquí, que a frota galega é singular, e dicir que a frota galega é singular, que ten unhas particularidades moi concretas, non é nin un slogan nin é un xeito de querer esquivar o cumprimento da normativa. Que é singular é un feito. Falamos dunha frota de máis de 3.500 buques de artes menores, dos que a inmensa maioría son de menos de 12 metros de eslora, que pesca maioritariamente nas rías e, polo tanto, con mareas inferiores a vinte e catro horas, que pesca de xeito agrupado no caso dos miles de mariscadores e ma-

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

riscadoras a flote e onde o propietario da embarcación coincide case sempre co patrón da embarcación e, ademais, coincide tamén coa persoa que realiza as capturas e que logo tamén resulta ser na maior parte das veces a mesma persoa que pon esas capturas á venda na lonxa, onde efectivamente se pesan e se rexistran, é dicir, que está totalmente controlado e ten unha trazabilidade absolutamente comprobábel.

Pois isto, señorías, isto que acabamos de describir: unhas rías, vinte e catro horas, 3.500 buques de artes menores, etc., etc., non se dá, para o bo ou para o malo, en ningún outro lugar da Unión Europea e, polo tanto, se se dá única e exclusivamente aquí, unha frota importante —insisto—, arredor de 3.500 buques, debera ter un tratamento especial, un tratamento singular e particular como é a propia frota. Mais non. A Unión Europea, co Goberno do Estado cualificando este regulamento, agora, na súa recente aprobación, en outubro, de histórico —o señor Planas cualifica absolutamente todo de histórico, xa non sabemos moi ben, en fin, se non coñece outros cualificativos ou se xa o fai de rutina—, como digo, a Unión Europea, co Goberno do Estado por un lado cualificando este regulamento de histórico e co Goberno galego sen facer —entendemos nós—, sen actuar como tiña que actuar precisamente para previr e para impedir e para evitar que isto se aprobase finalmente así, pois a Unión Europea segue querendo uniformizar e homoxeneizar toda a frota da Unión Europea.

Esta recente aprobación do regulamento volve incidir outra vez —e por enésima vez— en presentar todo un sector como sospeitoso permanente, como presunto delincuente habitual e como depredador dos propios recursos que manteñen precisamente ese sector.

Entre outras cuestións, este regulamento obriga a todos os buques de máis de 18 metros, susceptíbeis de cometer incumprimentos, a levar cámaras a bordo, claro, a levar cámaras a bordo sen definir claramente cales son exactamente os buques que son —abro comiñas— «susceptíbeis de cometer incumprimentos» —pecho comiñas—. E, polo tanto, se non se definen, estase estendendo a incerteza a todos os buques. Ademais, está deixando a porta aberta este regulamento a que os propios estados, a que cada estado pois poida ampliar precisamente esa cobertura de cámaras a bordo a buques de menos de 18 metros.

Introduce dispositivos de control de potencia de motores dos buques, a partir do ano 2027, malia que se recoñece por todo o mundo, e aquí está máis que demostrado, que a potencia dos motores non incrementa a capacidade de pesca, porque esa capacidade de pesca xa está suxeita a cotas e a TAC e, polo tanto xa, na inmensa maioría das pesquerías; polo tanto, xa está máis que controlada.

E é curioso —neste punto quérome deter un momento— que, xustamente diante do malestar da frota galega con esta medida da regularización dos motores das embarcacións, a propia redactora ponente deste regulamento, unha eurodeputada do Partido Socialista, recentemente nas xornadas de Celeiro cualificou esta medida en particular —logo cualificou outras— de «inxusta» —isto tamén entrecomiñado—; é dicir, a mesma persoa que é ponente nese regulamento e a mesma persoa que vota a favor dese regulamento, entre outras moitas persoas do Partido Socialista e do Partido Popular, pois está cualificando agora, a posteriori, de inxusta esta medida.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Este regulamento tamén xeneraliza o diario electrónico a partir do ano 2030 para as embarcacións —e aquí, ¡ollo!, porque é o que máis nos afecta— de menos de 9 metros, que son precisamente a inmensa maioría desas 3.500 embarcacións das que eu lles falaba ao principio e que vén sendo a maior parte da frota de baixura e da frota artesanal galega.

E, por último, por citar algunhas das imposicións deste regulamento, porque non podemos entrar en todo, introduce un réxime de infraccións e de sancións que é, señorías —e así con este termo que vou utilizar xa o propio sector o cualificou— tremendo. E este réxime de sancións e de infraccións é unha auténtica bomba de reloxería. ¿Por que? Pois porque as infraccións graves van ter unha incidencia directa á hora de poder recibir as axudas dos fondos FEMPA. E non só se vai impedir solicitar axudas durante cinco anos despois dende as infraccións graves senón que ademais, é dicir, cinco anos despois, unha vez que se comete ou que se cualifica a infracción como grave, resulta que cinco anos para atrás van ter que devolver as axudas con xuros de demora. É dicir, estamos falando de sancións —algo absolutamente insólito— con efectos retroactivos. E esta mesma eurodeputada que citei antes, ponente —insisto— deste regulamento de control, cualificou esta medida das infraccións e das sancións retroactivas —leo textual— como «sangrante, inaudita e absolutamente inxusta».

A nós, realmente, señorías, o que nos parece sangrante e inaudito é que a mesma ponente, esa mesma relatora precisamente dese regulamento de control veña, a posteriori de que o votou favorabelmente, cualificalo, diante de efectivamente persoas afectadas e diante do propio sector en Celeiro, como inxusto e como unha medida inaudita.

Ben, nós o que propoñemos, precisamente na liña tamén do que vén propoñendo o sector, é que se teñan en conta xustamente as particularidades das zonas, que se teñan en conta as singularidades das distintas artes que se empregan, e, polo tanto, que a frota galega teña un recoñecemento particular, non —insisto— por capricho, senón por todo o que levo dito nesta intervención.

Nós —e isto é o que propoñemos— consideramos que o Goberno do Estado non pode deixar quedar isto así, se é que atende á importancia da frota galega e ás complicacións que isto lle pode traer, e consideramos que o Goberno do Estado ten que seguir negociando esta normativa, ten que facerlle entender a quen faga falta que está en xogo a supervivencia desta frota galega artesanal e, polo tanto, debe —entendemos nós— negociar, como tantas veces propuxemos...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...—remato, presidente— a exclusión desta frota do regulamento e debe buscar solucións para as medidas máis lesivas; entre elas, cito, como as máis lesivas, pero non as únicas, a regularización dos motores das embarcacións e o réxime de infraccións e sancións. Entendemos que é unha proposta que se fai na liña do que temos aprobado nesta cámara en distintas ocasións e que debera ser apoiada por todos os grupos.

Grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Patricia Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes.

É certo o que di a señora Pérez, que non é a primeira vez que debatemos sobre este Regulamento de control europeo da pesca. Foron numerosas as ocasións en que temos debatido, anteriormente a que fora definitivamente aprobado, como foi en recentes datas.

É certo que a ponente deste regulamento é a compañeira eurodeputada Clara Aguilera, que se reuniu co propio sector tamén antes de que se aprobara este regulamento. É certo que tamén logrou que se producisen algunhas melloras neste regulamento, neste documento inicial que se presentou; por exemplo, as relativas ao marisqueo a pé, porque esa era unha realidade que tiñamos aquí especificamente en Galicia e que non estaba contemplada, porque metía no mesmo saco o marisqueo a pé que o resto dos sectores.

Polo tanto, Clara Aguilera reuniuse xa dende un primeiro momento co propio sector. E é certo que, aínda que fora a ponente e que o Partido Socialista —e aquí tamén vou lanzar xa antes de que diga nada o Partido Popular— e tamén o Partido Popular aprobou este regulamento de control, aprobouse porque cremos que hai determinadas cousas que si que mellora. Hai cousas como por exemplo obter mellores datos da situación dos *stocks* que nos sirvan despois para poder levar adiante determinadas negociacións fundamentais para o noso sector, como son esas negociacións de TAC e cotas, que vimos de ver que se celebraron recentemente; pois son cousas nas que incide este regulamento de control.

É certo que nós non coincidimos, e tampouco a propia ponente deste regulamento, con algunhas das medidas que aquí se contemplan, e cremos que é preciso que o desenrolo deste regulamento de control se leve a cabo, como non pode ser doutro xeito, en diálogo co propio sector pesqueiro. É verdade que a realidade da nosa frota ten unhas peculiaridades, sobre todo porque —como dicía tamén a señora Pérez— parte da nosa frota artesanal faena dentro das nosas rías.

Aquí tamén lanzar de novo un SOS que está a pedir o sector marisqueiro da nosa comunidade autónoma, ese SOS que están a lanzar á Xunta de Galicia para que lles faga caso, para que por unha vez analicen o que está a acontecer nas nosas rías con ese descenso tremendo do produto. Viamos como estes días nos xornais saían noticias que non porque sexan coñecidas non son alarmantes, pero onte saía que o berberecho de Escocia e a ameixa portuguesa ocupan en Galicia o baleiro do bivalvo local; ou, por exemplo, o que acontece tamén, o que está a acontecer na ría de Pontevedra con esa escaseza tamén de ameixa e todo o que temos falado sobre a ría de Arousa.

Polo tanto, é importante que deixen de botar balóns fóra e que digan que só é problema das últimas choivas e poñan solucións enriba da mesa, porque levan moitos anos con este pro-

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

blema e a Xunta de Galicia non foi quen aínda de poñerse a traballar, nin sequera de querer estudar as causas, ben, e moito menos de poñer axudas económicas enriba da mesa para axudar o propio sector.

Coincidimos nalgunhas das cousas da exposición da señora Pérez en contra deste regulamento. E no que non estou tan de acordo é no que dicía a señora Pérez de que a potencia dos motores non implica maior capacidade de pesca —con esta frase si que estou de acordo—. Pero vostede dixo que o sabe todo o mundo, parece que todo o mundo non, porque a Unión Europea aínda non é moi coñecedora desta realidade. Eu dende logo que si que coincido coa frase pero non con que é coñecida por todas as partes; e, claro, desgraciadamente, pola propia Unión Europea despois veñen determinadas decisións nese senso.

Polo tanto, eu creo que, máis aló de que esteamos en discrepancia con algunha destas medidas do regulamento de control, que afectan precisamente a nosa pesca artesanal, e que tamén estamos de acordo nun dos puntos da súa iniciativa, de que é necesaria unha definición clara xa da pesca artesanal nese documento da política pesqueira común, nós iso compartímolo e cremos que é moi necesario.

É certo que —como dicía— dende que o primeiro documento se puxo enriba da mesa ata o día de hoxe melloráronse algunhas cousas, non todas as que nós dende logo desexariamos, pero unha que nos parece moi importante é ter atopado un acordo para evitar afectar unha actividade crucial para a nosa comunidade autónoma —como dicía anteriormente— que dende este regulamento de control, no que se refire a ese rexistro telemático de capturas —que nos parecía, a verdade, unha auténtica loucura—, pois se lle aplique ao marisqueo a pé.

Si que estamos de acordo —como dicía— con outras medidas, sobre todo nas relativas á importancia para ter eses datos para poder defender do mellor xeito o noso sector, sobre todo —tamén o dicía antes— nesas negociacións de TAC e cotas que se celebran na Unión Europea.

E dicía a señora Pérez que o ministro Planas sempre dicía que todo era histórico. Histórico foi, por exemplo, que neste último Consello de Ministros por fin unha reivindicación do sector dende hai moitos anos é que se puideran implantar TAC plurianuais. É certo que non é para todas as especies, pero é unha primeira medida poder ir tendo eses TAC plurianuais que permitan ao noso sector poder afrontar como van abordar a súa actividade non só a un ano vista. É certo que é só para determinadas especies —como digo—, é un paso adiante e esperamos que en anos posteriores vaian ampliándose eses TAC plurianuais a máis especies. Pero iso foi algo que foi froito do diálogo e que puxo enriba da mesa este ministro de Pesca, o señor Planas.

Por poñer algunha puntualización, neses dispositivos de localización algúns buques de pequena escala poderán quedar exentos ata o ano 2030. No referente ao diario electrónico, as embarcacións de menos de 12 metros poderán cumprimentar e presentar unha declaración simplificada ao final da xornada de pesca, unha vez cheguen a porto e antes de desembarcar; non se eliminou de todo pero polo menos facilitóuselles algo a estas embarcacións de menos de 12 metros. Estas son cousas que non aparecían no documento orixinal e que se foron pulindo, aínda que non lograramos eliminalas de todo.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu creo que no tema de regularizar todos os motores —e así o dicía tamén a propia Clara Aguilera nesas xornadas en Celeiro— haberá que falar e, dende logo, haberá que solucionalo, porque, se non, podemos ter moi malas noticias. Entendemos que é preciso e necesario que os gobernos dos estados membros —polo que a nós respecta, o Goberno de España e, nomeadamente, o Ministerio de Pesca— teñen que sentarse coa propia Comisión Europea e negociar tamén estes aspectos.

Dende logo, a nós o que máis nos interesa tamén é que se teña en conta a nosa pesca artesanal; aí coincidimos con vostede. No tema dos motores a realidade é coñecida, e é que a potencia oficial de miles de pesqueiros non se corresponde coa real; iso é unha realidade que vivimos nos nosos portos. Tamén é certo que isto estivo a permitirse durante anos, pero agora —como dicía vostede— con este regulamento, que permite a Unión Europea que obrigue os estados membros a facer auditorías para comprobar estes datos e obrigalos a tomar medidas, eu creo que neste campo queda moito por falar. E aí tamén instamos a que o propio Goberno do Estado e, nomeadamente, o ministro de Pesca se senten coa Comisión e falen sobre estes temas que tamén teñen que ser desenvolvidos regulamentariamente.

E non é unha implantación inmediata deste regulamento; algunhas destas medidas aplicaranse en xaneiro, outras en xuño, outras haberá un prazo de catro anos, outras ata 2030; polo tanto, cremos que aínda queda marxe para falar.

E nós tamén consideramos e coincidimos con vostede, e coa ponente deste regulamento, no tema das penalizacións con ese suposto carácter retroactivo, porque se os nosos armadores, os nosos pescadores, cobraron determinadas axudas do anterior FEMP ou do que agora está a aplicarse, o FEMPA, e despois impóñenlles a sanción e teñen que devolver incluso as axudas que percibiron hai cinco anos e incluso con intereses de demora, pois a verdade é que Clara Aguilera o cualificou dunha cousa e eu creo que xa non teño adxectivo para poder cualificar isto. Polo tanto, eu creo que queda aínda moito camiño por percorrer.

E é certo que nalgúns aspectos logramos ou se logrou entre todos —tamén entre o propio sector e entre os propios eurodeputados e coa forza tamén que se puido facer de determinados grupos— intentar moderar algunha das cuestións. Loxicamente, non estamos satisfeitos e agardamos que se poida —é que non queda outro xeito— dialogar e falar, dende logo pulir determinadas accións que hai reflectidas neste regulamento, sempre —como dicimos— en consenso e en diálogo co propio sector, porque é o que realmente sabe, pois en Europa non saben como é a nosa pesca artesanal.

Dende logo, aquí tamén estaremos dende o PSdeG no que poidamos axudar para tamén trasladar —e eu estou segura de que estará o Bloque Nacionalista Galego e aí tamén o Partido Popular— e intentar ver como é a realidade dos feitos. Polo tanto, nós, independentemente de que apoiemos e que nos gusten algunhas das medidas que hai neste regulamento de control, non estamos satisfeitos de todo, queremos que se teñan en conta as particularidades da nosa pesca artesanal. Apoiamos noutras ocasións iniciativas que trouxo o propio Bloque Nacionalista Galego e imos apoialas nesta ocasión tamén. Polo tanto, imos votar a favor desta iniciativa.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E xa sendo o último pleno deste período de sesións e antes do Nadal, desexarlles a todas e a todos unhas felices festas e un bo Nadal.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Grupo Parlamentario Popular, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Boas tardes, señorías.

Grazas, presidente.

Nós imos votar «si» a esta iniciativa. Non apoiala sería incoherente para o Partido Popular. Tan incoherente —teño que dicilo— como que o Bloque Nacionalista Galego traia hoxe este texto logo dos precedentes e logo do posicionamento no Parlamento e na Comisión Europea. Tamén hai que explicalo. Porque nos discursos estaremos as tres de acordo e quizais aquí neste parlamento os tres grupos de acordo, pero ¿quen é quen nos cambios da normativa europea do control da frota? Ben, a estribor temos e tivemos sempre o Partido Popular, que votou a favor do regulamento; efectivamente, votou a favor para dar a batalla nos trílogos posteriores e acadar as melloras e avances que temos a día de hoxe, porque algo se mellorou. É que neses trílogos, que son os debates e as conversas entre a Comisión, o Parlamento e os países membros, é cando cada un pode defender o seu; e, polo tanto, era fundamental pasar a ese segundo punto que eran os trílogos.

Froito diso, as cuestións positivas acadadas polo Partido Popular son as seguintes, porque —como dicía tamén a señora Pérez— vimos de debatelo en varias ocasións, e isto comezou en 2016. Un período de transición maior, conseguise un tempo de catro anos para aplicar as medidas; non era iso o inicial. A recuperación do plan de mostraxe, un 20 por cento para máis de 100 quilos, cando se propuña que fora para máis de 50 soamente. Eliminación da proposta de medición continua de potencia de motor. O rexistro de capturas estimadas no caderno diario de pesca para os barcos de menos de 12 metros ao finalizar ao día, cando propuñan que tiña que ser despois de cada lance, despois de cada actividade de pesca; que iso era un incordio e non era nada áxil para os propios pescadores e mariñeiros. E que o envío do diario de pesca, no caso dos barcos de baixura, poida facerse unha vez se estea xa atracando no porto, e non antes, como pretendía ou como propuña a propia Comisión. Todos son avances grazas a conversas nos trílogos e grazas a emendas presentadas polo Partido Popular.

Pola contra, a babor temos o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, e digo a babor porque nin actúan nin votan nos termos nos que aquí vostedes se manifestan. E a verdade é que hai que contalo, porque hai que saber o que pasa no Parlamento Europeo, que pasa en Bruxelas. O Bloque Nacionalista Galego votou en contra dese regulamento; Os Verdes —que é o grupo no que se integran— pretendían aprobalo tal e como estaba e aínda eu creo que apertar moito máis para que fose aínda máis daniño para a frota de baixura. O Partido Socialista votou a favor tamén no regulamento, pero votou en contra noutros temas de interese para a frota galega.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu insisto en que, pechándolles a porta aos trílogos nese tema de negociación e no que é o funcionamento da Comisión do Parlamento Europeo, que é diferente aquí, se lle pecharía a porta a que cada Estado membro —e neste caso a nós e incluso dende Galicia, a esta rexión— puidera defender o seu.

En canto ás votacións das diferentes cuestións, á marxe —como digo— do propio regulamento en bloque, no referente ao diario electrónico, a gran maioría do grupo político no que se integra o BNG, Os Verdes, votou en contra da exención dese diario para artes menores, cando saben vostedes, no BNG saben perfectamente que en ningún momento ademais se presentou emenda e que iso tamén é moi prexudicial para eles; eles dicían que non era unha cousa viable para esas embarcacións.

No referente ás cámaras de a bordo, o BNG votou a favor e o PSOE abstívose. Non entendo, non entendemos cal foi a razón. ¿Cal foi a razón? Se non ten ningún sentido.

E en canto á xeolocalización, tanto o Bloque como o PSOE votaron a favor. O Partido Popular votou en contra. E por iso convén saber e coñecer as cousas, porque iso é facer unha política de altura e unha política coherente. Nós pedimos coherencia e pedimos unha soa chaqueta, porque vostede tanto no Bloque como no Partido Socialista poñen a chaqueta que mellor lles peta naquel no momento no que estean, ou na cámara na que estean, ou incluso na vila na que estean. Son capaces de dicir unha cousa —como digo— na Guarda e outra cousa en Fisterra, e quedan tan tranquilos.

Polo tanto, nós pedimos coherencia, señoras e señores do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego. E os discursos que aquí fan no Parlamento galego e os acordos aos que chegamos non casan co que fan vostedes en Bruxelas. Por iso, presentar esta iniciativa pode ser unha estratexia para disimular ou para agochar que non fixeron nada, señores do Bloque Nacionalista, en Bruxelas dende o ano 2016, cando xa comezamos a traballar aquí en Galicia dende o Partido Popular de Galicia e a Xunta.

Pretenden branquear a cor verde intensa, é unha cor verde intensa do seu grupo, porque teño que preguntarme —e é importante saber isto— cara a onde queren ir e cara a onde queren ir os partidos de esquerdas con ese medioambientalismo tan radical. Eu creo que tanto o BNG como o PSOE no fondo —no fondo, no máis profundo—, cun horizonte ademais incerto, están máis por defender o benestar dos peixes que das peixeiras; están máis por defender o benestar dos pulpos que das pulpeiras e das súas familias. *(Murmurios.)* Si, si, si, é o trasfondo das súas mensaxes, é o trasfondo dos Verdes en Bruxelas.

E isto é serio, señoras e señores da oposición en Galicia, porque nós, todos os galegos e galegas de boa de boa fe, sabemos que é importante coidar e manter o medio ambiente, coidar e manter o noso o hábitat. Pero aínda é máis importante defender por enriba de todo o sector pesqueiro de Galicia e defender as familias que viven del. *(Aplausos.)* Aí está a incoherencia da que falo e creo que a falta de sensatez. Porque falabamos onte e falaban, nomeaban aquí a Valentín Paz Andrade. Eu diría que, mire, podían coller todos os artigos que escribiu Valentín Paz Andrade e mandárllelos aos Verdes a Bruxelas, para que os traduzan e os lean todos os seus compañeiros de todos os países dos Verdes radicais, para que saiban o que defendía, porque realmente creo que están en plena vixencia hoxe. Despois citarei algún deles.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Saiban, señorías, que a incorporación das melloras no regulamento, as poucas que conseguimos, pero conseguímolas, son tras a presentación das emendas dun deputado galego principalmente do Partido Popular de Galicia, que é Francisco Millán Mon, que presentou unha serie de emendas en traballo e en sintonía co Consello Galego de Pesca e en sintonía co sector e co Partido Popular de Galicia, e puido reconducir algúns temas que son incomprensibles e son totalmente inasumibles pola frota de baixura. E vostedes sábeno, o peor é que vostedes o saben, pero non fan nada nin actúan en Bruxelas para evitalo.

Ben, saiban que os que máis presionaron e máis apertaron para que o regulamento saíse tal cal estaba redactado foi o grupo dos Verdes. Insisto: non querían nin unha soa modificación.

Por tanto, é importante ser consecuente co que se fai no Parlamento Europeo, ser consecuente co que se fai aquí, e as présas e os períodos electorais non os van branquear. Por iso hai que explicar claramente o que fan vostedes alí.

Eu digo que nin o Bloque Nacionalista Galego nin o Partido Socialista, porque a iniciativa de hoxe vai dun motivo que depende moito e case todo do Goberno de España. Porque é certo que moitas destas cuestión dependen das aplicacións que lles fagan as autoridades nacionais dos estados membros neste regulamento. E, polo tanto, houbo flexibilidade no regulamento anterior coa Lei de pesca, houbo flexibilidade e conseguiuse adaptar algunhas medidas, e creo que tería que haber a mesma flexibilidade na lei sobre control de pesca ilegal, que, de momento, non contempla ningunha cuestión beneficiosa para a pesca artesanal.

Así que diría que teñen que poñer as pilas as deputadas do Partido Socialista, que están seguramente falando dos trílogos e das medidas de Bruxelas, deberían poñer as pilas e deberían de dicirlle ao señor Planas que esta proposición de lei é fundamental para defender a frota artesanal galega.

E, como dicía ao principio, nós apoiamos a iniciativa por pura coherencia, pero temos que lembrar todo o traballo ata hoxe por parte do sector ou por parte dos deputados do Partido Popular en Bruxelas.

Ben, insisto: no Partido Popular estas si son cuestións que preocupan, estas si son cuestións que se levan ao Goberno do Estado, que se levan á Comisión Europea, estas son cuestións que levou o conselleiro do Mar á reunión do pasado luns con Planas e son fundamentais.

E, señorías, dicía Paz Andrade no ano 1927 nun artigo no periódico *El Sol* o seguinte: «*Viejo y funesto achaque este de que España apenas tenga conciencia de los problemas del mar. Ha padecido nuestro país como una triste aberración histórica la de vivir de espaldas a las inquietudes del litoral, que es tanto como desconocer su propia naturaleza. ¿Y habrá llegado el momento grato y fecundo de la rectificación y la enmienda?*».

De 1927 ata hoxe conseguimos emendar, pero é que hoxe no 2023 imos cara a atrás, e deberían facelo mirar. Coas mesmas palabras, nós, no Grupo Parlamentario Popular, pedímoslle ao Goberno de España que non acabe coas actividades do litoral, que revise e que retire ese recurso da Lei do litoral.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E remato xa, presidente, con outro parágrafo dese mesmo artigo, que di o seguinte: «*Mientras no puedan comer pescado fresco todos los españoles, la función social de la industria pesquera dentro de la economía nacional no se habrá llenado. Interés celoso y preferente del Estado debiera ser el conseguirlo, en la seguridad de que los beneficios de esta eficiente y saludable política de abastos los recibiría directamente el consumidor*».

A Xunta traballa nisto e vostedes, no Goberno de España, señores do Partido Socialista, coa complicidade do Bloque Nacionalista Galego, tamén deberían facelo, e unha das medidas sería baixarlle, por exemplo, o IVE ao peixe e aos produtos do mar.

Tomen nota, señores do Partido Socialista, tome nota, señor Planas —dicímoslle ao ministro—, porque creo que o Partido Socialista aínda no ano 2023 non comprende a grande importancia que ten o sector da pesca en Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señorías, nós xa sabemos que estamos no Nadal e que *estamos en tiempos de paz y de amor*, pero ás cousas hai que chamarlles polo seu nome. E, claro, ter que aturar aquí que a señora Egerique, portavoz do Partido Popular neste tema en particular, veña falarnos de coherencia, pois ten que desculpar, señora Egerique, pero iso non hai *buenismo ni paz ni amor* que o disfrace; *(Risos.) (Aplausos.)* non o hai, señora Egerique.

Mire, agora déixeme a min falarlle de coherencia. ¿Que lle parece a vostede o que acaba de dicir a señora Egerique de que unha das cuestións que hai que facer é solicitarlle ao Goberno do Estado que o Goberno do Estado ten que baixar o IVE do peixe e dos...? ¿E como lle chama, señora Egerique, ao que fixeron vostedes á mañá no Senado, cámara onde teñen a maioría? *(Aplausos.) (Pronúnciansе palabras que non se perciben.)* ¿Como lle chama? Vostedes votaron en contra, non hai un ano nin hai dez anos nin hai trinta anos, hoxe pola mañá os compañeiros e compañeiras do Partido Popular da señora Egerique votaron no Senado en contra dunha iniciativa do BNG para a supresión do IVE do peixe. Explíquenlle vostedes a súa coherencia ao sector pesqueiro, *(Aplausos.)* explíquenllo, señora Egerique, explíquenllo.

E xa que falamos de coherencia en pleno Nadal, pois imos seguir falando de coherencia, da coherencia do Partido Popular. Claro, por exemplo, nesta mesma iniciativa que nós presentamos hoxe, ademais, efectivamente, de reivindicar aquí unha serie de cuestións para que o Estado español as exixa e as promova, tamén nos diriximos á Xunta de Galicia. E, claro, o Partido Popular é tan coherente, tan coherente que pide unha e outra vez, pola mañá, polo mediodía, pola noite, de madrugada, despois de comer, antes de comer, as competencias exclusivas en materia de litoral, o cal nos parece perfecto. Claro, pero resulta que o Partido Popular, o Goberno galego do Partido Popular, ten competencias exclusivas en augas inte-

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

riores e, polo tanto, pode aplicar as súas normas en augas interiores. Pero non, é máis fácil evidentemente defender *una, grande y libre* e pregarse ao que diga o Estado español e ao que diga a Unión Europea neste caso concreto desta regulación.

Co cal, señora Egerique, de coherencia, de verdade, non creo que nos dea vostede lecciónS. É máis, recoñeceu vostede ao principio da súa intervención, dixo textualmente: o Bloque Nacionalista Galego votou en contra en Europa deste regulamento. *El Partido Popular no, votó* a favor, pero conseguíronse algunhas melloras, non moitas —dixo ela—, algunhas grazas ao Partido Popular.

Pois mire, explíquelle ao sector se ter que devolver as axudas do FEMPA dos cinco anos para atrás unha vez que se lle impoña unha sanción grave, que é unha mellora do Partido Popular, é unha mellora da coherencia do Partido Popular; explíquello así, por favor, con esta claridade, señora Egerique, explíquello igual que nolo explicou hoxe aquí. Ou explíquelle o da potencia dos motores, que dicía a señora Otero: en Europa *no conocen nuestra flota artesanal*. Señora Otero, non. Nada máis que levamos trinta e oito anos na Unión Europea e os distintos gobernos do Estado —*léase A y B, B y A*— non tiveron tempo en trinta e oito anos de explicarlle á Unión Europea o que significa para este país a súa frota artesanal. *(Aplausos.)* Non foron vostedes, nin vostedes, quen de dicirlle que é a frota artesanal galega e cantos miles, non centos nin ducias, cantos miles de postos de traballo dependen dela. Trinta e oito anos nun Mercado Común Europeo primeiro e nunha Unión Europea despois onde nin o Partido Popular nin o Partido Socialista desde o Goberno do Estado foron quen de dicirlle que somos un país, que se chama Galiza, que ten unhas particularidades, moitas, entre elas tamén no sector do mar, e que temos unha frota pesqueira artesanal única en toda a Unión Europea, en trinta e oito anos. *(Aplausos.)*

Ben, señorías, como estamos do Nadal e, ben, xa particularmente eu, non sei as súas señorías, xa imos un pouco esgotados, ¿verdade?, estamos a fin de ano, pois eu quérolles desexar, efectivamente, un moi bo Nadal a todos e a todas; e quérolles desexar que para o ano que vén, porque este xa está por rematar, fagan vostedes un esforzo, porque o Bloque Nacionalista Galego faino, é coherente no que di neste parlamento, no que propón e no que vota, vota o mesmo a señora Miranda no Parlamento Europeo, pois fagan un esforzo por ser o máis coherentes posíbel, e o que defenden aquí e o que votan aquí que o voten no resto das instancias, no resto dos parlamentos, que voten exactamente o mesmo.

E iso si, señorías, e iso si, en todo caso, deséxolles iso, un bo Nadal e que sigamos defendendo o sector pesqueiro galego. Pero, seguramente —estou convencida—, a partir do ano que vén, co Bloque Nacionalista Galego no Goberno galego, polo tanto, esa defensa e esa coherencia levarase a todos os sitios e despois de trinta anos terán oportunidade en Europa de entender dunha vez o que significa a frota artesanal galega.

Estamos no Nadal, moitas grazas polo seu voto favorábel. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(A señora Egerique Mosquera pide a palabra.)

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿Si, para que quere a palabra, señora Egerique?

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Presidente, quería pedir a palabra por inexactitudes. Creo que é o artigo 76, non estou segura agora, non teño o Regulamento...

O señor PRESIDENTE: ¿Perdón? É que non a escoito.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Por inexactitudes. Polo artigo 76 do Regulamento, quería pedir a palabra por inexactitudes nunha afirmación que fixo a señora Pérez.

O señor PRESIDENTE: ¿Cal é exactamente a inexactitude?

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Dixo que o Partido Popular votara en contra dunha iniciativa do Bloque para baixar o IVE, e non é certo. A iniciativa presentouna o Partido Popular, pedindo a baixada do IVE; o Bloque presentou unha emenda pedindo o 0 por cento do IVE, que son sempre cantos de serea, e non a admitimos. Pero a iniciativa presentouna o Partido Popular. *(Murmurios.)* Entón, era unha inexactitude; non era unha iniciativa presentada polo Bloque.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

(Murmurios.)

(A señora Pérez Fernández pide a palabra.)

O señor PRESIDENTE: ¿Si, señora Pérez Fernández?

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Señor presidente, quería pedir a palabra por inexactitudes, artigo 76 do Regulamento.

O señor PRESIDENTE: Ten dereito tamén, evidentemente.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Non hai ningunha inexactitude no que acabo de dicir. En todo caso, volve ser unha mostra de coherencia que se diga aquí que é un canto de serea que o BNG pida o 0 por cento do IVE cando o Partido Popular o apoiou neste parlamento.

Moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noelia Otero Lago e Dª Noa Susana Díaz Varela, sobre a proposta de resolución que se presenta co obxecto de reprobar o actual director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia e iniciar os trámites parlamentarios para o seu cesamento

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Otero.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente.

Moi boa tarde a todas e a todos.

Hoxe estamos, ademais de coas felicitacións pertinentes do Nadal, con esa sensación de peche de ciclo.

Permítanme que traslade que se dá a circunstancia de que, con toda probabilidade case, esta será a miña última intervención neste hemiciclo, neste pleno, e que a miña primeira intervención neste pleno, neste parlamento, foi precisamente para falar da situación da CRTVG, hai exactamente dous anos e cinco meses, dentro dese proceso de remuda do Consello de Administración, no que falabamos todos os grupos parlamentarios de cales eran os retos que tiñan diante de si os novos conselleiros e conselleiras.

Ben, daquela, tanto o Partido Popular como os conselleiros e conselleiras —algún deles por proposición do grupo maioritario e, polo tanto, a maioría nese consello de administración—, pasaron dez anos sen cumprir a Lei de medios públicos aprobada neste mesmo Parlamento. Aseguraban: «tranquilas e tranquilos todos, que o estatuto profesional está practicamente pechado ao noventa e pico por cento, e que sería cuestión de meses que a CRTVG contase con estatuto profesional». Iso dicía que era cuestión de meses o director xeral á voceira na Comisión da CRTVG e tamén aos responsables, isto é, persoas propostas polo Partido Popular para ese consello de administración. Ben, non pasaron nin un, nin dous, nin tres, nin catro meses, senón que pasaron dous anos e medio, e non hai estatuto.

Pasaron doce anos da entrada en vigor da Lei de medios públicos de Galicia, e non se cumpriu nin o máis mínimo dos seus preceptos básicos. ¿Hai estatuto profesional? Non. ¿Hai Consello de Informativos? Non. ¿Quen boicotea, quen obstaculiza e a quen lle interesa que non existan estas ferramentas de control que garantan a independencia e a pluralidade dos medios públicos?, preguntamos.

Ben, pero pasaron máis cousas nestes dous anos e medio. *(A señora Otero Lago amósalle á Cámara un documento que contén unhas fotografías.)* Daquela dicíase que eran un poucos, que ese movemento, Defende a Galega e Venres Negro, era algo que se utilizaba politicamente e que protagonizaban uns poucos, que non representaban a maioría dos profesionais e das profesionais da CRTVG.

Este ano tivo lugar unha convocatoria de folga. *(A señora Otero Lago amósalle á Cámara unha fotografía.)* Ademais de cumprirse cinco anos, é a protesta nuns medios de comunicación máis longa e máis sostida durante o tempo de toda Europa. Pois este ano estes profesionais convocaban varias xornadas de folga. «Non representaban ninguén» *(A señora Otero Lago amósalle á Cámara dúas fotografías.)* dicían a Dirección Xeral e o Partido Popular. Estas son as imaxes das redaccións, dos controis técnicos, tanto na redacción da TVG como na redacción da Radio Galega. A folga foi secundada, nunha das xornadas, por máis do setenta por cento da plantilla da CRTVG, tendo en conta tamén os excesivos servizos mínimos que foron de-

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cretados. Mesmo a Dirección Xeral recoñeceu que o seguimento chegou ao trinta por cento, que tampouco sería pouco. *(A señora Otero Lago amósalle á Cámara unha fotografía.)* Esta é a imaxe da redacción e dos controis técnicos.

Ben, pero esta imaxe que recoñecerán todas e todos *(A señora Otero Lago amósalle á Cámara unha fotografía.)* foi tan evidente que non eran catro ou cinco, ou un movemento politizado, senón que é un clamor da maior parte das e dos profesionais, que piden independencia, que piden que cesen as represalias, que denuncian o uso por parte do Partido Popular e do Goberno da Xunta como ferramenta de propaganda política dos medios públicos galegos, que, por primeira vez na historia, o programa máis emblemático da CRTVG non saíu ao aire, porque non había nin cámaras nin había técnicos para facelo, o *Luar* do señor Gayoso —ao que mandamos un saúdo, que é moi típico, e todos e todas queremos que nos saúde o señor Gayoso, con todo o respecto e agarimo—. Pois non saíu o *Luar* porque non eran catro nin cinco as persoas que secundaban e que denunciaban a situación da folga. Unha folga, por certo, e unha situación e un movemento ao que se sumaron non só todos os colexios de xornalistas provinciais, o Colexio de Xornalistas de Galicia, colexios e xornalistas de todo o Estado, senón a Federación Internacional de Xornalistas, na que, atención e repetimos —para que digan que son inventos do Partido Socialista, amigas e amigos—, seiscentos mil profesionais de todo o mundo, que forman parte dunha federación que é a representación dos profesionais do xornalismo e da prensa na Sociedade de Nacións Unidas, máis de seiscentos mil que velan pola independencia e o bo facer e a pluralidade, a independencia e a liberdade da profesión, pronunciáronse publicamente pedindo tamén o cesamento da situación de asfixia e persecución na que desenvolven o seu traballo as e os profesionais. Federación Internacional de Xornalistas, Federación Europea e tamén a Federación Internacional de Sindicatos de Xornalistas. Ademais, temos moi preto o Colexio Oficial de Xornalistas.

Pero pasaron máis cousas durante eses dous anos e medio nesta lexislatura. Nos finais do ano 2021 suprímense os informativos locais, *(A señora Otero Lago amósalle á Cámara un documento.)* desmantelan as desconexións territoriais; uns dos motivos fundamentais do mandato público da creación duns medios públicos galegos. No ano 2018 eliminan as desconexións informativas locais da Radio Galega. E no ano 2021 a información local, as desconexións das cidades, a información máis próxima, que é a razón de ser duns medios públicos. Os cidadáns e as cidadás teñen dereito a saber a información, os datos, os feitos que máis afectan a súa vida no seu día a día, e desapareceu no ano 2021.

¿Que acontece coa situación e co clima laboral? Xa tiñamos de atrás moitas cousas: *(A señora Otero Lago amósalle á Cámara sucesivamente varias fotografías.)* Marga Pazos —un saúdo tamén e todo o recoñecemento—, Alfonso Hermida —isto viña xa de antes—, Tati Moyano, profesionais premiados e de recoñecido prestixio que se sinalaron na defensa dos medios públicos, con carga, con represalias, desaparecendo da pantalla, e moitos e moitas cuxos nomes non son coñecidos, *(Aplausos.)* con situacións mesmo en baixas médicas certamente complicadas.

Pero tamén está Carlos Jiménez, da Radio Galega. Carlos Jiménez, canso, a diferenza doutros profesionais, que ademais de reivindicar, de postularse e sinalarse publicamente defendendo a súa independencia e uns medios públicos de calidade ao servizo das galegas e dos galegos,

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

acode aos tribunais. E vai facer dous anos o día 29 deste mes que en primeira instancia se condena a Dirección Xeral por vulnerar os seus dereitos fundamentais e acredita as represalias. ¿Que fai a Dirección da CRTVG? ¿Que fai o Partido Popular neste Parlamento? ¿Que fai o director xeral? Dicir que non é firme, presentan recurso. Pero ¿que acontece despois coa sentenza firme? Primeira sentenza deste tipo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que non fala de presuntas, de supostas represalias, de censura, senón que condena a CRTVG a ter que pagar unha indemnización a Carlos Jiménez por vulnerar os seus dereitos fundamentais, e vincula, ademais, esas represalias ao movemento en defensa da pluralidade nos «venres negros». Sentenza firme que está á disposición de todo o mundo. *(Aplausos.)*

¿Hai responsabilidades? ¿Alguén asume a máis mínima responsabilidade por unha sentenza que di: «Debo condenar e condeno a entidade demandada en concepto de indemnización de danos e prexuízos por vulnerar dereitos fundamentais»? Non, seguen; é que é peor. *(A señora Otero Lago amósalle á Cámara unha fotografía.)* Aquí temos a Mónica Rosas, Alberto Ordóñez e Mayte Cabezas. Durante vinte e cinco anos, Mónica. Alberto foi correspondente en Bruxelas e especialista na Radio Galega de Información Económica máis de vinte anos. Mayte Cabezas, toda a vida desde os dezaoito anos, practicamente trinta anos, unha cara coñecida da CRTVG. ¿Que acontece? Que no seu Facebook un día, con motivo do aniversario do 11-M, porque ela é filla dunha vítima asasinada, pois o seu pai foi asasinado polos GRAPO, publica nas súas redes sociais unha crítica política antiterrorista de Feijóo, que como presidente da Xunta fixo ás vítimas galegas unha serie de compromisos que non cumpriu. Ao día seguinte que foi traballar, foi trasladada da Televisión á Radio. O señor director xeral dixo que era un premio. Isto está xudicializado, estamos á espera da sentenza. Tamén no mes de xaneiro, o director xeral xunto a oito directivos máis teñen que enfrontarse a un xuízo penal por acoso moral a unha traballadora. Non falamos de litixiosidade laboral, falamos de vulneración de dereitos fundamentais.

A todo isto poderiamos falar do tratamento que se está a facer porque veñen pedir auxilio a este Parlamento, á Comisión de Control da CRTVG, aos grupos parlamentarios, ao Comité Intercentros ante «a deriva e o delirio de manipulación» que están padecendo estes días.

Daremos exemplos agora. Pero lembramos que o caso Baltar, a finais do mes de abril, ocupou todas as portadas políticas dos xornais, das radios, das televisións —La Sexta, Antena 3, Telecinco, a que queiran— en información política: «Cazado o presidente do Partido Popular de Ourense e presidente da Deputación de Ourense a máis de douscentos quilómetros. Enfróntase a un delito penal conducindo un coche oficial». Aparece en todos os medios en información política.

Teño aquí a escaleta de como recolleu a CRTVG esa nova. Pasou a información política, abren titulares. Despois na segunda quenda, se fai falla, leo. Cadaquén que saque as súas consecuencias. Chega a páxina de sucesos, media hora despois de que comecen os formativos. Xa pasou a política, xa pasou a economía, falan dun kamikaze en Torrevieja, falan dun atasco dun camión non sei onde e logo hai un titular que di: «Tráfico multa un coche da deputación por exceso de velocidade». Minuto trinta e un e pico da CRTVG. Unha nova que non só ocupaba as portadas políticas de todos os xornais e medios de comunicación a nivel estatal, senón que ese día protagonizou un debate acalorado neste pleno parlamentario e que tamén

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

valeu para que os distintos grupos políticos deran roldas de prensa valorando esa situación. Por certo, nada apareceu no telexornal da CRTVG. *(Aplausos.)* Nada máis que dicir, señorías do Partido Popular.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO LAGO: Cesen nesta actitude, porque xa non hai quen defenda esta deriva absoluta.

¿Quen vai asumir as responsabilidades se novamente se condena a Dirección Xeral por seguir acosando e vulnerando os dereitos das e dos traballadores? ¿Seguirán mirando cara ao outro lado falando de cartas do Bipartito ou doutras opinións de traballadores e traballadoras para tratar de tapar esta miseria? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Boa tarde, presidente.

Estes catorce anos de Goberno Popular corromperon a CRTVG até transformala nos medios de propaganda do Partido Popular. Hoxe, infelizmente, os medios públicos quedaron reducidos a TeleRueda, sempre co permiso da segunda canle, que —como sabemos— é TeleFeijóo. E así o veñen denunciando duascentas noventa e unha semanas Venres Negro tras venres negro os traballadores e as traballadoras da CRTVG. Pero a situación é cada vez máis grave. Neste momento, empregan de forma máis obscena ca nunca os medios públicos para impulsar o Partido Popular e bloquear e silenciar a alternativa.

TeleRueda é unha canle na que as tertulias se constrúen cunha opinión única. Por iso, durante o período de eleccións, eliminároonse das tertulias e dos faladoiros todas as voces críticas co goberno. TeleRueda é unha canle na que nos informativos se confunden co boletín de propaganda do goberno e do líder da oposición en Madrid. Abafan as escaletas dos informativos entre cortes do presidente e membros do goberno, e até o propio Feijóo, quen a pesar de ser o xefe da oposición no Goberno español segue a ser o ollo dereito de quen ordena nas redaccións.

E non falamos só de tempos, porque, ademais da omnipresencia, tamén importa a calidade da información que sempre, ¡oh, que sorpresa!, resulta unha visión benévola e positiva do Partido Popular.

TeleRueda, ademais, é unha canle de márketing. Esta tormentosa lexislatura do Partido Popular, cun presidente que desertou e que supuxo un gran reto en termos de proxección para un novo presidente de rebote. Non é sinxelo construír unha imaxe amable dun eterno vicepresidente que é percibido como alguén grisáseo, sen carisma. Por iso, os servizos de telemárketing puxeron a maquinaria a funcionar a todo trapo co obxectivo de humanizar a imaxe triste de Rueda a base de momentos relaxados de humor e de entrevistas masaxe.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mentres que os medios públicos con rigor xornalístico aproveitarían esta situación de fin de mandato para contrastar propostas e para facer a análise de resultados, hoxe, TeleRueda é o mecanismo principal do Partido Popular para a fabricación dun candidatable.

A construción dun personaxe amable pasa por contarnos a todos os galegos e galegas que Rueda é un señor que ten *hobbies*. Fundamental resultaba que todos coñecésemos que lle gusta ir en bicicleta, en moto e que incluso agora sabemos que lle gusta correr polas mañás. Pero ¿como imos coar todo isto na grella dos medios públicos?, seguramente preguntou alguén no gabinete de TeleRueda. E de aí xurdiu a marabillosa idea de inventarse un novo xénero: as aparicións sorpresa do presidente da Xunta. Alguén debeu discorrer: facemos como que o presidente pasaba por alí e así ninguén nos pode dicir que estamos promocionando premeditadamente o presidente. Un plan brillante. *(Aplausos.)* E así Rueda sorprendeunos coándose nun programa de xubilados activos por casualidade —si, si—. Mentres o señor Avelino fai unha paradiña na súa bici nunha fonte, ¡sorpresa!, aparecen tres ciclistas co logo da Xunta e do Xacobeo, e a cámara fíxase nun deles. ¡Tachán!, é o presidente da Xunta. «¡Ui!, ¡vaia casualidade!», di Rueda, que demostra que como actor non ten gran futuro. Casualidade foi tamén o comentario de Avelino, que despois di: «Paréceme unha persoa estupenda. Pola televisión eu véxoo como unha persoa sinxela. Gustoume moito». E mirando a cámara Avelino di: «A xente maior ten que facer deporte. Xa o dixo o presidente». *(Risos.)* O bo deste xénero das aparicións sorpresa é que non computan. A Dirección da CRTVG di que o presidente pasaba por alí e que, por tanto, non computa como unha peza cunha intencionalidade política.

Tampouco computa outra modalidade, que é a da cobertura do candidato do PP nos seus actos preelectorais, camuflado de presidente da Xunta. As informacións sobre o bus de precampaña do Partido Popular son relatadas no «Telexornal mediodía» como un convivio de veciños que se achegan ao presidente da Xunta, e nada aclara que é un acto electoral do Partido Popular. É unha confusión entre o papel do Partido Popular e do presidente da Xunta perfectamente pensada para dar cobertura á campaña do partido do goberno, mentres que a oposición é sistematicamente silenciada.

Ademais do xénero das aparicións sorpresas e do candidato presidente, está tamén o xénero dos momentos campechanos ou como di o propio Rueda «os de facer a mona». Durante un mes estiveron anunciando a aparición de Rueda no «Land Rober», no que o máis importante era *perrear* para levantar esa personaxe. E, sinceramente, pode *perrear* o que queira. Pero é que nos programas en *prime time* tamén por casualidade non se convida a participar a outros políticos relevantes, comezando por quen lidera a oposición. O *prime time* parece que está blindado para ese proxecto colosal de darlle un verniz de *brilli brilli* a Rueda con cañas, bailes, bicicletas e *perreos*. *(Aplausos.)*

Todo este esforzo do Partido Popular no fondo revela dúas grandes preocupacións: a inquedanza pola imaxe gris de Rueda e a incapacidade dun presidente de presentarse ante a sociedade nun formato acorde coa transcendencia e peso do cargo que ocupa, pola súa nefasta folla de resultados.

E para ocultar isto último tamén empregaron outro dos xéneros —este si xa é un pouco máis clásico da manipulación—, que é a *entrevista masaxe*. Vimos unha entrevista de vinte minutos en

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

horario de máxima audiencia, que incluso tivo que facer agardar os deportes. Vinte minutos de caricias, cun cuestionario que puña a cara vermella a calquera cun mínimo de rigor xornalístico.

Imos ver algunhas das *complicadas* preguntas que tivo que afrontar o señor Rueda: leva dezaoito meses á fronte da Xunta, ¿pasou rápido? *(Risos.)* Traducido a coloquial vén sendo: ¡home!, Alfonso, ¿que tal o levas iso de ser presidente? *(Aplausos.)*

E seguía o presentador: son moitas as cousas que preocupan aos galegos. Se lle parece comezamos falando da vivenda. ¿Que medidas ten xa neste momento a Xunta para facilitar o alugueiro e a compra? Traducido: por favor, explíquennos o ben que o está facendo a Xunta de Galicia. *(Risos.)*

Outra: ¿como van as matrículas das escolas infantís galegas, sobre todo agora que xa son gratuítas? *(Risos.)* Guiño, guiño, que ben o estades facendo.

E hai máis: outro colectivo moi importante son os nosos maiores, prazas en residencias, ¿van seguir ampliando? ¡Ampliando! Cando en catorce anos non houbo unha soa praza pública de xestión directa. *(Aplausos.)* Até as falsidades llas ten que colocar o entrevistador para que Rueda só teña que empurrar o balón á portería baleira. ¡É que só Almeida sería capaz de fallar un tiro así! Bueno, si, Rueda tamén é capaz de fallalas, porque en lugar de facerse o sorprendido polas preguntas, non paraba de dicir: que boa pregunta. ¡Ah!, iso gustaríame saber a min. *(Risos.)* Esa si que é unha boa pregunta. O que eleva xa ao máximo o nivel de patetismo da entrevista.

Curiosamente, neste caso a sorpresa foi que nin nos perfís do Partido Popular nin na CRTVG se anunciou esa entrevista. Talvez tiñan medo do exceso de ter sobrepasado xa toda liña vermella con esta entrevista brillante para mentes lúcidas.

Deixando xa a un lado a ironía, porque a cuestión é seria, isto que está pasando é deplorable, é unha vergoña para a cidadanía e para os profesionais da casa; dan ganas de chorar. E dá medo tamén saber que será o seguinte en TeleRueda. *(Murmurios.)* O presidente do goberno aínda ten a cara de mofarse dicindo que o único que lle falta xa é probar nos espazos deportivos.

Este plan de omnipresencia ten unha cara be, que é o silenciamento da oposición política e a represión contra os traballadores que non aceptan este plan de degradación xornalística. O silenciamento da oposición é evidente en escaletas e tamén na selección de temas. Podemos pór algúns exemplos recentes:

No día histórico no que o Congreso permite o uso do galego, hai mención a todas as forzas, incluídas o soberanismo catalán, e o BNG nin se menciona. Incluso na cobertura do telexornal a presentadora caracteriza a medida como unha decisión maligna polo feito de ser impulsada polo soberanismo, cando unha das misións de servizo e razón de ser da propia CRTVG é o impulso e a protección da nosa lingua.

Outro exemplo: no último debate no Parlamento Europeo, nunha peza de dous minutos e medio, dan cobertura ao Partido Popular, a Puigdemont, mentres que para a eurodeputada do BNG reservan tres segundos. Pero o que é máis obsceno é que mentres para Ana Miranda

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

hai un suspiro de tempo, dan vinte e catro segundos desa peza para explicarnos como no pleno se coaron uns ladridos dun can, que xerou moitas risas. ¿Onde está o rigor xornalístico cando un can e unhas risas ocupan oito veces máis de tempo do que a intervención da representante na Cámara Europea da principal forza da oposición deste país? *(Aplausos.)* E poderiamos encher horas de exemplos coma este.

Por iso, os profesionais están fartos e manifestanse semana tras semana contra este escándalo. Pero a dirección leva anos reprimindo a quen se opón á manipulación, con despidos como forma de represalia, con traslados forzosos por degradar os profesionais que non comulgan. E ante este grave conflito, o director da CRTVG, en lugar de buscar a mediación, iniciou unha estratexia kamikaze para a corporación que dirixe e para a actual dirección, que consiste en máis leña, en aumentar o conflito até un punto de non-retorno, máis represión, máis traslados, máis carreiras profesionais dinamitadas.

Pero se pensaban que coa represión ían parar os traballadores estaban equivocados. Hoxe, a Dirección acumula unha chea de sentenzas contrarias, afronta numerosos procesos abertos por violar dereitos fundamentais dos traballadores e ten o rexeitamento incluso do Colexio de Xornalistas de Galicia e da Federación e a Asociación de Xornalistas de España. A situación é de extrema gravidade.

TeleRueda é un ataque ao dereito á información e aos profesionais. Estas prácticas supoñen a repetición até a saciedade do mesmo discurso, a eliminación de voces con criterio propio, o desterro ao que pensa diferente e a invisibilidade dunha parte da sociedade galega que non está representada nos medios públicos.

E TeleRueda só é posible se hai un director que exerce e ampara a manipulación, o silenciamento e o castigo. Por iso, unha vez máis, temos que pedir a súa dimisión, a dimisión ademais dun mandato que xa está caducado, e a renovación dunha vez por todas da dirección cun cambio de rumbo de cento oitenta graos, para que os medios públicos sexan a tele de todos e de todas, a tele dos galegos e das galegas.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Gómez.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señora Pomar Tojo.

A señora POMAR TOJO: Grazas, presidente.

Moi boa tarde, señorías.

Señora Fernández, o que vostede fixo non foi ironía, foi unha verdadeira parodia totalmente carente de respecto cara a esta Cámara, cara ao goberno de todos e todas os galegos e, sobre todo, cara aos traballadores da CRTVG. *(Aplausos.)*

Onte unha compañeira do seu grupo dicíalle a un compañeiro do meu grupo que Galicia merecía algo máis serio. Pois, ao mellor, debería falar con esta compañeira súa, para que lle

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

explique ben paseniño o que é seriedade parlamentaria. Correos, CIS, Consello de Estado, Fiscalía Xeral, embaixadas, CRTVE, Axencia EFE, o Partido Socialista está a colonizar todas as institucións, colocando con fins partidistas persoas coas que ten unha vinculación directa, danando o seu funcionamento, sen o máis mínimo respecto democrático. E por iso non pode sorprender a ninguén que agora queira continuar esta ocupación de todas as institucións precisamente coa CRTVG.

O nomeamento do responsable de comunicación de Pedro Sánchez, que foi nas listas do Partido Socialista, Miguel Ángel Oliver, á fronte dunha axencia de noticias que debe ser unha referencia de neutralidade e profesionalidade, como é a Axencia EFE, é a última da súa impúdica instrumentalización das institucións. Esta recente designación provocou o rexeitamento e a alarma en todos os medios de comunicación de España. Eu non ensino fotos, non me vai o sensacionalismo, *(A señora Pomar Tojo amósalle á Cámara un documento.)* eu ensino un editorial *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* de *El País* do día 8 de decembro, na que di: «Pedro Sánchez sitúa á fronte de EFE unha persoa sen a máis mínima aparencia de neutralidade». E reproduzo literalmente un editorial do xornal, que ademais engade: «O novo responsable da axencia dedícase á protección militante do goberno por encima do servizo aos medios», *El País*, 8 de decembro.

O Partido Socialista non quere un director xeral da CRTVG independente, como é o señor Sánchez Izquierdo, *(Risos.)* senón situar... *(Murmurios.)* Creo que eu os escoitei con respecto... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* e creo que a intervención do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego foi sangrante; así que, por favor, a miña, que non está a ser parodia de nada, merece un respecto. *(Aplausos.)* Dicía que o que queren é situar á súa fronte a algún dos seus «propagandistas oficiais», palabras de *El País*, como acaba de facer na Axencia EFE.

É obvio que este é o motivo desta proposición, da que se falou pouco por certo, na que se pide a reprobación do director xeral porque non hai ningunha razón obxectiva para ela.

A Corporación presenta un balance satisfactorio no cumprimento da súa función de servizo público, na xestión económica, na xestión dos recursos humanos, nas cifras de audiencias, na modernización tecnolóxica e na pluralidade, neutralidade e obxectividade dos informativos, que son referencia para a cidadanía. Os seus programas informativos son líderes de audiencia en Galicia e gozan do respecto e da credibilidade dos espectadores. Así coinciden todos os datos da empresa de medición de audiencias Kantar Media, estudos xeral de medios, e do mesmo CIS, ao que penso que non poñen en dúbida os que hoxe presentan esta proposición. Pois fíxense, señoría, segundo o CIS, a TVG —contra a que tanto arremeten constantemente— merece a confianza dun 81,9 por cento dos que ven programas informativos habitualmente na televisión. Un 70,2 por cento dos que ven informativos seguen os da TVG, todos ou case todos os días, e un 14,5 por cento catro ou cinco días á semana. Son os galegos e as galegas os que acreditan con este seguimento que os informativos da CRTVG son un servizo público útil para eles e para elas, nos que confían e cos que se senten identificados.

As continuas acusacións de manipulación por parte da oposición non responden á realidade. A pluralidade, a neutralidade e a obxectividade da CRTVG están avaladas pola Valedora do Pobo e polas xuntas electorais nas súas resolucións campaña tras campaña.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Os datos desmontan o seu relato. Por exemplo, o número de entrevistas a líderes políticos nos medios públicos galegos. Voulles lembrar estes números. Ao longo do 2023, a lideresa do Bloque Nacionalista Galego foi entrevistada nos programas informativos da CRTVG, Radio e Televisión, oito veces; o señor secretario xeral do Partido Socialista de Galicia, en seis ocasións, e o presidente Alfonso Rueda, unha vez. Catorce entrevistas aos líderes da oposición e unha entrevista ao presidente da Xunta.

Así que os únicos que manipulan son vostedes, tanto no que se refire aos contidos dos informativos como á situación na súa plantilla. Na súa proposición e no que a señora Otero explicou hoxe na súa intervención aducen represalias contra persoal traballador da CRTVG, pero agochan —non sei se consciente ou inconscientemente por desinformación— que os tribunais acaban de desestimar na súa integridade as demandas de tres traballadores, sobre as que levan falado durante meses, atacando o director xeral por supostos castigos aos profesionais dos medios públicos.

As sentenzas —e imos falar das sentenzas— consideran que a CRTVG actuou axeitadamente e que non houbo modificacións substanciais das condicións laborais nin, polo tanto, esa vulneración dos dereitos fundamentais da que acusan o director xeral, sen o máis mínimo respecto á presunción de inocencia.

¿De que represalias falan?, ¿das represalias que tomou o Partido Socialista contra Fernando Garea, efémero director de EFE, ao que o mesmo que agora vai dirixir a Axencia convocou nunha cafetería en Madrid para anunciarlle o seu cesamento? O Partido Socialista quería que fose unha axencia do goberno en lugar do que debe ser, unha «axencia pública de noticias», e cito as palabras de Garea na súa despedida.

¿Ou das represalias que tomou o Partido Socialista contra o por breve tempo presidente de CRTVE, José Manuel Pérez Tornero, ao que botaron porque consideraban que non era o suficientemente duro co Partido Popular?

Habería que saber tamén quen anda por detrás da dimisión do señor Sampedro. Debe ser a man dos gurús do señor Besteiro, que xa estiveron por detrás daquela revolta do Partido dos Socialistas de Galicia en Lugo, particularmente na deputación.

Os ataques da oposición contra a CRTVG só responden a fins partidistas para intentar danar a súa imaxe e desacreditala. Teñen no caixón unha proposición de reprobación de Sánchez Izquierdo que sacan —¡oh!, casualidade— cando se achegan as eleccións —eu non actúo tan ben como as que me precederon no uso da palabra, son parlamentaria—. Por esta mesma proposta de hoxe fixeron un pleno en xullo, antes das xerais, e outra igual do Bloque Nacionalista Galego no mes de abril, antes das municipais, que foi —¡oh!, tamén casualidade— cando se convocou esa folga, señora Otero.

Por certo, vostede sabe que ese *Luar* non se emitiu porque faltaba unha persoa, unha persoa, que era a realizadora do programa.

Señoría, vostede sabe que moitas das fotos que sacou hoxe aquí son de hai cinco anos. Polo tanto, están un pouquiño pasadas xa de tempo. *(Murmurios.)*

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Miren, señorías, non defenden —como din— os traballadores e traballadoras, senón que queren coartar a súa liberdade de información; *(Murmurios.)* incluso atentan contra a súa dignidade, parodiando nesta cámara eses traballadores. Unha práctica habitual por parte do equipo de Pedro Sánchez, que, despois de intentar monitorizar as redes sociais, impide aos xornalistas facer preguntas nas roldas de prensa e arremete contra os que non halagan o seu Goberno, vetados das súas viaxes oficiais. A CRTVG ten á súa fronte un director xeral independente e profesional, un director xeral que, ademais, señorías, ¡foi pactado co Partido Socialista!, aínda que agora reneguen dese consenso acadado co seu entón secretario xeral, o señor Pachi Vázquez. A corporación funciona con autonomía, de acordo con criterios profesionais, sen inxerencias nin ningún tipo de indicación por parte do Goberno galego.

Sosteñen que é precisa a reprobación de Sánchez Izquierdo para garantir os valores de pluralismo, veracidade e accesibilidade ante a proximidade dun período electoral. Pero ¡se os únicos que saltan a pluralidade e a neutralidade nas campañas son vostedes, señorías!, *(Aplausos.)* ¡son vostedes!

Miren —vou rematando xa, presidente—, o Goberno de Pedro Sánchez sabe moito de uso electoral das institucións públicas. Tanto Sánchez como a súa entón ministra-portavoz, a señora Isabel González, foron multados pola Xunta Electoral na última campaña das xerais por quebrar o principio de neutralidade dos cargos públicos en campaña e por facer electoralismo na Moncloa. A CRTVG do Bipartito recibiu unha ducia de reprobacións das xuntas electorais nas campañas das eleccións autonómicas do 2009. Non houbo un escándalo semellante, señorías, nin un uso partidista dos medios públicos ante unha cita electoral como aquela cita electoral. Poden estar tranquilos.

E remato xa. O señor Sánchez Izquierdo non é como o director xeral que nomearon vostedes. O respecto á legalidade é escrupuloso sempre, e máis aínda en períodos electorais. O director xeral da CRTVG non debe ser reprobado, senón felicitado, pola súa xestión á fronte dunha corporación exemplar, e, mal que lles pese —aínda que parece que teñen moitas gañas de traballar nun *reality*—, referencia entre todas as canles autonómicas e, por suposto, sinal de identidade para toda a sociedade galega.

Máis nada e moitas grazas. E bo Nadal. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pomar.

A señora OTERO LAGO: Moitas grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE: Non. Espere.

A señora OTERO LAGO: É que non me aguanto.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Perdoe, perdoe un momento.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Os aplausos non computan no tempo. Vostede, tranquila.

(Aplausos.)

Grupo autor da proposición non de lei, señora Otero.

A señora OTERO LAGO: Ben, sempre dicimos que procuren, cando len certas intervencións para desmontar cousas que dicimos, ser cando menos rigorosos. Dicir que esas fotografías son de hai cinco anos... *(Aplausos.)* Estaban agora chegando mensaxes, por certo, de responsables profesionais, compañeiros e compañeiras, que traballan en *Luar* flipando. Afectou a *Deportes*, afectou ao *Zigzag*, pero non houbo folga; e é todo imaxinación nosa. Un saúdo, ademais de a Gayoso, a Miguel Ángel Oliver, ao compañeiro e amigo Fernando Garea. Dende logo, ten vostede moitísimos argumentos para falar da situación da CRTVG, como vimos de ver.

E miren, o que pedimos aquí e seguimos pedindo —coincidan ou non procesos electorais, eu faláballe de hai dous anos e medio, non tiñamos procesos electorais á vista— é que cumpran a Lei de medios públicos galegos, aprobada hai doce anos neste parlamento, e que non cumpren nin no máis mínimo: nin estatuto profesional nin consello de informativos. Agora xa nin se atreven a dicir que xa case case que vai saír ese estatuto profesional.

E miren, quen enreda e non son rigorosos son vostedes. A sentenza destes últimos catro traballadores o que di é que non houbo efectivamente modificación substancial das condicións de traballo e que estes traballadores poden dentro da corporación —como marca a xurisdición social— cambiar da Radio á Televisión. Non entra a valorar se hai e di, textualmente —atentas e atentos, imos ser rigorosos—: «porque non se descarta nin valora a vulneración e represalias, porque a lei reguladora de xurisdición social non o permite», que é a instancia da que vostede fala. *(Aplausos.)*

Pero si que era unha sentenza firme, temos unha ben clara e firme, a de Carlos Jiménez. ¿De que valeu? Si fala de vulneración de dereitos fundamentais e represalia; si está acreditado. ¿Vale de algo? Señora Pomar, si hai tamén sentenzas por non respectar a conciliación por discriminación dos dereitos fundamentais por razón de sexo; si hai condenas á actual dirección xeral por vulnerar o dereito á folga; e, se quere, seguimos, porque son públicas. Entón, non teñan esa ousadía.

Eu xa lle dicía: ¿que interese ten nas eleccións políticas galegas a Federación Internacional de Xornalistas, onde están representados máis de seiscentos mil profesionais, de máis de cento corenta países? Pero ¿en que delirio están vostedes instalados?

E as audiencias, evidentemente, non o explican todo e menos avalan a vulneración dos dereitos fundamentais. Pero xa lle digo que tampouco mintan. A Televisión de Galicia non é líder de audiencia en Galicia por Kantar Media e por medición de audiencias diarias. E teñen vostedes os datos que son públicos. A canle máis vista cada día en Galicia —e mire, para que non diga que escollemos un día, porque teño os datos do día 18 e son os últimos— foi Antena 3, como é cada día o líder de audiencia —que non é algo que aplaudimos nin que nos alegre—; Antena 3 TV é líder de audiencia. Pero voulle dar o acumulado da media mensual —ou da media anual, que

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tamén sae coas curvas, coa medición diaria de audiencia da nosa comunidade autónoma—, e a líder absoluta é Antena 3, dende hai moito tempo; a Televisión de Galicia, en segundo lugar e ás veces en terceiro lugar. E se imos por franxas, non falemos do que acontece co *late night*, e non mesturemos audiencias, medición, curvas, consumo diario, con EGM, que é outra cousa. Pero non temos tempo e estamos a falar dalgo moito máis importante que as audiencias.

Falabamos do caso de Baltar. Falamos do caso que ten acontecido ultimamente da denuncia por parte do Comité Intercentros a este parlamento nunha deturpación absoluta informativa, que é dar cobertura a ese autobús do señor Rueda, «Galicia non para», que é información, contido político preelectoral do Partido Popular, e vai chegando ás localidades e o presentan como información institucional e como presidente da Xunta de Galicia. Iso chámase deturpación informativa e vai en contra de calquera mínimo manual de estilo. *(Aplausos.)*

Pero é que —fíxense noutra cousa— estiveron en Castro Caldelas toda a semana cubrindo a información da repetición das eleccións municipais en certos municipios. Alí, en Castro Caldelas, o equipo enviado, informando e informando; o día que son as eleccións municipais —o día da repetición— está en titulares, fixeron seguimento toda a semana; e cando se coñecen os resultados pola tarde e o PSdeG gaña a alcaldía, ¿que pasa? ¡Desapareceu a información que era de interese máximo no *Telexornal*! *(Aplausos.)* Ao mediodía, en titulares durante toda a semana e logo a información de quen gaña esas eleccións non aparece. É que é un auténtico escándalo.

E remato. A CRTVG non conta sequera cun plan de igualdade, e velaí os episodios que temos vivido dun caso de acoso a unha moza en directo en *prime time*. De dar voz nun caso dunha condena na Radio Galega de agresión sexual, como o caso de Santi Mina, con condena e con sentenza, o avogado do agresor criminalizando unha vítima de abusos sexuais, falando de que os cus grandes están de moda.

Nós queremos rematar, de verdade, felicitando o Nadal, desexando toda a sorte do mundo, pero cumpran a Lei de medios públicos galegos. O señor Sánchez Izquierdo hai moito tempo que esgotou o seu mandato e non hai unha remuda na dirección xeral nin se cumpre a lei, porque ¿a quen lle interesa —insistimos— que existan esas ferramentas que garanten a obxectividade, a pluralidade e que sexan as e os profesionais os que decidan os contidos? ¿A quen beneficia que non haxa un estatuto e un consello de informativos? A quen fala de todo menos da situación que acontece na CRTVG: ao Partido Popular. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago, sobre a proposta de resolución que se presenta en defensa dos valores da Constitución española con motivo do cumprimento do seu cuadraxésimo quinto aniversario

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Paloma Castro Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (11/PNP-005124, doc. núm. 62881).

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Emenda de modificación:

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento de Galicia manifesta, ao cumprirse o 45º aniversario da Constitución Española, o seu compromiso e apoio á plena vixencia da nosa Carta Magna e do Estatuto de Autonomía de Galicia e o seu apoio á reforma do artigo 49 da CE da mesma co fin de adaptar a linguaxe dunha forma que reflicta os propios valores da constitución e a dignidade inherente a este colectivo.

Así mesmo trasladar aos grupos parlamentarios con representación nas Cortes Xerais a urxente necesidade de que procedan á renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial. »)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, presidente.

Señorías, o Grupo Parlamentario Popular trae hoxe a debate unha iniciativa en defensa da Constitución española. Traémola porque no pasado pleno vostedes non quixeron nin sequera intentar chegar a un acordo respecto á celebración do 45 aniversario da Constitución española.

Considero, señorías, importante recordar que, grazas á Constitución de 1978, estamos hoxe neste parlamento, dende os máis novos, que aínda non naceran, ata os máis veteranos, que votaron a masiva aprobación en referendo nacional da Constitución de 1978. E digo masiva porque, si, foi do 87,9 por cento o «si» á Constitución, menos en Cataluña, onde chegou a alcanzar o 90,5 por cento —si, o 90,5 por cento dos cataláns votaron «si» á Constitución—.

E neste contexto aprobouse a lei de leis, e ninguén perdeu dereitos e ninguén perdeu propiedades nin liberdades. Sucedeu todo o contrario: a Constitución foi o principio do final de moitas leis que foron derrogadas despois, xa que coartaban liberdades e impedían a plena igualdade. Cuestións que hoxe quedan moi atrás, como a licenza marital, a necesidade da firma do marido para facer algunha compra por parte da muller, simplemente para abrir unha conta bancaria ou para solicitar o pasaporte. O marido... *(Murmurios.)* —escoita de calidade que din vostedes, grazas—. O marido era o administrador da sociedade de gananciais, penalizábase o uso dos preservativos ou mesmo non se consideraba a violación cando era dentro do matrimonio.

Pois ben, o artigo 9.2 ou o artigo 14 da Constitución provocaron cambios inexorables nesas formas xurídicas. A igualdade é un valor superior na nosa Constitución; xa o di o propio artigo 1 da Constitución española. Ademais, a igualdade ante a lei ou na aplicación da lei son principios fundamentais en que hoxe ninguén pode imaxinar que se puidera dar un paso a atrás.

Pois si, hoxe vivimos nun contexto no que se están dando pasos atrás, vivimos nun momento no que aqueles que prometeron gardar e facer gardar a Constitución son os mesmos que, cos seus pactos, e só por manterse no poder, están rompendo o noso marco de convivencia

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

democrática. E son tamén os que, por primeira vez en democracia, permitirán que os galegos e galegas vexamos como pretenden romper co principio fundamental de igualdade que se consagra na Carta Magna e poñer outros por riba de Galicia. E esa desigualdade entre territorios, esa discriminación a Galicia, ese desprezo a Galicia, os que defendemos Galicia non o imos consentir. *(Aplausos.)*

E non só o principio de igualdade. A Constitución recoñece tamén o principio de solidariedade e vela polo equilibrio económico entre todos os territorios do país, principio que vostedes e os seus socios pretenden destruír, cargándonos aos galegos con 400 euros a cada un para pagar os catro anos de goberno do señor Sánchez.

A Constitución permitiu o maior período democrático da nosa historia, traendo consigo innumerables avances en dereitos, en liberdade, en prosperidade, para o noso país e tamén para Galicia. E, se foi posible, foi pola xenerosidade de moitos políticos da época, políticos de diferentes forzas políticas —forzas políticas que eran absolutamente antagónicas—, dende Santiago Carrillo ata Manuel Fraga; pola súa vontade de chegar a acordos e de deixar as diferenzas a un lado. Foi grazas a eles, grazas á vontade de querer tender pontes e non construír muros —como queren agora o PSOE e os seus socios— a Constitución española de 1978 foi posible e a Transición foi posible.

A mesma Constitución que nos permitiu ter un Estatuto de autonomía que construíu a mellor Galicia da historia; a Galicia que non para. E vostedes comulgan cos que falan do «Réxime do 78», cando foi precisamente a partir do 1978 cando Galicia e España puideron medrar en liberdade e en igualdade e liberarse dun réxime. Pero o do 78 non era precisamente un réxime.

E aínda así atrévense a darnos lecciónns. Esta fin de semana viñeron os de Madrid, viñeron os de Madrid a esa convención que celebraron os do Partido Socialista de Galicia. Polo que se ve, parece que non lles saíu tan ben como esperaban. Menos para Nadia Calviño, que se veu arriba, demostrando o pouco respecto que ten pola institución que vai representar. En lugar de gardar as formas, vén soltarnos proclamas precisamente sobre democracia. Dixo exactamente: «*Cuando el presidente del Gobierno llama a alguien* —si, si— *para que venga a Moncloa, se va. Y el señor Feijóo ya está llegando tarde, y es de primero de democracia y de primero de educación*». Ben, en primeira fila estaba o alcalde de Vigo, que supoño que aprendería moi ben esa elección, porque cando o presidente Rueda o chamou, non foi a esa reunión. *(Aplausos.)* De primeiro de democracia.

Miren, de primeiro de democracia é non derrogar o delito de sedición. De primeiro de democracia é non rebaixar o delito de malversación. De primeiro de democracia é non sacar á rúa violadores e agresores sexuais antes de tempo. De primeiro de democracia é non reunirse con prófugos da xustiza; quedarse a escoitar a resposta do teu adversario no Parlamento Europeo; non enchufar o teu compañeiro de pupitre en Correos e non cesalo a pesar de que estea afundindo a compañía; non cesar letrados do Congreso porque non están de acordo coa Lei da amnistía; non nomear exministros do teu Goberno para o Tribunal Constitucional; non nomear como fiscal xeral do Estado a unha exministra do teu Goberno; non nomear fiscal de sala á exfiscal xeral do Estado. De primeiro de democracia é non firmar un acordo de

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

investidura no que se recoñece o *lawfare* en España; non usar partidariamente o Congreso dos Deputados e a súa Presidencia; non indultar expresidentes socialistas; non usar o CIS partidariamente; non pactar con partidos que levan nas súas listas condenados que teñen as mans manchadas de sangue por delitos de sangue; *(Aplausos.)* non dicir que é constitucional o que non o era hai uns meses, ou mesmo en campaña electoral. De primeiro de democracia é non mentirlles aos teus votantes. De primeiro de democracia é non vender a igualdade dos españois e dos galegos por un sillón na Moncloa. *(Aplausos.)* Así que, señores do Partido Socialista, lecciónns de democracia ningunha. ¡Ningunha!

E xa sabemos o que opinan os do BNG. Ou non, porque uns días poñen a pel de cordeiro e outros a de lobo, segundo lles conveña ou lles deixen. Non sabemos se hoxe farán un debate serio ou unha *performance* e así evitar o inevitable: que se visibilice que a súa moderación é tan falsa como que o referendo do 1 de outubro era legal.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Castro Rey.

A señora CASTRO REY: Grazas, señor presidente.

Vou achegar os micros, porque estou coa voz un pouco tocada. Estou coa voz un pouco tocada, pero moi orgullosa e sacando peito desta replica que vou facer en nome do meu partido. ¿Sabe vostede por que? Porque tanto eu como todos os meus compañeiros e compañeiras estamos moi orgullosos non só das siglas que representamos, senón da traxectoria histórica do noso partido. *(Aplausos.)* Señorías do Partido Popular, ¡canta falla fai en Galicia o investimento en memoria histórica! Se non, para mostra un botón, foi a intervención do seu portavoz, do señor Pazos onte, na que dixo que a socialista Margarita Nelken votara en contra do sufraxio feminino. É que me pega a risa, porque ela nin era deputada. *(Aplausos.)* Adquiriu a acta de deputada dous meses despois desa votación. As únicas mulleres que votaron o sufraxio feminino foron Clara Campoamor e Vitoria Kent. E mire, como estamos en Navidades, recoméndolle como agasallo o libro de Isaías Lafuente, onde redacta o día a día do que sucedeu nesas xornadas de votación do sufraxio feminino.

Como dicía eu, que falla fai o investimento en memoria histórica, porque vostedes saberían tamén que o partido que principalmente impulsou a Constitución foi o Partido Socialista. E vostede falaba dos que participaron nesas xornadas da aprobación da Constitución no ano 1978. E recoméndolles tamén que boten unha ollada ao Diario de Sesións do Congreso dese debate e aprobación do ano 1978. Entón verían unha persoa que creo que coñecen, Manuel Fraga Iribarne, antes representante de Alianza Popular que logo mudou o «A» polo «P» do Partido Popular e foi o seu presidente durante moitos anos. E dicía cousas como esta: *«Se inicia así un camino peligroso. La expresión "nacionalidades" constituye un grave peligro para la unidad nacional y discriminatorio para algunas regiones respecto a otras».* Este argumento sóame un pouco, ¿non? Sóame familiar este argumento. Logo falaba dunha democracia débil e partitocrática e dicía que era *«una nueva ocasión perdida para España».*

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señorías do Partido Popular, levan corenta e cinco anos cos mesmos argumentos; *(Aplausos.)* cos mesmos argumentos e a mesma actitude. Non, ben, rectifico. Coa mesma actitude non, porque dicía tamén o señor Fraga Iribarne: «*Pero soy de los que creen que aun así hay que luchar para aplicar la Constitución del mejor modo posible y mejorarla, porque más importantes que las leyes son las costumbres ciudadanas y el nivel ético de la clase dirigente*». Demostraron unha mínima responsabilidade e sentido de estado, moi por riba do señor Feijóo e dos actuais dirixentes do Partido Popular, porque agora dese carecen. *(Aplausos.)*

Falaba ao inicio de investimento en memoria histórica. Investimento tamén para falar dese Estatuto de autonomía do que falan na iniciativa. Vostede na intervención non falou, pero na iniciativa póñeno en valor, ¿non? E aquí si que estou orgullosa e aquí tamén lles pode recomendar como agasallo o libro do pai da miña compañeira Noa Díaz, no que ela tamén participou. Ten moitos dos meus e algunhas das miñas compañeiras e fala de como ese día a día, eses días, loitaron para defender os dereitos da súa terra, para defender que Galicia sexa unha autonomía plena con todos os dereitos, porque fose considerada unha nacionalidade histórica, opoñéndose aos seus compañeiros de Madrid e non cedendo pulso ante o que consideraban que era xusto para a súa terra. Con moito diálogo, que é como se solucionan os conflitos políticos, como tamén nos demostrou a historia. E con moito diálogo é como imos facer nós cando dentro dun mes José Ramón Gómez Besteiro goberne Galicia. Con moito diálogo desatascaremos todas esas transferencias que levan décadas atascadas. *(Aplausos.)* Con moito diálogo avanzaremos por fin en Galicia. E con moito diálogo non serán nin Aznar nin Ayuso os que nos marquen o camiño.

E dicía eu que que esquecemento histórico tiñan vostedes, ¿non? E por falta de estudo de investimento desta Xunta. Pero non é malo, señora Prado, que corenta e cinco anos despois vostedes recoñezan a Constitución como a base do noso sistema democrático. Eu penso que se facemos un cálculo ao mellor no ano 2068 virá aquí un deputado do Partido Popular e porá en valor as bondades da Lei de amnistía do ano 2025. Agardamos que iso suceda. *(Aplausos.)* Eu penso que eu non estarei aquí; non sei se algún de nós estará aquí.

E miren, poñemos en valor dúas normas, o Estatuto de Autonomía e a Constitución española, en ningunha das cales crían no seu momento. Dúas normas que teñen unha base común: que nacen do consenso e do diálogo.

Falan da Lei da amnistía e din que é unha lei anticonstitucional. Xa era anticonstitucional antes de coñecer o texto. Xa saían á rúa, unha señora gritando, xente rezando o rosario...; un guión que se o collen os Monty Python fan un peliculón aí. De verdade, ¡eh! *(Aplausos.)* E dicían vostedes que é anticonstitucional; o Partido Popular, non o Tribunal Constitucional, que é o que o ten que dicir unha vez se termine esa tramitación ordinaria que se está a levar no Congreso dos Deputados. E o preámbulo da Constitución española, que é un preámbulo dunha lei e o que contén o espírito da norma di: «A vontade da Constitución é garantir a convivencia.» E iso mesmo é o que pretende a Lei da amnistía: garantir a convivencia, alentar a reconciliación social e contribuír ao restablecemento das relacións normais dun país.

E, ademais, é que non é nada novo. No ano 1977 viñamos dun pasado de confrontación, de ruptura, de perdoar delitos que agora serían imprescritibles, porque foron delitos de lesa

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

humanidade. ¿E para que serviu isto? Pois serviu para construír o país que temos hoxe. E decidiu facerse sen iras e sen revanchas. ¿Están vostedes a dicir agora que o que se fixo era inconstitucional? ¿Están vostedes a dicir que a Constitución impediría agora mesmo a Transición? ¿Que se entendería unha Constitución sen unha amnistía previa? ¿Señores do Partido Popular, onde se vai romper España? ¿Por que é inconstitucional a Lei de amnistía? E, sobre todo, ¿cal é a alternativa do Partido Popular en 2023 para restablecer a convivencia, señorías do Partido Popular? *(Murmurios.)* Porque coñecemos ben cal foi a alternativa en 2017. *(A señora Castro Rey mostra a portada dun xornal.)* En 2017 existiu unha primeira alternativa, que era a alternativa do señor Mariano Rajoy, de convocar eleccións e consentir unha amnistía, pero despois aplicaron outra. E o resultado xa o coñecemos. Non o digo eu; dío a portada de ABC, que lla deixo aquí ao presidente para que llela mande. *(Murmurios.) (Aplausos.)* Miren, corenta anos cos mesmos argumentos, señorías do Partido Popular, e cunha conduta destrutiva, deshonesta e de acoso a Pedro Sánchez.

E vou dicirlles eu agora unha cousa. Vou dicirlles para nós, os socialistas, o que é a igualdade. Para nós os socialistas a igualdade garántese impoñendo impostos aos que obteñen grandes ingresos e non condonando os mesmos, incrementando o subsidio por desemprego, garantindo á mocidade o acceso á vivenda, sen listas de espera en atención primaria, con gratuidade dos libros de texto ou dando aos nosos maiores unha vellez digna. E, sobre todo, non negando que hai 53 mulleres asasinadas este ano a causa dunha violencia exercida por homes machistas. Iso é a igualdade para nós, os socialistas. *(Aplausos.)*

Falaba vostede tamén —e vou acelerar un pouco, porque senón non me dá tempo a rebatela— do pacto con Bildu. Eu dígolle: no ano 1996, cando existía unha banda terrorista en activo que estaba a asasinar xente, o seu presidente Aznar falaba, pedía publicamente a máxima xenerosidade e dicía: «*Espíritu abierto y mano tendida*». E iso foi o que pasou: moito diálogo, o diálogo do señor Zapatero —criticado enormemente cunha campaña de acoso e derribo por parte do Partido Popular— que conseguiu poñer fin á violencia e que desfrutemos hoxe dun país en paz como desfrutamos todos. As miñas fillas non saben o que é o terrorismo e eu levantábame con iso todas as mañás. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Grazas ao Partido Popular? Non. Grazas ao Partido Socialista. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

E, señorías do Partido Popular, os actuais inimigos da democracia todos sabemos quen son; estámolo a ver noutros países. Os inimigos da democracia son a ultradereita de Vox. A ultradereita de Vox, que son os están utilizar vostedes para entrar nas institucións. *(Murmurios.) (O señor presidente pide silencio.)* ¿Continúo? Miren, os inimigos da democracia son a ultradereita de Vox, que os están a utilizar a vostedes para entrar nas institucións. E se obteñen representación en Galicia, se se presentan —como se van presentar, que o anunciaron hoxe— meteranos vostedes tamén nas institucións. Eses si que poñen en risco a Constitución e a convivencia, como farán no momento en que teñan poder suficiente.

Miren, dicía o señor Feijóo no seu debate de investidura: «*Fuera de la Constitución no hay democracia*». Leva o Partido Popular cinco anos e quince días fóra da democracia, porque ese é o tempo que leva bloqueando o Consello Xeral do Poder Xudicial. Un bloqueo que depende unicamente do Partido Popular *(Aplausos.)* e non como pretendía a enredar o señor Pazos falando das maiorías, de que non era necesaria no anterior mandato, na anterior lexislatura

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o Partido Popular. Claro que é, señor Pazos, porque vostede parte dunha premisa diferente da que partimos os socialistas, porque os socialistas coa ultradereita, co fascismo non imos pactar nada. ¡Nada! E menos o terceiro poder do Estado. ¡É que só faltaría! *(Interrupcións.)* Nada imos pactar. Vós si, que os metedes nas institucións e gobernades nas comunidades autónomas con eles. *(Interrupcións.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Silencio, porque se non o único que imos conseguir é que despois cando volva falar a señora Prado se monte aquí outra revolución. ¡Tranquilidade! Hai que saber escoitar. Non, non, hai que saber escoitar; encaixar aquí e encaixar aí. *(O señor presidente sinala primeiro a bancada do Grupo Parlamentario Popular e despois a bancada do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.)* Hai que ser respectuosos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Claro, pero se vostede está interrompendo xa o está facendo mal. Imos pór as cousas no sitio. Non se pode interromper. Está ela no uso da palabra. Falou a señora Prado, que eu saiba non a interromperon. Respecten todos, incluídos vostedes tamén. *(O señor presidente sinala a bancada do Grupo Parlamentario Popular.)* Imos terminar o Nadal ben.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Xa remato. Miren, os españois xa lles demostramos que a España de 2023 é unha España de futuro, que mira cara a 2050; mentres vostedes prefiren confrontar, excluír e enfrontar usando ao seu antollo conceptos como democracia, Constitución, Estado de dereito e igualdade. Mentres vostedes sementan medo, nós sementamos esperanza.

Moitas grazas e bo Nadal. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: Moi boa tarde a todos e a todas.

Moitas grazas, presidente.

Vendo as últimas iniciativas que quizais nos últimos meses vén traendo a este Parlamento, tanto ao pleno como ás comisións, o Partido Popular estamos vendo que as efemérides se están a converter nunha das súas especialidades. É case coma se se tratase *del turrón el Almendro*: *la Constitución «vuelve a casa por Navidad»*. Pero, ¿para que? Podemos falar da Constitución para mellorala, para cambiala, para traer melloras para este país. Pero, polo que se viu, pois non. Claramente non. É para empregala de novo como arma arreboladiza contra non sei quen, para ver se lle pode facer algo de dano aos rivais políticos.

Pero antes de falarmos da iniciativa, aínda que sexa algo difícil, eu penso que se teñen que preguntar a vostedes mesmos, señores e señoras do Partido Popular, se esta Constitución lles gusta. Ao Bloque Nacionalista Galego xa lles dicimos que non, e vostedes mesmos e mesmas sábeno. Pero, ¿ao Partido Popular gústalle?

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Porque, a ver, miremos uns articuliños, comezando por exemplo co 30.1, artigo ademais bastante chulo. Di así: «*Todos contribuirán al sostenimiento de los gastos públicos de acuerdo con su capacidad económica, mediante un sistema tributario justo inspirado en los principios de igualdad y progresividad*». E vostedes o primeiro que fan en canto poden é baixarlles os impostos aos ricos. Entón é moi, moi difícil cumprir así a Constitución. Pero é que logo é máis, cando hai mínimas intentonas de facer isto que ten un pouco de sentido de que os que máis teñen paguen un pouquiño máis, vostedes tachan esas medidas de comunismo e non sei que máis palabras satánicas. Entón, a min estráñame un pouco que a Constitución española do 78 defenda abertamente o comunismo. Pero ao parecer si. Moi ben.

Pasamos ao 47, que encima nos últimos tempos é un artigo que se debería ler moitísimo máis: «*Todos los españoles tienen derecho a disfrutar de una vivenda digna y adecuada. Los poderes públicos promoverán las condiciones necesarias y establecerán las normas pertinentes para hacer efectivo este derecho, regulando la utilización del suelo de acuerdo con el interés general para impedir la especulación.*» Impedir a especulación. Pero logo na realidade o que vemos é que para o Partido Popular a vivenda non é un dereito; é un ben de mercado. E cando se intenta facer efectivo o que di a Constitución vostedes tachan esas mínimas medidas —ademais de comunismo, evidentemente— de intervencionismo estatal moi perigoso. E chegan a dicir abertamente, aquí case cada pleno, que son medidas que benefician os okupas. Entón a min rapidamente vénme á cabeza o señor Fraga Iribarne no 78 lexislando e facendo unha Constitución para os comunistas e os okupas, e é moi estraño que apareza isto na Constitución. *(Aplausos.)*

Pero só por coller un último artigo máis. Un artigo que tamén estivo moi de moda ademais ultimamente, e non porque o dixésemos nós, o 99.3: «*Si el Congreso de los Diputados, por el voto de la mayoría absoluta de sus miembros, otorgare su confianza a dicho candidato, el rey le nombrará presidente.*» E dígoo porque Feijóo estivo tres meses dicindo que gañara as eleccións e era unha fraude porque non era presidente. Entón, se non cre no parlamentarismo, pois cambiamos a Constitución e comezamos a falar de se hai que cambiar a Constitución. Pero a Constitución non se pode cambiar. ¿Por que? Porque se rompe España. Rómpese España e entón non se pode cambiar a Constitución, salvo que o diga a Troika, porque se o di a Troika como en 2011 rápido rápido, así nunhas semaniñas, non teñen ningún tipo de problemas en sumar os seus votos aos do Partido Socialista e cambiar a Constitución nun plis plas. Aí non se rompía España, polo que fose.

Pero entón por isto temos que preguntarlles se vostedes están contentos e contentas con esta Constitución, porque moitas veces non é que non cumpran o que di a propia Constitución, ¡é que a maioría das veces fan o oposto, fan o contrario do que aparece na Constitución! Eu non quero que teñan vostedes unha imaxe de si mesmos é de si mesmas de antisistema, pero moitas veces si que o son.

Pero lendo a súa iniciativa o que nos queda claro é que con este libro, digamos, con esta Constitución o que vostedes fan é un acto de fe, como se se tratase das sagradas escrituras. Porque xa para comezar, ¿cantos galegos que no día de hoxe vivan a votaron? Imaxínense que este Parlamento fose a sociedade galega. Actualmente puideron votala catro persoas. Catro persoas, o 5,3 por cento deste Parlamento. Eu non sei que votaron e non vou sinalar

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

por cuestións de idade, pero eu non sei que votaron; se votaron que si ou que non. Se isto lles parece representativo... *(O señor presidente:* Eu votei que si.*)* Paréceme ben, presidente, pero se isto lles parece representativo eu non sei que representatividade consideran vostedes. Ao mesmo tempo, vendo as propias participacións, en Galiza votou soamente o 50,2 por cento do electorado e na media estatal o 67,11. Seguimos cunha representatividade absoluta.

Pero dicimos que, ademais, vostedes fan un dogma de fe. Soamente temos que ler o que poñen literalmente na propia iniciativa, porque hai que ler: «É necesario insistir no si inequívoco e sen condicións de Galicia e dos galegos á súa vixencia» [á da Constitución]. ¿Para que cuestionarse cousas, verdade? Aumentar o autogoberno, traer melloras para Galiza... Non sei, esas cousas. Porque, total, a Galiza de 1978 seguro que é igual á Galiza de 2023, case 2024.

Falan tamén de que hai que rexeitar o cuestionamento da continuidade da monarquía parlamentaria. ¡Que tolura cuestionar que unha persoa sexa xefe do Estado por nacer nunha familia en 2023! É unha tolura inaceptable, evidentemente. ¿Onde está a igualdade que tanto enarboran cando esas persoas non poden ser xulgadas só por nacer dunha familia? Por certo, que a puxo aí certo ditador, pero ese é outro tema. ¿Que pasa, que non se rompe a igualdade cando as condicións de vida cambian ou non dependendo de se naciches nunha familia ou noutra?

Pero aínda por riba teñen a valentía de falar na propia iniciativa de «España foi testemuña de como a ruptura social só sementa o caos e brota desgrazas». Todo moi prosaico, unha elexía case. E eu neste caso voulles dar a razón. Pero é que isto incrementouse sempre que gobernou ou sempre que goberna o Partido Popular. Porque a ruptura social non é enarborar unha ou outra bandeira. Ruptura social son case miles de desafiuzamentos día a día. Ruptura social é ir ao centro de saúde e que non teñas médico ou médica. É non chegar a fin de mes. Iso é a ruptura social. *(Aplausos.)* Ruptura social é a pobreza ou a ruptura social tamén pode ser lexislar para amnistiar defraudadores fiscais. Aí non había ruptura social, ¿verdade? Ruptura social ao fin e ao cabo é a desigualdade, sexa económica, social, de xénero ou incluso lingüística. E estes catro tipos de ruptura social, de desigualdades, sempre se incrementaron cando goberna ou gobernou o Partido Popular. Porque cando gobernaba M. Rajoy aí día a día miles de persoas eran botadas da súa casa, tivesen a idade que tivesen, porque non a podían pagar. E aí, en cambio, casualmente non se rompía España.

Pero isto débese a que non teñen moitas respostas para os problemas dos galegos e das galegas. Por iso nos traen estas iniciativas. Porque cando os galegos saen á rúa ou din tamén nun centro de saúde que queren unha sanidade pública de calidade, vostedes o que lles poden dicir é «España»; sanidade pública, España. Se queren educación pública de calidade ou poder chegar en bus a escola —miren que cousas— vostedes o que lles din é: *«se rompe España»*. Se lles falan, por exemplo, de que se queren ter residencias públicas e dignas, con todos os medios necesarios para dar unha atención digna, hoxe tráennos Constitución española; vixencia da Constitución española, con palabras grosas ademais, por suposto. Polo que se non teñen ningún tipo de solución para os problemas reais da xente e queren empregar o Parlamento Galego para isto pois adiante, evidentemente. Pero tamén quero dicirlles unha cousa: en teoría, aquilo que se quere —sexa o que sexa; sexa un libro ou sexa unha

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

persoa— ou do que se está orgulloso, normalmente deféndese e cúmprese e non se utiliza como arma arreboladiza para danar a non sei quen.

Dígollelo de novo, se queren ondear bandeiras, ondéenas. Non pasa nada. Se queren defender libros que non cumpren, pois deféndanos. Se queren vir aquí berrar case «*España una y no 51cincuenta y una*», están no seu total e absoluto dereito. Pero desde o BNG nós imos falar da sanidade pública, de mellorar a sanidade pública, de mellorar a nosa educación, de mellorar as nosas residencias, de construír residencias públicas... Por moito que falen ímolo facer, por suposto. E imos dicir alto e claro que estamos nun país que está orgulloso de si mesmo, que está farto de perder ano a ano, goberno a goberno do Partido Popular. E que vai comezar a gañar, con máis servizos públicos, con máis autogoberno, con máis calidade de vida, por suposto. Diso imos falar. Se prefiren ser o goberno das efemérides, pois está moi ben; están no seu dereito. Pero nós imos falar dos problemas reais da xente.

Bo Nadal. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grupo autor da proposición non de lei, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Non defraudan, eu xa o advertín na miña intervención. O BNG podería elixir un xurista para defender esta iniciativa, pero preferiu poñer un voceiro que descoñece absolutamente calquera materia da normativa e como funciona. *(Interrupcións.) (Protestas.)* Da súa intervención pódense extraer as interpretacións que fixo dos artigos da Constitución. *(Aplausos.)* Falo con coñecemento de causa, fixo unha interpretación dos artigos da Constitución moi pouco rigorosa xuridicamente. *(Protestas.)* Estou falando con rigorosidade; non estou faltando ao respecto a ninguén. O señor compañeiro del sábeo e por iso se están a rir, porque lles fai moita graza. Viñeron a facer aquí unha *performance*. Pero non pasa nada, puxeron o disfrace, xa o advertín, puxeron o disfrace e non sacaron os verdadeiros principios do BNG.

Dicía o señor Castro que viñamos falar aquí de comunismo, «palabras satánicas». Mire, señor Castro, vostedes teñen un partido, que é a UPG. *(A señora Prado del Río mostra un documento.)* Non, non, ríanse; algunha non ri tanto. *(Risos.)* E ¿que din os principios dos estatutos da UPG? Pois miren, artigo 2: «A UPG, como partido comunista e patriótico que asume a loita da liberación nacional, ten por obxectivos...» pum pum pum. Artigo 3: «A UPG fundamenta o seu programa e guía a súa acción política nos principios do materialismo histórico e da dialéctica, aplicándoos creativamente ás condicións concretas da Galiza e inscríbese a súa teoría e práctica nos principios ideolóxicos e políticos de Marx, Engels e Lenin». Iso é o verdadeiro Bloque Nacionalista... *(Aplausos.)* Non, claro, claro que si, claro que si, claro que si. Ese é o verdadeiro Bloque. Vostedes xogan a disfrazarse preto de cara ao proceso electoral, pero aguantan pouco a careta. Xa vimos o pasado mes que sacaban a súa verdadeira cara cando lles tiran da chaqueta os da UPG, que son os que realmente mandan, o señor Rego e a señora Prado —non eu, a outra Prado—.

¿E cal é a verdadeira cara do BNG? Pois miren, a verdadeira cara do BNG, señor Castro, xa lla ensinei; queimar a Constitución. *(A señora Prado del Río mostra unha fotografía.) (Risos.)*

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Queimar a Constitución, *(Murmurios.)* con todos eses principios e con todos eses dereitos fundamentais: a igualdade, a liberdade, a solidariedade... Isto é o verdadeiro o Bloque Nacionalista Galego, señorías. *(Aplausos.)* A autodeterminación. *(A señora Prado del Río mostra unha captura dun chío de Twitter.)* Si, este é seu, señora Rodil *(A señora Rodil Fernández: ¿*Ai si?*)* Si, este é seu, si é seu. Autodeterminación, este é o verdadeiro Bloque Nacionalista Galego. Bloque Independentista Galego.

Pero dígano, dígano; non enganen os votantes. Non os enganen, esa é a verdadeira cara. O BNG que vai da man de Bildu en Europa e admira o independentismo catalán. Vostedes rachan coa Constitución e con todo o que trouxo. Co que trouxo, que tamén foi a súa forma de concibir Galicia. Rachando co Xacobeo e con todo aquilo que supón un avance para Galicia: a igualdade, a liberdade, os dereitos fundamentais...

Mire, ¿que dicía Fraga sobre o nacionalismo? *(Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Voullo ler, señor Castro: «*Antes se le llamaba patriotismo. Entendido correctamente me parece un sentimiento perfectamente legítimo...*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

A señora PRADO DEL RÍO: *...en una nación compleja como es España, donde hay andaluces, vascos, gallegos, catalanes, extremeños, valencianos, asturianos, navarros, canarios etc. El nacionalismo, empleado como instrumento para descomponer lo que ha hecho la historia, me parece un crimen.*» Si, iso dicía Manuel Fraga.

E vostede vén aquí dicir que lle importa a sanidade pública e que lle importan os servizos. Mire, a condonación da débeda a Cataluña, a cambio da amnistía, da ruptura da liberdade e da igualdade entre territorios, prexudica a Galicia. *(Aplausos.)* Catrocentos euros cada galego, señor Castro. ¿Iso a vostede parécelle ben? Menos servizos, menos sanidade, menos educación. ¡Alá vostede!

Dicía que utilizabamos a Constitución como arma arreboladiza. Non, non, a Constitución ten dereitos fundamentais que non son unha arma arreboladiza. Iso é o que cren vostedes.

Señora Castro, quédame pouco tempo. Pero mire, Vitoria Kent dicía que era necesario *que las mujeres que sentimos el fervor democrático liberal republicano, pedimos que se aplace el voto de la mujer. (Protestas.)* Si, dicían iso. E Hilario Ayuso, tamén do Partido Socialista, quería que os homes votasen aos 23 anos e as mulleres aos 45, despois da menopausia. Ese era o Partido Socialista, que non quería o voto feminino porque dicían que ían convencelas nas igrexas. *(Interrupcións.)* Iso é o que os persegue a vostedes sempre.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora PRADO DEL RÍO: E vostede está moi orgullosa do seu pasado socialista. ¿Por que non me fala de Felipe González, de Alfonso Guerra, de Paco Vázquez, Nicolás Redondo —a ese botárono—, Tomás Gómez ou Odón Elorza? ¿Que opinan do Partido Socialista actual? ¿Que opinan desa Lei da amnistía, señora Castro? Vostede falou aquí de moito pasado so-

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cialista, pero non falou destes referentes socialistas, porque entendo que non lles convén agora falar dos socialistas que están en contra da Lei da amnistía. *(Aplausos.)*

Mire, señora Castro, non veña co argumentario do Partido Socialista. En España non está rota a convivencia; a convivencia rompeuse o 1 de outubro de 2017. ¿E sabe como se restableceu a convivencia? Coa Constitución, coa aplicación do artigo 155 da Constitución. E non foi o Partido Popular o que o aplicou unilateralmente; foi co acordo do Partido Socialista naquel momento, señorías. *(Aplausos.)* E grazas a iso freouse o independentismo catalán e grazas a iso chegou mellor convivencia en Cataluña. ¡Claro que si! Hoxe non estaba rota a convivencia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Hoxe son vostedes os que están a romper a convivencia con esa Lei de amnistía, da que está en contra unha parte importante de España. Pero vostedes xa van construír un muro para poñer a un lado, supoño, os que están a favor da Lei de amnistía e a outro os que non.

O señor PRESIDENTE: ¿Sobre a emenda?

A señora PRADO DEL RÍO: Si, sobre a emenda. Mire, na emenda o Partido Socialista pide a reforma do artigo 49, *(O señor presidente pide silencio.)* coa que nós estamos absolutamente de acordo e xa votamos moitas veces. Hoxe non toca falar diso, señora Castro. *(Interrupcións.) (O señor presidente pide silencio.)* Hoxe propóñolles que voten isto: «O Parlamento de Galicia manifesta, ao cumprirse o 45 aniversario da Constitución española, o seu compromiso e apoio á plena vixencia da nosa carta magna e do Estatuto de Autonomía de Galicia e, polo tanto, o seu rexeitamento a calquera iniciativa que promova a ruptura do marco de convivencia democrática e de igualdade que nos demos os españois e os galegos, garantía do autogoberno de Galicia, ou que cuestione a continuidade da monarquía parlamentaria». Se non votan a favor disto, señorías, caerá sobre as súas conciencias.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Agora pedirán a palabra varios, xa verás.

E iso que estamos no Nadal. *(Risos.)* ¿Para que quere a palabra, por favor?

A señora CASTRO REY: Señor presidente, quero a palabra, en virtude do artigo 76 do Regulamento, por inexactitudes na exposición da voceira do Partido Popular. En concreto, dúas inexactitudes...

O señor PRESIDENTE: ¿Cal é? Dígame exactamente.

A señora CASTRO REY: O artigo 76.

O señor PRESIDENTE: Si, pero ¿cales son as inexactitudes?

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora CASTRO REY: As inexactitudes, en concreto, dúas, son: a primeira, que non houbo ningún deputado socialista que votase en contra do sufraxio feminino. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Memoria histórica, señora Prado. *(Protestas.)* Esa é a primeira inexactitude.

O señor PRESIDENTE: Non. Eu non escoitei iso, pero bueno.

A señora CASTRO REY: Simplemente dicirlle que si houbo moitos da dereita, case toda menos algún despistado tipo señor Casero, que xa os había naquela época. *(Risos.)*

O señor PRESIDENTE: Non, non, é o debate. É o debate.

A señora CASTRO REY: E despois a segunda inexactitude que quero dicir...

O señor PRESIDENTE: Non, non, é que vai provocar que despois teñamos... Foi o debate e xa está. *(Protestas.)* Non, non, non vou dar máis palabras. Síntoo, non vou dar máis palabras. O debate foi o suficientemente claro, con posturas creo que profundas; un debate aguerrido. Non vou dar máis palabras. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Remata aquí. Non, síntoo, rematou isto. Rematou e non vou dar máis palabras. Non, non ten o uso da palabra. Xa explicou vostede e eu non vou entrar. *(Protestas.)* Non, non, pero non dou máis. Silencio. Non, non vou dar máis palabras. Síntoo, síntoo. Imos ter un pouco de orde tamén.

Votación das proposicións non de lei.

O señor PRESIDENTE: Imos votar. O máis importante agora é votar. Claro, imos votar. Aí é onde se expresa. Entón, escomenzamos votando primeiro a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, iniciativa de don Julio Torrado.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego que non foi aceptada.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e Dª Marina Ortega Otero, sobre a demanda á Xunta de Galicia dun cambio no método de cómputo dos tempos de espera existentes para acceder a probas, consultas ou intervencións no Sistema público de saúde.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de don José Manuel Balseiro.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e tampouco foi aceptada.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que non permita a suba das peaxes das autoestradas AP-9 e AP-53.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Rivas. Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe impulsar a Xunta de Galicia co fin de frear a proliferación da avespa asiática.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe tomar a Xunta en defensa da pesca artesanal e aquelas que debe demandar ao Goberno central co fin de que negocie ante a Comisión Europea unha adaptación do novo Regulamento de control da pesca á realidade do sector en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Noelia Otero.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noelia Otero Lago e Dª Noa Susana Díaz Varela, sobre a proposta de resolución que se presenta co obxecto de reprobar o actual director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia e iniciar os trámites parlamentarios para o seu cesamento.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa da señora Paula Prado.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista, que non foi aceptada.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dº José Alberto Pazos Couñago, sobre a proposta de resolución que se presenta en defensa dos valores da Constitución española con motivo do cumprimento do seu cuadraxésimo quinto aniversario.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 19; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: A min quedoume unha dúbida sobre o debate que acaba de terse *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* É unha dúbida que xa non ten nada que ver con isto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, unha dúbida. Eu non vou entrar en debate. Eu creo que o señor Castro dixo que catro de aquí votáramos a Constitución. Eu penso que son máis, eh! Eu creo que si. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno, non imos entrar agora en idades, pero eu penso que si. Penso que si, desde a miña modesta opinión. Xa falaremos vostede e eu diso, pero eu creo que máis, eh! Bueno, é igual, é unha brincadeira. Pero máis de catro hai, se non, xa verá.

Bueno, imos á interpelación.

Interpelación de Dª Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a evolución da política cultural en Galicia nas últimas décadas

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Queixas.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora QUEIZAS ZAS: Obrigada, presidente.

Moi boa tarde, conselleiro.

Hai dúas razóns fundamentais nas que baseamos a transcendencia desta interpelación. A primeira é a necesidade e a segunda a oportunidade. Necesidade porque vostede, igual ca min, somos docentes e sabemos da importancia de avaliar e, sobre todo, de compartir e reflexionar sobre os resultados das avaliacións.

Eu, antes de máis nada, teño que dicir que non podo esquecer que os docentes están nestes días en tempos de avaliación. Eses compañeiros e compañeiras aos que vostede acaba de condenar a ser o colectivo docente coas peores condicións laborais de todo o Estado español. Eses compañeiros e compañeiras aos que vostede despreza ao negarse a dialogar coa representación sindical maioritaria, expulsándoa dous días consecutivos da consellaría e dirixíndolles simplemente a policía en vez de desenvolvendo a capacidade de diálogo. ¡Canto autoritarismo e que pouca dignidade neste fin de ciclo pola súa parte, señor Rodríguez, como conselleiro de Cultura e Educación! *(Aplausos.)*

En calquera caso, é profesorado que sabe que o momento da alternativa do Goberno xa chegou e que é agora cando comeza a conta atrás para, moi pronto, cun goberno liderado polo BNG e por suposto baixo a presidencia de Ana Pontón, recuperar os dereitos laborais roubados polo PP desde o ano 2010 *(Murmurios.)* e comezar a reconstruír o ensino público galego despois de catorce anos de desmantelamento; sobre todo na raíz do sistema educativo galego, que son os recursos humanos, é dicir, o seu profesorado.

Falabamos, ademais de necesidade, da oportunidade da avaliación. Porque este é o último pleno deste período de sesións e moi probablemente tamén da lexislatura, á vista dese adianto electoral en Galiza que nos anunciou, curiosamente, o Goberno de Euskadi e que se veu confirmando por ese ritmo acelerado de inauguración de promesas por metro cadrado —no que vostede entrou, igual que o resto do Goberno— ou tamén por ese acrecentamento da retorcida manipulación da CRTVG que a sociedade galega padecemos e que os traballadores e traballadoras denuncian cada venres negro desde hai 291 semanas; camiño dos seis anos, nin máis nin menos. Rematando a lexislatura, polo tanto, entendemos que é momento de avaliar a política cultural dos catorce últimos anos de goberno do Partido Popular —dos que, por certo, vostede leva sendo conselleiro os últimos oito anos—. E tamén, en conxunto, podemos facer a avaliación das catro últimas décadas nas que, evidentemente, a maioría foron gobernadas polo Partido Popular.

A súa consellería nunca fixo pública ningún tipo de avaliación. Mais quen si o fixo, por responsabilidade, foi o órgano asesor do Goberno en materia de política cultural, que é o Consello da Cultura Galega. No seu informe recente —que supoño que vostede coñecerá—, *Corenta anos de cultura galega en estatísticas*, recoñécense grandes avances no desenvolvemento cultural; ben sexa a respecto de xeración de emprego; ben sexa a respecto da evolución do consumo, dos hábitos e das prácticas culturais; ben sexa a respecto da dotación dunha infraestrutura pública básica —antes inexistente—; ou tamén da evolución, moi relevante, do sector privado vinculado á xestión cultural. No entanto, este informe do Consello

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

da Cultura di que esta transformación positiva choca co gasto público en cultura, que non tivo unha evolución proporcional nin do mesmo xeito. Aínda que o informe avalía todas as administracións, evidentemente, por decoro nesta cámara e por respecto a vostede como membro do Goberno da Xunta imos centrarnos en cal foi o papel da Xunta.

¿Que di este informe que aconteceu? Literalmente di que o Goberno galego gasta en proporción en cultura galega o mesmo agora que hai 35 anos. E nós facémonos unha pregunta: ¿pode alguén imaxinarse que o Goberno galego gaste agora o mesmo que hai 35 anos en educación? Evidentemente, non. ¿Pode alguén imaxinar que o Goberno galego gaste agora o mesmo que gastaba hai 35 anos en sanidade? Evidentemente, a resposta é non. ¿Como se pode explicar que, mesmo en anos de grandísimos orzamentos, os máis expansivos e os máis altos da historia como estes últimos —mesmo os que onte vostedes coa súa solitaria maioría absoluta aprobaron para o 2024—, non se aumente ese orzamento e ese investimento en cultura? Ben, seguro que o explica vostede despois na súa intervención.

En calquera caso, o informe do Consello da Cultura di algo máis. Di que isto non foi algo homoxéneo e uniforme e que non foi sempre así, que hai algunha honrosa excepción. Literalmente, di: «Sirva de exemplo que en 2005 a Xunta de Galicia chegou a gastar case cento trinta millóns de euros, o que supoñía o 1,3 por cento do gasto total». Ben, ¿que acontece logo agora nos orzamentos para o 2024? Que o gasto en cultura vai ser do 0,7 por cento, é dicir, aínda non se chegou nin sequera ao cincuenta por cento do que era en 2005. *(Aplausos.)* E, é máis, aínda non se chegará en 2024 ao orzamento en cultura do ano 2009, cando o Partido Popular voltou ao Goberno da Xunta. Así estamos. Seguro que tamén despois vostede nolo explica.

Desde logo, vostede, igual ca min, o que si lembra é o que pasou en 2005. Efectivamente, a chegada do Goberno bipartito, a chegada do BNG á Consellería de Cultura, que non hai día que vostedes non deixen de mencionar e de citar porque, efectivamente, marcou un antes e un despois na xestión da política cultural en Galiza. ¿Como o fixemos? O fundamental: acreditando na cultura galega, definindo políticas sectoriais, vertebrando internamente os axentes culturais, recoñecendo por fin o perfil profesional do sector e creando ferramentas específicas. En definitiva, construíndo un tempo novo que os sectores culturais, as investigadoras e os xestores aínda hoxe —vostede sábeo perfectamente— seguen recoñecéndoo como o primeiro e o único intento de iniciar unha estratexia cultural vertebradora e integral, desde a concepción da cultura como un ben esencial e como un ben común.

A partir de aí, sabemos o que sucedeu e aí está recollido no informe: o Partido Popular renunciou a facer política a favor do desenvolvemento da cultura galega e optouse por inocular a política do desmantelamento. ¿E cal pode ser a razón?, preguntámonos. Pois a evidencia e o contraste dos feitos di que por sectarismo. Porque sempre viviron e sentiron a cultura galega como un inimigo, sempre a colocaron á fronte e sempre a viron con hostilidade. Tentaron disimulalo optando polo monocultivo dos macroeventos, da cultura entendida simplemente como o espectáculo e como simple produto de consumo, con procedementos de contratación máis que opacos, vinculados ao turismo e amparados só baixo a marca Xacobeo —o que sae do paraugas Xacobeo non existe na cultura galega— centrado, por suposto, no beneficio de moi contadas empresas amigas e sempre, iso si, coa marca da reserva dos pases VIP para os seus, pagados a escote polos galegos e galegas.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Renegaron do máis importante: da función social da cultura. E, sobre todo, renegaron da obriga de garantir os dereitos culturais. A realidade fala do que vostedes calan e do que negan nesas avaliacións que nunca fan públicas; non sabemos se por falta de actitude, de aptitude, de implicación ou simplemente por falta de confianza nos sectores culturais galegos.

Mais o certo é que vostedes condenaron á irrelevancia institucións estatutarias como o propio Consello da Cultura Galega —vivímolo aquí moitas veces nesta lexislatura—. Non desenvolveron outros órganos estatutarios, como o Fondo Cultural Galego. Asfixiaron economicamente o tecido cultural e as plataformas de creación públicas, como o Centro Dramático Galego, o Centro Coreográfico Galego, CGAC, Filmoteca de Galiza etcétera. Confrontaron con todos os sectores culturais desde unha nula capacidade de interlocución. Condenaron a cultura galega ao illamento ao impedir o tan demandado Instituto Rosalía de Castro como ferramenta de internacionalización. Incumpriron a Lei Paz Andrade, impedindo reforzar os naturais vínculos lingüísticos e culturais coa lusofonía. Desatenderon a igualdade de xénero, prescindindo do reforzo positivo da presenza da muller na cultura. Mesmo están agora renegando do que sempre eran, nas súas palabras, «éxitos» para a cultura galega, como era a convocatoria do bono Cultura. Disque non hai dous sen tres, mais para isto, para o bono Cultura, si que xa non hai terceira convocatoria. Precisamente agora que a chequeira de Rueda anda tan lixeira e espléndida co bono Comercio, o Bono Turístico, o Bono deportivo ou o bono Cruceiro. Para a cultura non hai ningún abono posíbel por parte do Partido Popular.

No único que vostedes si que non dubidaron nin un minuto —nin un minuto, nin un segundo— foi en seguir negando vida e oportunidades á lingua galega, votando en contra dela aquí, votando en contra do seu uso agora no Congreso e anunciando que, por suposto, votarán en contra no seu momento no Parlamento Europeo. Conscientes de algo moi importante: de que a lingua é a materia prima básica para a construción cultural dun pobo e para a cohesión social. Definitivamente, non queda nada de galeguismo neste Partido Popular de Galiza. *(Aplausos.)*

Pensaron vostedes que cortando a raíz cortarían e secarían o carballo, mais non; a cultura galega tivo quen lle sostivese sempre os pulsos: a comunidade. Porque a cultura galega é un feito social e naceu sempre en, desde e para a comunidade. O traballo creativo da comunidade é o que nos dá día tras día a felicidade e o orgullo. E haino que dicir: cada vez máis, asinado con nome de muller. Neste 2023 Paula Carballeira e Yolanda Castaño, os novos premios nacionais de teatro e poesía. Neste 2023, un éxito internacional co filme *Matria*...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora QUEIXAS ZAS: ...E neste 2023, o filme *O Corno*, dirixido por Jaione Camborda, fixo historia gañando a cuncha de ouro do Festival de San Sebastián. Todas rompendo barreiras para o galego.

Remato xa, presidenta. ¡Que curioso! O sector do libro e o sector das pequenas empresas do audiovisual independentes están detrás dos grandes éxitos e do recoñecemento internacional da cultura galega; precisamente son dous dos sectores máis marxinados por vostedes. Agardamos impacientes a súa avaliación, señor conselleiro.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: ¿Cal é o legado en materia de cultura polo que vai pasar vostede á historia como conselleiro como peche deste ciclo de corenta anos?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para dar resposta ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, o señor Román Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

A verdade é que unha vez que un le o informe do Consello da Cultura Galega ao que fai referencia a señora deputada do Partido Popular *(Murmurios.)* e ve a interpelación a verdade é que xorde unha pregunta, unha pregunta moi sinxela: ¿por que se fai esta interpelación? ¿Por que a plantexa? E a verdade é que unha vez que a escoitamos a vostede, señora deputada, vese claramente por que a plantexa. O discurso é o mesmo que creo que nestes días e nestas sesións se escoita constantemente: todo é un balance no que todo está mal feito e ao final «Ana Pontón presidenta». É coma se fose un axioma dun mal anuncio de televisión, onde calquera cousa acaba coa frase «Ana Pontón presidenta».

Hai dúas preguntas. Eu fágome dúas preguntas despois de escoitala. A primeira: ¿que dirán os socialistas? Porque os socialistas din outra cousa absolutamente diferente á súa; non acreditan no que vostedes din. E a segunda —a segunda é máis importante—: ¿que van dicir vostedes o día seguinte das eleccións, cando os galegos e as galegas os deixen no seu sitio, que é onde están agora? Un deputado máis ou un deputado menos, pero non creo que as súas previsións optimistas se cumpran, señorías. *(Aplausos.)*

E a segunda obviamente ten que ver cunha frase deste informe e denota certa desesperación política por parte do Bloque Nacionalista Galego. A desesperación leva á manipulación porque, efectivamente, vostede incluso na parte escrita fainos un relatorio dunha frase concreta, dun medio parágrafo concreto. Colle dous renglóns e ponos aquí como a base argumental da súa exposición. E digo manipulación porque non di o resto, e creo que iso se desarma moi fácil, señora deputada.

Mire, vostede di aquí que afortunadamente houbo un ano, o ano 2005, no que o Bloque Nacionalista Galego fixo subir o orzamento de cultura. Craso erro. Primeiro, o orzamento de 2005 fíxoo o Partido Popular; non o fixo o Bloque. Ese é un erro de principiante. *(Murmurios.)* E segundo, se vostede seguise lendo vería que «sirva de exemplo que no 2005»... E voullo ler todo para que non me acuse de manipulación, porque —xa lle digo— a súa desesperación lévaa á manipulación: «Sirva de exemplo que no 2005 a Xunta de Galicia chegou a gastar case 130 millóns de euros en cultura, o que supoñía o 1,3 por cento do gasto total. É certo tamén que ese incremento estivo ligado en parte a partidas relacionadas co Xacobeo e co desenvolvemento de infraestruturas, nomeadamente da construción da Cidade da Cultura». Efectivamente, neses anos houbo un incremento substancial, pero era para financiar a in-

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

fraestrutura cultural máis importante de Galicia que vostedes tanto deostan, que é a Cidade da Cultura. Co cal, hai que ler todo. Porque se só se le unha parte un queda en fóra de xogo, tremendamente en fóra de xogo.

Primeiro, o orzamento do ano 2005 fíxoo o Partido Popular. E segundo, a explicación dese incremento nese ano non é porque o Bloque Nacionalista Galego apoie a cultura máis que ninguén, senón porque o Xacobeo naquel momento estaba dentro das partidas de Cultura —cousa que nos últimos anos non; está en Turismo—. Se agregamos o gasto de Turismo —Xacobeo e turismo— á Cultura o dato é tremendamente superior. E segundo, era para pagar a infraestrutura que vostedes sempre deostaron, sempre criticaron e sempre cuestionaron, que é a Cidade da Cultura.

E despois tamén nos di que se gasta moi pouco. Bueno, a verdade é que hai outro dato que vostede non cita e eu aquí traio o gráfico no que se ve perfectamente, para que se vexa que non hai ningunha manipulación. *(O señor conselleiro de Educación, Cultura, Formación Profesional e Universidades, Rodríguez González, mostra un gráfico.)* Efectivamente, Galicia gasta aproximadamente o mesmo que no ano 1985 comparativamente ao total dos orzamentos. Falamos de ao redor dun 0,68 por cento no ano 1985 e un 0,66 por cento no ano 2020. Pero fíxese vostede o que fan o resto das comunidades autónomas: parten de 1,58 por cento e están en 0,55 por cento. É dicir, mentres todas as comunidades autónomas de España baixan o gasto cultural nas últimas décadas, a Xunta de Galicia manteno proporcionalmente. O gasto en cultura, proporcionalmente, da Xunta de Galicia é superior ao do resto das comunidades autónomas. Co cal está moi ben que vostede traia aquí esta interpelación e que a fundamente en tres liñas que están no informe, pero ao final creo que denota que hai un simple interese de facer un balance para acabar con esa frase —creo que vai ser unha frase mítica; non cumprida, pero mítica— «Ana Pontón presidenta», para dicir iso e pouco máis. *(Aplausos.)*

En todo caso, señorías, os galegos, que maioritariamente e democraticamente apoian o Partido Popular ano tras ano, elección tras elección, e este grupo parlamentario —igual que os sucesivos grupos parlamentarios das últimas décadas son o resultado da vontade democrática dos galegos— estamos tremendamente orgullosos da nosa cultura. Nós temos unha cultura plural e diversa; unha cultura libre e moi alonxada do que vostede dixo aquí do sectarismo. Se hai unha formación política que divide en xeral as persoas —e, moi en particular, aqueles creadores vinculados coa cultura e vinculados con Galicia— en bos e malos segundo acepten ou non o credo nacionalista é o Bloque Nacionalista Galego. Vostedes néganlles a galeguidade a creadores como Valle; como Torrente; como Camilo José Cela, o único premio Nobel que tivo Galicia e que constantemente cuestionan. Eu teño escoitado nesta Cámara máis dunha vez dicir que Camilo José Cela non é galego. Bueno, pois non é; non, non é galego... Bueno... Entón xa está, non hai moito máis que dicir. A partir de aí, podemos falar do que se queira e do sectarismo que se queira.

Estou moi contento con que vostede citase algúns dos exemplos do audiovisual que tiveron fortes recoñecementos públicos, moi merecidos, en festivais nacionais e internacionais. Todos eles financiados, cofinanciados, pola Xunta de Galicia. Todos, todos. Cando vostede fala dos premios nacionais, vostede tamén saberá que nós temos unha relación de colaboración en moitas actividades e moitos proxectos —fundamentalmente orientados aos xoves creado-

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

res— coas persoas que vostede mencionou. Pero, ben, vostede fala de sectarismo. Vostede, diga o que diga, acaba resumindo todo o seu plantexamento en «Ana Pontón presidenta».

Miren, nós non necesitamos que ninguén nos diga como debemos vivir; cal é a nosa cultura. Creo que afortunadamente os galegos temos unha cultura libre; unha cultura inclusiva que nos identifica, que nos diferencia, que nos dá valor, que xera emprego, que xera riqueza, que xera orgullo e que xera identidade. Pero non o facemos nunca confrontando contra ninguén, nin separando en bos e malos. Entendemos que debemos actuar, e dende a Xunta de Galicia así o facemos, cunha visión integral no eido cultural. Nese sentido, os datos que se poñen encima da mesa e que este informe pon encima da mesa creo que nos falan do mellor momento da cultura en Galicia en todas as variables que se poidan analizar.

Primeiro, o emprego. Dío o informe. ¿Que nos di este informe? Que estamos neste momento no récord de creación de emprego no eido cultural. Falamos de 36.000 persoas, 36.000 profesionais que traballan no ámbito cultural, aproximadamente o 3,3 por cento da poboación activa do país. É un dato tremendamente significativo e dos maiores datos porcentuais do conxunto de España. E é, por certo, o número máis elevado dos últimos anos. Iso quere dicir que o ecosistema galego que posibilita a industria cultural e o emprego cultural favorece que haxa o maior número de emprego cultural na nosa historia. As empresas. Tamén medra o número de empresas culturais; hai unha tendencia altísima. Estamos a falar de 2.100 empresas, número que supera a boa cifra do ano pasado.

Algo tremendamente importante é o gasto, o investimento que fan as familias en produtos e servizos culturais. E iso, sen dúbida, marca o dinamismo e a vitalidade da cultura e a capacidade da sociedade de consumir e de acceder á cultura. Temos o maior consumo e a maior demanda de produtos e servizos culturais dos últimos anos. E así o demostra o gasto das familias. No ano 2022, o ano de referencia do informe, estamos a falar de practicamente 442 millóns de euros en consumo cultural. Un incremento respecto do último ano prepandémico de máis dun vinte e un por cento. Creo que é un dato tremendamente significativo, ao igual que a confianza dos consumidores, dos produtores, dos creadores e das empresas culturais. Hai a maior porcentaxe de confianza na actividade cultural.

E, por suposto, o recoñecemento pola boa vida interior do ecosistema cultural galego. E, por outra parte, —tamén vostede o dixo e aí compartimos este asunto— o recoñecemento e os premios que os nosos creadores e creadoras en diferentes ámbitos —na literatura, no audiovisual...— teñen en festivais e en certames, dentro e fóra de España.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Creo que temos unha cultura dinámica, unha cultura aberta. A nosa función é estimular, acompañar —nunca impoñer— e incentivar os creadores, potenciar a cultura de base, facela accesible a todos.

E facermos investimentos. Facendo balance da lexislatura, nesta lexislatura estamos practicamente en quiñentos millóns de euros dedicados ao mundo cultural, este ano temos a

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

maior porcentaxe de fondos dedicados nos últimos anos á cultura, 105 millóns. Sen contar, por suposto, o Xacobeo e non tendo en conta...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...como lle dixen antes a porcentaxe de gasto dedicada á infraestrutura da Cidade da Cultura.

Obviamente temos moitísimos proxectos. Temos un incremento comparativamente co existente...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten despois un segundo turno.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...na fase previa da pandemia dun 44 por cento. En definitiva, señorías, creo que poderiamos seguir falando moito tempo disto. Pero recoméndolles que cando lean un informe o lean todo e non lean só dúas liñas, porque...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...corren o gran risco, corren o serio risco de quedar un pouco en ridículo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rolda de réplica, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Obrigada, presidenta.

Desfrute dos aplausos dos compañeiros do seu grupo, señor Rodríguez, porque ultimamente nos actos de Cultura e de Educación creo que hai bastantes poucos aplausos e que fala máis o silencio. *(Aplausos.)*

Ben, do que eu lle preguntei, ¿que me conta? Porque esqueceu responder. ¿Cal é o legado en materia de cultura polo que vai pasar á historia como conselleiro como peche deste ciclo de corenta anos? Non respondeu. O único que dixo é que está moi contento da enorme hipoteca da Cidade da Cultura que nos deixou o Partido Popular. Só está contento e orgulloso disto. *(Aplausos.)* Logo a ver se na réplica nos explica e demostra que bos xestores foron falando deses cincocentos millóns que acaba de dicir agora que administraron para a cultura. Explíquenos, por favor, que é o que nos queda diso. Porque entón parece que a xestión é bastante... polo menos non é visíbel. Ben, agora ultimamente vostede o que fixo foi algo previsíbel, ¿non? Cantar aquí cifras e cifras como se tivese un pouco de complexo de *niño de San Ildefonso*. Ao mellor se corre algo aínda chega a tempo a cantar o sorteo de Nadal pasadomañá.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En calquera caso, tanto tempo no Goberno volveuse no seu peor inimigo e son vostedes reos dunha serie interminábel de incumprimentos da súa palabra. Porque mire, vostedes falaron por activa e por pasiva de que ían facer un plan de internacionalización da cultura galega. ¡Incumprido! Vostedes falaron en innumerábeis ocasións de que ían facer un plan do libro e da lectura. ¡Incumprido! Vostedes falaron dunha lei de transformación dixital da cultura. ¡Incumprido! Vostedes fixeron a Lei de bibliotecas e está sen desenvolver; a Lei de museos, sen desenvolver; a Lei de arquivos, sen desenvolver. O plan integral para a danza preséntano e boa parte das persoas que participaron neses grupos de traballo botáronse fóra porque dixeron que iso non era nada do que traballara e acordara. A Lei de patrimonio cultural xa non a recoñece nin o equipo redactor; ano tras ano foi adelgazada a partir, sobre todo, da Lei de acompañamento dos orzamentos, para blindar a industria eólica e forestal fronte á destrución, consentida polo Partido Popular, do patrimonio cultural. Por certo, a directora xeral de Patrimonio Cultural estivo desaparecida nas últimas intervencións que solicitamos na Comisión de Cultura. A Estratexia da Cultura Galega 2021,está sen desenvolver e sen continuidade. O Plan de apoio a novos creadores, anunciado e incumprido. A creación do Observatorio da Innovación do Patrimonio Cultural, anunciado e incumprido. A creación da Rede de dinamización de centros culturais no rural, anunciado e incumprido. A Lei da cultura inclusiva é excluínte e non responde en absoluto aos seus fins. E, por suposto, aínda que produce moitísima vergoña allea, hai que volver recordar o enorme fracaso da candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade, cun investimento público millonario.

Catálogo de incumprimentos que non son co BNG, evidentemente, que non son con esta Cámara, senón que son coa cultura galega. E si, sempre por sectarismo. Porque os propuxemos, porque os demandamos desde o BNG, señor conselleiro. Por iso se negaron a declarar BIC —votaron en contra— as bandas de música populares. Por iso votaron en contra da petición dunha ILP de restituír a letra do himno galego conforme os orixinais e á vontade do seu autor, de Eduardo Pondal. Por iso votaron en contra de declarar BIC os móbeis do Pazo de Meirás, para evitar novos espolios da familia Franco. Por iso votaron en contra de protexer os murais, o conxunto muralístico de Urbano Lugrís que temos a piques de perderse definitivamente na rúa Olmos da Coruña. Por iso votaron en contra de protexer e catalogar o monumento dos mártires de Carral. Por iso votaron en contra, mesmo desautorizando un compañeiro, o señor Verea, de crear o Conservatorio de Danza de Compostela. Por iso paralizaron vostedes a incoación da declaración BIC para a música e o baile tradicional como patrimonio inmaterial. E por iso votaron a semana pasada en contra de restituír a institución do Seminario de Estudos Galegos, espoliada pola Ditadura. O Seminario de Estudos Galegos soñou Galiza desde a innovación, a ciencia e a investigación; o mesmo que a estamos a soñar agora desde o BNG.

Son vostedes o non dun goberno esgotado de renegar de si propio, cheo de promesas incumpridas pola falta de compromiso do PP coa cultura galega e pola irrelevancia á que sometteron a diversidade e pluralidade da cultura galega. Non liderou vostede unha Consellería de Cultura, senón unha triste axencia de márketing e autopropaganda. Por iso son, desde a perspectiva da cultura galega, un goberno fracasado. A sociedade galega deulles co seu voto de confianza a oportunidade de repetir para rectificar. Renunciaron a facelo e falláronlle á sociedade galega. Optaron por unha política cultural sectaria, censora e acomplexada. E a cultura galega non parou de perder co Partido Popular, por iso é hora de que Galiza tamén gañe a favor da cultura galega.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A cultura galega —e remato xa— seguiu sempre o seu camiño cara a diante a pesar da súa vontade á contra. E aprendérono moi recentemente as Tanxugueiras. Vivímolo nun concerto histórico que rompeu todas as barreiras estes días pasados. Amor polo noso, amor pola nosa lingua, pola nosa tradición, pola cultura oral gardada na memoria das nosas informantes e transformada en vangarda. Cultura, lingua, tradición e amor por Galiza. Participación e inclusión na cultura sen fronteiras e sen límites. Por iso, parafraseando a cantiga popular que tamén elas recuperaron, no BNG afirmamos: para abril, para maio, para o ano que vén, para a primavera o goberno alternativo vén. Chegadas ata aquí, sabemos que non hai nada xa imposíbel.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Os sectores culturais —remato— sábeno tamén e saben que serán parte deste tempo novo da Galiza que vén en que a cultura será un dereito recollido por lei.

Remato coas palabras finais da lectura da declaración lida na andaina do pasado 12 de outubro celebrando o centenario do Seminario de Estudos Galegos, do que vostedes votaron en contra: «O exemplo do Seminario de Estudos Galegos continúa a inspirar unha Galiza nova con arelas de coñecerse mellor, de autogobernarse e de progresar». Estes son os principios do BNG para a Galiza que xa está vindo.

Moitas grazas, bo Nadal e mellor Aninovo. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Ten novamente a palabra o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

A verdade é que despois de escoitar de novo a señora portavoz eu reafírmome no mesmo. Eu non sei polo que pasarei á historia, nin moito menos, pero eu creo que Ana Pontón non vai pasar á historia por ser presidenta da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)* Creo que vostedes insisten constantemente, pero tamén creo que, afortunadamente, os galegos o van deixar claro dentro dalgún tempo; non sabemos canto, pero dentro dalgún tempo.

A verdade é que vostede intenta facer unha visión patrimonialista da cultura. Mire, a cultura non é de ningunha formación política, ou polo menos non debería ser de ningunha formación política. Cada persoa que desempeña a súa acción en calquera profesión —sexa a cultura, sexa o comercio, sexa calquera sector— ten dereito a ter a súa ideoloxía e ter a súa forma de pensar. Pero intentar patrimonializar e pensar que a cultura se vencella a unha formación política ou a outra realmente é entender que a cultura non é libre ou que a cultura está condicionada ou está marcada por unha ideoloxía política. Nós obviamente non o pensamos así. Eu non creo que na acción de goberno que levamos tendo nestes anos ninguén poida acusar a Xunta de Galicia e este conselleiro de sectarismo político, creo que ninguén. ¡Ninguén!

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vostede aquí fixo un relatorio de cuestións, que lle podía dicir eu: novos creadores, pois home, hai moitísimos proxectos; sen ir máis lonxe, todo o que ten que ver coas residencias literarias feitas na Cidade da Cultura por unha das persoas que vostede citou antes. Por exemplo, sen ir máis lonxe. Vostede falou da lei de museos. A semana pasada estivemos desenvolvendo unha das súas accións. Vostede tamén falou, curiosamente, dos murais de Urbano Lugrís. Estes están protexidos porque o fixo a Xunta de Galicia, que o Consello da Cultura non o fixo. E vostede, que pertence a un consello, sabe que están incumprindo un acordo coa Xunta de Galicia respecto á Casa Cornide, que a Xunta de Galicia se comprometeu a declarala BIC e o Concello da Coruña se comprometía a poñer en marcha un preito para reclamada pola vía civil. ¡Cero! O Concello da Coruña fixo cero. Co cal, eu creo que ao final cada un está diante das súas contradicións.

Chegou a falar do Seminario de Estudos Galegos, como se o Partido Popular estivese en contra do Seminario de Estudos Galegos. Eu recórdolle e invítoa, antes de que cerre, a visitar a fantástica exposición da que é comisario o profesor Ramón Villares que está na Cidade da Cultura e foi financiada ao cen por cento por esta consellaría, por este goberno. E citou unha andaina á que por certo eu fun; eu fun a esa andaina. Intentar dicir que iso era unha andaina onde ao final se facía un chamamento ao BNG é unha manipulación bastante soez que —como dixen antes— se deriva dunha certa confusión política.

En todo caso, ¿que é o que quixemos? ¿Que é o que facemos? ¿Que é polo que apostamos desde a perspectiva política no eido da Xunta de Galicia na Consellería de Cultura? Mire, nós queremos unha cousa fundamental e estámola logrando. Por iso trouxemos aquí unha lei. Nós queremos garantir que todas as persoas deste país teñan acceso á cultura, tanto como consumidores como como creadores. Queremos que se desenvolva con forza unha industria cultural con emprego cultural e riqueza cultural que sexa competitiva, que sexa libre e que sexa profesional; canto máis profesional mellor, porque iso garante a liberdade do creador. Queremos que se incremente o número de persoas que gañan a vida na cultura. Din o dato antes: o maior número que nunca houbo de profesionais dedicados ao mundo da cultura: ao redor do tres por cento dos profesionais en Galicia.

Todo mudou nos últimos anos. O único que non mudou é o seu discurso e a súa dualidade. O seu discurso vai por unha parte e ao final a realidade vai absolutamente por outra. Porque todo o panexírico que vostede dixo aquí ao final, a súa visión de Galicia, ponse diante da realidade —deste sector ou doutros sectores— e da Galicia real e atópanse de fronte coa realidade. E iso, ao final, é o que lles impide entender como somos os galegos; e, por suposto, aos galegos impídelles entender como son vostedes e por iso non os apoian. Esa é a situación realmente que temos aí.

Mire, ¿que é o que nos debe preocupar como responsables políticos? Que a cultura teña capacidade para desenvolverse por si mesma; que haxa unha cultura de base que teña capacidade para poder desenvolverse; que haxa unha cultura profesional que cada vez xere máis emprego, que aumenten os consumos culturais e que a cultura, que é tremendamente diversa nas súas prácticas, poida desenvolverse. E dío o propio informe.

Tamén agradezo, señora deputada, que nesta segunda intervención súa, unha vez que se demostrou a súa manipulación, non citase nin unha soa liña do informe. Volveu ao seu dis-

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

curso de balance e non citou nunca máis o informe. Eses son os riscos que se teñen cando se utilizan só dúas liñas e non se utiliza o resto, que cando quedan en evidencia as mentiras pois realmente o que era a clave da interpelación desaparece por completo. En todo caso, vendo os datos deste informe feito polo Consello da Cultura Galega —é dicir, datos...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...que non son feitos pola Xunta de Galicia e que entendo, segundo vostede, que non están sometidos a ningún tipo de manipulación— vemos que aumentou a práctica musical, o coñecemento e o uso de instrumentos, a fotografía, a escritura, os premios literarios e as infraestruturas culturais. Fíxese, multiplicamos por sete o número de bibliotecas nos últimos anos. Dato tremendamente curioso. Os teatros, salas de concertos, exposicións...

Falaba vostede da Lei de patrimonio. Coa aprobación da Lei de patrimonio incorporáronse 167 BIC, un deles a Casa de Cornide, que lle recordo —vostede aí terá algo que dicir— que o Concello da Coruña non fixo nada...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...respecto ao que vostede pactou. Creo que vostede é concelleira, ¿non? ¿Non é conselleira no Consello da Cultura? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non o sei. Había no seu momento cero títulos de Patrimonio da Humanidade; hoxe hai cinco. E, claro, vostedes incluso, nesa visión tan particular, din sempre que Camilo José Cela non é galego; e como non é galego non fai nada. *(Murmurios.)*

En todo caso, fronte á apocalipse que vostedes plantexan a realidade é outra; a realidade é que Galicia, segundo informes externos, está no mellor momento desde a perspectiva cultural. Dío a Fundación Contemporánea...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...Plantexa que estamos na mellor avaliación cultural. Plantexa que o Xacobeo foi e é unha gran plataforma cultural para Galicia, fronte ao «rachar co Xacobeo» daquelas pancartas que vostedes puñan en marcha. E plantexa que o 76 por cento —a inmensa maioría— dos profesionais están a favor da cultura.

En todo caso —xa remato, señora presidenta— remato como comecei. Creo que a cultura non é patrimonio político de ninguén...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Síntoo moito, os tempos hai que respectalos.

(O señor Rodríguez González pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas. Seguimos coas preguntas.

Pregunta de D. Ramón Fernández Alfonzo e tres deputados/as máis, do G. P. do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, sobre a eventual constitución dun sistema de axudas para as persoas afectadas polas inundacións dos días 13 e 14 de novembro en Neda

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, ten o señor Fernández Alfonzo tres minutos.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Na noite do 13 ao 14 de novembro os ríos Basteiro e Belelle desbordáronse ao seu paso polo concello de Neda. Houbo moitas incidencias en todo o concello, mais na zona de Santa María de Neda ao redor de corenta casas e algún negocio foron atravesados polo que algún veciño chegou a denominar «tsunami». É unha mágoa que eu non poida amosar aquí ningún dos vídeos que andan polas redes sociais para que puidese comprobar vostede, señora vicepresidenta, que non é unha exaxeración falar de tsunami.

A auga arrastrou todo tipo de elementos e mesmo animais, rebentando os portais das fincas e das casas e lanzando estruturas de varios centos de quilos a varios centos de metros de distancia nunha riada que chegou a superar unha altura de metro e medio. Non é que a auga acadase un nivel de metro e medio pouco a pouco, era o torrente o que tiña máis de metro e medio de altura, con forza —insisto— para desprazar obxectos e estruturas moi pesadas que chegaron a rebentar portais e que atravesou de súpeto a zona de Santa María de Neda durante unhas cinco horas, entre as dúas e as sete da madrugada, que foi cando comezou a descender o nivel da auga.

Loxicamente, o nivel dos prexuízos é moi elevado, até o punto de manifestar algunhas persoas afectadas que o perderon todo por completo. Algúns veciños quéixanse de que levan anos advertindo da necesidade de limpar o río e outros engaden que tiveron que abrir algún tipo de presa para que a tromba de auga chegase a ser como foi. As hipóteses son variadas, mais aínda non existe unha versión oficial; polo menos non definitiva nin moito menos satisfactoria.

Mentres tanto, cada unha das persoas afectadas foi avanzando na limpeza e retirada dos elementos arruinados; foi facendo as reparacións máis urxentes e foi substituíndo a roupa, o mobiliario e os electrodomésticos estragados por outros novos; foi dando parte ao seguro, quen o tiña, e sen axuda nin do concello nin da Xunta de Galiza, que é a titular dos ríos, a responsábel de manter as bacías en bo estado e a responsábel das concesións que existen no río, tanto de outorgalas como de comprobar que se cumpren as condicións polas que foron concedidas. Ademais, a Xunta é responsábel tamén do deseño de todo o sistema de previsión ante o risco de inundación.

No día de hoxe, acaban de constituír unha plataforma que reúne concretamente 86 persoas afectadas. Nós tivemos unha reunión cos seus representantes e temos que dicirlles que están bastante indignados e indignadas coa nota de prensa que publicou Augas de Galiza despois de reunirse co Concello de Neda, na que dan a entender claramente que a Xunta se borra da ecuación. Vostedes non dan explicación do que pasou, de como puido orixinarse semellante

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tromba de auga e non anuncian actuación ningunha pola súa parte nin no río nin no seu contorno. E o que é aínda máis sorprendente é que todo o que anuncian tócalles facelo ao concello ou aos propios veciños e veciñas que, ademais, practicamente levan a culpa por vivir nun sitio onde parece ser que non deberían vivir. É realmente alucinante.

E remato, señora conselleira, señora vicepresidenta, preguntándolle se a Xunta ten pensado habilitar algún tipo de axuda para este colectivo de persoas afectadas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta ten a palabra a señora vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA E CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidenta.

Señor Fernández, en primeiro lugar, cómpre lembrar que, efectivamente, foi unha situación meteorolóxica extraordinaria que se rexistrou en Galicia en dous días concretos, o 13 e o 14 de novembro. É certo que levamos tres meses, excepto os últimos días, cunha situación anómala, xa que dende que hai rexistros, dende 1961, non chovera tanto en Galicia.

Esta situación, que foi complicada en case toda a comunidade autónoma, non foi allea á comarca de Ferrolterra e, concretamente, ao municipio de Neda. Así o revelan os datos que nos subministra a completa rede coa que conta Meteogalicia, que ten un total de 157 estacións que recollen e rexistran os diferentes parámetros cada dez minutos. Concretamente na contorna de Neda, na estación de Aldea Nova de Narón, en dous días recolléronse 143 litros por metro cadrado, fronte aos 25 do mesmo período do ano anterior, o que supón case cinco veces máis. Na estación do Val de Narón en dous días recolléronse 124 litros por metro cadrado, fronte aos 22 dos mesmos días do ano 2022, tamén cinco veces máis. Polo que se tratou dun período extraordinario de precipitacións.

Hai exemplos. O día 13, no que se rexistraron unha borrasca activa e un río atmosférico que deixou cantidades superiores aos CEN litros por metro cadrado de chuvia en 24 horas en varios puntos da provincia da Coruña; non só en Neda, senón tamén no resto da provincia. Este intenso volume de auga provocou o desbordamento, efectivamente, de ríos e derrubes por perda de firmeza da terra. Debido a esta situación, o centro de emerxencias, o 112, recibiu o día 14 un total de oito avisos no caso de Neda, que eran asolagamentos de estradas, garaxes e vivendas e un total de 127 avisos por toda Galicia.

Polo que, señoría, o que non se pode obviar e que se tratou dun fenómeno meteorolóxico inevitable, que só se pode combater con medidas preventivas. Esa liña, a da prevención, é onde está a traballar á Xunta de Galicia, onde está poñendo todo o seu esforzo a través de Augas de Galicia. De feito, o Goberno galego, a través de Augas de Galicia, está realizando un estudo e unha modelización do comportamento hidráulico destes dous ríos, co fin de concretar as actuacións destinadas a reducir o risco de inundación que se dá nesta zona, xa que —como ben sabe— na contorna deste río está declarada unha área con risco potencial

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

significativo de inundacións. Esta área xa está incluída no Plan de xestión de risco de inundacións pertencente ao grupo 4, onde hai unha maior incidencia de risco de asolagamento polos elementos susceptibles de afectación.

Como con outros municipios, a Xunta está colaborando estritamente co Concello de Neda, con reunións de carácter técnico, que permiten coñecer de primeira man a problemática e poñendo conxuntamente medidas. De feito, esta mesma semana —saberán, e, se non, xa llelo digo— tiveron unha reunión, en concreto este mesmo luns, o día 18 de decembro. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señor Fernández Alfonzo.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Señora vicepresidenta, non contesta vostede á pregunta.

Mire, na reunión que tivemos os concelleiros do BNG de Neda e mais eu cos representantes das persoas afectadas comentaron que practicamente todas as persoas deron parte ao seguro, agás algunha que non tiña, e a maior parte foron derivadas ao Consorcio, máis ou menos un noventa por cento. Comentábannos que en circunstancias como estas é cando aparece a famosa letra pequena, cando un se entera do tipo de seguro que ten de verdade. Segundo as súas propias estimacións, ninguén vai recuperar máis dun trinta por cento do valor do prexuízo que realmente sufriu, iso como máximo. De feito, había alí algunha das persoas que nos comentou que, no seu caso particular, non chegaba nin ao vinte por cento a cantidade que lle ofertaran desde o Consorcio. E claro, como non aceptan a oferta, non cobran.

Loxicamente, nestas circunstancias, están pensando en demandar e para iso, en certa medida, nace a plataforma, para iso e para arrouparse un pouco entre eles dada a situación de desamparo e indefensión na que se atopan. Calquera avogado ou avogada diralle que o normal, unha vez metidos en fariña, é demandar a todo o mundo. Demandarán o consorcio, os seguros, o concello e a Xunta. E isto —como digo— é un prexuízo, en primeiro lugar e sobre todo, para as propias persoas afectadas, que teñen que recorrer á xuíza para defender os seus lexítimos dereitos. A Xunta pode evitar isto, pois simplemente estando á altura do que se espera dun Goberno que se poña do lado dos seus cidadáns cando máis o necesitan, neste caso creando un fondo extraordinario para axudar estas persoas.

Claro que tamén pode non facer nada e, neste caso, a estas persoas e a moitos veciños e veciñas de Neda, que están tomando nota, vailles pasar como lles pasou cos seus seguros, vanse enterar agora do tipo de Goberno que teñen de verdade, do que é a marca do Partido Popular na Xunta de Galiza: incumprir as súas competencias, as súas responsabilidades no coidado dos ríos, as súas responsabilidades na previsión de emerxencias por risco de inundación e despois lavar as mans deixando a xente indefensa, ou pouco menos que botándolle a culpa por vivir onde non debía.

Máis nada e obrigado. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señora vicepresidenta.

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA E CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidenta.

A verdade é que escoitándoo a vostede non sei se lle preocupan máis as persoas ou o rédito político que se poida quitar de todo isto. O único que lle podemos poñer enriba da mesa é cal é o traballo que está a facer a Xunta de Galicia, ata onde é capaz de chegar a Xunta de Galicia, que previsións hai que marcar e que tipo de planificación.

Estamos falando de dúas xornadas, en concreto do mes de novembro, que son excepcionais e que, efectivamente, afectaron a Neda, pero estoulle dicindo que foron oito avisos os que recibimos, que son moitos avisos, pero en toda Galicia foron 127. Foi un regueiro de incidencias, efectivamente, e a Xunta reuniuse co concello e están traballando dende o primeiro momento nun marco que é o do compromiso do Goberno galego con todos e cada un dos municipios e cos seus veciños e veciñas. Por iso se está colaborando activamente, mantivéronse reunións, un encontro no que o organismo autonómico propuxo medidas coas que paliar situacións, como por exemplo traballar na autoprotección das vivendas situadas ao carón destes ríos, na adaptación do futuro plan xeral á realidade existente, na disposición dun plan de actuación municipal fronte ás inundacións, coa finalidade de conseguir a máxima protección para as persoas, os bens e o medio que poida resultar afectado, ou na conveniencia da ampliación da ponte de Pename para conseguir a redistribución axeitada dos caudais.

Pola súa banda, neste momento, Augas de Galicia está acometendo obras de conservación e limpeza do cauce dos ríos Belelle e Basteiro, actuando nos treitos interurbanos que son da súa competencia, porque sabe vostede que os treitos urbanos son competencia dos concellos. As tarefas comezaron pola retirada de árbores e ramas na canle, así como traballos de apeo de árbores inclinadas e coa poda de ramas; tamén coa retirada de obstáculos naturais que ocasionan dificultades para a normal circulación, así como a roza selectiva de acceso á canle. Unha vez finalizadas estas actuacións, os ríos van quedar despexados de maleza, pero o concello tamén ha de facer a súa planificación para actuar nos treitos urbanos.

Sobre a concesión de posibles axudas, cómpre lembrar que, segundo a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencia de Galicia, se conceden para adoptar medidas e restablecer os servizos esenciais afectados por unha catástrofe ou unha calamidade, tal e como se acometeron nos incendios forestais do ano 2022. Non enganamos a ninguén, procuramos dar solucións, e, nese sentido, saben que as casas incendiadas e os seus propietarios recibiron axudas; outros, como o Goberno central, anunciáronas e aínda non recibiron absolutamente nada.

Neste caso estamos ante o resultado de dúas xornadas con moitas incidencias ocasionadas polas intensas precipitacións, que foron correctamente atendidas polos medios de emerxencia, agravadas efectivamente nalgúns casos pola construción en zonas naturalmente inundables.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora vicepresidenta.

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA E CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): A Xunta, como non pode ser doutra maneira, seguirá traballando co concello e seguirá traballando cos veciños para que feitos como este non volvan acontecer.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Pregunta de Dª Cristina Sanz Arias e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego da última xuntanza do Consello de Política Fiscal e Financeira

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, por un tempo de tres minutos, ten a palabra a señora dona Guadalupe Murillo Solís.

A señora MURILLO SOLÍS: Moitas grazas, presidenta.

Boa tarde, conselleiro.

Sei que non é a mellor hora para falar do Consello de Política Fiscal e Financeira e de financiamento autonómico, pero é o que tocou.

Comparece ante este Pleno do Parlamento de Galicia utilizando o trámite de urxencia —como vostede coñece— porque sei que vai máis alá dun ano e medio dende que a práctica totalidade dos presidentes autonómicos pediron a reunión do Consello de Política Fiscal e Financeira —tivo lugar, por fin, o pasado día 11 de decembro— para falar das cousas que lles interesan, evidentemente, ás comunidades autónomas, para falar de financiamento. Esa reunión tivo lugar tras ser convocada pola ministeria do ramo, a señora Montero. Conselleiro, señor Corgos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A ministra, perdón, a ministra do ramo, a ministra de Facenda, a señora Montero.

Non queremos deixar pasar as festas do Nadal sen coñecer a realidade do que vai ocorrer co financiamento para Galicia, financiamento fundamental para poder completar con éxito o proxectado nos orzamentos onte aprobados, que van entrar en vigor o próximo mes de xaneiro.

Evidentemente, a reunión era urxente e, máis se cabe, porque son moitas as cuestións de obrigado cumprimento para as comunidades autónomas as que teñen que pasar por este Consello, salvo que entendamos que este órgano xa non ten funcións. E pode non ter funcións, porque, como dicía onte a deputada señora Presas, as reunións deben ser bilaterais, deben ser dende Cataluña e o Goberno de España, dende Galicia e o Goberno de España, porque xa imos rachar co espírito da Constitución, ese sistema que nos demos todo. Iso pode ser o que quere o Bloque Nacionalista Galego, pero tamén podemos entender que é porque

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o espírito totalitario, a deriva totalitaria, que está emprendendo este Goberno de Pedro Sánchez pois parece que xa non ten fin.

Evidentemente, este órgano —como vostede coñece— naceu porque vivimos nun Estado descentralizado, no que moitas das competencias que ten o Estado asignadas foron transferidas ás comunidades autónomas, e despois desas transferencias hai que estudar a forma de financiamento desas comunidades para esta prestación de servizos.

É evidente que, pola complexidade desta materia e tamén pola necesidade de abordar as diferentes situacións xurdidas despois e tamén a evolución social, política, económica e competencial que ten o país e as diversas comunidades autónomas, entende este grupo, que non é o mesmo que entende o partido do Goberno socialista, que as reunións deben ser periódicas, necesarias e urxentes.

Evidentemente nós rexeitamos esta forma de gobernar e traballar, rexeitamos esta forma de liderar dende a imposición e rexeitamos que non se escoiten os problemas de todos mentres se atenden as necesidades duns poucos. Evidentemente que a nós nos doe por Galicia, nos doe polo noso, porque este Consello de Política Fiscal e Financeira debería estar presidido polo espírito da solidariedade. O respecto da ministra debería ser para con todos os representantes das comunidades autónomas e, evidentemente, a equidade debería ser a principal proposta dende o Goberno de España. É evidente que disto hai pouco no Goberno.

Os señores que antes pertencían ao PSOE respectaban a norma, entendían os problemas e buscaban solucións, escoitando a todos, ¡a todos! Desterramos a ditadura e o fascismo e colaboramos para facer unha transición xusta que respectase a todos. Os socialistas que seguen a Pedro Sánchez non respectan a ninguén, non respectan a Galicia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, non queremos un Besteiro como este, señora Castro, nós xa non estamos na ditadura. (*Murmurios.*)

Hoxe máis que nunca, e vendo o que vemos cada día, pregúntolle, señor Corgos: ¿que nos pode trasladar do tratado nesa reunión que tivo lugar o pasado luns 11 de decembro?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas pola súa pregunta, señora Murillo, e desculpe que lle teña que dar as costas para respostar.

Pois si, efectivamente, logo de máis de dezaseis meses dende a última convocatoria, é dicir, de forma moi tardía e tras solicitalo en diferentes ocasións a Comunidade Autónoma de Galicia e as diferentes comunidades autónomas, convocouse esta reunión do Consello de Polí-

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tica Fiscal e Financeira, pero teño que dicirlle que o saldo desta reunión foi altamente decepcionante, altamente decepcionante porque a convocatoria non cumpriu coas expectativas, nin na forma nin no fondo.

Na forma, porque a orde do día que fixou o Goberno de España unicamente contemplaba unha medida, que era unha medida de trámite que precisaba o Goberno de España para aprobar o seu teito de gasto, que é aprobar a senda de estabilidade orzamentaria. E no fondo, porque, lonxe de ser un órgano de consenso, discusión e coordinación das políticas financeiras das diferentes administracións, aquilo converteuse en como quen vai a por unha receita a un centro de primaria: ou colles a receita ou vaste.

A información foi máis ben magra, foi unha información extemporánea, comunicada de xeito tardío, non se cumpriu, pese á volta das regras fiscais e ao cesamento da oferta de salvagarda, co artigo 15 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria, comunicando no primeiro semestre do ano, para que todas as comunidades autónomas puidésemos facer de forma informada o noso proxecto de orzamentos, a senda de estabilidade orzamentaria.

Foi unha información confusa e imprecisa, xa que se comunicaron unhas entregas a conta, unha liquidación do sistema de financiamento que non deducen o impacto das medidas de loita contra a inflación que, segundo a propia declaración do presidente Sánchez, se van prorrogar a comezos do vindeiro ano, e que —como saben— desas medidas dous de cada tres euros son financiados con cargo á participación das comunidades autónomas nos tributos cedidos, no IVE e nos impostos especiais, e polo tanto as cifras non serán as definitivas coas que poderán contar as comunidades autónomas.

E, por último, era unha información incompleta, porque non se falou do que máis interesaba e que tamén lle pediremos por carta dende a Comunidade Autónoma de Galicia, é dicir, os acordos bilaterais cos partidos soberanistas, a modificación do sistema de financiamento autonómico ou a addenda ao mecanismo de recuperación e resiliencia e os mecanismos de cogobernanza para executar esa addenda.

Por tanto, o contido foi —como dicía— moi incompleto. Esta orde do día fixada polo Goberno de España unicamente se refería a esta axenda de endebedamento —da que falarei na segunda parte da miña intervención, se teño tempo— e a algúns asuntos de trámite correspondentes a exercicios pechados.

Estas non son as prioridades da Comunidade Autónoma de Galicia. Nós xa temos a nosa axenda de endebedamento e xa temos os nosos orzamentos. O que nos preocupaba realmente era falar deses acordos bilaterais e do sistema de financiamento autonómico e de cando se vai modificar para achegar recursos suficientes ás comunidades autónomas.

Nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica ten a palabra a señora Solís.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora MURILLO SOLÍS: Grazas, señor Corgos.

¿Coñece vostede o motivo polo que non acudiu a representante de Cataluña a esa reunión? ¿Pedro Sánchez negocia bilateralmente con Esquerra Republicana de Cataluña e Junts para que a Comunidade Autónoma de Cataluña teña máis beneficios que as outras? ¿É xusto? ¿Confírmase a condonación dos quince mil millóns de euros para Cataluña? ¿Hai que considerar que o Partido Socialista premia a Cataluña fóra do sistema de financiamento autonómico só para que os deputados do fuxido Puigdemont sigan votando con el no Congreso? ¿É esta a modificación do sistema de financiamento autonómico que ten debullado o señor Sánchez para España?

¿Modificar o sistema de financiamento autonómico para dar máis millóns a quen máis gasta, é dicir, a quen malgasta, ou dárllelos aos corruptos en lugar de aos honestos, ou dárllelos aos señores que abren embaixadas fóra do país para Cataluña en lugar de aos señores que abrimos hospitais en Galicia é unha nova forma de facer política ou de facer novo financiamento do sistema de financiamento autonómico? ¿É esta a modificación que teñen debullada o señor Sánchez e os socialistas españois para iniciar esta lexislatura? ¿Isto é o que detectou vostede na reunión que tivo lugar o luns pasado?

Comezando unha nova lexislatura, este non parece ser o mellor escenario para traballar por España. Dende a estabilidade que preside o Goberno de Alfonso Rueda, a súa capacidade —a súa, señor Corgos— e o seu sentido da responsabilidade agardo que fagamos entre todos, e que sexamos capaces de facer, unha Galicia mellor e máis forte, porque, dende logo, os galegos, de resiliencia, despois de ver o que estamos a ver, estamos máis que sobrados.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Grazas.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o señor Corgos.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Si, o que detectamos realmente... Máis que detectar, en realidade, saímos da reunión con máis incertezas que coas que entramos.

Mire vostede, o Goberno da Xunta de Galicia é un Goberno leal coa Administración central e co Goberno central, pero sempre temos que atender á defensa firme dos intereses de Galicia, que é o que poñemos sempre por diante. Por iso nos opoñemos a calquera tipo de negociacións e de decisións bilaterais entre o Goberno central e algunha comunidade autónoma, en especial cando afecta a igualdade dos cidadáns residentes nas diferentes comunidades autónomas ou cando afecta os recursos e o financiamento das diferentes comunidades autónomas tamén de xeito diferente.

Esta lealdade non está a ser correspondida por parte do Goberno central hoxe en día, porque —como xa acabo de dicir— tivemos que facer os orzamentos que se aprobaron onte a cegas, estimando as entregas á conta da liquidación do sistema de financiamento e fixando un ob-

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xectivo e unha senda de déficit extremadamente prudentes, ambos ante a carencia de calquera tipo de información. E son incertezas que aínda persisten, porque aínda non sabemos o que vai acontecer coas medidas fiscais de loita contra os prezos, xa que se incluíron nas entregas a conta as achegadas ás comunidades autónomas malia anunciarse que se van prorrogar. Entón, non sabemos o que vai pasar a partir do vindeiro 1 de xaneiro. Se se prorrogan, o máis posible é que se revisen esas entregas a conta, porque non poden gastarse dúas veces, unha a través da transferencia ás comunidades autónomas e outra a través da non recadación deses recursos de IVE ou dos impostos especiais. Non sabemos o que acontecerá, cal será a duración e se se prorrogarán todas esas medidas. Nós estamos totalmente a favor das mesmas e por iso non contamos con elas; é máis, apostamos porque se revise tamén —como xa dixemos numerosas veces— o IVE da carne e do peixe.

Tampouco sabemos cal é o contido deses pactos bilaterais e deses compromisos do grupo que sustenta o Goberno central, que terán influencia, sen dúbida, nas achegas territorializadas nos orzamentos xerais do Estado. Porque ao ser un xogo de suma cero, cando se reservan determinadas partidas en materia de investimentos en I+D, en becas, en investimentos en planta xudicial ou mesmo en investimentos en función da renda dalgunhas comunidades autónomas, iso vai en contra das achegas territorializadas do resto das diferentes comunidades autónomas. É unha curiosa coincidencia que o Partido Socialista, que sustenta o Goberno central, apoie reforzar o investimento nunha comunidade autónoma que ten unha renda per cápita ben por riba da media, e aposte, por tanto, por baixala ás que teñen unha renda per cápita por debaixo da media. É unha medida certamente moi progresista.

Por último, tamén temos altas incertezas no que se refire á senda de endebedamento, porque non sabemos se se aprobará ou non no Congreso e no Senado, malia a ameaza da ministra de que se non sae aprobada no Senado se transformaría nunha senda de endebedamento cero; esa ameaza non ten ningún sustento xurídico, posto que a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria o que establece é que se debe formular outra senda, pero non que sexa esa, e que se debe volver aprobar. E tampouco sabemos nada do que acontecerá coa revisión do sistema de financiamento autonómico, que é o que máis nos interesa.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coas preguntas.

Pregunta de Dª María Leticia Gallego Sanromán e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o inicio das obras do proxecto denominado Mellora da drenaxe na confluencia dos ríos Miñor e Zamáns, en Gondomar

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Gallego Sanromán.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidenta.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Boa tarde, conselleira.

Está o Partido Popular como para falar de corrupción.

Señora conselleira, as obras comprometidas por parte do seu Goberno para mitigar o risco de inundacións dos ríos Miñor e Zamáns no concello de Gondomar levan un ano de atraso, un ano. As fortes e continuas choivas rexistradas nestes últimos meses provocaron numerosas incidencias que afectaron todo o municipio, con camiños anegados, desprendementos de muros e noiros, vehículos atrapados ou problemas na subministración eléctrica.

Como en anteriores ocasións, hai que lamentar numerosos danos nas infraestruturas municipais e decenas de vehículos afectados pola crecida destes ríos. Dende o Goberno local aseguran que as medidas para mitigar as inundacións reclamadas ao organismo Augas de Galicia non chegan. As demandas de limpeza dos ríos, coa retirada de árbores e outros obstáculos que frean a saída da auga, a retirada de sedimentos ou a tan agardada obra para mitigar as inundacións son moitas das alternativas propostas polo Goberno municipal de Gondomar ao organismo autonómico.

Dende este grupo parlamentario solicitámoslle á Xunta de Galicia, hoxe aquí representada por vostede, que coa máxima urxencia dean comezo as obras comprometidas do proxecto de mellora da drenaxe na confluencia dos ríos Miñor e Zamáns en Gondomar, obras que foron adxudicadas hai un ano e que aínda non deron comezo a pesar das reiteracións feitas dende o Concello de Gondomar para comezar canto antes, tendo posto o Goberno municipal os terreos e parcelas privadas á súa disposición para levar a cabo as actuacións previstas.

Debemos lembrar que foron varias as xuntanzas mantidas entre o Concello de Gondomar, Augas de Galicia e a Xunta para priorizar as devanditas actuacións, participando activamente dende o ente local na elaboración do plan de seguridade de tráfico, ante a negativa da Xunta de Galicia de realizar a construción do viaduto da avenida de Curros Enríquez en dúas fases e evitar así o corte total do tráfico desa importante vía de comunicación do concello de Gondomar.

Augas de Galicia ten que asumir as súas competencias de limpeza e mantemento dos cursos fluviais do concello. É inadmisible que a Xunta, lonxe de liberar espazos inundables e mellorar os mesmos para evitar este tipo de cuestións —algo que é da súa plena competencia—, se dedique a construír aparcadoiros de case catro mil metros cadrados na ribeira de Vilariño, unha obra que terá un prexuízo maior para o risco de inundacións.

Señora conselleira, ¿ten pensado realizar estas obras de mellora da drenaxe dos ríos Miñor e Zamáns en Gondomar licitadas dende hai un ano? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel Vázquez Mourelle.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidenta.

Pois eu celebro que me traia esta pregunta, esta iniciativa, aquí, ao Parlamento, porque o Concello de Gondomar é un exemplo. É un exemplo de mala xestión, do que non se debe facer... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Voulle explicar o motivo, por suposto.

Na Xunta de Galicia estamos á disposición de iniciar as obras de xeito inmediato en canto o Concello de Gondomar nos poña os terreos á disposición. Xa o dicía vostede, son obras licitadas e contratadas dende hai un ano, si, pero parece esquecer que son obras asinadas cun convenio, cun acordo, e o esquema é igual en todos os organismos de conca de toda España cos concellos. O organismo de conca, neste caso Augas de Galicia, Xunta de Galicia, licita, contrata e financia. ¿E o concello? O concello encárgase dos permisos, da información pública do proxecto —é dicir, que coñece o proxecto— e da posta á disposición efectiva dos terreos.

Eu o que lle podo dicir —e confírmao vostede— é que a Xunta de Galicia fixo os seus deberes. Licitamos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿E logo non? Licitamos e contratamos; fixemos os nosos deberes. No orzamento do ano que vén está a partida orzamentaria para investir e facer as obras para paliar o risco de inundacións en Gondomar. E o que falta pois é o do seu colega, o do alcalde de Gondomar, falta a disposición dos terreos, que cumpra a súa parte para a posta á disposición efectiva dos terreos. O que mandou foi uns preacordos que non... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero é que non é... Pero, señoría, hai que ser xuridicamente viable, non imos ocupar cando non están os terreos á disposición; legalmente é imposible ocupar e iniciar os traballos.

Tamén no desvío de tráfico —comentábao vostede—, o concello coñecía o proxecto, someteuno á información pública, xa estaban previstos os desvíos de tráfico. ¿Por que non nos permite os desvíos de tráfico previstos?

Polo tanto, vontade, dende logo, á disposición para iniciar as obras de xeito inmediato dende que están contratadas, temos un contratista e temos os cartos, pero o que non temos é a posta á disposición dos terreos por parte do concello.

Polo tanto, o Goberno galego fixo todo pola súa parte: redactamos, tramitamos e adxudicamos o proxecto e reservamos os cartos. E, dende logo, se a Administración local fixera o que tiña que facer, as obras estarían rematadas, porque teñen un prazo de doce meses. O problema é que o Concello de Gondomar non fixo o que tiña que facer. Agardo que proximamente poña os terreos á disposición. En canto teñamos os terreos á disposición, iniciaremos as obras, señoría, por suposto que si. E tamén agardo que nos permita un desvío de tráfico razoable segundo o proxecto que coñece o alcalde de Gondomar.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica ten a palabra a señora Gallego.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidenta.

Señora conselleira, como unha imaxe vale más que mil palabras, *(A señora Gallego Sanromán amosa unhas imaxes á Cámara.)* miren estas fotografías das inundacións de Gondomar. Voullas deixar á presidenta para que se faga unha idea do que pasa no concello de Gondomar cada vez que chove en cantidades importantes. Teño bastantes, pero non se preocupe, que llas deixo agora á presidenta.

Fala vostede de mala xestión. ¿Mala xestión? Mala xestión a súa. Resulta que Augas de Galicia lle di ao concello que vai facer o plan de tráfico por un vial que é autonómico, cando resulta que o vial xa era municipal, porque resulta que, uns meses antes, a consellería lle cedera a titularidade ao concello. Esa é a súa xestión tan marabillosa, nin se coordinan vostedes, ¡é que nin se coordinan! É máis, Augas de Galicia tamén lle dixo que xa estaba recentemente humanizada a rúa, e, de repente, dille tamén que para facer a obra que sacara os árbores, que sacara os bancos. Esta é a grande eficacia da Xunta de Galicia.

Mire, señora conselleira, ¿vostede pensa que os veciños e as veciñas de Gondomar merecen estas inundacións? ¿De verdade que o pensa? Mire, as inundacións de Gondomar son un claro exemplo da ineficacia e ineficiencia da Xunta de Galicia do Partido Popular; é que é claro, é moi claro. E, ademais, de repente, di vostede que non teñen os terreos; os terreos téñenos. ¿Que pasa? Que xusto —¡oh¡, casualidade— este luns lle manda ao concello unha notificación avisándoo de que falta documentación, e ademais —casualidade— este luns. E veñen aquí dicir que os terreos non están. Están, pero resulta que este luns —¡oh!— a súa consellería lle manda unha notificación.

Entón, de verdade, se non quere facer esas obras porque hai un alcalde socialista, fágao polos veciños e veciñas do concello de Gondomar, fágano por eles, non polo alcalde. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Pois unha imaxe vale máis que mil palabras. Mire esta sinatura *(A señora conselleira mostra unha fotografía.)*, sinatura en maio de 2021 co alcalde de Baiona, do Partido Socialista, e co alcalde de Gondomar, do Partido Socialista, para facer as obras. En Baiona puidémolas facer, e é o mesmo convenio. Para que logo digan que non asinamos cos do Partido Socialista e que non investimos. Porque o alcalde de Baiona fixo os seus deberes. ¿Non sabe que é un marco de colaboración o desenvolvemento desas obras? Esa é a diferenza. O Concello de Baiona puxo á disposición os terreos e puidemos facer as obras.

Nós queremos resolver ese problema, levamos anos traballando, redactando o proxecto, tramitando todas as documentacións, cos investimentos, licitando, contratando. Non é darlle a un botón, é traballo de moito tempo. E dende hai un ano temos contratadas as obras e non as podemos iniciar. Eu estoullo explicando creo que bastante cordialmente. Outra cousa é que non lle guste o que lle diga.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu insisto: estamos preparados para empezar as obras de xeito inmediato cando poñan os terreos á disposición. Pero non me vou remitir a ese escrito, voume remitir a unha addenda *(A señora conselleira mostra un documento.)*, unha addenda que se tramitou antes, señoría. Voulle ler a addenda que asina o alcalde de Gondomar, José Francisco Ferreira González, ¿vale? ¿E que di a addenda asinada —polo tanto tramitada un pouco con anterioridade— neste mesmo mes de decembro? Di: «As actuacións obxecto do convenio non se iniciaron debido a un atraso do concello na posta á disposición dos terreos e na tramitación dos permisos necesarios para a execución das obras». *(Murmurios.)*

O alcalde de Gondomar recoñece o atraso e que non ten posto á disposición os terreos, e vostede, non. Pero fale co seu colega. Déixolle aquí a addenda asinada... *(Murmurios.)* Pero é que a asina o alcalde. Iso asinámolo nós, pero isto asínao o alcalde de Gondomar, que recoñece que non se poden iniciar as obras pola falta de disposición dos terreos. Que poña os terreos. ¿Mañá? Pois mañá mesmo pola tarde, se non, pasado mañá, iniciamos as obras. Nós queremos executalas, por iso está nos orzamentos da Xunta de Galicia. A disposición xa de actuar no treito do río Miñor, no treito do río Zamáns, de demoler a ponte na avenida Curros Enríquez, de facer un novo viaduto, de construír esa canle tan necesaria, de executar os muros que corresponden aos muros pantalla e, por suposto, resolver os problemas de inundación.

Nós queremos facelo, redactamos o proxecto, fixemos os trámites, contratamos as obras, temos os cartos, temos os cartos tamén addendados con esta addenda asinada polo alcalde, que recoñece que o problema é que non puxo os terreos á disposición para executala. E, polo tanto, boicoteoulle o propio alcalde a súa pregunta. Eu creo que ten que informarse un pouco máis. *(Murmurios.)* ¿Vale? Que nos poña os terreos á disposición e iniciamos as obras de xeito inmediato. E, se podemos reducir o prazo, incluso máis, porque queremos solucionar os problemas de inundacións en Gondomar.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, conselleira.

Continuamos.

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os compromisos en materia de infraestruturas acadados polo BNG e o PSOE no pacto de investidura do candidato á Presidencia do Goberno de España

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra, por tempo de tres minutos, don Alberto Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidenta.

Conselleira, onte tivemos oportunidade de escoitar un interesantísimo debate parlamentario que antecedeu á aprobación, por unanimidade, da proposición de lei, presentada polo Partido Popular de Galicia, para solicitar a transferencia á nosa Comunidade da titularidade da principal vía de comunicación do noso país. Sen dúbida, é unha boa noticia que o conxunto das

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

forzas con representación parlamentaria se poñan de acordo na conveniencia de que a autoestrada que vertebra Galicia sexa xestionada desde Galicia.

Pero do mesmo xeito que aplaudimos o apoio a esta iniciativa do PPdeG, pois temos que criticar algunhas das afirmacións que tivemos que escoitar por boca da oposición. Unha oposición que o 3 de xaneiro de 2020 asinaba un pacto que comprometía —cito literalmente— «aprobar no Congreso dos Deputados a Proposición de lei do Parlamento de Galicia para a transferencia da AP-9 ao longo do ano 2020 e incluír esta autoestrada nos esquemas de compensación para a rebaixa das peaxes». E engadía ademais: «Como mínimo a bonificación do cento por cento da peaxe para os usuarios recorrentes, tanto particulares como profesionais, durante todos os días da semana». Como guinda da torta, conselleira, comprometía a gratuidade do tramo Vigo-Redondela. 3 de xaneiro de 2020.

Pois pasou 2020, 2021 e 2022 e case todo 2023, pero non chegou a transferencia da AP-9, non se bonificaron o cento por cento das peaxes e, dende logo, podo asegurarlles que as cabinas de peaxe de Redondela seguen exactamente no mesmo sitio. O que si chegou, señorías, foi un novo pacto de investidura entre as mesmas forzas, pero sorpréndanse; xa non falaban da transferencia da autoestrada nin da peaxe de Redondela; tamén desapareceu do pacto o compromiso de alta velocidade para as cidades de Lugo e Ferrol, nin unha palabra sobre a autovía da Mariña, nin unha palabra sobre a autovía Lugo-Ourense, nin unha palabra da autovía Ourense-Ponferrada e, por suposto, nin unha palabra da nova autovía Vigo-O Porriño.

Esta mañá unha deputada nacionalista ironizaba sobre a Biblia e os pactos de Ana e Adriana, dicía que eran os textos más lidos da historia, pero esqueceu unha diferenza substancial entre ambos. Millóns de crentes en todo o mundo confían na palabra das Sagradas Escrituras, namentres nin o máis fanático militante do PSOE e do BNG concede xa a mínima credibilidade ao pacto da vergoña. *(Aplausos.)* Eu, señorías, recoméndolles que sigan coa lectura da Biblia, Mateo 7:15: «Gardádevos dos falsos profetas que veñen onda vós con aparencia de ovellas, pero no fondo non son máis que lobos rapaces. Polos seus froitos os coñeceredes».

Por iso, señora conselleira, *(Murmurios.)* facemos hoxe esta pregunta, entre os rezos da oposición, para coñecer cales foron os froitos do pacto de investidura asinado por BNG e PSOE en materia de infraestruturas. Temo que, por moito que o explique, a vostedes non os salvan nin as Sagradas Escrituras. *(Risos.) (Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Pazos.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, señoría.

Presidenta, pois o certo é que o acordo entre o BNG e o Partido Socialista para xustificar o que é a investidura de Pedro Sánchez dende logo que no Goberno galego xera preocupación, e eu diría que tamén pois xera indignación. Porque o certo é que ese acordo o que pode transmitir na primeira lectura que se extrae pois é un descoñecemento das necesidades de Galicia,

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

porque as necesidades de Galicia son moitas en materia de infraestruturas. Parece que o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego en novembro non sabían que era imposible materializar a autovía Santiago-Lugo no ano 2024, porque leva cinco anos a cámara lenta —é a realidade—, a cámara lenta o desenvolvemento da autovía Santiago-Lugo.

Tamén a conexión Vigo con Portugal en materia ferroviaria está estancada, nun estudo permanente, e, polo tanto, é imposible que se remate no ano 2030 porque non hai nada feito.

E, polo tanto, si, preocupación, pero tamén indignación, porque se vendeu moi barato o que son os intereses dos galegos nese pacto. Unha das cuestións principais é que se renuncia a unha AP-9 galega e a renuncia da irrenunciable AP-9 galega e de titularidade autonómica. Ningunha referencia á autovía da Mariña, á autovía Ourense-Lugo, á variante exterior de Ourense, conexión de alta velocidade con Lugo e Ferrol.

O certo é que renunciaron a practicamente todo por unha foto, pois tapándose un ao outro. E iso é o resultado deste pacto no que o BNG está a mimetizar cos socialistas iso de vender fume sen molestarse sequera en prender lume. Estamos a falar dun acordo que non cuantifica investimentos, non fixa prazos de cumprimento en ningún caso no pacto e, o que é peor, temos un precedente. E, polo tanto, o BNG tropeza dúas veces na mesma pedra. Porque o certo é que xa se deixa volver enganar por Pedro Sánchez, polo Partido Socialista de Pedro Sánchez, porque todos nós lembramos ese acordo do ano 2020 onde tamén iamos ter a histórica transferencia da AP-9 nese pacto do 2020, que sabemos que non se materializou. E, polo tanto, temos unha reedición dese acordo do ano 2020, acordado tamén agora, e, de entrada, o BNG renuncia á irrenunciable AP-9.

Agora tampouco temos nin información sobre que vai pasar coas peaxes da AP-9 e tampouco sabemos e temos información do que vai pasar nas bonificacións do transporte por parte do Goberno de España. Polo tanto, cero información sobre estes asuntos, que tampouco están reflectidos no pacto entre o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, conselleira.

Nós cremos que o que falta, ademais dese pacto, é vontade. Con vontade pódese bonificar a AP-53. Non existe vontade para acelerar a reparación dos viadutos da A-6, non existe vontade para transferir a AP-9 á Galicia, como confirmou o secretario de Estado. Porque cando de Galicia se trata, socialistas e nacionalistas prefiren antepoñer sempre os seus intereses aos intereses dos galegos. Por iso, cando gobernaron Galicia financiaron con cargo aos petos dos galegos as peaxes na sombra que tiña que financiar o Estado. Por iso, cando gobernaban España condenaron os galegos a asumir unha subida de peaxes do un por cento anual durante vinte anos, para financiar a ampliación da AP-9. Por iso enganaron os galegos anunciando a bombo e prato esa ampliación corenta e oito horas antes dunha xornada electoral, pero ocultando aos galegos como se financiaban as obras ata despois das eleccións. E para

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

os máis desmemoriados —que hai moitos— os firmantes desa infame subida de peaxes eran un ministro socialista de Lugo e un presidente de Itínere-Audasa que fora secretario de estado dun goberno; dun Goberno socialista, señorías; non do PP, non, non; dun Goberno do PSOE. Cóntollelo eu, señorías, porque non escoitarán o PSOE lembrar ese dato e aínda menos o BNG denunciar a conivencia dos seus socios con Audasa.

Cando de conservar o sillón se trata, BNG e PSOE non dubidan en taparse mutuamente as vergoñas. E por iso, cando se incumpren os acordos dos que presumiron ambos, uns e outros, durante catro anos, en troques de aumentar as exixencias, o que fan é rebaixar os compromisos. E si convén pois voltar firmar de novo un acordo, iso si, sen deixar rastro dos incumprimentos previos e dobrando a aposta de promesas irrealizables.

Hoxe fixemos esta pregunta, conselleira, porque os galegos teñen dereito a coñecer a verdade e teñen dereito a coñecer como avanzan, ou non, as infraestruturas comprometidas polo Goberno de España. E moito tememos que ou cambia moito a actitude deste Goberno ou os Reis Magos este ano para repartir en Galicia van ter que pedir prestado o Falcon en Moncloa.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidenta.

O certo é que o acordo de investidura, o acordo de investidura entre o Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego dende logo que é papel mollado e diría que ata mal escrito. E o certo é que as necesidades en materia de infraestruturas son moitísimas máis. É un acordo cunha falta de ambición tremenda. As necesidades en materia infraestruturas son este dossier *(A señora conselleira mostra un documento.)*, este dossier que entregamos ao secretario do Estado o 4 outubro, que entregamos, e mandamos, e remitimos ao ministro de Transportes. E este *(A señora conselleira mostra un documento.)* é o acordo, de seis folliñas, do BNG e do Partido Socialista en materia de infraestruturas. Miren as necesidades e o que acordaron o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego. Polo tanto, un acordo que, por suposto, é atemporal, ambiguo e que non pode dar, non dá resposta ás necesidades de Galicia.

A autovía A-54 o propio secretario do Estado dixo ante min que non se ía rematar ata o ano 2025. Nada se sabe sobre as necesidades deses plans de conservación integral dos firmes das autoestradas estatais. Que eu diría que xa todo o trazado das autovías é unha fochanca e están en estados lamentables. Requírese, dende logo, en materia de infraestruturas, ambición, ser máis serios e, sobre todo, ter máis concreción.

Do plan director de mercadorías, pois nada, simplemente aparece dar un impulso ao corredor atlántico de mercadorías. Non deben de saber que é preciso contar xa con ese plan director, que aínda non temos e que ten que concretar os 8.000 millóns de euros.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, inconcrecións, olvidos inexplicables, olvidos tan inexplicables como que falta a conexión de alta velocidade de Lugo e de Ferrol, a autovía da Mariña tamén. E, polo tanto, a falta de ambición é inaceptable, e tamén ese conformismo cos atrasos, e inútil para Galicia.

Polo tanto, por parte do Goberno de España, ademais deste acordo de investidura, estamos a 20 de decembro, iso non se nos resolve, porque non sabemos o que pasará o 1 de xaneiro coas bonificacións do transporte público, porque non sabemos a planificación que vai facer o Goberno de España. Non sabemos tampouco que vai pasar coas peaxes da AP-9 e a AP-53, que todo apunta a que o 1 de xaneiro de 2024 van subir. Pero o que si sabemos é que a Xunta de Galicia vai seguir bonificando o 50 por cento do transporte público o 1 de xaneiro do ano 2024 e o que si sabemos é que a Xunta de Galicia vai conxelar, por segundo ano consecutivo, as peaxes das autoestradas da Xunta de Galicia, e volverán ser as máis baratas de toda España.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

Pregunta de D. Daniel Castro García, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia ante a situación xerada pola decisión da empresa Alcoa de adiar o proxecto do forno de cocción de ánodos

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta e polo tempo de tres minutos, ten a palabra o señor Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas, presidenta.

Boa tarde, conselleira.

Despois desta feroz pregunta ao Goberno sobre a oposición, imos falar un pouco sobre o que ten ou o que debe facer a Xunta de Galiza. Trátase dun conflito que trouxemos moitas veces aquí, do cal se falou moito, evidentemente, e que poderiamos denominar que é «a crónica dunha morte anunciada». E non sería por avisar, evidentemente, por reclamarlle ao Goberno galego e tamén ao estatal unha posición moito máis firme fronte á multinacional americana, e non sería tamén, desgraciadamente, por ter a razón, que se acaba demostrando outra vez máis que a solución clara e firme para manter os postos de traballo en Alcoa era a intervención pública; intervención pública, ademais, que elevamos a todas as institucións e nas cales tanto o Partido Socialista como o Partido Popular votaron a favor.

Pola contra, desgraciadamente, este 4 de decembro, o 4 deste mes, a empresa Alcoa comunicáballes, nunha carta amable —digamos— aos traballadores e ás traballadoras, a súa decisión de aprazar «temporalmente», entre aspas, a aprobación definitiva do proxecto do forno de cocción de ánodos, que é casualmente a principal inversión e a máis necesaria de todas. Isto é un incumprimento máis dos acordos asinados, que, por certo, non é nin moito menos o primeiro, como levan denunciando os sindicatos; é un incumprimento evidente e constante, e a Xunta de Galiza segue mirando para outro lado, acábase convertendo case na mellor escudeira de Alcoa.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por iso, gustaríame preguntarlle se considera a Xunta de Galiza —é unha pregunta bastante obvia— que esta mensaxe, esta declaración da empresa Alcoa, este novo anuncio é un incumprimento do acordo, se considera que si ou considera que non. Estaría ben —xa dixen— escoitarlle á Xunta de Galiza posicionarse do lado dos traballadores e non escusando a empresa, porque aloumiños por parte da Xunta de Galiza a Alcoa xa tivo bastantes.

¿Van crer esta escusa de novo? ¿Van crer que agora a multinacional que controla o oligopolio do aluminio a nivel mundial, de repente, non ten fondos para levar a cabo a principal inversión que se asinou nos acordos, de repente, xusto agora, cando o 1 de xaneiro se teñen que arrancar as cubas? ¿Vano crer ou vanlles obrigar a facer o que teñen que facer?

Vólvolle preguntar, ademais, se considera que isto é un incumprimento do acordo, e tamén quero preguntarlle, claramente, se desde a Xunta de Galiza se pode asegurar que o día 1 de xaneiro as cubas van comezar a arrancarse, se considera que van seguir defendendo a empresa, ou van actuar, dunha vez, para asegurar o mantemento dos postos de traballo en San Cibrao.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Castro.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira de Economía, Industria e Innovación.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta, e boa tarde.

Ben, señor Castro, dicir que a Xunta de Galicia mira para outro lado con Alcoa xa non é dicir que falta á verdade, é que está mentindo. A Xunta de Galicia leva —a Xunta, e non vostedes— advertindo da problemática de Alcoa dende hai moitos anos, e sobre o de dicir que estamos mirando para outro lado, cando vostede sabe de sobra, porque é público, que o mesmo día en que se comunica pola empresa ao comité de empresa esa carta da que vostede fala, eu recibín ao comité de empresa e o día 11 de decembro o presidente da Xunta e nós recibimos a empresa, todo isto moito antes de que se convocase a mesa por parte do ministerio, por certo, solicitada tamén por min o mesmo día que se envía esa carta ao comité da empresa, polo tanto, está vostede mentindo cando está dicindo iso, está vostede mentindo. *(Aplausos.)*

A partir de aí, é moi fácil facer a demagoxia que vostede está facendo e simplificar de tal maneira para dicirme a min que eu diga se a carta remitida por Alcoa ao comité de empresa é un incumprimento do contrato. Mire, en todas esas reunións temos trasladado aos traballadores que imos traballar con eles e cos nosos servizos xurídicos exactamente igual que o fixemos, e naquel momento era eu a conselleira de Promoción de Emprego no caso onde o ERE, como vostede sabe, foi declarado nulo polo TSXG. Polo tanto, non teña ningunha dúbida de que imos estar sempre a favor dos traballadores e velar por que efectivamente ese acordo se cumpra.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero vostede sabe, exactamente igual que o sabemos nós, que isto non é unha cuestión do que faga a Xunta de Galicia e, dende logo, non só é cuestión do que faga a Xunta de Galicia; é de todos os partidos políticos, o primeiro o seu, e, dende logo tamén todos os gobernos deberían ter certa lealdade, certo compromiso e certa coherencia. O que non pode ser é que vostedes veñan aquí, hoxe, reclamar os postos de traballo e a industria de Alcoa, cando vostedes saben perfectamente, e así o está trasladando a empresa dende hai moito tempo, que un dos principais problemas que ten é o custo enerxético.

E vostedes están un día dicindo: «eólicos non», e paralizando todos os parques eólicos dos que depende precisamente o abaratamento da enerxía de Alcoa e, ao día seguinte, veñen aquí reclamar os postos de traballo. *(Aplausos.)* Un pouco de coherencia e un pouco de responsabilidade no que están facendo. O que non poden é ir trasladando a todas as persoas, polo territorio, unha serie de ideas inxustificadas sobre as enerxías renovables cando o que están facendo é, ao final, converter Galicia en moito máis pobre e provocar a deslocalización das empresas. Co cal, coherencia e menos demagoxia no que están facendo.

Hai que ter moita cara para ir dicindo todos os días: «eólicos non», para vir aquí preguntar por Alcoa, cando a Xunta de Galicia leva reclamando mellores prezos enerxéticos ao Estado, unhas medidas de verdade no estatuto de electrointensivos e un desenvolvemento de renovables rápido, adecuado ao territorio e axustado para ese binomio enerxía-industria e vostedes son precisamente os que están continuamente en contra do desenvolvemento das renovables. Así que, ¡por favor!, máis coherencia, máis lealdade coa industria e co emprego en Galicia. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señor Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas de novo, presidenta.

É certo. Evidentemente, o problema con Alcoa, o conflito vén de hai bastante tempo. E din que levan moitos anos co tema. Tamén gobernaron no Estado, así estamos. ¿Que foi o que fixeron? Regaron de millóns de euros públicos unha empresa que pode marchar directamente cando lle dá a gana. *(Aplausos.)*

Vostede mesma nas súas palabras dixo claramente cales son as súas prioridades e os problemas que ten a empresa, *¡oh, dios mío,* pobre Alcoa!, a multinacional que gana miles e miles de millóns de dólares cada ano, que ten agora problemas co prezo, *(Pronúncianse palabras que non se perciben)* ¿verdade?

Dos traballadores non falou tanto, iso cámbialle a cousa. Ademais, falando dunha empresa que constatou totalmente a súa mala fe, que a constatou o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza e que a constatou tamén o Tribunal Supremo, e vostedes reúnense con ela, ¿para que?, porque non me dixo se considera que unha inversión que aparecía nun acordo, de repente, dinlles que non a van cumprir, e ¿para vostedes non é un incumprimento do acordo, a principal inversión, a máis importante?

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Será que teñen que defender a quen teñen que defender, pero se lles van dicir aos traballadores e traballadoras que o forno de ánodos non é un incumprimento do acordo, creo que se vai ver claramente de que lado están. Porque, ao final, vostedes para Alcoa son un choio. Cando están no Goberno régana de millóns de euros públicos, Alcoa marcha cando quere e deixa aquí paro e os custos medioambientais, e, mentres tanto, «*si te he visto, no me acuerdo*». *(Aplausos.)*

Ademais, falan sobre as nosas propostas como se fosen unha utopía absoluta. Todos os gobernos de todos os estados da nosa contorna nos últimos dez anos fixeron intervencións públicas sobre empresas ou factorías que eran importantes para o seu país. ¿Por que non é posible agora, sobre todo cando vostedes mesmos, o Partido Popular e o Partido Socialista, votaron a favor? ¿Cal é o problema?

Quedou tamén a principal pregunta sen responder. ¿Pode asegurar que o día 1 de xaneiro se van arrancar as cubas? Ou, como o Goberno galego non ten nada que dicir, pasaban de lado, non ten nada que falar, ¿é un incumprimento do acordo ou van seguir defendendo a empresa?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Réplica, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

Mire, xa vexo que a súa solución para Alcoa e supoño que para a industria de Galicia é comprar a industria; compramos todas as industrias e facemos público todo o emprego industrial. *(Murmurios.)* Esa é a solución, esa é a proposta industrial que teñen vostedes. Esa é a reclamación que supoño nos teñen que facer a nós. E ao Goberno central, ningunha. Porque tanto que lles interesa Alcoa e non hai nin unha soa pregunta no Congreso. Vostedes están aquí recoñecendo —que o dixo na súa primeira intervención— que isto é unha cuestión tanto do Goberno central como da Xunta; non obstante, nada, nin unha soa pregunta, nin unha soa intervención no Congreso de Deputados sobre Alcoa, en ningún momento.

Ningunha referencia. Tampouco lles gusta, que xa o sabemos, que mencionemos ese acordo de investidura do Partido Socialista co Bloque, no que non hai nin unha soa referencia á industria electrointensiva, nin unha soa referencia aos prezos da enerxía, nin sequera unha referencia a comprar Alcoa, xa que esa é a solución segundo vostedes: comprar a industria. É unha solución marabillosa. Esa é a política industrial do Bloque Nacionalista Galego: nacionalizar toda a industria; unha cousa realmente impresionante, realmente impresionante. *(Aplausos.)*

Mire, nós estamos intentando abaratar os custos da enerxía coas competencias que temos; promovemos xa dous PPA para Alcoa; dos 30 parques vinculados a Alcoa, 27 teñen xa DIA e, destes todos, menos 4 —que acaba de darse a DIA—, están autorizados. ¿Sabe o que está facendo o Goberno central? É o que lle teñen que ir reclamar alí ao Goberno central. Dos 11 parques vinculados a Alcoa, destes soamente 5 teñen agora mesmo DIA, de xaneiro de 2023.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿Sabe o que fixo onte o Goberno central? Comunicar a caducidade dos permisos de acceso de conexión dos únicos 5 parques que tiñan DIA. Estou chamando a secretaria de Estado de Enerxía e a día de hoxe non parece prioritario porque aínda non se puxo ao teléfono. Así é como está loitando o Goberno central por Alcoa. E vostede vén aquí preguntar á Xunta de Galicia que pasa con Alcoa. Pois o que pasa con Alcoa é que hai que xerar unhas condicións competitivas para que a decisión empresarial sexa quedar en Galicia e non deslocalizarse.

E a solución non é que co diñeiro de todos os galegos nos dediquemos a comprar as industrias para manter o emprego na comunidade autónoma. Así que lle digo como empecei: máis coherencia, máis responsabilidade e máis lealdade coa industria e cos galegos, porque con esa demagoxia que están facendo o único que fan, o único que pretenden, porque non llelo estamos permitindo, é facer de Galicia o territorio máis pobre de España, e xa lle digo que non llelo imos permitir.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Pregunta de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o carácter da sociedade Recursos de Galicia

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, ten tres minutos, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Señora Lorenzana, tendo en conta a pouca información da que dispoñemos sobre a creación da sociedade Recursos de Galicia, máis aló das novas aparecidas nos medios e a resposta que nos deu vostede o pasado 5 de decembro, os socialistas voltamos preguntarlle se a sociedade Recursos de Galicia é unha sociedade mixta, e, polo tanto, suxeita ao réxime público no seu proceso de creación e de constitución, ou se se trata da compra de accións dunha sociedade privada. A resposta é sinxela.

Porque mire, señora conselleira, este grupo parlamentario estuda os temas, incluídas as notas de prensa que emite esa maquinaria propagandística da Xunta de Galicia. A cuestión é que, lendo a pouca información que temos e a súa resposta, pois vemos algunha evolución —por así dicilo—. Primeiro ía ser unha sociedade pública, logo unha sociedade mixta, polo tanto, de orixe pública, e agora é unha *utility*, un termo anglosaxón, que non existe no noso ordenamento xurídico, para afirmar que estamos ante unha sociedade privada.

Vexamos, conselleira: a Xunta de Galicia ten o 48,02 por cento do capital e o 50 por cento dos votos da sociedade Impulsa Galicia. Impulsa Galicia crea como sociedade única a sociedade Recursos de Galicia, amparada nunha lei que aínda non foi aprobada e da que hoxe mesmo o presidente Rueda anunciou que o proxecto iría mañá ao Consello da Xunta. A Xunta de Galicia inxecta 4,5 millóns de euros nesta sociedade Recursos de Galicia e establece a súa sede no Igape, cando, segundo vostede, é unha empresa allea ao sector público. E a persoa seleccionada como director executivo era director xeral dunha das empresas que ten parte

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

do capital da sociedade Impulso Galicia e tamén, ao mesmo tempo, membro do Consello de Administración de Impulsa Galicia.

En fin, non pode negar que a evolución das súas notas de prensa é tan elocuente como o propio feito de que existan varias notas do Consello da Xunta falando sobre a sociedade e non é ata o Consello do 23 de novembro cando se autoriza unha primeira compra de accións na nova sociedade mixta, que se corresponde co 30 por cento da ampliación de capital aprobada pola empresa, que ascende a 15 millóns de euros, e acordando que a participación do Goberno galego nesta iniciativa suporá unha achega total de 30 millóns de euros; elocuente e ilustrativo.

Señora conselleira, por favor, aclare as nosas dúbidas e non veña aquí ao pleno deste Parlamento a rifarnos; nós preguntamos e vostede ten a obriga de contestarnos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira de Economía.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

Non é a miña intención rifarlle; se o entende así, pois pídolle desculpas, porque non é a miña intención.

Imos ver se o digo claramente: a sociedade Recursos de Galicia é unha sociedade privada, é unha sociedade privada que ten una participación pública, un 30 por cento das accións son da Xunta de Galicia. ¿Por que é unha sociedade privada? Porque se vostede colle o artigo 102 da Lofaxga, verá que o concepto de «sociedade pública» vén definido no primeiro apartado e no segundo, por referencia ao réxime xurídico, é o mesmo. E aí hai que ter unha maioría en canto ás accións, en canto a capital, ou unha maioría de control da sociedade; pois polo Consello de Administración, polo dereito de voto, non é o caso. Polo tanto, estamos ante unha sociedade privada. Ben.

Vostede di se é unha sociedade mixta. A sociedade mixta como tal —eu entendo, é o que está preguntando—, non existe xuridicamente. Hai as sociedades de economía mixta, que son outra cousa completamente distinta, que están referenciadas na lexislación de contratos do sector público. Isto non é un contrato do sector público. Polo tanto, non, non é o que vostede está dicindo, non é unha sociedade de economía mixta.

Volvo ao que lle estaba dicindo: sociedade privada, porque se aplican os artigos que lle acabo de dicir, e, polo tanto, suxeita ao réxime xurídico privado, mercantil, fundamentalmente texto refundido da Lei de sociedades de capital.

E ¿onde está a base xurídica para que nós poidamos ter ese 30 por cento das accións? Apartado 3º do artigo 102 da Lofaxga, e léollelo literalmente: «A Xunta de Galicia poderá parti-

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cipar no capital das sociedades mercantís, calquera que sexa a súa forma e obxecto social, cando o Consello da Xunta, logo do informe da Consellería de Facenda, o considere conveniente para o cumprimento de finalidades concretas da política económica, agás o disposto por normas especiais». E di que a participación da Xunta non pode ser inferior ao 10 por cento nin superior ao 50 por cento do capital; temos o 30 por cento.

Ben, como vostede sabe, os negocios xurídicos de adquisición de accións están excluídos da lexislación de contratos do sector público, a cal remite á lexislación patrimonial. A Lei de patrimonio no artigo 93.1 volve dicir exactamente o mesmo que di a Lofaxga, que a Administración da Comunidade Autónoma pode adquirir, por autorización do Consello da Xunta, esas partes alícuotas no capital das sociedades. Polo tanto, a lexislación patrimonial o que está dicindo é que dentro do patrimonio empresarial da Comunidade Autónoma poden existir accións de sociedades, que é o caso.

Esta lexislación non exixe nada máis, a partir de aquí estamos en réxime xurídico privado, mercantil, e, por suposto, non exixe a realización de ningún tipo de concorrencia. Isto é o que eu lles quixen explicar o outro día; seguramente me expliquei mal ou non adecuadamente. Polo tanto, todo o que nós fixemos, esa manifestación de interese, publicidade, ás empresas que quixesen participar, foi —por dicilo en termos coloquiais— amais amais, pero o réxime xurídico é o texto refundido da Lei de sociedades de capital, salvo, por suposto, a autorización do Consello —como lle acabo de explicar— para a adquisición das accións dunha sociedade privada.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Señora conselleira, se realmente é unha sociedade privada á que a Xunta de Galicia achega 4,5 millóns de euros e vostede mesma —como acaba de dicir, e tamén nos dixo o outro día— busca e selecciona empresas, busca socios a empresas privadas, cando aínda a Xunta de Galicia non tiña absolutamente ningunha acción desta sociedade privada, a verdade é que resulta, cando menos, un pouco estraño, cando menos un pouco estraño.

Mire, señora conselleira, tendo en conta que existe capital de empresas privadas embarcadas nesta aventura, queremos que clarifique a Xunta de Galicia estes asuntos, porque entendemos que ten relevancia. E queremos que nos digan que procedementos se seguiron para a constitución desta mesma. ¿Como rematou a Xunta de Galicia tendo o 30 por cento do capital? ¿Está todo desembolsado por todos os que acudiron á ampliación de capital? ¿Todos con iguais valoracións? A evolución da información xera sospeitas, aínda que vostede agora mesmo acaba de afirmar que non se trata dunha sociedade mixta, tal como aparece en todos os informes, en todas as novas colgadas pola propia Xunta de Galicia, senón que se trata dunha empresa privada.

En calquera caso, señora conselleira, non queremos pensar que montaron todo isto sen seguir escrupulosamente os procedementos legais, garantindo a transparencia e a xestión dos cartos públicos da forma que se exixe no noso ordenamento xurídico. Se todo é correcto, en-

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tréguennos toda a documentación, que xa foi solicitada no seu momento e seguimos sen resposta, porque non queremos crer que haxa algo que ocultar. Son moitos cartos públicos derivados desta operación e os socialistas exiximos luz e taquígrafos, a transparencia na xestión dos fondos públicos, e temos dereito a sabelo.

O país precisa ter unha xestión eficiente e unha xestión transparente. E teñen que entender que se non se poñen de acordo nas respostas e ademais non nos dan a documentación, por moito que queiramos pensar ben, a verdade, señora conselleira, é que resulta difícil.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Non quixeramos ter que dar un paso máis e solicitalo vía xulgado. Ademais, as empresas que forman parte desta sociedade entendemos que non son nin coñecedoras...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...nin responsables desta tramitación, que todo apunta a un pouco irregular.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Réplica, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

A ver, creo que hai que ter coidado para dicir que a tramitación todo apunta a que é un pouco irregular, porque aquí non hai nada de irregular; hai que ter coidado coas cousas que se din.

Acabo de explicarlle moitas das cousas que está voltando preguntar. ¿Cal é o procedemento? O procedemento está regulado no artigo 102 da Lofaxga, é o que lle acabo de dicir, é un acordo do Consello da Xunta por proposta da Consellería de Facenda. Ese é o procedemento legal, pódelle gustar máis ou menos, pero asegúrolle que ese é o procedemento legal para adquirir accións. Vaia vostede, por favor, a mirar o artigo 102, eu non podo explicarlle nada máis aquí.

Vostede quere saber os desembolsos, non hai ningún problema, dígolle o calendario de desembolsos da participación da Xunta de Galicia, que é o que eu lle teño que dicir: 2023, 4,5 millóns de euros; 2024, 4,5 millóns de euros; 2025, 6 millóns de euros; 2026, 7,5 millóns de euros; e 2027, 7,5 millóns de euros. Todo isto, evidentemente, son previsións como para calquera sociedade, salvo o desembolso actual de 2023, porque lle recordo que estamos baixo o réxime xurídico mercantil, logo hai un plan de negocio que se irá transformando polo consello de administración da sociedade.

Eu non lle podo explicar nada máis. Está cumprida a lexislación vixente: Lofaxga e Lei de patrimonio en canto á súa creación. A partir de aí, ¿por que entra a Xunta de Galicia? Dío a

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Lofaxga: para conseguir obxectivos da política económica. E ¿cal é o noso obxectivo? Baixar os prezos da enerxía e que os recursos naturais, cando se aproveitan en Galicia, queden en Galicia.

E a verdade é que me parece incomprensible que cando o que estamos facendo con esta sociedade é precisamente —e vimos de falar do caso de Alcoa— tratar de abaratar a enerxía para as nosas industrias e para os nosos cidadáns, eu veño as veces que teña que vir, asegúrollo, explícollo aquí e fóra de aquí, pero levo dúas sesións plenarias falando de cuestións xurídicas, que lle podo garantir que están absolutamente regulares, vistas pola Asesoría Xurídica da Xunta, tramitadas no Consello da Xunta, e a vostedes ¿o único que lles interesa de Recursos de Galicia é a forma xurídica de Recursos de Galicia? Realmente a min isto si me parece lamentable.

Mire, o prezo da enerxía —voullo ler— que temos en España, 11 de decembro: 93,10 euros. ¿Saben canto é en Alemaña? 68,39 euros. E ¿saben canto é en Portugal? Perdón, 68,39 euros en Portugal, 55,28 en Francia. Así todos os países que nos rodean. ¿Como imos evitar que se deslocalicen as empresas ou que continúen vindo as empresas se non temos prezos enerxéticos competitivos?

¿Como poden estar interesados nisto e non na rede de transporte? Acaba de publicarse a modificación da rede de transporte, seguimos sen incrementar apenas a porcentaxe de inversión en Galicia, o problema de Altri non queda resolto na nova rede de transporte e tampouco na contorna da Coruña e de Arteixo.

Seguen sen insistir no tema dos PERTE, non hai unha cuestión industrial, de verdade, de calado, na que vostedes estean insistindo, e veñen aquí preguntarme dúas veces sobre unhas cuestións xurídicas de aplicación da Lofaxga e da Lei de patrimonio.

Pois permítanme dicir que creo que a industria de Galicia e os traballadores de Galicia o que precisan é unha sociedade como esta e que exista, de verdade, un apoio real da sociedade e dos partidos políticos a unha sociedade que vai traballar por unha enerxía máis barata para a industria e para os cidadáns galegos.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Imos á última pregunta da sesión plenaria.

Pregunta de D.ª María Sol Díaz Mouteira e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación do sistema educativo na nosa comunidade

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formulala, ten a palabra a señora Díaz Mouteira.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, presidenta.

Conselleiro, a educación é unha prioridade para a Xunta de Galicia do Partido Popular. Merece a pena falar dos resultados acadados nos derradeiros anos, porque axudan a poñer en

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

valor o noso ensino, o ensino galego. Partindo desta premisa, conselleiro, en Galicia temos un dos mellores sistemas educativos, á vangarda de España e mesmo superando as rexións europeas.

Pero o bo estado de saúde da educación en Galicia non é froito da casualidade. O Goberno galego leva dende 2009 traballando arreo pola súa calidade, traballando e adicando durante os últimos tres anos o maior orzamento da historia, preto de 3.000 millóns para 2024, e por cuarto ano consecutivo, conselleiro. Unha aposta sen precedentes, que contrasta co habitual discurso catastrofista das forzas políticas da oposición.

Galicia conta cun modelo de ensino propio e diferenciado, froito da constancia, das políticas educativas estables e do esforzo. Galicia leva dende 2009 apostando polo avance do ensino, renovado iniciativas que funcionan e impulsando outras novas para adaptalo aos cambios da sociedade e a un mundo cada vez máis global.

A política educativa galega destes anos destaca polos bos resultados, e especialmente pola calidade, pola equidade, pola dixitalización e pola innovación. Son moitos os datos, conselleiro, que determinan que no sistema educativo galego se está traballando ben: menos abandono escolar, máis inclusión, igualdade de oportunidades, boa convivencia nas aulas e atención á diversidade.

Este curso 2023-2024 é o último curso dunha lexislatura con momentos complicados, difíciles, todos os que vivimos e que marcaron as nosas vidas e, como non, tamén o ensino. A pandemia e a emerxencia sanitaria afectou ao sistema educativo. Todas e todos somos e eramos conscientes deste impacto que ía ter nas nosas vidas, a pesar de que se traballou moito e ben. Foi necesario adaptar a metodoloxía, reforzar a dixitalización e garantir o benestar emocional.

Hai uns días, o pasado 4 de decembro, coñeciamos os datos do informe PISA para 2022. Pese a que Galicia non escapa da caída xeral, mantén o seu diferencial con respecto a outras comunidades autónomas e ao contexto internacional. Hai oito comunidades, entre elas Galicia, con puntuacións superiores á media española e á europea nas competencias troncais de ciencias, matemáticas e lectura. PISA sinala a importancia dun sistema educativo robusto, que é a excelencia e a equidade; e aí é onde está a destacar Galicia.

Polo tanto, conselleiro, a realidade pon en valor, por un lado, o traballo do Goberno galego e, por outro lado, tamén o esforzo que día a día realizan miles de profesionais, homes e mulleres, que conforman a comunidade educativa; e, por outro, a necesidade, por suposto, de non baixar a garda para seguir avanzando nos vindeiros anos.

Polo exposto, conselleiro: ¿que valoración fai o Goberno galego da situación do sistema educativo na nosa Comunidade?

Nada máis e grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro, don Román Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

Señora deputada, o sistema educativo galego obviamente está en constante adaptación, en constante modernización, e lévao facendo dende hai xa moitos anos. É necesario sempre transformarse, mellorar, innovar, cambiar e adaptarse; debemos estar sempre atentos ás dinámicas sociais, ás dinámicas educativas e traballar en ámbitos básicos e fundamentais para ter un bo sistema educativo. Vostede citou algúns: as competencias tecnolóxicas, a inclusión e a atención á diversidade. En definitiva, un sistema educativo ten un obxectivo básico, que é formar persoas en competencias, en competencias clave para desenvolverse no futuro, e tamén en valores; aí, ao final, está a clave, tanto a nivel individual como a nivel colectivo, do futuro dun país e dun sistema educativo.

En Galicia nos últimos anos levamos traballando e sendo referente en moitos ámbitos: en equidade, en inclusión, en competencias científicas e dixitais e en formación profesional. E obviamente estamos nunha avaliación continua constante, temos que avaliar, temos que tomar nota, temos que ter sempre un espírito pensando en mellorar, temos que ser conscientes de que temos avanzado moito pero que quedan moitas cousas por facer.

E isto dígoo en relación cos datos que se veñen de coñecer no Informe PISA, que se publicou hai moi pouco tempo, e cuxos datos foron extraídos dunha enquisa que se desenvolveu ao inicio, nos primeiros días, nas primeiras semanas do ano 2022. E estamos a falar do momento pospandémico, e esa situación pospandémica afectou o conxunto dos sistemas educativos que se avaliaron no Informe PISA. Hai un contexto xeral de baixada en todos os países. Algúns países de referencia, como Finlandia, baixaron máis de 30 puntos nas competencias avaliadas. E obviamente Galicia, igual que o conxunto de España, e igual que o conxunto das comunidades autónomas, tamén se viu afectada por esta situación.

Non obstante, e tendo en conta as tres variables educativas fundamentais que se avalían dende a perspectiva das competencias, e tendo en conta tamén a equidade, podemos dicir —creo que con satisfacción— que Galicia segue sendo un referente no conxunto de España. Nas catro variables básicas estamos por riba da media de España e estamos por riba da media da Unión Europea; nunha delas, en ciencias, somos líderes de España, empatados con Castela-León, temos os dous primeiros postos. Somos líderes tamén en equidade, neste caso xunto con Cantabria, algo tremendamente importante, porque isto posibilita que calquera estudante —con independencia da situación familiar, con independencia da renda— pois poida ter un bo rendemento educativo. Temos 506 puntos en competencia científica, por riba da media de España e da OCDE, 486 en matemáticas e 485 en lectura.

Obviamente, a situación non pode levarnos a ser conformistas, nin moito menos. Debemos seguir traballando, debemos ser os primeiros en ser ambiciosos para continuar mellorando o sistema educativo.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): E, obviamente, en base ás informacións recibidas, en base a esta avaliación, imos seguir traballando para poñer, máis que para poñer, para manter Galicia no posto que se merece a nivel de calidade, equidade e igualdade de oportunidades no sistema educativo galego.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

(Murmurios.) Un último esforzo, que queda pouco, ¡veña! *(Murmurios.)*

Rolda de réplica, señora Díaz Mouteira.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, presidenta.

Conselleiro, se ben é certo que os datos galegos, segundo o Informe PISA 2022, son superiores á media de España, da Unión Europea e da OCDE, tanto en matemáticas, ciencias e lectura, pois —como ben dicía vostede— non debemos caer nin en conformismos pero tampouco en alarmismos.

Os datos —como ben di—, señor Rodríguez, deben ser obxecto dunha análise detallada, sosegada, dunha reflexión que indiquen aquel camiño polo que hai que avanzar para seguir mantendo Galicia nos bos niveis educativos.

En todo caso, quero facer unha pequena reflexión, porque os datos que reflicte o Informe PISA que vostede menciona non son froito do abandono, da desidia, dunha mala organización ou dun mal traballo. Creo que temos que deternos e pensar no contexto do que derivan, dun contexto excepcional que houbo que afrontar tamén dun xeito excepcional. Facer fronte a unha pandemia trouxo ao ensino galego momentos complexos pero tamén trouxo moitas aprendizaxes. Galicia foi quen de adiantarse ás posibles consecuencias que a pandemia puidera producir no ensino e xa na primavera de 2022 puxéronse en marcha iniciativas de reforzo no sistema educativo galego. Programas e estratexias, conselleiro, que espero que vostede detalle polos efectos positivos que tiveron e están a ter no noso sistema educativo.

Ao longo destes anos fíxose un bo traballo, tivemos unha pandemia que afrontar da mellor e cos mellores medios posibles, conselleiro. Estou segura de que por parte súa e do seu equipo se farán as análises e as valoracións oportunas, se sacarán conclusións coas que seguir, coma sempre, na boa dirección, e, coma sempre, sen baixar a garda comprometida co presente e co futuro da nosa mocidade.

¿Cal será polo tanto, conselleiro, ese camiño de mellora para seguir mantendo Galicia nos bos niveis educativos?

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Mouteira.

Réplica, señor conselleiro, tres minutos.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Ben, tentarei ser breve. Tentarei ser breve para que as súas señorías poidan marchar para os seus domicilios.

En todo caso, creo que a situación é a que é. *(Murmurios.)* As probas de PISA fixéronse nos inicios do ano 2022, despois da pandemia. Hai unha baixada xeneralizada en todos os países de Europa, en España, en todas as comunidades autónomas. Con todo, Galicia segue sempre por riba nas variables avaliadas e por riba da media de España, por riba da media da OCDE; e en ciencias somos líderes e en equidade —algo tremendamente importante— tamén somos líderes.

É obvio que se as probas se fixeran hoxe estou seguro de que os datos serían mellores en todas partes, porque creo que todas as administracións implementamos medidas. Nós tamén o fixemos: Plan Recupera, Plan Acompaña, o Raogal, os polos creativos, o Plan LÍA, ben, moitas liñas de traballo que posibilitaron aprender do que pasou para poder mellorar.

Temos que seguir traballando, sen dúbida ningunha; temos feito moito e queda moito por facer, non podemos quedar parados, temos que avaliar aquelas cuestións nas que necesitamos mellorar. Temos que ter unha análise comparativa co noso contorno, temos que aplicar novas liñas de traballo, como é EdugalIA, de intelixencia artificial, para ter información. Creo que temos que seguir traballando, e ímolo facer no reforzo das competencias básicas, en matemáticas e en lingua. Creo que temos que potenciar a formación do profesorado básica, tanto a formación permanente como a formación inicial —cuestión que depende do ministerio—. Temos que seguir apostando pola igualdade de oportunidades, que os alumnos vulnerables poidan ter as mesmas oportunidades; ter un ensino equitativo xusto e poder que todas as persoas poidan desenvolverse no nivel educativo como unha oportunidade básica para que poidan ter unha liña de traballo. En todo caso, temos clarísimo que non podemos baixar a garda.

E, despois desta rapidez —que non é habitual en min— *(Risos.)*, quero aproveitar para desexarlles boas festas a todos os deputados, a todos os membros desta Cámara. Que desfruten, que desfrutemos todos do espírito navideño coas familias e cos amigos. É a última intervención *(Murmurios.)* deste período de sesións... *(Risos.) (Murmurios.)*, deste período de sesións *(Risos.) (Murmurios.)*, e lémbrolles a todos —que seguramente algúns nos seguiremos vendo, outros ao mellor non nos seguiremos vendo— que, en todo caso, boas festas a todos e a desfrutar do espírito navideño. *(Aplausos.)*

(Murmurios.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

(O señor Rivas Cruz pide o uso da palabra.)

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿Para que quere a palabra, señor Rivas? *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)*

Será por alusións, porque, se piden unha panxoliña, todo o mundo vai mirar para vostede. Así que ¡veña!

O señor RIVAS CRUZ: Non hai artigo ao que me poida acoller, pero conto coa súa benevolencia. *(Murmurios.)*

Señorías, por aí fóra está a soar unha música de Nadal que non nos corresponde, mentres este país, que posúe o acervo musical nadaleño máis abondoso, variado e fermoso de Europa, permanece mudo.

Este lugar, esta data e unha panxoliña que vou cantar, se mo permiten, son apropiados para chamar a atención e recuperar e espallar o que é noso. E, ao tempo, desexarlles un bo Nadal e un feliz solsticio de inverno.

«O meniño está na neve, a neve faino tremer, meniño da miña alma, quen che puidera valer, meniño da miña alma, quen che puidera valer. ¡Vinde, galeguiños, vinde!, vinde con pandeiro e gaita, que un neniño moi riquiño naceu hoxe na Montaña, que un neniño moi riquiño naceu hoxe na Montaña, naceu hoxe na Montaña.»

¡Bo Nadal!

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Rivas.

Seguro que coinciden todos comigo en que non hai mellor maneira de rematar esta sesión plenaria.

Bo Nadal a todos e boas festas.

(Pausa.)

(A señora Mouzo Mas pide a palabra e pronuncia palabras que non se perciben.)

Ben, esperamos un momentiño, que aínda podía ser mellor a cousa. *(Risos.)*

(A señora Mouzo Mas pronuncia palabras que non se perciben.)

Non o tes doado, Paula. ¡Ánimo!

Déanlle voz, por favor, ao micro da señora Mouzo.

(A señora Mouzo Mas pronuncia palabras que non se perciben.)

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ben, canta como queiras. *(Risos.)*

A señora MOUZO MAS: *«Vuelve, a casa vuelve, vuelve a tu hogar, que hoy es Nochebuena, llega la felicidad. Vuelve, a casa vuelve, por Navidad.»*

(Aplausos.)

Grazas.

¡Feliz Navidad e próspero ano a todos!

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Bo Nadal a todos e boas festas.

Levantamos a sesión.

Remata a sesión ás oito e trinta e dous minutos da noite.

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen (BNG)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel (S)
3. Amigo Díaz, María Encarnación (P)
4. Arangüena Fernández, Pablo (S)
5. Arias Rodríguez, Raquel (P)
6. Armada Pérez, José Antonio (P)
7. Balseiro Orol, José Manuel (P)
8. Bará Torres, Xosé Luís (BNG)
9. Blanco Paradelo, Moisés (P)
10. Caballero Miguez, Gonzalo (S)
11. Cachafeiro Anta, Belén (P)
12. Calvo Pouso, Diego (P)
13. Candia López, María Elena (P)
14. Carballo Páez, Ramón (P)
15. Carreira Pazos, Iria (BNG)
16. Castro García, Daniel (BNG)
17. Castro Rey, Paloma (S)
18. Díaz Mouteira, María Sol (P)
19. Díaz Varela, Noa Susana (S)
20. Egerique Mosquera, Teresa (P)
21. Fernández Alfonzo, Ramón (BNG)
22. Fernández Davila, María Cristina (BNG)
23. Fernández Gómez, Alexandra (BNG)
24. Ferro Iglesias, José Luis (P)
25. Freire Vázquez, María Begoña (P)
26. Gallego Sanromán, María Leticia (S)
27. García Vidal, Ana Belén (P)
28. Gómez Salgado, Carlos (P)
29. González Iglesias, María do Carme (BNG)
30. López Abella, María Susana (P)
31. López Sánchez, Rosalía (P)
32. Lorenzo Gómez, Rubén (P)
33. Lourenzo Moura, Diego (BNG)
34. Mouzo Mas, Paula (P)
35. Murillo Solís, María Guadalupe (P)
36. Ojea Arias, Eduardo (S)
37. Ortega Otero, Marina (S)
38. Otero Lago, Noelia (S)
39. Otero Rodríguez, Patricia (S)
40. Pardo López, Adrián (P)
41. Pazos Couñago, José Alberto (P)
42. Pérez Domínguez, Fernando (P)
43. Pérez Fernández, Rosana (BNG)
44. Pérez López, Daniel (BNG)
45. Pérez López, Noelia (P)
46. Pomar Tojo, Carmen María (P)
47. Pontón Mondelo, Ana (BNG)
48. Porro Martínez, María Corina (P)
49. Prado Cores, María Montserrat (BNG)
50. Prado del Río, Paula (P)
51. Prado Patiño, Jesús Miguel (P)
52. Presas Bergantiños, Noa (BNG)
53. Queixas Zas, Mercedes (BNG)
54. Regueiro Fernández, José Luis (P)
55. Ríos Santomé, Paulo (BNG)
56. Rivas Cruz, Xosé Luís (BNG)
57. Rodil Fernández, Olalla (BNG)
58. Rodríguez Carrera, María Felisa (P)
59. Rodríguez Conde, Ángel (P)
60. Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S)
61. Rodríguez Pérez, Moisés (P)
62. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María (P)
63. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña (S)
64. Rueda Valenzuela, Alfonso (P)
65. Salido Maroño, María Belén (P)
66. Santalices Vieira, Miguel Ángel (P)
67. Santos Costa, Manuel (P)
68. Sanz Arias, Cristina (P)
69. Seco García, Martín (S)
70. Suárez Sarmiento, María Elena (P)
71. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago (BNG)
72. Torrado Quintela, Julio (S)
73. Varela Fernández, Katherinie (P)
74. Verea Fraiz, Borja (P)
75. Vilela Riveiro, Sandra (P)

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-zebGzi8ol-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/